

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

*Membro da “Confederación Española de Centros de Estudios Locales”
(Consejo Superior de Investigaciones Científicas)*

GLAUCOPIS



VIGO

Año XIV - Número 14 - 2008/2009

O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES (Fundación Provigo e a súa Área), non se identifica necesariamente cos artigos publicados nas súas páxinas, respectando a independencia dos seus autores. Está permitida a reprodución, sempre que se cite a procedencia e con previa autorización do Instituto.


EDITA:

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES
(Fundación Provigo e a súa Área)
Rúa Elduayen, 36, 3º andar. 36202 VIGO
e-mail: info@ievigueses.com
web: www.ievigueses.com

IMPRIME:

OBRADOIRO GRÁFICO, S.L.
Polígono Ind. do Rebullón, 52-D de MOS

I.S.S.N.: 1135-1810
Dep. Legal: VG 344-1995



GLAUCOPIS



Boletín do Instituto de Estudios Vigueses



Instituto de Estudios Vigueses
VIGO

XEOGRAFÍA
E
HISTORIA

Benito Jerónimo Feijoo

Por Luis Rodríguez Ennes

1. O MARCO HISTORICO: A ILUSTRACION

No ano 1784 contestaba Kant a pregunta ¿que é a Ilustración? –*Was ist Aufklärung?*– cunha reflexión sobre o uso libre da razón que emancipara ó home da tutela das antigas crenzas (Kant, 1784). Esta razón, a mesma que no Renacemento desenvolvera un espírito humanista enfrontado ó espírito teolóxico medieval, sería a base dunha nova cultura forxada en esencia na baixa modernidade a partir dunha revolución metodolóxica que transformou o coñecemento humano facéndoo crítico e experimental. Este novo método empírico feito de orde e precisión, desenvolvido polo pensamento matemático e xeométrico do século XVII, púxose finalmente ó servizo das ciencias do home e da natureza. Así, a finais do século XVII, a física newtoniana, a partir de feitos probados, fixa as leis da natureza superando o racionalismo abstracto cartesiano. Por esta mesma época Locke redacta en dous tratados un novo código de política moderna e de entendemento humano coas súas virtudes de tolerancia, beneficencia e humanidade (Locke, 1690). Por último, e nas Universidades de Heidelberg, Halle, Gotinga, autores como Puffendorf, Thomasius, Wolff ou Heineccius, aplicando só a razón ó coñecemento do dereito natural, acabaron por desliza-la lei humana da divina.

A razón, convertida en arma da nova cultura, faise crítica e universal, enfrontándose a unha concepción do mundo profundamente marcada por máis de mil anos de cristianismo. Coma se dunha onda laica do espírito libertario da Reforma se tratase, esta razón, como apuntara Leibniz, provén dun norte xermánico capaz de adoutrinar a un mundo latino que a penas transmite outra luz cá tenue da tradición. De ela nace unha nova civilización que por oposición a unha presunta escuridade anterior, semellante á noite gótica ou medieval dos renacentistas, coñécese en tódalas partes co nome de Ilustración ou as Luces: *Les Lumières*,

I Lumi, Die Aufklärung, The Enlightenment, As Luzes. No constante peregrinar de Minerva sobre a terra, a luz pousou agora en Europa: “*En saliendo de Europa todo se nos figura barbarie*”, dirá Feijoo e así, máis coma un espacio cultural ca coma un espacio xeográfico concreto, será concibida polos ilustrados españois (Sánchez Agesta, 1995 3:27).

No século XVIII Francia non tiña un rei da importancia dos mellores déspotas ilustrados, pero tiña unha clase media poderosa e era no punto de onde partían os raios das “luzes”. Inmediatamente ó sur estaba España, in mellorablemente situada, por cousa desta proximidade, para recibir a influencia do concepto laico da vida. Pero España era a nación que, desde había séculos, mantivera con maior tesón a relixión católica no seu chan e a sostivera co seu ouro e co seu sangue no estranxeiro. Era tamén a nación onde os comerciantes e industriais foran perdendo importancia, desde o século XVI, mentres a súa nobreza –unha das máis orgullosas de Europa– conservara a totalidade das súas terras. Todo parecía indicar que –malia estar tan próxima ás luces– España non se vería iluminada por elas (Herr, 1975:8).

Esta transformación impúxo a para si Feijoo como misión: “Las obras de este sabio produxeron una fermentación útil, hicieron empezar a dudar; dieron a conocer otros libros muy distintos de los que había en el país, excitaron la curiosidad; y al fin abrieron la puerta a la razón que antes había cerrado la indolencia y la falta de sabiduría”, cfr. Sempere y Guarinos, 1785-1789, 3:24). Xuízo que completa o anterior de Campomanes: “El prurito de contradecirle movió a muchos al estudio de materias que a no ser por esta causa les serían siempre desconocidas. El fruto consiguiente fue el de promoverse el buen gusto y generalmente en la nación desde entonces y enseñarse a tratar en la lengua materna todo género de asuntos científicos” (Anónimo, 1769:19). No seu papel de rexenerador da vida intelectual española repite unha e outra vez as súas dúas máis importantes leccións: a experimentación nas ciencias e mailo espírito crítico nos asuntos intelectuais, de maneira que se a palabra “enxeño” serviu para representala nosa cultura barroca, será agora o termo “crítico” o que defina a nova cultura das *luzes* á que Feijoo serve (Lázaro, 1986:21).

Con erudición e bo xuízo, servido por un estilo que o P. Flórez cualifica de “inigualable” e que el mesmo define “como lo contrario de artificio, esto es, la naturalidad, la abertura de ánimo, la sinceridad, el candor”, inicia na súa madurez unha obra vencedora de falsas crenzas, prexuizos e ignorancia que en poucos anos –os que van desde a aparición do *Teatro Crítico Universal* (1726) ata a última das súas *Cartas eruditas y curiosas* (1760)– modificará o panorama cultural español.

Gracias ó seu esforzado labor, este panorama ofrécese distinto cando Luzón, Sarmiento, Torres, Mayáns, Flórez ou Isla, esta primeira xeración de homes do dezaoitto, asómase ós campos do saber. De aí que, o devandito rector da Sorbona descubra con sorpresa no século XVIII “el esfuerzo gigantesco de un puñado de hombres ilustrados y resueltos con toda la fuerza de su espíritu, con todo el impulso de su co-razón, que quisieron dar a su país prosperidad y bienestar, cultura y dignidad”.

A Ilustración española forma parte do movemento xeral europeo do século XVIII, pero tivo o seu aspecto individual: o seu acatamento absoluto e incondi-

cional á monarquía tradicional e á Igrexa. A ciencia e mailo progreso non só son conciliables coa relixión, senón que son inseparables.

Como di J. Marías (1966:270), a Inquisición impediu o pecado contra a fe por defecto, pero non por exceso: “los españoles no han dejado de creer en lo que hay que creer, pero han caído en creer muchas cosas indebidas”. Quizais isto poida explicar que a Feijoo lle ataque a clase segrar baixo capa de beatería e relixión, mentres que o apoian e defenden os agustinos e mailos xesuítas, ademais dos seus irmáns en relixión e mesmo o Sumo Pontífice. Todo isto parece reflectir que ciencia e relixión van sempre da man no pensamento de Feijoo e no de Sarmiento. Sen embargo, o problema é moito máis complicado do que parece a simple vista, xa que cando xorde contradicción entre as crenzas da relixión e os descubrimentos científicos, a última palabra tena a fe, coa que ambos manteñen unha fidelidade intransixente. O propio Feijoo constata: “Si la Experiencia y el Evangelio entrasen en oposición, yo daría un mentís a mis ojos y a mis manos para creer en el Evangelio” (1726-1740 6:122). Sarmiento, ó igual có seu egrexio mestre, exporá con rigor e con convicción as ideas que aboíaban no ambiente “manteniéndose constantemente dentro de la más severa ortodoxia”. El mesmo faranos partícipes do seu catolicismo teimudo con estas frases contundentes: “Como *Catholico*, que soy, he captivado siempre y captivaré, mi *Entendimiento*, *in obsequium Fidei*. Como *Religioso*, libremente he sugetado desde mi niñez, mi voluntad y conducta, á mis legítimos *superiores*”.

2.- VIDA E OBRA

Benito Jerónimo Feijoo Montenegro naceu o 8 de outubro de 1676 en Casdemiro, perto de Ourense. Fillo primogénito de familia noble, a súa nenez percorreu entre Ourense, Casdemiro e Allariz. Permaneceu no Mosteiro de Ribas de Sil entre os dez e os catorce anos. Sendo desta idade, en 1690 renunciou ao morgado e ingresou como novicio bieito en Samos. Tomou o hábito en 1692. Despois cursou Artes e Teoloxía na Universidade de Salamanca, tras un breve paso polo Mosteiro leonés de Eslonza onde ensinou Teoloxía, trasladouse en calidade de “Lector de Artes” a San Salvador de Lérez, en Pontevedra onde ficou de 1701 a 1706, alí tivo de alumno a Frei Martín Sarmiento. No curso 1708-1709 ensinou Teoloxía en Poio.

Tras a estadía en Poio foi destinado polos seus superiores ao Mosteiro de San Vicente en Oviedo e alí permaneceu ata o día da súa morte. No mesmo ano de 1709 doutorouse na devandita Universidade e opositou á cuarta cátedra de Teoloxía; tiña 33 anos. Segue ascendendo no *cursus honorum* universitario ata acadar o cumio da cátedra de Prima de Teoloxía, sempre por oposición, aos 60 anos de idade. Xubilouse no 1739 abandonando o maxisterio oral para concentrarse no ensaio escrito. Morreu tendo 88 anos e fica soterrado na cidade de Oviedo.

Feijoo comezou a escribir cando tiña 50 anos. O seu primeiro libro impreso apareceu, pois, en 1725; nel trataba dun asunto científico, pois era unha *Apoloxía do escepticismo médico*, especialmente dirixida fronte a ciencia médica esta-

blecida. O libro suscitou de súpeto unha grande polémica e Feijoo saltou así á fama literaria tanto en Europa como en América. Con todo, a súa obra capital é o *Teatro Crítico Universal*, en oito tomos que foron saíndo regularmente entre 1726 e 1739 aproveitando a súa xubilación como catedrático. Entre 1742 e 1760 publicou a segunda gran aportación súa, os cinco volumes das *Cartas eruditas*. Os críticos tentaron rebater os seus escritos consorte ían saíndo do prelo, razón polo cal o propio Rei Fernando VI ditou en 1751 unha “Real Orden” que prohibía a todo o mundo impugnar os escritos feijonianos “porque eran del real agrado”. Cando se publicou o quinto volume das *Cartas*, Feijoo xa cumprira oitenta e cinco anos e en adiante só mantivo correspondencia, tarefa que roubáballe dous días semanais.

Esta é case toda a súa biografía de frade: o anterior foi case bioloxía, e o de despois bibliografía tanto a leída como a producida. Nun escrito de autor anónimo, publicado en 1765 co galo do seu pasamento dise: “Siempre se le veía leyendo, siempre se le encontraba sentado con un libro en la mano. El que escribe esto puede testimoniar que jamás vio hombre alguno que ocupara diariamente tantas horas en la lectura como el Rvdmo. Feijoo en los años que tuve la dicha de tratarlo. Aún en las horas de comer tenía algún libro sobre el mantel”. Ler, antes de escribir, durante 40 anos. Como logo se viu, tan longo ler tascando o freo na procura da súa hora que, afortunadamente el mesmo decretou chegada, logo de tanto esperala. O Pai Mestre esperou aos 50 anos e aínda así refírenos que houbo unha teima por parte de “muchos sujetos de mi sagrada religión, algunos de primera magnitud, que han estado lidiando con mi cobardía sobre trabajar para el público... Nadie desconfía de mis fuerzas más que yo mismo” (*Teatro Crítico*, “Prólogo” al T. II). As testemuñas encol da brillantez e claridade do seu estilo abonda xa entre os seus contemporáneos. O Mestre xeral do Colexio de Oviedo, Fray José Pérez di que “sus libros están escritos con tanta claridad, discreción y sutileza, siendo de materias tan distantes y tan distintas, que no parece que un ingenio solo puede alcanzar a tanto, y que crece y se aumenta en cada libro. Esto ha admirado en ellos hombres muy doctos: ver que habla en tantas facultades tan distantes e inconexas, con tanta penetración de sus puntos y materias, y con estilo tan elegante, tan claro, y tan natural, como si de cada una sola hubiese sido muchos años profesor” (*Teatro Crítico* “Aprobación” al T. IV). O propio Feijoo sinala no “Prólogo” al T. I: “quien quiera que examine este libro, fácilmente convendrá en que su autor posee perfectamente la ciencia de ganar con su voz los corazones”. Emilia Pardo Bazán sinala: “... y sobre todo posee el don inestimable de hacerse amar, de prender al lector y no soltarle” (Pardo Bazán, 1877:28). Gregorio Marañón participa da mesma opinión ao afirmar que “tuvo para complemento de su eficiencia el arma de un lenguaje exacto e diáfano, verdadero promotor del estilo científico en castellano” (Marañón, 1941: 143) e Marichal califica ao Pai Mestre de home de sensibilidade comunicativa que aspira a que os seus criterios sexan temporalmente operantes, e como el mesmo di “sacrifica su pluma al bien común” (Marichal, 1971:148). A lectura de Feijoo comeza a facerse por curiosidade ou por obriga e remata polo pracer desa compañía persoal que xurde dos seus escritos como nun coloquio improvisado e case diría, de primeira intención intranscendente. Baseados nun-

ha implacable estrutura lóxica, os seus discursos fluían dando corpo e unha idea forte é non trivial. Unha linguaxe severa, cinguida e rica constituía o vehículo formidable do seu pensamento ás que un ritmo e unha cor especiais e as veces un lirismo fondo dotaban de grande forza persuasiva.

Baixo estas premisa o éxito das súas publicacións foi fulminante. O mesmo Feijoo prevé atrancos cos que se vai atopar: “cargarán sobre mí injurias y dicerios” (*Teatro Crítico*, “Prólogo” al T. I). O público fai cola na portería do convento madrileño de San Martín á aparición dos sucesivos volumes. Feijoo escribe: “Allí vienen a buscarlos de todas partes, siendo su despacho tan acelerado cual se manifiesta por el cuantioso número de ejemplares que se sacan (*Teatro Crítico*, “Prólogo” al T. V). Un cálculo de mediados do século XIX asegura que se levaban vendidos medio millón, o que contrasta nidiamente coa escasísima demanda de libros do país (Rodríguez Ennes, 2000:346). Á súa asombrosa difusión sen dúbida contribuiu o espallamento das ideas iluministas en Iberoamérica. Falouse –con certa esaxeración– dos barcos da Ilustración que levaban ao propio tempo que os produtos, os libros, as novas e as ideas da Europa culta (Ramón de Bastera, 1941: 39-40). Con todo, na miña opinión, en América, como en España, e mais aínda que en España, o que se entendía como Ilustración só tiña unha lonxana vinculación co movemento enciclopedista francés. Tratábase, non de “aplstar lo infame”, se non de elevar o nivel cultural da poboación permanecendo fideis, no esencial ao catolicismo tradicional, ao que soamente se procurou adaptar as esixencias do mundo moderno: menos metafísica e máis física. A obra do Padre Feijoo, divulgador talentoso, semella ter sido moito máis meditada e lida que a de Rousseau (Rodríguez Ennes, 2002: I, 190). Como apuntou Maravall: “Feijoo no es sólo un tema español, sino tema común a todo el área de cultura en lengua española. En América, Feijoo ocupa la misma posición y desempeña el mismo papel que en la Península. Es leído e influye como ningún otro en el pensamiento del siglo XVIII y el carácter polémico de su obra es paralelo en ambos lados del Océano, dando lugar a campañas semejantes y trayendo consecuencias similares a la penetración del pensamiento moderno” (Maravall, 1964: 349).

Feijoo vive a cabalo dos séculos XVII e XVIII “época de transición, decadencia e mal gusto, en el que el país estaba en un estado de atraso y postración” (La Fuente, 1863: VII); xa en pleno século XX, J. M. Cossío cre que, en definitiva, hai que chegar á conclusión de que os derradeiros anos do século XVII e primeiros decenios do XVIII representan “el bache más profundo de la progresión de la vida social y del adelantamiento intelectual españoles” (Cossío, 1941: 199). E tal é a nosa opinión. Se, en rigor, non pode falarse dun “misérrimo estado” da cultura española da época, si é xusto sinalar este alongado “bache” que se espalla, máis ou menos, desde a segunda metade do reinado de Carlos II, ata ben avanzado o de Felipe V. E a quen o dúbida, abonda con observar que o mesmo Feijoo, coa plena mantenza da súas dotes intelectuais, viviu unha grande parte desde bache histórico en recollido silencio, que non quebrou ata que as condicións políticas fixéronse máis doadas para o labor literario e científico: aos cincuenta anos da súa vida.

É, sen dúbida, un pensador crucial, como correspondía súa época; un pensador que separa dous tempos porque ten, xa que logo, pegadas do pasado e albisca do vindeiro. Como crítico vai saber o debe e o haber para levalos á conta

nova; esta é dende logo unha das súas significacións fundamentais. Mais hai outra que ordinariamente esváese e que é máis trascendente: Feijoo vai tentar esta anovación sen alonxarse do cerne do pensamento español. Isto é o que o distingue dos enciclopedistas que se amosan como herdeiros seus. E para elo hai moitas razóns. Feijoo, en primeiro lugar, non foi contemporáneo, senón en época moi serrodia da súa vida, dos xenuínos enciclopedistas franceses (o cumio de Voltaire, Montesquieu e Rousseau acadóuse sobre mediados do século XVIII, cando Feijoo xa tiña publicado todo o seu *Teatro Crítico*) a fortísima formación relixiosa que os seus hábitos e os longos anos de maxisterio teolóxico permitían supor, se non tiveramos a testemuña da súa propia obra (Sánchez Agesta, 1941: XIV).

3. ACOTACIONES XURIDICAS.

Onde a crítica dos ilustrados se manifestou con maior intensidade e amplitude foi no sector penalista, en paralelo co cambio de perspectiva das relacións entre poder político e súbditos. Os ilustrados, a partir de supostos utilitaristas e humanitarios, elaboraron unha concepción nova da pena que, rexeitando a crueldade dos sistemas vixentes, apostaba pola certeza e pola proporción xustas como os medios disuasorios máis idóneos para afastar do delito e atribuíanlle á sanción a función de emenda-lo culpable, ademais de facerlle expiar o seu erro. Deste xeito adquiriu unha gran relevancia o debate sobre a abolición dalgunhas penas, como as infamantes e maila capital, que semellaban para moitos contraproducentes en relación cunha consideración omnímoda da utilidade xeral. A visión que primaba o aspecto da prevención sobre a represión quedaba tamén reforzada –ás veces– coa proposta de medidas de carácter social que diminuíran a tendencia a delinquir mediante a mellora das condicións económicas e culturais da poboación.

Todo o aparato da xustiza penal está encamiñado a face-lo máis eficaz posible o labor dos xuíces. O proceso xudicial –coa tortura como ferramenta indagatoria–, a indefinición das leis, a falta de garantías procesuais, o amplo arbitrio deixado en mans dos xuíces para impoñe-las penas, o feito de que estes participaran nas penas pecuniarias, a ausencia de consideracións que xustificasen as sentencias perseguían favorece-las accións da xustiza e aumenta-lo seu celo na persecución dos infractores das leis. Pero, pola estrutura de privilexios da sociedade estamental, a xustiza real ten na nobreza e na Igrexa un límite para as súas accións. Ámbolos dous estamentos conservan un alto grao de autonomía, teñen foros particulares e unha ampla marxe para as actuacións ilegais. As desigualdades e mailas distancias que existen entre os grupos sociais son as mesmas que se manteñen entre as leis e a súa aplicación.

A tortura tiña unha importancia desmedida como medio de coñecemento da existencia de culpabilidade, constituía un instrumento coercitivo que perseguía obter a confesión do reo. Todo este conxunto de soportes está construído co fin de acadala proba perfecta: a confesión do acusado. Pois, en efecto, se esta non se produce espontaneamente, a existencia de indicios contra un sospeitoso permítalle ó xuíz sometelo a tortura *ad eruendam veritatem*, dado que só se consideraba desvelada a verdade cando o atormentado confesaba a súa culpabilidade

no acto do tormento e ratificaba a súa confesión despois da tortura, pero non se o torturado sustenta, antes, durante e despois do tormento, a súa inocencia.

Contra a tortura escribírase bastante desde San Agustín e Luís Vives, pero é o P. Feijoo quen, por primeira vez, emprega argumentos de utilidade para poñer en dúbida a súa eficacia. Así, advirte que hai persoas tan débiles que, ó primeiro tormento, confesan o que se lles pide aínda que sexa falso e outras tan pertinaces que seguen negando a verdade aínda que se lle apliquen os máis duros tormentos. Xa a décima das *Paradojas políticas y morales* de Feijoo rezaba así: *La tortura es medio falible en la inquisición de los delitos* e nela, entre outras cousas, sinalábase: “Es innegable que el no confesar en el tormento, depende del valor para tolerarlo. Y pregunto, ¿el valor para tolerarlo depende de la inocencia del que está puesto en la tortura? Es claro que no, sino de la valentía del espíritu y robustez de ánimo que tiene. Luego la tortura no puede servir para averiguar la culpa o inocencia del que la está padeciendo” (...) “Parece, pues, que igualmente peligran en la tortura los inocentes que los culpables. ¡Terrible inconveniencia! Lo peor es que no es el peligro igual, sino de parte de los inocentes mayor. Diranme que ésta es una nueva paradoja, Confíeselo, pero si no me engaño, verdaderísima” (*Obras escogidas de Feijoo*, en BAE LVI, 289 e ss). Con razón e oportunidade observa D. Vicente de la Fuente que o mérito de Feijoo radica en que publica a súa *Paradoja* sobre a tortura no ano 1734, anticipándose deste xeito en varios lustros á polémica que entre os xuristas españois desencadeou a xa comentada “cuestión do tormento” (Martínez Risco, 1973:68). Con todo, o pensamento do mestre dista moito de ser claro e tallante a este respecto e, sobre todo, amósase moi lonxe do do seu discípulo e amigo Frei Martín Sarmiento. Na *Balanza de Astrea o recta administración de Justicia* declara non horrorizarlle que ás falsas testemuñas lles corten na India os pés e as mans, e que en Berna un maxistrado os fixera ferver en aceite. A este respecto indícanos Concepción Amor: “En una época en que el tormento como procedimiento judicial era cosa habitual corrientísima desde muchos siglos antes, era también bastante natural que no se sintiera con la intensidad que se siente hoy lo ofensivo y vejatorio que resulta a la dignidad humana. Por eso, Feijoo no tiene ni una sola palabra condenatoria del tormento en este sentido humano-social, sino que solamente lo encuentra absurdo porque resulta contraproducente para lograr el fin que persigue” (1950:289). Silva Melero é aínda máis crítico co pensamento feixoniano sobre esta cuestión: “Sin embargo, el P. Feijoo, cuando trata de temas penales, ni se adelantó a la época, ni captó el ambiente que presagiaba tempestad y casi puede afirmarse que, en la ruta de la humanización penal, quedó rezagado en relación a más de uno de sus antecesores españoles e, incluso, de algún contemporáneo como el P. Sarmiento, su sombra, como dice el Dr. Marañón. Esto, naturalmente, no quiere decir que el P. Maestro no sintiera el problema penal ni menos que su espíritu iluminado por la caridad no vibrara ante el espectáculo de un sistema transido de crueldad. Sin embargo, ya habían surgido en España antes que Feijoo apareciera protestas contra el tormento y se había propuesto la humanización de las prisiones, tendencia nacida de la piedad cristiana, en el pensamiento de Cristóbal de Chaves, Bernardino de Sandoval y Cerdán de Tallada” (Silva Melero, 1956:35). Insiste en consideracións semellantes, Concepción Arenal cando sostén que Feijoo tiña fame e sede de xustiza pero que, pola contra, non tiña da xustiza en materia

criminal unha noción exacta, e que nisto, lonxe de se adiantar á súa época, lle paga un malpocado tributo incorporándose a ela. E engade a señora Arenal, “no por ignorancia del asunto, pues no era extraño al estudio penal, sino por sus exageradas ideas de la perversión de la naturaleza humana, y a pesar de ser compasivo y caritativo, como lo acredita su vida, se nos presenta duro cuando se trata de penar a la delincuencia” (1989:27).

O problema da pena de morte é o que deu lugar a máis controversias e o que, sobre todo desde o século das luces, dividiu máis as opinións. Seguramente ningún medio penal foi máis ardentemente combatido nin, por outra parte, defendido coa máis firme convicción, nin máis universalmente aplicado. Como sinalou Rossi: “La historia nos enseña que el uso de la pena de muerte ha sido universal; se la encuentra establecida en todas las épocas y en todos los pueblos”.

O propio Feijoo, malia que non se pode dicir que fose un defensor sen concesións dela, propugnaba o seu mantemento. Vexamos sobre este punto o pensamento do sabio de Casdemiro:

“Dirásme acaso que esos daños no se remedian con que ese hombre muera, y así su muerte no hace más que añadir esta nueva tragedia a las otras. No se remedian esos daños; pero se precaven otros infinitos del mismo jaez. Los delitos perdonados son contagiosos; la impunidad de un delincuente inspira a otros osadía para serlo; y al contrario, su castigo, difundiendo una aprensión pavorosa en todos los mal intencionados, ataja mil infortunios. Ya que no puedes, pues, estorbar la desdicha de aquellos inocentes en quienes ya está hecho el daño, precave la de otros innumerables”.

Á vista do exposto, non podemos concordar con Martínez-Risco cando afirma que “los textos en que apoya –a pena de morte– afloran serias dudas que pudieran interpretarse como vacilaciones o, al menos, debilidad en su actitud al respecto” (1993:61) e conclúe que “los conceptos que emite al final de esa Paradoja Tercera dan paso a la creencia de que en el fondo de esa duda latía una idea abolicionista”. Pola contra, amósase moito máis atinado á hora de capta-lo sentir feixoniano verbo da pena capital López Peláez, quen opina coa súa retórica decimonónica: “Con tener Feijoo ideas tan originales, tan independientes y tan atrevidas, y haber dirigido los formidables golpes de la demoleadora piqueta de su crítica contra opiniones las más arraigadas y cimentadas más profundamente, se detuvo ante la pavorosa esfinge de la pena capital y quemó incienso en sus altares, en los cuales depositó el homenaje elocuente de su adhesión” (López Pelaez, 1901:157). Pola nosa parte, entendemos que o feito de que Feijoo se encadre nas filas dos apoloxistas da pena capital e que sexa adversario do abolicionismo nin lle engade gloria nin isto se pode erixir de xeito apriorístico nun motivo de crítica *per se*, sobre todo de termos en conta que, como dixemos, moitos dos espíritos senlleiros da época amosaban a súa inclinación en favor da pena máxima. Feijoo só se limita a segui-la tese da prevención xeral defendida naqueles tempos por Montesquieu e Rousseau. Ninguén mellor ca Concepción Arenal para plasmar a esencia do sentir feixoniano: “La escuela a que pertenecía Feijoo no veía más que el derecho de la sociedad; el del reo desaparecía muchas veces en teoría y con mayor frecuencia aún en la práctica; el culpable era una criatura vil, infame, detestable, incorregible, objeto de desdén o de horror, y medio de escarmiento ...”.

4. GALEGUIDADE

Como é sabido, a marxinalidade institucional do galego ven desde moi atrás. A perda da independencia política e a conseguinte inclusión de Galicia no reino castelán–leonés impúxolle o monolingüismo. Mesmo Afonso X, cunha corte na que triunfaba o galego literario, ordenou redactar en castelán todos os seus ordenamentos xurídicos de aplicación exclusiva en Galicia: foros, privilexios, sentencias (Rodríguez Ennes, 2005:128). Por maior abastanza, a Igrexa e os seus bispos, verdadeiros representantes e oíntes da Coroa, a partir do século XIV serán foráneos e ignorantes da lingua galega (Ferro Ruibal, 1987: 23-24). Tamén desde o século XIV os escribáns de Galicia comezan a empregar o castelán nos seus documentos, lingua que irá desprazando paseniñamente o galego como lingua escrita da Administración. O proceso da perda do galego oficial completárase a partir de 1480, data de creación da Areal Audiencia aínda que –en opinión de Filgueira Valverde (1993:346) “nunca existiu a suposta pragmática prohibitiva de dona Isabel e don Fernando” e engade: “a enchente de personaxes foráneos na vida pública e mesmo nas familias podentes ven influir negativamente”.

Desta multiseccular marxinalización da lingua galega faise eco Sarmiento cunhas palabras tan expresivas que non nos resistimos a transcribir: “No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso y el abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía en latín o en gallego (...) No habiendo precedido ni concilio ni cortes ni consentimiento uniforme de los gallegos para actuar, comerciar en lengua castellana ¿quién lo introdujo? La respuesta está patente que Galicia llora y llorará siempre: no los gallegos, sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües empleos así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra, ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben si no el gallego puro. Esta monstruosidad es más visible en los empleos eclesiásticos. No sé como toleran los obispos que curas, que no son gallegos ni saben la Lengua, tengan empleo *ad curam animarum*; y sobre todo la Administración del Santo Sacramento de la Penitencia. ¿Qué es el coloquio de un penitente rústico y Gallego, y un confesor no Gallego, sino un entremés de los Sordos? (Sarmiento, 1997: 729).

Fronte a esta postura de Sarmiento, radical como todas as súas, de defensa sen ambaxe da nosa lingua, algunhas opinións –como a de Otero Pedrayo (1964)- cuestionan a galeguidade de Feijoo. Para o patriarca de Trasalba: “Feijoo es insensible a las diferencias regionales y contempla los estados como grandes bloques unidos (...). Feijoo aparece intolerante y, digámoslo de una vez, ingrato y rudo con la tierra nativa; verdad que sin dar el nombre de la suya, pero tampoco sin ninguna atenuante”. Como pode apreciarse o dito por D. Ramón verbo de Feijoo non ten solta de folla; e o escrito está, aínda que en 1973 preferiu subliñar os aspectos máis galegos e incluso galeguistas de Feijoo que tamén están ahí... O pleito da galeguidade maior, menos ou nula de Feijoo segue aberto. Con todo hai un dato rexamente obxectivo e é que os primeiros vintedous anos da vida do noso bieito per-

correron en Galicia e como di Blanco Amor citando a Rilke “la patria del hombre es su infancia”. Para o autor da *Esmorga* “esto es decisivo” e engade: “Con retórica o sin ella, cualquier gallego que se haya pasado los veinte primeros años de la vida en su tierra, a dónde quiera que luego vaya y durante el tiempo que esté, será para siempre un emigrante” (Blanco Amor, 1984: 20). O escritor ourensán, non obstante, semella contradirse cando facendo referencia á marcha de Feijoo a Oviedo dí textualmente “donde se aquerencia ya para siempre”.

Na nosa opinión, non cómpre adoptar unha postura inequívoca diante desta sobranceira cuestión. Verbo do afirmado por Blanco Amor, non é o mesmo vivir vinte anos mergullado no berce familiar e veciñal, falando a nosa lingua de cotío, que a meirande parte dese tempo percorra tras os rexos muros pétreos dun Mosteiro, lonxe do mundanal ruído, afastado dos paisanos e falando e escribindo absolutamente todo en latín ou castelán. Polo que fai á postura –primeiro taxante e logo mais ecléctica de Otero Pedrayo- cómpre dicir pola minha banda que na súa, ó meu xuízo hipervalorada, biografía do Padre Feijoo escrita en 1973, agás de pura retórica non atopo ningún apoio textual no que o trasalbés basee a súa trocante postura. Dito esto, penso que o mellor para saír deste atranco é pescudar nas obras de Feijoo algunhas referencias que contribúan a iluminarnos e, concretamente, constátase unha rexa defensa da lingua galega no T. I do *Teatro Crítico Universal*, concretamente no discurso XVI “Paralelo de las lenguas”.

“Entre lo cuatro dialectos de la lengua latina: español, italiano, francés y lusitano en este se debe incluir la lengua gallega como en realidad indistinta de la portuguesa. Que la lengua lusitana o gallega se debe considerar dialecto separado de la latina y no subdialecto o corrupción de la castellana se prueba, a mi parecer, con evidencia del mayor parentesco que tiene aquella con la latina. Para quien tiene conocimiento de estas lenguas no puede haber duda de que, por lo común, las voces latinas han degenerado menos en la galaico portuguesa. Esto no pudiera ser si la lengua de gallegos y portugueses fuese corrupción o subdialecto de la castellana, siendo cierto que con cuantas más mutaciones se aparta una lengua de la fuente, tanto más se aleja de la pureza de su origen”.

Así as cousas, dou por rematada a discusión sobre a galeguidade de Feijoo.

5.- LISTAXE BIBLIOGRAFICA

- BLANCO AMOR, E. (1984), “Prólogo y selección de textos”, en FEIJOO *Obra Selecta*, Santiago de Compostela, pp. 9-82.
- CONCEPCIÓN ARENAL (1950), *Ideas pedagógicas del Padre Feijoo*, Madrid.
- CONCEPCIÓN ARENAL (1887), *Juicio crítico de las obras de Feijoo*, Madrid.
- COSSIO, J. M. (1941) *Introducción a la lectura de las obras del P. Feijoo*, Madrid.
- FEIJOO, B. J. (1726-1740), *Teatro Crítico Universal*, Madrid.
- (1742-1760), *Cartas eruditas y curiosas*, Madrid.
- FERRO RUIBAL, X. (1987) *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago de Compostela.

- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1933), “O galego na documentación oficial”, en V. V. A. A. *Historia da Administración Pública*, Santiago de Compostela, pp. 346 ss.
- HERR, R. (1988), *España y la Revolución del siglo XVIII*, Madrid.
- MARÍAS, J. (1966), “La España posible en tiempos de Carlos III”, en *Obras Completas*, Madrid, pp. 270 ss.
- KANT, E. (1784). *Was ist Aufklärung*, Berlín.
- LÁZARO CARRETER, F. (1963) “Significación cultural de Feijoo”, en *Cuadernos de la Cátedra Feijoo*, Oviedo.
- LOCKE, J. (1690) *Essay on human understanding*, Londres.
- LÓPEZ PELÁEZ, A. (1898) “Un predecesor de Becaria”, en *Revista Contemporánea* 52, pp. 413 ss.
- MARAÑÓN, G. (1941), *Las ideas biológicas del Padre Feijoo*, Madrid.
- MARAVALL, J: A. (1991), *Estudios de historia del pensamiento español*, Madrid.
- MARICHAL, J. (1971), *La voluntad de estilo*, Madrid.
- MARTÍNEZ-RISCO, S. (1973), *Las ideas jurídicas del Padre Feijoo*, Ourense.
- OTERO PEDRAYO, R. (1964), “Na procura do íntimo mestre Feixoo”, en *Grial* 4.
-(1972), *El padre Feijoo, su vida, doctrina e influencias*, Ourense.
- PARDO BAZÁN, E. (1877), *Estudio Crítico de las obras de Feijoo*, Madrid.
- (1888) “Feijoo y su siglo”, en *De mi tierra*, A Coruña.
- RAMÓN DE BASTERRA, (1941), *Los navíos de la Ilustración*, Madrid.
- RODRÍGUEZ ENNES, L. (1999), *Aproximación a la Historia Jurídica de Galicia*, Santiago de Compostela.
- (2005) *Fray Martín Sarmiento y el mundo del Derecho*, Santiago de Compostela.
- ROSSI, F. (1883) *Derecho Penal*, Madrid.
- SÁNCHEZ AGESTA, L. (1941) “Estudio preliminar sobre la significación del P. Feijoo en la historia del pensamiento político español”, en FEIJOO, *Teatro crítico universal y Cartas eruditas. Selección*, Madrid.
- SEMPERE Y GUARINOS, J. (1785-1789), *Ensayo de una biblioteca española de los mejores escritores del reinado de Carlos III*, Madrid.
- SARMIENTO, M. (1732), *Demonstración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal*, Madrid.
- (1758) *Elementos Etimológicos según el Método Euclides para averiguar por la Analógica alteración de la Lengua Latina y en todos sus dialectos, el primitivo origen de muchísimas voces* Madrid.
- SILVA MELERO, V. (1956), “La faceta criminal en el pensamiento del P. Feijoo”, en *Anuario de Derecho Penal* 9, Madrid, pp. 35 ss.

Ideología política y su representación simbólica. Fastos con motivo de la promulgación de la Constitución de Cádiz en Vigo (mayo, 1812)

Por Juan Miguel González Fernández

Hoy en día está fuera de toda duda que la Constitución aprobada por las Cortes de Cádiz y sancionada en 1812, marca un antes y un después en la historia política de España. Este texto legal actúa como una cesura entre el absolutismo del Antiguo Régimen -que se resistirá a desaparecer- y el sistema liberal-burgués que cuajará en el siglo XIX hispánico. En realidad es mucho más que eso: un mito que no deja a nadie indiferente¹, de ahí que ya en entre los mismos legisladores unos se posicionaran a favor y no pocos en contra. La dialéctica de esa filia y su correspondiente antagonismo llegará a las bases sociales más cultas y poderosas, pero aún tardará un tiempo en concretarse; es en ese lapso cuando llegue por primera vez al “pueblo” o a la Nación, debido a la disposición de la Regencia de que se celebrase oficialmente la proclamación de la recién aprobada Carta Magna gaditana. Todo esto suena a demasiado nuevo, de ahí que se eche mano de fórmulas anteriores, las cuales se mistifican con conceptos propios del liberalismo entonces triunfante. Si fue así en los pueblos y villas más o menos del centro peninsular, su eco en una ciudad lejana y distante del noroeste como Vigo más que a una alabanza del constitucionalismo respondió a una exaltación del poder vigente en ese momento concreto.

Al igual que en el Antiguo Régimen, las celebraciones políticas no surgen por iniciativa de las autoridades locales, sino que se trata de obedecer una orden emanada por los organismos de que se compone el alto poder político central (Consejos, Secretarios de Estado,...), ya sea absolutista, bien ya sea jacobino. Hemos mudado de régimen político, pero eso no supone que no se desprecien formulas que han funcionado bien en el pasado. Así, la Regencia (10/05/1812), a través de D. Javier Castaños, desde su Cuartel General de Santiago de Compostela, da orden para que se

1. Para ese momento histórico véase: GARCÍA CÁRCEL, R.- *Los sueños de la Nación indomable: los mitos de la Guerra de Independencia*. Madrid, Temas de Hoy, 2007.

cumpla el Decreto de Cortes dictado el 18/03/1812, sobre los particulares de la jura y la publicación de la Constitución de Cádiz, para lo que se remitía un ejemplar destinado a su impresión y difusión. Ahora bien, señalado el acontecimiento, el cabildo municipal vigués contaba con un cierto grado de autonomía para su puesta en práctica; éste no dejó nada al azar: cursará misivas disponiendo su presencia a la jerarquía militar, administrativa y religiosa, así como también al ramo del comercio, a la colonia de empresarios catalanes y a los gremios de oficios².

El concejo olívico responde al general Castaños, exaltando unos valores tan patrióticos como tradicionales³, muy en sintonía de la situación político-militar que se vive:

*sus sentimientos interiores son, han sido y serán, como siempre, sacrificar sus haberes y sangre por la Religión Católica, Patria, Ley Sabia de su libertad y amado y cautivo Rey a que somete, dando gracias a la Constitución*⁴.

Desde el día 24 de julio se encontraban expuestos de forma pública y solemne tanto el libro de la Constitución, como el retrato del todavía deseado Fernando VII. En el ideario oficial vigués, la carta magna y la monarquía se funden en un mismo molde. Esta identificación es fruto de una nación en armas y del mito de un rey que está en poder de los franceses. En 1814, cuando haya que elegir entre lo uno o lo otro, la población viguesa no dudará en mostrarse favorable al segundo; entre otros motivos debido a la más que escasa implantación del liberalismo en la ciudad⁵ (al contrario que durante el Trienio). No cabe duda de que hay una cierta dosis de ingenuidad, y de atracción por lo novedoso. En síntesis, asistimos más a una fórmula de poder que a un planteamiento ideológico.

Al día siguiente tiene lugar la *carrera* o procesión cívica; los participantes ocupaban un puesto jerárquico, de modo que los que carecían de “cabalgadura” se situaban al final del desfile. Recorrieron la villa-ciudad de punta a cabo, inclusive los barrios de los arrabales, y en tres de las principales plazas (delante del convento de monjas de O Areal, en la Plaza Vieja y en la Mayor) procedieron a dar lectura pública al decreto de la Regencia en el que se disponía la jura de la Carta Magna gaditana, precedido de *diatribas contra Napoleón*

El 25 se repite el desfile, pero ya sin tanto boato; ahora está orientado hacia los vecinos del común y los soldados de los regimientos que en este momento

2. En Santiago el comisario presentó un proyecto de ocho artículos muy semejante a lo llevado a cabo en Vigo .Vid.: LÓPEZ LÓPEZ, R.J.- *Ceremonia y poder a finales del Antiguo Régimen*. Galicia, 1700-1833. Santiago, Universidad, 1995, p. 113.

3. La moderación casi extrema de las ideas expuestas en Vigo, sobre todo en las poesías, queda patente comparándolas con las de localidades de Valencia, donde sí coinciden en exaltar a la Nación, etc. allí se habla de derrota del despotismo, igualdad ante la ley, pacto social... (ROMERO MATEO, M.C.- *Entre el orden y la revolución. La formación de la burguesía liberal en la crisis de la monarquía absoluta (1814-1833)*). Alicante, Inst. de Cultura Juan Gil-Albert (Diputación), 1993, pp. 98-100).

4. A.M.V. Varios, I. Doc. Variada, 1706-1887, Ca. 16, s.c..

5. Los líderes más destacados eran los dos alcaldes ldo. Cristóbal M^a Falcón y D. Domingo Avendaño -éste pequeño hidalgo-, el ldo oriundo de Cangas D. Manuel Rodal, y el teniente coronel D. Manuel Llorente quien junto al primero intervinieron en el complot gallego de 1817 (BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.- “A conspiración liberal galega de 1817”. En, *Grial*, 87. Vigo, 1982, pp. 36-39).

se encontraban emplazados en la ciudad. En medio de la misa en la colegiata, con “elegante” sermón, en el ofertorio se produjo la lectura de la Constitución por uno de los racioneros; finalizado el acto, el Juez-Acalde pasó a la mesa donde estaban la Ley de Leyes y los Evangelios, ante los cuales juró, seguido de las demás autoridades y altos funcionarios locales, para finalmente exigírselo al “pueblo”, al clero, etc, acabando tras el *Te Deum*⁶ con la revista de tropas en el Campo de Granada y de los representantes de los gremios.

El recurso a la procesión cívica viene de atrás, y la encontramos también, pongamos por caso, en los fastos por ascensión al trono del nuevo rey Carlos [IV]. Ni mucho menos se trata de una costumbre local viguesa, sino que está presente en casi todas las épocas y en toda la Galicia urbana. Asimismo, la ordenación jerárquica de los participantes es algo muy común en todos estos desfiles políticos, ocupando un lugar destacado los miembros del concejo y las autoridades religiosas.

La corporación municipal se convirtió en destacada protagonista, haciendo manifestación pública de su munificencia y acendrado patriotismo. Se sitúa en un plano central en la *carrera*, regala un par de zapatos -era costumbre- a los soldados de la tropa, y convida a las demás autoridades a un refrigerio. Tampoco en esto se innovó casi nada, tomándolo de los fastos de la época absolutista, no en vano los regidores proceden del régimen anterior.

Como no podía ser de otra manera, se recurre a la arquetípica arquitectura efímera. En plena Plaza Mayor se había construido un sobrio conjunto de tres tablados con cuartos de guardia, y un “obillejo” alusivo la función. La escena se completaba con las paredes de la Casa Consistorial, en cuyo frontispicio campeaba un retrato del monarca; en el balcón ondeaban los estandarte de “los tres vecinos” sostenidos por las columnas de Hércules; en un lugar bien visible iba un ejemplar forrado carmesí de la Constitución, adornado por un medallón con figura del soberano y cadena de oro pendiente de una lanza. Dos arcos triunfales enmarcaban sendas calles. También se decoraron las fachadas de las casas, destacando la del Comandante de Armas de la provincia D. Alejandro Ojea [u Oxéal]⁷, con pórticos, guirnaldas de laurel y mirto, colgantes de damasco, cortinajes recogidos “a la heroica”, y trofeos militares, sobre los que iba el libro de la Constitución abierto y una quintilla con alabanzas a ella, al rey y al aliado inglés, muy en la línea de naciones aliadas en el actual conflicto bélico (vid anexo 1).

En el barrio de O Areal vivía una colonia de catalanes “fomentadores de la mar” dedicados a la salazón de sardina y su exportación. Hasta bien entrado el siglo XIX fueron siempre una comunidad aparte, segregada del resto de la vecindad olívica⁸. No es, pues, de extrañar, que hayan ido por libre, levantando en la misma playa una alameda con su “chafarís” y con un templo.

6. Este es fundamental bajo cualquier régimen: en 1815 se ofrece acción de gracias por la victoria sobre los franceses (AMV., AV, Actas del Ayuntamiento de 1815, PLE 77-L, 13/07/1815).

7. Alejandro Antonio Ojea, Mariscal de Campo, fue Comandante General de Armas de la provincia de Tuy entre 1812 y 1819, año en que muere en Vigo (AVILA Y LACUEVA, F.- *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su arzobispado*. Tuy, 1852 [Ed. Facsimilar del Consello da Cultura Galega, 1995]). Este militar tuvo una trayectoria camaleónica: época de la Guerra de Independencia, luego constitucionalismo gaditano y finalmente la restauración del Antiguo Régimen.

8. En 1840 todavía sostenían los catalanes una buena escuela de primera educación para niños de ambos sexos. (TABOADA Y LEAL, N.-*Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores*. Santiago, Imp. de Viuda e hijos de Compañel, 1840, pág. 28).

Los cuadros con una fuerte carga simbólica adquieren enorme importancia para un público en su mayoría iletrado. En la procesión cívica iba un joven *vestido perfectamente a la antigua española* que representaba a la Nación, flanqueado por otros dos mozos que portaban la bandera francesa y el águila imperial - si fuesen habidas- arrastrándolas por el suelo. Una pirámide simbolizaba al Congreso, la Regencia y otra vez la Nación. El templo de los catalanes presentaba unas ruedas de distinto tamaño identificadas con los tres ciclos y dos estrellas relumbrantes, que todo el conjunto mostraba la Gloria.

Los cuadros con composiciones, escenas y personajes, sin perder su contenido simbólico, están más cerca del pueblo, ya que éste es el -obligado, eso sí- protagonista, aunque se le pudiera escapar la más profunda reflexión. Los citados catalanes representaron la persecución por *miguelestes* de contrabandistas (defraudadores del estado), que tras su captura son perdonados (vid. Anexo 1). Además del bergantín del gremio de la mar, el de la Madre de Dios (zapateros) representó la batalla de Clavijo, saliendo un Santiago -copatrón de España y de la Iglesia compostelana- a caballo, lo que quería decir que con la ayuda del Cielo no hay que tener temor; el gremio de San Sebastián (carpinteros) elaborara un figura de Fernando VII cautivo, *a quien traían con tristeza en traje de esclavo bajo la escolta de Napoleón vestido de musulmán*.

Para un público con mayor nivel cultural -la élite- se escribieron unos versos, presuntamente anónimos, que iban en el buque de los mareantes (vid. anexo 1), los cuales exaltaban la Carta Magna como vía para restablecer el sosiego, y como sus sabias leyes traerían el orden a las colonias de ultramar - cuestión sensible para el poderosos ramo del comercio-; también enaltecían al Congreso y magistrados de la Nación que la elaboraron, mientras se execra la maldad de Bonaparte; acababa con los vivas de rigor tanto a la Constitución como al rey Fernando⁹.

Se trata, pues, de unos festejos muy completos, en los que se imita el estilo del Antiguo Régimen (misa, procesión cívica, estampas, etc) adaptándolo a las nuevas circunstancias políticas, pero también hay que reconocerle elementos novedosos, al menos para Vigo. La expresión poética (quintilla,...) era desconocida en la ciudad, si bien ahora había una élite socioeconómica formada por jefes militares, altos funcionarios, comerciantes *de grueso* y resto de la hidalguía, que no sólo es capaz de producirla¹⁰, sino que incluso demanda esa forma de expresión. Mucho más extraño es la activa participación de los industriales catalanes del barrio de O Areal, hasta ahora al margen del resto de la comunidad política; socialmente se ubican bastante por debajo de la poderosa burguesía mercantil, con la que coinciden en reparto de cargas impositivas (1805), etc. y son considerados forasteros; ahora bien, no se puede descartar un componente ideológico proclive al liberalismo, del que la denominación de su barrio como de la

9. Un mayor desarrollo de estos aspectos, ya que por tratarse de algo colateral al objeto de estudio no se ha profundizado, en: LÓPEZ LÓPEZ, R.J.- Ceremonia y poder... *opus cit.*, pp. 90 y ss.

10. En 1800-1810 el nivel de alfabetización era de un 78 % en Vigo (SANZ GONZÁLEZ, M.- "Alfabetización y escolarización en la Galicia del Antiguo Régimen". En, *Obradoiro de Historia Moderna*, 1. Santiago, Universidade, 1992, pp. 239-242) y ese alto porcentaje se debe a la nueva élite, cuya presencia en los protocolos notariales de la década es muy abultada.

Constitución en 1813 y el desembarco municipal durante el Trienio (1820-23) ¹¹ pueden ser indicios en ese sentido.

Como no podría ser de otra manera, el centro de todos los actos es la Constitución gaditana, recientemente aprobada; como antaño, tiene adherido algo de sacral, lo cual se observa en la jura de la Carta Magna por las autoridades olivicas en un mismo nivel que los santos Evangelios. También en primer lugar pero en un plano más discreto se sitúa el ansiado soberano Fernando [VII] de Borbón, que desde España se percibía como un rehén de Napoleón, aunque la verdad fuese muy distinta. Ya bastante por detrás van la Nación y los magistrados de las Cortes constituyentes; el dejar en un lugar tan secundario a la Nación española, dice poco de sus verdaderos sentimientos liberales.

Debieron celebrarse en plebiscito pro-Estatuto Gallego, el próximo domingo día 28 del corriente, acordado a Vd, se digna cooperar a los trabajos del mismo, disponiendo:

Que a las siete y media de la mañana de dicho domingo, se sitúen en el vestíbulo del local de uso del Sr. D. (en el que tradicionalmente se sitúan las elecciones), una mesa con cinco sillas y tres portaplumas.

Caso de no poder facilitar todo el material que se interese, ruego a Vd, se sirva notificarlo al Jefe de la Sección de este Ayuntamiento, antes del día 25 del corriente.

Vira Vd, muchos años.
Vigo 23 Junio 1.936.

El Alcalde,

[Firma]
ESCUELA MUNICIPAL DE ARTES Y OFICIOS.-DIRECCION.- comunicado al Consejo a fin de que lleve a cabo lo ordenado en la presente comunicación.
Sr. *[Firma]*

Vigo, 26 de Junio de 1.936.-

9. RELACIONES DE CONVIVENCIA

Las relaciones de todos estos organismos instalados durante periodos más o menos largos en el edificio de la Escuela de Artes y Oficios con el anfitrión, espe-

Oficio de la Alcaldía de 23-6-1936 al Director de la Escuela de Artes y Oficios, sobre el plebiscito pro-Estatuto Gallego.

Fuente: Archivo de la Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Documentos Anuales 1936.

66. Archivo de la Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Documento sin clasificar. Oficio 4942 de la Comandancia Militar de Vigo de 19-9-36. Documentos Anuales 1936.

67. Archivo de la Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Documento sin clasificar. Oficio del Ayuntamiento 4362, de 10-8-36. Documentos Anuales 1936.

68. Archivo del Ayuntamiento de Vigo. Escuela de Artes y Oficios. Legajo 630. Año 1936.

cialmente las que se refieren a las Escuelas allí alojadas temporalmente, no siempre fueron fluidas, originándose a veces tensiones entre ellas. Por espacioso que fuese el edificio, eran demasiados los alumnos que se quería alojar allí a un mismo tiempo. Nuestra Escuela se veía obligada a apretarse y a solucionar engorrosos problemas de disciplina provocados por la aglomeración de alumnos, sobre todo los que causaban los alumnos de Comercio y los alumnos del Instituto. Aunque también hubo ciertas dificultades a la hora de compartir Talleres y Laboratorio con la Escuela Superior de Industrias.

El Auxiliar de la Biblioteca, por ejemplo, se quejaba de que los alumnos de Comercio causaban deterioro en los libros y alteraban la tranquilidad de la estancia⁶⁹. Y otros empleados denunciaban que los alumnos de esa misma Escuela causaban daños en el mobiliario y en el edificio⁷⁰.

Pero las quejas más significativas eran las de los propios alumnos de Artes y Oficios, que llegaron a elevar una instancia al Gobernador Civil de Pontevedra protestando por la ubicación en su Escuela, en 1937, del Instituto de Segunda Enseñanza⁷¹. En este escrito, los alumnos de nuestro centro alegaban que las clases y prácticas de los alumnos de Artes y Oficios se veían afectadas por la presencia de los alumnos de bachillerato, y que el horario era un desbarajuste ya que se fijaban clases para las mismas horas y aulas, haciendo perder a los de Artes y Oficios algunas horas de clase. Todo ello causaba un grave quebranto para su aprovechamiento y adelanto en los estudios, lo que era de lamentar tratándose de obreros que sacrificaban sus horas de descanso por el deseo de alcanzar un mayor grado de cultura. Acaban citando la cláusula duodécima de la Escritura de donación del edificio por parte de García Barbón⁷².

Como sabemos, el ilustre benefactor, en la primera cláusula de dicho documento, donaba a la ciudad y término municipal de Vigo, a perpetuidad y en pleno dominio, las tres fincas en que se levantaban la Escuela de Artes y Oficios y la de Industrias, obligando al Ayuntamiento a facilitar en ellos *enseñanza gratuita técnica al obrero y a la mujer*. Pero en la cláusula doce dice que, en caso de incumplimiento de estas obligaciones, pueden gestionar y exigir su cumplimiento como verdaderos patronos *cualesquiera asociaciones obreras legalmente constituidas en esta población y sus contornos*⁷³. Estos alumnos, en suma, aseguran que ellos podrían gestionar el centro de persistir en éste la situación, *pues ya no existen esas asociaciones obreras por él previstas, y en su sustitución el alumnado deberá representar, por lógica interpretación, los intereses que radicarian en las Asociaciones de referencia (...)*⁷⁴

Pese a todo, las cosas no llegaron nunca al extremo, y las relaciones de convivencia de los alumnos de la Escuela de Artes y Oficios con los de todas las demás que allí se alojaron temporalmente, se desarrollaron sin mayores problemas

69. Archivo de la Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Documento sin clasificar. Comunicado de J. Barreiro de 20-3-1928. Documentos Anuales 1927-1929.

70. Archivo del Ayuntamiento de Vigo. Escuela de Artes y Oficios. Legajo 24. Año 1933.

71. Archivo del Ayuntamiento de Vigo. Escuela de Artes y Oficios. Legajo 10.1. Año 1937.

72. *Ibidem*.

73. "Escritura de donación de edificios para Escuelas de Artes e Industrias..." (1904), *op. cit.* p. 13.

74. Archivo del Ayuntamiento de Vigo. Escuela de Artes y Oficios. Legajo 10.1 Año 1937.

durante todo el tiempo que estas últimas ocuparon parte de las dependencias de este centro pensado para obreros.

CONCLUSIÓN

El mandato de García Barbón respecto al edificio de esta Escuela municipal de enseñanza técnica de adultos, fue entendido en su más amplio sentido, pues esas otras Escuelas también redundaban en beneficio de la clase obrera y servían, además, como excelente medio de socialización, motivación e incentivo entre los alumnos de Artes y Oficios. Lo cual complementaba la acción docente de las aulas.

En cuanto a la Escuela en sí, entre esta institución y la sociedad viguesa de la que formó parte existió durante todo ese tiempo una íntima relación, y la vida en el centro era un reflejo de la vida de la ciudad. El centro, que se sabe, por encima de todo, organismo vivo al servicio de la ciudad, laboró siempre en bien de su progreso y no dudó por ello en prestar su colaboración acogiendo a cuantas instituciones educativas lo necesitasen. Pues si bien debía estar supeditado a las decisiones del Ayuntamiento, como entidad municipal que era, no es menos cierto que la actitud de su personal, en especial sus directores – a quienes se consultaba cortésmente antes de enviar allí a estos huéspedes – fue decisiva en el mantenimiento de las buenas relaciones entre ellos y el buen desarrollo de las clases.

Nuestro centro, que se veía influido por la vida social de la ciudad, ejerció también su influencia en el entorno de forma indeleble, hasta el punto de que Vigo no sería el mismo sin la existencia de su Escuela de Artes y Oficios.

FUENTES DOCUMENTALES

Archivo de la Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Vigo.
Archivo de la Escuela Municipal de Artes y Oficios de Vigo.
Archivo Municipal de Vigo.

BIBLIOGRAFÍA

ALCUBILLA (dirección: Marcelo Martínez-Alcubilla), (1918), *Diccionario de la Administración Española. Compilación de la Novísima Legislación de España, 6ª edición. TOMO VII*. Madrid: Administración: Augusto Figueroa.

BLANCO RODRÍGUEZ, H. (1946), “Memoria Reglamentaria”, en *Inauguración del Curso Académico 1946-47*, Vigo: Gráficas Rial.

BRAÑAS MENÉNDEZ, A. (1897), “Discurso inaugural”, en *Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Discurso inaugural y Memoria de Secretaría leídos en la apertura del curso académico de 1897-98*, Vigo: Ed. La Concordia.

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN (1986), *Un siglo al servicio de Vigo (1886-1986)*, Vigo.

Colección Legislativa de España, tomo LXXIII.

“Escritura de donación de edificio para Escuelas de Artes e Industrias otorgada por el señor D. José García Barbón a favor de la ciudad y término municipal de Vigo” (1904), Vigo: Imp. La Nueva Prensa.

Faro de Vigo, de 9-10-1927.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J. M. (2003), *Teis: Memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo / Lavadores). Das orixes à posguerra*, Vigo. Edita : Asociación Veciñal de Teis.

GONZÁLEZ MARTÍN, G. (1998), “Los estudios de Ingeniería Técnica Industrial van a cumplir cien años”, en *Faro de Vigo* de 25-3-1998.

GONZÁLEZ MARTÍN, G. (2005), *Pasión por Vigo. Vida y Obra del cronista Rodríguez Elías*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.

GONZÁLEZ MARTÍN, G. (1994-1995), “Reválida de galleguidad. La Exposición de Arte de 1924 en Vigo”, en *Castrelos*, 7-8- (1994-1995), revista del Museo Municipal “Quiñónes de León” de Vigo.

GONZÁLEZ SANTOS, M. (1901), *Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Memoria del curso de 1900 a 1901 leída por Don Mariano González Santos, Profesor y Secretario de la Escuela, en el acto de la apertura del curso de 1901-1902*, Vigo: Imprenta de La Concordia.

LÓPEZ VIDAL, M^a P. (2001), *Estudios mercantiles y empresariales en Vigo (1920-2000)*, Vigo: Instituto de Estudios Vigueses. Escuela Universitaria de Estudios empresariales.

MORÁN DEL VAL, M. (1926), “Guía de Vigo 1926”. Tip. S. C. a. c. de M. Caballero.

PEÑA SANTOS, A. de la, y OTROS, (1999), *Historia de Vigo*, La Coruña: Vía Láctea Editorial – Historia.


VELASCO SOUTO, CARLOS F., (2006), *1936 Represión e alzamento militar en Galiza*,

Vigo: Editorial A Nosa Terra.

Asasinato na base de Ríos. O caso un, un, tres, barra trinta e seis.

*Por Abad Gallego, Xoán Carlos
e Abad de Larriva, Ana*

O mar. O derradeiro ollar dedicouno ás ondas que lambían os bordes do peirao, a só vinte metros dos seus pés. Tremelicaba para agochar os saloucos que turraban do seu peito, para sairen na calma da mañanciña clara. Baixou as pálpebras en busca de conforto e o continuo son do bater da auga contra os cons comezou a remexer dentro do seu caletre. Lembrou, de súpeto, o balbordo que había sempre dentro do seu bou, cando estaba embarcado polos lonxanos mares do Gran Sol. Cheirou aquel rumor salgado que se espallaba cando inzaban as redes a reventar da arxentina carga de peixe, escorando a nave perigosamente, como querendo dar a volta. Mesmo o aroma salpreso do océano en Teis facía aquel recordo máis vívido. Pasaran tan só cinco meses dende que pescara por última vez nos mares de Irlanda, pero os acontecementos vividos nos meses inmediatos sepultaran a súa memoria con lousas de mármore negro.



Vista da base naval de Ríos alá polos anos 30 (postal da época).

Aquela derradeira visión no día que alboreaba, cunha luz preguiceira polos altos de San Vicente, aló en Trasmañó, anunciaba un día frío e de límpidos ceos, coma os anteriores nese recén nado ano. A beleza desa impronta na retina, que mesmo lle roubou algunha minúscula bagulla, fixo que o reo apenas prestase atención á voz do oficial que daba as recomendacións de rigor; de xeito que nin ouviu como este encargaba prepararse aos catro mariñeiros escollidos que compuñan aquel piquete de fusilamento.

A uns metros, debidamente retirados para evitar desgrazas persoais imprevistas, o asesor xurídico da Armada, José María Crespo y López de Monjardín, e o celador do porto –xa xubilado-, Antonio Paineira Ramallar, prestaban unha especial atención. Actuaban como testemuñas oficiais que tiñan que dar fe da execución da sentenza. Notarios da morte. A carón deles estaban o comandante médico Honorato Iglesias Veiga, o tenente de navío Ricardo Cañavete López –na súa cualidade de avogado-defensor-, e un crego, provisto dunha ampla e gastada sotana negra. As tebras mouras que aínda acompañan o nacente día impiden recoñecer plenamente os trazos deste último convidado. Con todo as grosas formas asemellan moito seren os do sonado crego xesuíta Petronilo Nieto, moi habitual neste tipo de sanguíntas cerimoniais. A súa presenza adoitaba vir xustificada co seu cargo de capelán do cárcere local.

A descarga soou de socato, coma un relustro. Tódolos mariñeiros dispararan ao unísono, dun xeito case sincronizado, semellando seren froito dun prolongado e estrito ensaio. Cumpriran ao pé da letra co que pouco antes lles aleccionara o alférez de navío José Saavedra Patiño, o oficial ao mando do piquete, co caritativo fin de evitarlle unha cruenta agonía ao reo. A mañá romperá o seu silencio ao albergar as detonacións. Un grupo de gaivotas levantou atemorizado o voo, executando un patético réquiem cos seus agudos piares. A coreografía das súas ás perladas debuxou un amplo arco aéreo sobre o grupo dos alí congregados.

O mozo caeu ao chan completamente inerte. Bateu contra as pedras do peirao cun ruído xordo. O oficial que estaba ao cargo do piquete foise achegando a el, paseniñamente, sen carreiras. Avanzaba con paso lento e inseguro, coma se quixese retrasar o máis posible o cumprimento das súas obrigas. Ía abrindo coa man dereita a funda da súa pistola regulamentaria. Padecía un nerviosismo tan manifesto que precisou da súa man esquerda para axudarse. O movemento tremelicante impedíalle quitar a correa que trababa a funda da súa arma.

Cando chegou xunto ao corpo non tivo que facer moito esforzo para comprender que xa estaba morto; os seus homes evitáranlle o terrible trazo de ter que levar a cabo o denominado “tiro de graza”. Os catro mariñeiros fixeran catro limpos impactos no peito do rapaz, delatados estes por catro pequenos charices vermellos; fáciles de conseguir á distancia tan curta dende a que dispararan ao reo, pois aínda que lles tremese algo o pulso era difícil non acertarlle de pleno. O oficial dirixiu a cabeza cara o comandante médico e fíxolle un imperceptible aceño mentres remataba de asegurar o peche da funda da súa pistola. O oficial médico, comprendendo, achegouse ao caído e, rodeándoo para evitar manchar os seus relucientes zapatos co sangue que a burbullóns aínda seguía manando do peito do reo, cumpriu co seu cometido de certificar a morte, evidentemente conseguida. Agachouse e púxolle os dedos índice e anular na gor-

xa, comprobando así que xa non quedaba ningún latexo de vida. Podía entón darse por cumprida a sentenza.

Antes de erguerse, e tras comprobar que os ollos do reo quedaran abertos coa fría mirada da morte posta nun punto impreciso da ría, pasoulles a man por riba, dun xeito caritativo, deixándoos definitivamente pechados.

Aquel cadáver, centro de todas as miradas e dos catro fusís aínda fumegantes, chamárase Secundino. En dous minutos perdera o alento, a vida. Fora mariñeiro; un home de mar nado no barrio vigués de Coia; e viu por última vez a luz e o baile das ondas na ría, sobre un pequeno espigón da base naval de Ríos, en Teis. Eran preto das oito da mañá do día 5 de xaneiro de 1937 cando o comandante médico Honorato Iglesias López certificaba oficialmente a súa morte aos congregados que esperaban impacientes e ateridos de frío.

Non moi lonxe a cidade espertaba, un día máis, ás súas diarias ocupacións. Era a véspera da Epifanía do Señor, e esa noite chegaban os Reis Magos. Pero a súa maxia non poidera evitar a morte de Secundino.

A VÍTIMA:

Cal era a verdadeira identidade daquel fardo retorcido ao carón do mar que aínda chorreaba sangue polo peito? Segundo a documentación con que contaban as autoridades que lle viñan de dar morte, o seu nome completo era Secundino González Querol, máis coñecido polo alcume de *Cordeiro*. Entre os seus compañeiros de profesión había tamén quen o chamaba polo cariñoso diminutivo de *Cundino*. Tan desmadexado estaba o seu corpo que non podía apreziarse ben o home ben parecido que fora en vida. De estatura regular, complexión forte e pel morena, presentaba no forte rostro unha fronte ancha e despexada e unha boca regular. Os cabelos eran de cor castaña clara, e os ollos eran tan azuis que delataban un traballo no lombo das ondas, bébedos de tanto ollar para o mar.

No seu rostro había dous elementos que o facían facilmente recoñecible: o nariz, pequeno e respingón e, sobre todo, o mal mirar que amosaba no seu ollo esquerdo. A cor azul aparecía algo desvaída e semellaba mirar sempre dun xeito perdido, por mor da cegueira. A causa desa perda de visión non radicaba en ningún acto violento da súa militancia política -segundo as autoridades militares, sempre violenta e perigosa-, senón que fora consecuencia do golpe fortuíto recibido cando rapaz por un foguete, durante as festas da Consolación de Coia. De sempre foron estes explosivos trebellos o máis esperado por tódolos rapaces, o que os facía achegarse o máis posible aos lanzadores de foguetes para collelos tan pronto caían ao chan. A pólvora que non estoupaba e o bramante co que ían atados os saquetes do explosivo eran os perigosos premios gordos da recolleita.

Nos informes sinalábase que, aínda que nacera na parroquia de San Martiño de Coia, Secundino marchara vivir preto do Berbés, sendo o seu último domicilio coñecido na rúa Poboadores, número 29 (noutros informes fálase, en cambio, de que era no 39). Alí vivía en compañía da súa esposa, Milagros Fernández Cordeiro, e das tres fillas pequenas nadas do seu precoz matrimonio: Josefa, Consuelo e Vicenta, de 8, 5 e 3 anos respectivamente.

O defunto era fillo de Secundino González Pérez e de María Querol Santomé, e neto de Agustín González e Rosa Pérez, e de Salvador Querol e María Santomé. Aínda que os datos con que contaba a autoridade eran bastante precisos, onde non se puñan moi de acordo os encargados policiais e xudiciais locais, era no relativo á súa idade. Mentres que nalgúns lugares falábase de 28 ou 29, noutros documentos facíase unha estimación cronolóxica de entre 30 e 32 anos. Un documento enviado polo secretario accidental do Xulgado nº 3 de Vigo -correspondente á vila de Bouzas-, chamado Pablo Nieto Villamarín, despois de buscar a súa inscrición no rexistro de natalicios no arquivo daquela vila, zanzou a cuestión podendo determinar, sen lugar a equivocacións, que Secundino nacera ás dez horas do día 27 de setembro do ano 1906; polo que no momento do seu pasamento tiña 30 anos. Daríase o cruel paradoxo de que o seu cumpreanos número 30 lle sorprendería no interior do cárcere, involucrado xa nos preparativos sumariais.

Secundino, dende moi novo, buscou a vida no mar; oficio co que puido alimentar á familia coa que pronto se viu arrodado. Nesta actividade, e a bordo de diversos bous, traballou na pesca en parellas, percorrendo dende os mares do Gran Sol até os bancos da costa de Portugal. Tampouco descoñecía, por suposto, os caladoiros da Costa da Morte ou os das inmediacións das Cíes. Así sabemos que xa estaba



Grupo de mariñeiros no porto do Berbés a piques de descargar unha boa carga de sardiña a mediados dos anos 30 (Vida Gallega).

enrolado á altura de finais dos anos vinte, traballando para o seu conveciño o armador Laureano Montenegro, no *Pastor Montenegro*. Traballou tempo despois, e durante case catro anos, no bou *Pelayo*, e no *Félix Montenegro* durante outro ano máis. Tamén faría carreira no *Moderno Armada* e no *Nuevo Armada* e estaría baixo as ordes do armador Enrique Vieira nas embarcacións *Antonio Vieira*, no *Nuevo Antonio Vieira* e no *Nuevo Ángela Castro*.

Como traballador nun sector especialmente conflitivo como era o da pesca, viviu ao longo deses anos moitos conflitos laborais. Decidiu ingresar inicialmente no conservador sindicato pesqueiro, moitas veces afín aos intereses dos armadores de Bouzas, coñecido como Sociedade Autónoma de Bouzas. Segundo informou durante os seus interrogatorios, fixérao só para poder traballar. Naqueles tempos en que o país estaba sumido nunha profunda crise económica, importada dos EEUU, cunha caída crecente do prezo da sardiña, era condición imprescindible estar sindicado para poder embarcar. Aínda podía lembrar Secundino cando foi interrogado polo xuíz, cal fora a súa cota sindical: 5 pesetas para ingresar e poder recibir o carnet de afiliado, e 2 pesetas de cotización mensual.

A súa militancia nese sindicato mariñeiro durou até febreiro de 1936, ou así o aseguraba ao ser inquerido polas autoridades militares tras a súa detención. Tras saír del, entrou a formar parte do Sindicato de Industrias Pesqueiras, activo sindicato de clase afín á anarquista C.N.T., xa que, segundo afirmou, era aquel que tiña máis forza no sector do mar e, polo tanto, era preciso estar afiliado nel se se quería embarcar. Así que pagou as pertinentes 2,60 pesetas de ingreso, e a mensualidade de 2 pesetas. Nunca recoñecerá Secundino, durante todo o tempo que estivo preso, o papel protagonista que se lle quere outorgar na organización do sindicato anarquista; aínda que si admita que representou aos seus compañeiros de sindicato nos encontros habidos coa patronal de armadores, A Marítima, no tenso conflito desenvolvido durante os meses de maio e xuño do 36.

A DETENCIÓN:

As primeiras luces da mañá daquel 25 de agosto reflectían tons dourados nos tellados cubertos de verde das casas que respaldaban o embarcadoiro do Berbés. Non era mal recibimento o que facía a vila mariñeira á dotación do bou *Nuevo Ángela Castro*, que dende as inmediacións da Costa da Morte regresaba a casa. Un par de días de beneficiosos lances achegaran unha máis que mediada carga de bo peixe fresco. O cadro de cores que compoñía o peirao alzou a boca de Secundino até formarlle un sorriso amplo e fermoso na faciana. El, polo de entón, non tiña sido moi importunado nin perseguido. Moitos dos seus compañeiros no sindicato foran xa detidos polas novas autoridades militares ao pouco de triunfar a rebelión. Outos, máis cautos, agocháranse a toda presa para escapar da inminente captura. A estancia na cadea presentaba sinistras premonicións; non en balde se falaba con voz calada de que algúns dos encarcerados foran sacados, furtivamente, por grupos de falanxistas e gardas civís. Os seus cadáveres apareceran en descampados con tiros na caluga, demadexados, fríos. El, en cambio, sentíase seguro, máis ou menos, e iso a pesar das fortes discusións que mantivera con algúns dos armadores de Bouzas algúns meses atrás, e mesmo con algúns dos homes de confianza destes, aló no barco. Con todo, non lle acontecera nada de malo. Menos mal que a policía non lle andaba detrás, e que o traballo tampouco faltaba; non podía esquecer a familia que del dependía.

Transcorrera xa ben un mes dende que chegara á terra dende as lonxanas augas do Gran Sol. Soubera entón do cambio político acontecido pola forza das armas, e que este principara un sanguento conflito civil en España de complexa solución. A tranquilidade que tiña Secundino non era, pois, total. Seguía a ter algún dos seus “aqueles” con algún dos lambecús do armador. Homes de dúas faces todos, que cambiaban a camaradeiría por catro duros. Sen irmos máis lonxe, viña de ter outra agarrada co seu patrón, o estirado de Marcelino Martínez, e non sabía xa cantas ían. O día anterior, cando a bodega estaba xa ben chea, Marcelino, ao que se lle enchía o peito cando daba ordes á tripulación, mandou facer un novo lance nas inmediacións de Fisterra. Seica lle daba boa espiña o lugar. Secundino, acostumado a levarlle a contraria, opúxose, conseguindo coa súa labia que o resto da tripulación o secundase na idea de regresar xa a porto.

Xa non pagaba a pena botar de novo as redes. A marea fora xenerosa dabondo como para ter contento a don Enrique, o armador. Mais o ollar turbio que lle botou o Marcelino indicaba ben ás claras que a cousa non ía acabar así como así.

Tras o atraco no peirao, comezou a tarefa da descarga da estiba. Caixas de madeira finiña formaban as pilas para a acumulación do peixe. Xeo e fentos carexados alí ao efecto, completaban o leito. Estaba en plena faena Secundino, esperando acabar pronto para chegar o máis axiña a casa cando -serían as nove e media da mañá- o policía do porto Antonio Piñeiro Méndez se achegou a el. Botando unha nova ollada a un papel que levaba na man, preguntoulle polo seu nome. Secundino apoiou a caixa que tiña na man na borda do barco, ergueuse e, sen saber a que viña aquela pregunta, contestoulle “Secundino González Querol”. Debidamente convencido pola súa sincera resposta, o garda espetoulle que tiña que acompañalo. Sen explicacións, sen resposta ás infundas preguntas que escorregaban polos seus asombrados ollos, obrigouno a seguilo. Sacudiu as escamas pegañentas e o xeo que se lle adheriran ás roupas, mentres os ollares preocupados dos seus compañeiros e o manifesto sorriso do seu patrón o despedían nun derradeiro adeus.



Motora que regresa dunha marea enfilando o porto vigués do Berbés
(postal da 1ª metade do século XX).

O paseo non foi longo. Saíron do porto entre curvas de incertidume, e o policía conduciuno até un edificio de ladrillo vermello. Non moi lonxe, non moi preto. Porén, a rúa inmediata semellou a Secundino estar a milleiros de quilómetros de distancia. Víase un mar azul de ondas bravas que saltaban no horizonte, lembrándolle o sentimento de liberdade que dá o océano. Entraron na Comandancia de Mariña Local. Alí Secundino tivo que esperar un bo cacho, en-

tre o teclear dos mariñeiros uniformados. Uns, con rapidez profesional, outros con boa vontade movían con ritmo impreciso dous dedos sobre os apéndices das súas máquinas de escribir. Os documentos se amoreaban sobre as mesas, a pesar do intento deles de transcribilos. Non obtivo explicacións. O silencio roto da sala rodeouno durante horas, nunha espera sen indicacións. Cando algúns daqueles informes foron debidamente elaborados, a garda de Secundino recolleunos e obrigou ao preso a seguilo cara un novo destino.

O día deulles a benvida nas inmediacións da rúa da Laxe co balbordo habitual dun martes de verán máis. A xente, a pesar da guerra que carcomía España, seguía adiante coa súa vida o mellor que podía, desenvolvendo as xestións laborais que precisaba. Comentaban, ao cruzarse cun coñecido, as últimas novas, o rexoubeo, as informacións referidas á marcha dos voluntarios falanxistas que saían, vía Coruña, para a fronte; ao futuro do Celta con varias das súas estrelas deportivas recén mobilizadas, ou á abafante calor que presaxiaba unha inminente treboada. A vida continuaba ao seu xeito, aparentemente allea ao drama que comezaba a sufrir Secundino.

Esta vez tampouco foron lonxe. Recibíronos as oficiñas da rúa Colón que a Comandancia Militar organizara como Delegación da Orde Pública, para centralizar todas as informacións sobre posibles inimigos de España. A espera ten o sabor acedo do medo, do descoñecemento, do tempo perdido. Secundino probouno de novo. Pasaron horas até que o seu Caronte particular recolleu un par de follas máis garabateadas de ilexibles sinaturas e provisto dos seus correspondentes estampamentos de carimbos oficiais.

De aquí Secundino foi conducido, tras desandar parte do camiño percorrido, ás oficinas da Inspección de Policía. Máis papeis e máis selos oficiais. Tivo un presentimento amargo que lle fixo subir un refluxo de ácidos gástricos á boca. A cousa non pintaba ben para o temeroso mariñeiro. A compañía mudou e duplicouse. Dous axentes fixéronse cargo del. Disque eran os axentes de vixilancia Ventura Prada Rodríguez e Arsenio González Revenga. De alí ao cárcere local, ubicado na céntrica rúa do Príncipe, non bastaron máis de dous pasos. Dous intres de anguria mal disimulada.

O pesado portón do edificio que descansaba aberto até o límite, cun sorriso malévolo, saudou a súa chegada. Secundino dubidou. Non sabía se a súa imaxinación lle estaba xa a xogar malas pasadas ou era todo unha premonición de que esta sería a derradeira etapa da súa viaxe. Tratábase xa do xaque no seu preocupante xogo de taboleiro? Estaba trabucado, pero por ese intre aínda non tiña constancia do que lle depararía o seu incerto futuro.

Atravesou o ingreso e pasou por varias portas máis. Tiñan estas uns enreixados metálicos pintados dun gris prata. Nalgunhas partes caía xa a pintura en desconchós por mor da ferruxe. Secundino tivo que parar diante dunha pequena oficina acristalada, aberta cara aos que entraban ao recinto penitenciario por unha pequena bufarda. O oficial encargado de rexistrar as entradas dos detidos e de recoller toda a documentación, recibiu os papeis das mans dos gardas e leu, con especial interese, o que alí puña. Ás vegadas a lectura era interrompida por inquisitivos ollares á faciana descompuesta de Secundino. Estaba feito un lío e non sabía onde acabaría todo aquilo.

Pasaran horas entre tantas idas e vidas dende que fora requerida a súa presenza no porto do Berbés. As reixas abrían e pechaban rompendo o silencio da estancia co chasquido dos seus ferrollos cansos. A espera na antesala foi longa e a inquedanza aumentou. O funcionario tomou o seu tempo en dispoñer os papeis en montóns. Unha vez completado este labor dirixiuse, cunha simple folla escrita a man, cara un andel con libros de gran tamaño e tapas de cartón. O detallado rexistro dos que entraban en calidade de detidos naquel particular río Lethes. Os espazos regulamentarios foron enchéndose coa esmerada caligrafía grazas aos datos daquel pequeno documento e á información adicional que achegou Secundino para clarificar os seus datos persoais.

Foi esquecido de novo, sentado nun duro banco de madeira. Ante os seus ollos decorrían grupos de gardas, presos custodiados e funcionarios. A galería veciña relucía polos raios de sol que traían unhas fendas metálicas. Os buracos querían sinalar a proximidade dun patio central dentro do recinto carcerario.

Tic tac, tic tac. Non tiña reloxo pero o segundeiro batía impásivel no seu maxín. Pouco a pouco, cun ritmo retardado. Durante séculos de baleiro. Até que ouviu entre a néboa dos seus pensamentos o besbexo da conversa entre o oficial e os gardas. Estes sostíñan entre os dedos cabichas dos cigarros que acendían de xeito continuo e monótono. Aburrido. Un modo de pasar mellor o tempo ou un costume convertido en pura mecánica. A charla puxo de novo a Secundino en alerta.

Só unha palabra. Sinxela pero chea de significado. Díciao todo e non dicía nada. *Imos*. Un pequeno bater dado por un dos axentes nas súas costas e un xiro de faciana cara a rúa sinalaron que continuaba a peregrinaxe. Un percorrido que o habería de levar a algún outro ignoto local oficial. A apertura do portón principal inundou de cegadora luz o zaguán de entrada ao cárcere. Ao tictac da súa cabeza sumouse o repinicar das tripas. O tempo pasara.

Enfilaron cara á veciña rúa de María Berdiales. A medio camiño, xunto a un amplo edificio de paredes encaladas cun cartel que indicaba “Novo Frontón”, Secundino reparou na presenza, xunto a un portalón, de dous mozos. Vestían estes un mono de traballo azul e aparentaban un aire marcial grazas ao gorro cuarteleiro que cubría as súas cabezas, ás cartucheiras de munición que cruzaban os seus peitos, e aos dous enormes mosquetóns que sostíñan mentras tentaban acender uns cigarros. O pasatempo preferido dos gardas. Tras ingresar no novo establecemento, os seus custodios dirixíronse cara a un mostrador. Máis oficinistas copiaban listas interminables de persoas e facían indicacións a lapis de difícil comprensión para os non iniciados neste tipo de códigos. O grafito dun dos funcionarios anotou o ingreso de Secundino na nova cadea habilitada en Vigo. Este antigo centro deportivo estaba neses días de agosto ategado dos detidos que xa non cabían no cárcere da rúa do Príncipe, completamente sobrepasado na súa capacidade.

Entrou na sala principal da pista do frontón, cargado coa colchoneta, a manta, o prato de latón e a culler que lle viñan de dar. Case non había por onde se mover e seméllaballe case imposible atopar un lugarciño onde botar o seu leito. Empurrado por un dos gardas, Secundino irrumpiu por completo na pista de xogo, mentres ás súas costas resoba un portazo. O ruído das voltas da chave na pechadura fixérono consciente da súa realidade. O chasquido metálico da liberdade que alá foi. Eran, polo menos segundo indicaría a inscrición cos seus datos

no rexistro de entrada do improvisado centro de reclusión, as 17 horas. Pasaran oito horas dende que fora apresado de mañá. Quedábanlle catro meses no seu reloxo vital. El, por aquel entón, nin sequera o imaxinaba.

Estaba preso no cárcere habilitado no Frontón, pero non constaba oficialmente como “detido”. O seu ingreso débérase á unha confianza que se fixera chegar ao delegado marítimo no porto. Alguén que o coñecía indicou da súa “perigosidade social” e da súa activa militancia no sindicato anarquista de Bouzas. Esta información remitírase, como era de precepto, até a oficina da Delegación da Orde Pública dependente da Comandancia Militar. A denuncia fora considerada de suficiente importancia como para que o Comandante Militar asinase a súa detención preventiva, coa intención de iniciar as investigacións que depurasen as súas presumibles responsabilidades. A situación de Secundino aboiaba nestes cauces e non foi até o día 2 de setembro no que se decidiu oficialmente a activación dunha instrución sumarial que permitira analizar o seu comportamento. Por aquel entón aínda non se empregaba o actual termo de “limbo xudicial”. Foi nesa data cando o comandante militar da praza, o oficial toledano Felipe Sánchez Rodríguez, asinou a incoación dun sumario xudicial referido a Secundino González Querol.


As presuntas accións que causaran as denuncias viñan de ser confirmadas por investigacións policiais, xa que ese mesmo día chegara un pequeno informe elaborado a toda presa polos citados axentes de Investigación e Vixilancia adscritos á plantilla local Ventura Prada Rodríguez e Arsenio González Revenga. Estes, tras acudir ao porto e preguntarlle a varios membros da tripulación que coñecían a Secundino, apuntaron que o mozo de Coia fora imposto como tripulante “interino” no bou *Nuevo Antonio Vieira* polo sindicato anarquista ao que pertencía, e que, unha vez a bordo, non tardara en revolucionar a toda a tripulación, facendo mesmo deter as tarefas profesionais aos seus compañeiros baixo a ameaza da expulsión do sindicato. As súas malas artes e a súa maldade persoal chegarían, segundo os policías, ao punto de faltarlle ao respecto ao patrón da embarcación.

Non foran porén eses, graves de seu, os motivos que demostraban a súa gran perigosidade social fronte os novos valores defendidos polo “Movemento” salvador. Secundino tivera un protagonismo sindical previo tal que chegara a participar persoalmente nunha serie de negociacións laborais coa patronal de armadores, empregando nestas conversas unha gran vehemencia e unha violencia de formas inusitadas. Esa agresividade, según recolleron no seu informe os axentes, facíano pertencer a unha formación denominada A Estaca, composta polos máis aguerridos militantes do sindicato, que se dedicaban a dar malleiras a aqueles que se opuxesen á súa metodoloxía.

Todos os factores xuntos convertían a Secundino nun auténtico “perigo” para a sociedade. Un individuo na lista negra dos homes de lei e boa vontade.

Unha sinatura é un trazo de tinta que outorga autoridade. Ás veces vale unha vida e, ás veces, a morte. A que puxo sobre o documento de Secundino Felipe Sánchez deu comezo ás actuacións legais para que se lle incoase causa sumarial por atentar contra os principios emanados nos últimos bandos de guerra. Así, tras o visto e prace do comandante militar, quedou decidido que se desenvolve-

se unha instrución. Dos catro xuíces militares extraordinarios que foran habilitados tras o golpe entre militares retirados do servizo activo, Francisco Arriaga Seoane, Benito Otero Brage, Manuel Lage Becerra e Luis de Vicente Sasiaín, será a este último a quen lle toque en sorte lidiar co caso.



Documento oficial asinado polo comandante militar Felipe Sánchez que marca o inicio do calvario de Secundino González Querol (Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantábrico).

cada unha das fibras do seu corpo. Comentáronlle unha vez, polo baixo, como algunhas noites falanxistas e gardas, en moitas ocasións acompañados polo tenente González, o *Rabioso*, á fronte, viñan cunha lista na man para levarse presos. Estes aparecían pouco tempo despois mortos nas gabias.

Foi o secretario do xuíz instrutor Luis de Vicente o que, xa antes de que o lese o seu superior, se decatou que había un xeito de escamotear esta causa e aliviar un pouco a carga de peso que se amoreaba sobre a súa mesa. O informe dos axentes policiais falaba de que parte dos feitos se desenvolveran no interior dunha embarcación, polo que competían á xurisdición de Mariña, e non á do Exército. Foi así que, debidamente informado o seu xefe, enviou inmediata resposta ao comandante militar para que desviase a causa. O oficio no que se solicitaba a inhibición da causa enviouse o día 5. Con gran celeridade, pensando sobre todo na saturación burocrática que afectaba neses intreos á administración

Unha nova carpeta presidida polo nome de Secundino González Querol cun parte de oficios no interior ocuparía un lugar preferente na ategada mesa do soldado Adolfo Fidalgo Pereira, o soldado de Infantería licenciado en Dereito que exercía como secretario xudicial do devandido comandante retirado de cabaleiría.

A resposta de recepción oficial da instrución chegou o día 4 de setembro. Enviouse comunicación do seu inicio, como era pertinente, ao auditor de guerra e ao fiscal militar, da causa até entón sen numerar. Mentres tanto Secundino agardaba inqueda no almacén de presos que supoñía o recinto do Frontón. Os días pasaban calmos, entre palabras incertas e a lembranza do sol nos seus ombreiros. El descoñecía aínda as causas que o levaran a aquel pozo de vivos. Tampouco sabía cal era a sorte que lle deparaba o futuro. Convertérase nun ser que aboiaba entre a desesperación e o patetismo existencial. Empezou a intimar con varios dos alí detidos. Conversas para disfrazar a soedade que tiraba de

militar e policial, obtívose inmediata resposta. O día 7 o comandante militar asinou o oficio que reenviaba a investigación á nova xurisdición. Ía dirixido ao comandante marítimo da zona sur de Pontevedra, o capitán de fragata Alejandro Molíns y Carreras, que neses momentos vira aumentada a extensión da súa autoridade. O seu eido de actuación acababa de quedar comprendido dende cabo Silleiro, na fronteira con Portugal, até Corrubedo, nos lindes da ría de Arousa, comprendendo a totalidade da costa pontevedresa.

A aceptación do caso fixo que o xuíz militar da Armada José María Crespo y López de Monjardín, que era o asesor xurídico, fose o designado un 9 de setembro. Contaba coa colaboración como secretario xudicial do celador do Porto de Vigo, nese momento recuperado para o servizo activo (estaba en situación de retirado) Antonio Painceira Ramallar. A xurisdición militar da Mariña da comarca estaba moi descargada de traballo, sobre todo en comparación coa do Exército. Esta, en apenas mes e medio, tras a asonada militar, levaba instruídos varios centos de causas, e tiñan aínda outras tantas que estaban agardando o momento de organizarse como tales*, as que precisaban ser ditaminadas con urxencia e as que non tiñan causas suficientes como para levar a xuízo ao detido. O feito é que inmediatamente xuíz e secretario puxeron as mans sobre o expediente de Secundino, que apenas tiña media ducia de documentos. Unha ollada rápida aos datos achegados polos axentes Prada e González levounos a riscar a presunta acusación que se lle fixera a Secundino de “rebelión militar” e marcar no seu lugar a de “sedición”.

O mesmo día 9 de setembro, Secundino veu por vez primeira a faciana de José María Crespo. Tan só un par de horas despois de facerse co caso e de tomar contacto por primeira vez con el, o xuíz da Mariña decidiu entrevistalo para levar a cabo o interrogatorio previo ao resto de actuacións sumariais. Deran xa as sete do serán cando o xuíz se achegou ao recinto deportivo do Frontón vigués. Nesta declaración inicial, o asustado detido corrixiu algúns dos erros que na súa folla de filiación quedaran rexistrados. Asegurou estar casado e ter tres fillas. Tamén confirmou ser natural de Coia e residir preto do porto vigués do Berbés, na mariñeira rúa de Poboadores, número 39. Insistiu na súa “intachable conduta social”, xa que nunca antes fora procesado, e nin tan sequera detido. Preguntóuselle polo motivo da súa detención; el afirma descoñecelo. Só sabe que o 22 de xullo chegou a porto procedente dunha marea no Gran Sol en calidade de tripulante interino do bou *Nuevo Antonio Vieira*, e que tras incorporarse o tripulante titular, el quedara unha temporada desembarcado. Non sabía nada máis ao respecto. Ao longo dun extenso e tenso interrogatorio, Secundino recoñeceu ter pertencido á organización sindical Sociedade Autónoma de Bouzas; xustificándose ao punto.

Se o fixera fora só para poder traballar; xa que neses momentos era condición imprescindible estar sindicado para poder embarcar. Pero dende febreiro de 1936 abandonara aquela organización para ingresar na CNT. Mais, o que de xeito taxativo quixo deixar claro Secundino foi que el non era, nin moito menos,

* Preto de mil causas serían instruídas pola xurisdición militar da zona, antes de que remate o ano, asociadas ao golpe militar.

un cargo directivo no sindicato anarquista. Aínda que recoñeceu ter embarcado durante dous meses no bou propiedade do armador Enrique Vieira, nega categoricamente ter pertencido á “Estaca”, e, incluso, declara descoñecer da existencia de tal agrupación até ese mesmo intre.

Acusáronlle de ter participado en negociacións, defendendo os intereses da central sindical anarquista, fronte aos directivos da sociedade de armadores A Marítima de Bouzas, aló polo anterior mes de xuño, cando houbera un grave conflito no seo da flota pesqueira. Recriminóuselle acudir, na compañía de sete ou oito compañeiros destacados máis designados nunha asemblea xeral dos mariñeiros folguistas na sede do Sindicato de Industrias Pesqueiras, para tentar solucionar o tema do último paro obreiro, e que a proposta feita polos mariñeiros só fora aceptada polos armadores baixo presión. Así, estes deberon aceptar enrolar a un mariñeiro a maiores por barco. De tal reunión, na que Secundino non desmentiu a súa presenza, dixo só lembrar un tal Chapela, rapaz duns 30 anos. Porén, do resto de compañeiros nin tan sequera sabía o nome. Preguntóuselle se conseguira que foran aceptadas as súas propostas baixo ameazas e coaccións violentas cedendo os outros polo temor a maiores males. Outro non foi a súa resposta.

A quenda de interrogacións proseguiu no tempo. Secundino recoñeceu coñecer a un tal Santiago Guisande Martínez, que fora presidente da Sociedade Autónoma de Bouzas, na que el estivera afiliado até que entrara no Sindicato de Industrias Pesqueiras. Esta pregunta e o feito de que Secundino recoñecese a manifesta inimizade que ambos sostiñan fan presupoñer que tal vez fose de aquí de onde saldría a denuncia que o levara a dar cos ósos no cárcere.

Devagariño, devagariño, foise botando un raio de luz sobre actuacións previas de Secundino como militante sindical. Nunha ocasión, acudira a unha entrevista cos directivos da Marítima. Alí estiveran Víctor Montenegro, Casimiro Armada, Manuel Gestoso, Jesús Freire e Laureano Montenegro. Esa reunión producírase pouco despois de que el mesmo regresase do Gran Sol, alá por finais de maio, embarcado no *Moderno Armada*. Lembraba ben o momento preciso xa que cando estaban á altura das Cíes, coa intención de entrar no porto do Berbés para descargar, recibiran por radio a orde do armador de que se achegasen ao porto de Baiona para coller víveres e combustible. Debían evitar o porto de Vigo, porque estaba parado pola folga, e dirixirse a Cádiz a vender o peixe. Tras facer estas xestións, regresara a Vigo despois de oito días extras de traballo embarcado. Estaba a disfrutar dos pertinentes oito días de descanso e, mentres acudía á sede sindical da rúa San Bernardo en busca de información sobre a posibilidade de atopar un novo embarque, coincidira con que se estaba celebrando alí unha asemblea de mariñeiros. A xuntanza tiña como obxectivo principal tratar das difíciles negociacións sostidas coa patronal. Alí foi elixida unha comisión de varios mariñeiros que deberían entrevistarse cos armadores para levar a opinión do sindicato anarquista. Secundino asegura non recordar aos homes que nela participaran, agás un tal *Chapela*, como xa antes sinalara.


O xuíz non semellaba estar moi interesado nas precisións que tentaba facer un apesadumado Secundino. Finalizou a entrevista abruptamente; acusándoo como feito certo de ter empregado a violencia para que os armadores asinasen a proposta do sindicato de evitar o paro obreiro a finais de maio e principios de

xuño. El opúxose de cheo. Tamén se lle fixo saber de que sería acusado de ser o promotor dun plante a bordo do *Nuevo Antonio Vieira*. Voltou negalo. De feito, contou Secundino no seu descargo que cando estoupara o golpe armado en Vigo el estaba a traballar no Gran Sol, e que continuara a pescar co restos dos compañeiros até que o armador ordenara regresar. Engadiu, para que confirmaran este extremo, que o piloto mercante fora un tal Enrique, de Baiona, e o patrón de pesca Manuel Bayonés, de Alcabre.

A INSTRUCCIÓN SUMARIAL:

Tras o interrogatorio levado a cabo a Secundino no Frontón vigués, ao xuíz da Mariña non lle quedaron dúbidas de que había motivos máis que dabondo para poder instrír unha causa sumarial contra o preso. A esas alturas outros, e con menos motivos, estaban xa cun pé diante do pelotón de execución e a piques de ter que verse as caras cun tribunal militar. Dunha beira, estaba a acusación por un posible acto de sedición ao negarse a cumprir as ordes do patrón de pesca no momento en que se proclamara o estado de guerra e foran restrinxidos os dereitos cidadáns básicos. Da outra, a súa perigosidade social, asociada sen dúbida á súa militancia activa no Sindicato de Industrias Pesqueiras. Así que, tras chegar xa á noitiña á comandancia de Mariña, o xuíz organizou para o día seguinte unha serie de roldas de declaracións testemuñais para coñecer máis profundamente os feitos e poder calibrar mellor as responsabilidades en que poidera ter incurrido Secundino. A partir de agora José María Crespo, xuíz eventual da Armada, responsable máximo das causas da Mariña pertencentes ao eido de actuación da Comandancia de Mariña de Vigo, imporía o seu selo particular á instrución desta causa. O servizo á patria conlevaba a obrigatoriedade de perseguir con celeridade as posibles responsabilidades dos inimigos de España para que o seu castigo, severo e inflexible, caíse con toda a celeridade sobre os culpables.

O día seguinte, ás 19 horas, o señor Crespo recibiu no seu despacho a visita do primeiro testemuño convocado. Era Santiago Guisande Martínez, que aínda que inicialmente fora citado pola mañá -a papeleta de citación o convocaba para as once e trinta-, a comparecencia non puidera facerse a tempo. Comezou o interrogatorio coas preguntas de rigor sobre os seus sinais persoais e a súa relación coa lei, para poder comprobar se era de fiar ou corría algún risco de estar manipulada a súa testemuña e ser de pouco rigor. As respostas vainas anotando con toda presteza o secretario accidental Antonio Paineira. Así Santiago Guisande, presidente do sindicato mariñeiro de Bouzas A Autónoma, afirmou que nunca fora preso nin procesado pola Xustiza. Tiña 35 anos e era natural e veciño de Teis, residente no barrio de Santa Trega. Apréstouse a catalogar a Secundino como “un elemento destacado da CNT”. Declarou que Secundino, *Cordeiro*, era o que sempre designaba a organización obreira para entrevistarse, durante o conflito laboral, cos directivos da sociedade de armadores A Marítima; ou sexa con “Don” Víctor Montenegro, que era o presidente da mesma, e con “Don” Paulino Iglesias, que era o seu secretario. Todas as veces que se reunira



Portada do cartafol que contén a causa sumarial nº 113/36 incoada contra Secundino González Querol (Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantábrico).

guinte convocado a testemuñar. Neste caso tratábase dun funcionario público: o axente de Investigación e Vixilancia Ventura Prada Rodríguez. Tras recoñecer ser natural de Villarubia de Santiago, Toledo, e estar solteiro, relatou como, en compañía do seu colega no corpo, Arsenio González Revenga, e baixo as ordes directas do seu capitán da Orde Pública, fora enviado para recabar todo tipo de información política posible do acusado. As entrevistas que levaran a cabo permitíranlle calificar a Secundino coma “un individuo indesexable, en todos os conceptos”. Era un militante activo da CNT; acudira, con manifesto protagonismo, ás reunións sostidas cos armadores da Marítima para tentar solucionar o conflito obreiro; sempre se manifestaba con formas de violencia, tentando obter daqueles baixo ameazas o cumprimento das súas pretensións, sempre absurdas, etc. A propensión á violencia de Secundino era tal que mesmo semellaba ser un dos dirixentes dunha comisión obreira denominada, de xeito moi diáfano, A Estaca, a cal sería a encargada de empregar a violencia dirixida polo sindicato anarquista contra os seus contrarios. Nesta comisión Secundino tomara parte expresa e activa, aplicando persoalmente as palizas de rigor.

Toda esta copiosa información, unha vez rexistrada polo secretario, sería convintemente remarcada en lapis vermello polo xuíz para ir asentando as bases da futura acusación. O axente Ventura aproveitou a ocasión para xustificar a fal-

con eles o acusado actuara sempre de “xeito violento”. Non foi moi boa a opinión do testemuño sobre Secundino, de quen apunta que mentres estivo embarcado nos buques pertencentes ao armador Enrique Vieira chegara a promover un plante entre os seus compañeiros, os cales, ameazados, decidiran secundar. Esta última aseveración de Santiago era de vital importancia xa que reforzaba o principal da acusación que era a de “sedición”. Cando o xuíz instrutor releu máis tarde a declaración que lle pasou o seu secretario, sulíñouna en vermello.

A primeira pedra da corredoira estreita e húmida que conduciría a Secundino ao paredón viña de quedar posta e ben asentada. A pesar de que a testemuña de Santiago Guisande non fora moi longa, aínda que sí interesante, o xuíz resolveu rematar a quenda de declaracións.

Ás once da mañá do día seguinte o mariñeiro que actuaba de ordenanza trouxo ao despacho o seguinte

ta de asistencia do seu compañeiro Arsenio, que non poidera acudir por estar prestando servizo esa mesma mañá no destacamento policial establecido en Lavadores*.

Co que os testemuños achegaron, o xuíz pensou que tiña dabondo para levar a Secundino diante dun consello de guerra. Recapitulando as informacións acusatorias que se elevaran contra Secundino sinalou a súa militancia na CNT; a súa relevancia no sindicato, quedara demostrada polo feito de que participara nas entrevistas cos armadores da Marítima. A súa pertencia á citada comisión da Estaca, encargada de aplicar a violencia aos inimigos do sindicato extremista. E, a principal: que revolucionara á tripulación do barco de pesca *Nuevo Antonio Vieira* con ameazas aos seus compañeiros; co que acadara interromper as faenas de pesca durante dous días. Outro inicio claro que sinalaría a perigosidade social baseábase no feito de que Secundino, non contento con esta actitude sediciosa, faltara gravemente ao respecto ao patrón de pesca, que era a máxima autoridade no buque. Por iso, tras recapitular sobre as diversas acusacións feitas contra Secundino e, tras botar unha rápida ollada a algún dos libros de leis que se apretuxaban no andel que había tras a mesa do seu escribinte, José María Crespo y López de Monjardín, chegou á conclusión de que os feitos incoados estaban tipificados como delito no artigo 15 da lei do 21 de xullo do ano 1923. Ademais, estaban penados no artigo 16 da lei penal da Mariña Mercante con arreglo do artigo 103 da lei de Enxuizamento Militar de Mariña.

Fóra de toda dúbida, os trámites xudiciais debían seguir adiante. Só quedaba entón o formalismo de comunicarlle ao detido que a causa ía ser levada adiante. Curiosamente, na confirmación oficial da continuación das dilixencias aparece sinalado o acusado co nome de Claudino e non Secundino e, sendo confeccionada o propio día 11, non aparece asinada no cárcere do Frontón polo detido até o día 15, varios días despois de que xa foran continuadas as xestións sumariais.

Con estas dúas testemuñas como bases acusatorias era preciso volver a levar a cabo un novo interrogatorio do procesado para que se xustificase, e achegase a súa versión diante das graves acusacións. Había que ultimar canto antes as actuacións, non en balde a xustiza das novas autoridades quería ser especialmente rápida para depurar responsabilidades e eliminar posibles inimigos potenciais na retagarda dunha guerra que se presumía longa. Tamén porque se lle estaba a acumular o choio ao xuíz. Varios cartafoles cos seus respectivos expedientes sumariais comezaban a amorsearse na mesa. Ese mesmo día, inmediatamente despois de xantar, nun exceso de celo profesional que lle impediu mesmo disfrutar dunha breve e ben merecida siesta, José María Crespo y López de Monjardín, acompañado do seu inefable secretario xudicial, encamiñou os seus pasos cara ao Frontón, onde seguía encarcerado o pobre mariñeiro de Coia. Cando este foi levado á presenza do xuíz instrutor eran as 16 horas do sinalado día 11 de setembro.

* Tal vez se estea referindo aquí Ventura ás instalacións de detención creadas de xeito interino nun chalé situado no alto do Seixo e que até un par de meses atrás funcionaba como colexio das monxas franciscanas. Empregábase como lugar de detención e interrogatorio dos obreiros detidos na zona.

Secundino estaba aburado. O xuíz no cesaba de alterar a dirección do seu ollar entre os documentos que agochaba no cartafol e a nervosa face do mariñeiro. O preso non dubidou en recoñecer que coñecía a Santiago Guisande Martínez, e que este fora presidente da Sociedade Autónoma de Bouzas. Admitiu tamén que, nunha ocasión, acudira persoalmente a celebrar unha entrevista cos directivos da cooperativa de armadores A Marítima, durante o conflito acontecido a finais da primavera. Alí estiveran, por parte da patronal, Victor Montenegro, Casimiro Armada, Manuel Gestoso, Jesús Freire e Laureano Montenegro. De feito, puido precisar máis, xa que lembraba que a citada reunión á que el asistiu foi a pouco de ter regresado dunha marea no Gran Sol, e que por esas datas estaba embarcado no *Moderno Armada*. Cando este chegara ao porto vigués, completamente inactivo nese tempo polo paro xeral recentemente declarado, recibiran ordes do armador -á altura de Baiona- de recoller algúns víveres e dirixirse ao porto de Cádiz, onde deberían vender o peixe. Fora tras chegar de novo a Vigo, e mentres estaba descansando os pertinentes oito días a que tiña dereito cada tripulación que viña dunha marea longa, cando acudira como membro do Sindicato de Industrias Pesqueiras a una asemblea local reunida na rúa San Bernardo (coñecida tamén como da Subida á Fonte). Nesa importante reunión decidírase organizar unha comisión de mariñeiros para entrevistarse directamente cos patróns e achegar posicións para rematar o conflito iniciado. Para conformar esa comisión fora elixido, entre outros, o propio Secundino.

Esta última aseveración pareceu de especial interese ao xuíz, xa que podería atopar responsabilidades penais noutros posibles inimigos do “Glorioso Movemento nacional”; así que lle inquiriu sobre a identidade precisa dos outros perigosos anarquistas que tamén acudiran á reunión. Secundino lamentou só coñecer o mote dun, un tal *Chapela*. Mantivo tamén que a intención da comisión non fora presionar para nada os armadores, senón negociar con eles unha solución a un conflito que a ningún interesaba.

Neste punto do interrogatorio, informóuselle de que o principal da acusación que se lle facía a Secundino tiña que ver co emprego de violencias e ameazas contra os citados armadores para que asinasen a proposta sindical; sempre baixo a coacción da ampliación do paro obreiro e do emprego de novos xeitos de violencias. Secundino, cada vez máis preocupado pola agresiva dialéctica do xuíz, negou continuamente coa cabeza. Éralle cada vez máis difícil que o seu fío de voz poidese facerse notar naquel pequeno cuarto para rexeitar as acusacións en ton de voz crecente. Tamén se lle acusou de ser o promotor dun plante laboral a bordo da embarcación *Antonio Vieira*. Quedáballe aínda certa rotundidade dentro do seu canso corpo.

Cando estoupara o golpe armado do mes de xullo, el estaba traballando no Gran Sol cos seus compañeiros e, cando se enteraran pola radio, eles continuaron pescando até que o armador ordenara regresar a casa. O piloto mercante era un tal Enrique. Non lembraba os apelidos; só que era de Baiona. O patrón de pesca era un tal Manuel Bayonés, de Alcabre. Descoñecía tamén a existencia dunha agrupación chamada A Estaca. Negou ser partidario do comunismo, e desmentiu calquera posible interese seu pola política. Só lle interesaba o traballo para poder manter a súa muller e ás tres fillas pequenas, moi necesitadas neses tempos tan remexidos.

Tras rematar o interrogatorio, o xuíz informoulle de que, para continuar as xestións da causa, el podía proporcionar testemuñas que actuasen no seu descargo. Naquel ilegal sistema imposto pola violencia había que xustificar a inocencia, e non ao contrario. Secundino non tardou moito en dar varios nomes. Non é que se lle ocorrisen de súpeto. Varios dos seus compañeiros de presidio, que xa pasaran por ese transo procesal, lle informaran que ese era un paso obrigatorio nos procesos xudiciais levados a cabo pola xurisdición militar. Xa pensara en quen podía falar ben del diante das autoridades militares. Mellor que fosen persoas das consideradas “de orde”. Non quería presentar a compañeiros de profesión ou sindicato, xa que con iso non faría máis que complicarlles a vida. Por iso Secundino achegou o nome de dous famosos armadores locais, homes de prestixio económico e social, coñecidos por ser recoñecidas persoas e para as que traballara en varias ocasións. Tratábase de Laureano Montenegro e Casimiro Armada.

Xuíz e secretario abandonaron as instalacións carcerarias e voltaron ao despacho da Comandancia de Mariña. O traballo do día non estaba, nin moito menos, rematado. Xa escurecera por completo cando o xuíz abandonou a Comandancia e se dirixiu ao seu domicilio, coa sensación de ter ben gañado o día, e de que lle esperaba ao día seguinte unha xornada preñada de actividades patrióticas e gloriosas.

A primeira testemuña que entrou a prestar declaración foi Arsenio González Revenga, o axente de Vixilancia que debiera acudir o día anterior a declarar. Ás 9.30 horas do día 12 de setembro de 1936, presentouse este home, natural de Tordomar, provincia de Burgos, de 27 anos, solteiro e que prestaba servizos policiais na praza de Vigo. A súa declaración veu a confirmar, punto por punto, o dito con anterioridade polo seu compañeiro de servizo. Segundo a súa opinión, o tal Secundino merecía “moi mal concepto, perigoso, por ser un axente activo dentro das súas ideas extremistas”. Dacordo coas averiguacións realizadas, formaba parte, con autoridade dirixente, da agrupación A Estaca, creada para empregar a violencia sindical. Colocado polo seu sindicato a bordo da embarcación de pesca do armador Vieira, chegara a impedir os labores de pesca coa ameaza do despido sindical dos seus propios compañeiros.

Tras a saída do despacho do axente González, e tras uns minutos para organizarse, o ordenanza chamou en voz alta o armador Víctor Montenegro Feijóo, a primeira das testemuñas dos directivos da patronal boucense, que tiñan que confirmar a presenza de Secundino nas asembleas habidas para negociar o fin do conflito pesqueiro e cualificar as formas empregadas. Isto permitiría asentir, con máis firmeza, a catalogación de Secundino como directivo do sindicato anarquista, e como un axente extremista violento e perigoso. Eran preto das 11 da mañá do día 12 de setembro cando o armador declarou formalmente, cumprimentando os ditámenes legais acostumados, ser natural de Coia, veciño de Bouzas, de 56 anos e casado. En varias ocasións fora presidente da Marítima, a última nese mesmo momento e dende había xa ano e medio. Recoñeceu, sen ningún tipo de dúbida, que o acusado, e non nunha senón que en varias ocasións, acudira ao local da sociedade que el presidía representando á central sindical anarquista CNT. Aseguraba que Querol procedía sempre con formas “fachendosas”, e ameazaba coa declaración inmediata de folga se non se cumprían as súas posturas, o cal paralizaría completamente o tráfico pesqueiro na ría. O

ascendente do mariñeiro era moi grande xa que adoitaba presionar aos compañeiros máis remisos para que ingresasen no seu sindicato revolucionario.

Preguntado sobre a cronoloxía destas reunións, o declarante recordaba claramente que eses sucesos aconteceran dende maio dese mesmo ano até pouco antes do triunfo do golpe “salvador”. Remontouse varios anos até 1932. Lembra que durante aquela terrible folga de tres meses no mundo da sardiña, o tal Querol fora un dos máis destacados dirixentes, un dos máximos responsables da gran violencia habida, e das cuantiosísimas perdas. A boa memoria que parecía ter a testemuña foi posta a proba polo xuíz cando lle preguntou polo resto de membros do sindicato anarquista que tamén participaran nas reunións de maio e xuño xunto con Secundino González Querol. O armador Montenegro recordou, de xeito nido, o nome dalgúns daqueles agresivos sindicalistas. O secretario Paineira ía tomando referencia oportuna daqueles nomes aos que tamén habería que pedir no seu momento, como así se faría, as debidas contas. Tratábase de Germán Parga Varela, que segundo creía lembrar Montenegro naqueles momentos era o secretario local da CNT viguesa; Urbano Gándara Gallego, José Raimundo Santiago Torres, e un tal José Manuel Prieto. Seica foi aquí onde o seu caletre errou un chisco. Posiblemente este último representante sindical podería ser un mariñeiro natural de Mugar dos cuxo verdadeiro nome era o de Agustín Prieto Balsa. Todos eles pagarían antes ou despois coa vida a súa notoriedade sindical.

Tras despedir ao armador Montenegro, ao que acompañou até a porta e despediu cunha forte aperta de mans, non en van era un puntal social, o xuíz chamou pola seguinte testemuña que agardaba na sala de ao lado. O armador Paulino Iglesias Aneiros recoñeceu ter 53 anos, e había xa 21 anos que exercía, de xeito ininterrompido, como secretario adxunto da patronal boucense. Na súa declaración afirmou coñecer de antigo a Secundino, dende 1932, xa que por aquelas datas era *Cundino* un “elemento significado da CNT”, polo que habería de ter algunha responsabilidade nos graves feitos asociados a aquel conflito laboral. Recordaba tamén como naquelas datas chegaran a producirse varios atentados persoais, e empregáranse explosivos para intimidar á patronal, que se vira na obriga de buscar protección para a súa flota nas instalacións militares da base naval de Ríos. Parte da declaración foi un recordo da tráxica e violenta situación vivida pola patronal durante aquel conflito do ano 32, onde situou a Querol como un elemento especialmente activo nas rúas e nas comisións directivas, e que así continuaría durante o conflito de maio e xuño de 1936. Máis adiante, preguntado polo xuíz, recoñeceu non coñecelo persoalmente, aínda que tiña referencias certas que falaban del como dun auténtico “indeseable”.

Por unha serie de problemas que xurdiron coa citación dalgunha das testemuñas seguintes ás súas declaracións deberán pospoñerse un par de días máis. Dous días despois estas retomáronse coa presenza doutro armador, Casimiro Armada Barreiro. Eran as dez da mañán do día 14 cando o afamado empresario tomou asento no despacho do xuíz para achegar as informacións que axudasen a entender mellor a persoa e actuacións do detido. Declarou Armada ter 55 anos de idade, ser natural e residente en Bouzas e mariñeiro de profesión. Neses tempos exercía como tesoureiro da asociación patronal pesqueira de Bouzas. Recoñeceu que Querol estivera enrolado durante dous meses como mariño interino

en barcos seus; pero que durante todo ese tempo a el non lle chegaran noticias de ningún tipo de actuacións de especial gravidade pola súa parte. A bordo das súas embarcación adoitaba ser norma común a aplicación dunha estrita disciplina, e el non tiña coñecemento de que Secundino a rompera en ningún momento e por ningún motivo, polo que non tiña ningún concepto especial do detido. Apremado polas preguntas do xuíz, o armador Armada tivo que admitir que, a pesar diso, ouvira nalgunha ocasión que o preso era sindicalista, e que tiña algún peso específico dentro da súa agrupación, xa que figuraba como membro dalgunha das comisións sindicais conformadas durante o último conflito pesqueiro. A pesar de que estivera traballando para el, non o coñecera persoalmente até finais de maio cando, durante o último conflito, houbera unha serie de reunións entre a asociación de armadores e o sindicato anarquista. El mesmo estivera alí presente como tesoureiro da asociación empresarial. Desas reunións o único que lembraba non era tanto a conduta de Secundino, que non debeu de caracterizarse especialmente, senón doutro dos membros do sindicato, Agustín Prieto Balsa, que se amosou como a principal voz reivindicadora de melloras salariais e profesionais por parte dos mariñeiros. Ao concluír a súa declaración Casimiro pedíulle ao xuíz que se lle permitise informar, para que constase na acta da declaración, que non tiña nin idea de por que ao detido se lle ocorrira chamalo a el como testemuña de descargo para certificar a súa posible boa conduta. A pesar de que traballara para el durante varios meses e que non amosara ningún tipo de comportamento conflitivo, el apenas o coñecía, xa que nin fora veciño del, para saber datos precisos do seu comportamento; nin tan sequera cando traballou para el chegaran a facelo xuntos. É máis, esa ocorrencia do detido pareceulle máis ben un auténtico “atrevemento”, dando a entender que el non tiña no máis remoto, nada que ver con aquel mariñeiro “*roxo*”, xa que el era un home “de orde”, simpatizante cos valores defendidos polas novas autoridades militares.



Grupo de bous ancorados no peirao do Berbés recentemente chegados dunha marea (Vida Gallega).

A seguinte declaración da que tomou debida conta o secretario xudicial Painceira foi a de Enrique Vieira Castro, que entrou aos poucos minutos de saír do despacho do xuíz Crespo o armador Casimiro Armada. Deu tamén os seus datos persoais e recoñeceu ser natural de Vigo, tendo residencia na ribeirana rúa viguesa de Santa Marta número 4, no edificio coñecido como Vila Magdalena. Tiña nese momento 36 anos, sendo o seu estado civil o de casado e a súa profesión a de armador. Recoñeceu ser o propietario de varios vapores de pesca como eran os bous *Nuevo Antonio Vieira*, *Nuevo Ángela Castro*, *Antonio Vieira* e *Pepita A. Alonso*. Outra das informacións que achegou foi a de que Querol traballara para el durante dous meses, en concreto até as datas do Movemento. O seu comportamento non puidera ser peor, xa que non recoñecía a autoridade dos seus superiores xerárquicos a bordo. Dese xeito, polo que el sabía, chegara a faltarlle ao respecto ao patrón de pesca, e mesmo a chamarlle “fascista” a un fogoneiro; todo somentes por terlle este último recriminado publicamente os “atropelos” que cometía a bordo do barco. No curto espazo de tempo que estivera nos seus barcos, tan só dúas mareas segundo recordaba, Secundino fora responsable de provocar dous altercados como mínimo; e nunha destas ocasións, no porto de Marín, atrevérase a ameazalo directamente en dúas ou tres ocasións. Chegando a súa osadía a negarse a cumprir as ordes que lle foran dadas, e respostándolle, en troques, cun subversivo “agora mandamos nosoutros”; polo que o armador Vieira tivera que calar diante da actitude violenta e ameazadora de Querol, que estaba nesta ocasión acompañado de catro ou cinco individuos máis do sindicato vigués de semellante pelaxe política. Volvendo, por indicación do xuíz, a este mesmo tema do suceso acontecido no peirao marinense para que entrase en pormenores, o armador recordou que a citada ameaza realizáraa Secundino no propio peirao de Marín, sendo sobre a unha da madrugada dun indeterminado día do pasado mes de xullo, e, sucedendo a bordo do seu bou *Nuevo Antonio Vieira*, onde estaba enrolado o mariñeiro detido. Outro feito que tamén podía lembrar e que redundaba na idea do protagonismo violento e político do determinado suxeito tiña que ver con cando estalou o Movemento e a citada embarcación onde estaba enrolado Secundino viña, procedente do Gran Sol, cara ao porto de Vigo; xa que, en virtude da paralización das actividades no porto vigués, ordeouse ao patrón de pesca do *Nuevo Antonio Vieira* que ficase esperando á altura da illa de Ons. Ao decatarse o Querol da orde dada polo armador de continuar os labores de pesca naquel lugar mentres non se poidese entrar no peirao vigués, Querol impuxérase ao resto da tripulación para que non colaborase nas tarefas de pesca, coa ameaza grave de dar coñecemento ao seu sindicato dos feitos ao chegar a Vigo. Ambas embarcacións estiveran fondeadas nas inmediacións das Cíes sen realizar novos lances coas redes até que armador se decatou de que estaban sen traballar e mandounos volver a porto. Preguntado sobre a opinión que tiña sobre Secundino González Querol, o armador Vieira asegurou, sen dubidar nin por un instante, que se trataba do que comunmente se denomina un “sindicalista de acción”: un personaxe especialmente perigoso a nivel social debido ao gran protagonismo que tomou, como demostran os diversos conflitos nos que participou.

Neste punto da toma de declaracións o xuíz decide pospoñer a continuación das mesmas e convoca para as 11 da mañá do seguinte día, 15 de setembro, a unha nova testemuña; un mariñeiro de Bouzas chamado José Álvarez Rial que,

pensaba o maxistrado, podería facer algunhas interesantes achegas para o esclarecemento do caso, xa que chegara a coincidir embarcado con Secundino e debería de telo coñecido ben. Ás 11 da mañá, con británica puntualidade, tomaba asento diante do xuíz quen dicía ser o veciño de Bouzas José Álvarez Rodal. Tras cumprimentar o protocolo de rigor no tocante a recoñecer non contar con antecedentes penais, informou que traballara con Querol facía uns catro anos, cando ambos coincidiran embarcados no pesqueiro *Pelayo* propiedade de Obdulia Rodal, pero que patroneaba o declarante, fillo da tal Obdulia. O tempo que Secundino estivo baixo o seu mando permitiulle quedar cun moi mal concepto deste; xa que o tiña por un perigoso sindicalista, especialmente sinalado entre os seus compañeiros, tentando impoñer a bordo do buque as posturas que defendía o sindicato anarquista; non hai que esquecer que por aqueles tempos acababa de rematar o duro conflito da sardiña de outono do 32. Con todo Secundino estivo traballando a bordo do *Pelayo* por espazo de tres anos, xa que non desembarcou definitivamente dese barco até finais de 1935, e, aseguraba o patrón boucense, a longa permanencia de Secundino no rol do barco non se debía ao contento que estaba co seu traballo, senón que dende que o tivera calado como perigoso sindicalista tentara despedilo, pero que esto foi, durante moito tempo, completamente imposible debido á influencia que tiña o acusado dentro do sindicato anarquista; sindicato que “tanta influencia e tan prexudicial ten resultado para a prosperidade das industrias, e por ende de España”. O día 15, con esta demolidora testemuña para os intereses do procesado, deuse por finalizada a actuación do xuíz instrutor neste caso. Como novos casos se amoreaban na súa mesa esperando que fixese as indagacións pertinentes, o xuíz Crespo decidiu dedicarlle o resto do día a estes outros casos pendentes e deixar para o día seguinte, 16 de setembro, a continuación das indagacións do caso.

Ás 10 horas do citado día 16, a Comandancia de Mariña recibe a outra ilustre testemuña que vai tentar botar algo de luz sobre este caso. Trátase do famoso armador local Laureano Montenegro. Tras ser efusivamente recibido polo xuíz, pasa a identificarse como tal; casado, de 41 anos e natural de Coia. Ao serlle indicado que está alí en calidade de testemuña de descargo proposto polo propio acusado, o asombrado Laureano informa que, efectivamente, alá polo ano 1929 Secundino González Querol estivo embarcado nun dos seus barcos, en concreto no *Pastor Montenegro*, e, polo que el sabe, naquela época a conducta de Secundino fora bastante boa; de feito que el o coñecía simplemente polo alcume de *Cordeiro*; pero que nos sete anos seguintes habidos dende aquela data até a actualidade non volveran a coincidir, e polo tanto non voltaran a manter ningún tipo de trato, polo que lle chamaba moitísimo a atención saber que fora sinalado como testemuña no seu favor polo citado Secundino, e que pensa que o único motivo que o xustifique, amais daquela episódica relación contractual do pasado, podería deberse a que ao ser os dous conveciños en Coia, ambos se coñecían; pero a relación existente non podería chamarse de ningún xeito auténtica amizade, nin moito menos; polo que considera esa decisión do acusado de chamalo como un auténtico atrevemento. Con este categórico rexeitamento de amizade diante do xuíz por parte do armador de Coia Laureano Montenegro, este quere romper calquera tipo de vinculación que lle

poidese traer consecuencias funestas, xa por esas datas se coñecían diversos casos de persoas que accederan a intervir como testemuña de descargo dalgún notorio reo, e que tras a súa declaración de descargo foran detidos e encarcerados, séndolle incoadas as acusacións de “perigosos extremistas”^{*}.

Cando remata a declaración de Laureano Montenegro, o xuíz formula un receso para revisar unha por unha todas as manifestacións das testemuñas que se teñen escoitado até o momento; convencéndose de que, practicamente, están realizadas xa as xestións previas, notando só a falta dunha información documental moi importante como era a de poder constatar a existencia, ou non, de antecedentes penais do acusado; seguramente dando por descontado que un personaxe tan perigoso e violento como Secundino algunha vez, a lo menos, habería de terse visto as caras coa lei. Así que decide que o secretario redacte unha solicitude urxente, dirixida ao xuíz decano de 1ª Instancia e Instrución de Vigo, para que lle achegue, canto antes, esta imprescindible información.

A pesar da fama da lentitude que ten a burocracia, e máxime da que ten que ver co mundo da xurisprudencia, non era así neses tempos. Todos os bos funcionarios, patriotas ao servizo da nova España, están ansiosos de depurar as responsabilidades dos “roxos” perigosos canto antes; así que á primeira hora do día seguinte, 17 de setembro, José María Crespo y López de Monjardín puido ver nun sitio preferente da súa mesa da Comandancia de Mariña o informe do Xulgado de Instrución vigués, no que, de xeito escueto, se informa que non hai ningún tipo de constancia de que o acusado teña inscrita ningunha causa penal. Algo decepcionado pola resposta do xuíz decano en canto Secundino non fora investigado nin condenado por ningunha actividade perigosa, o xuíz instrutor meditou sobre o que tiña recompilado do caso. Tras deixar pasar uns minutos mentres que coa vista algo perdida pasaba e repasaba as páxinas que ían conformando o sumario previo de Secundino, e tras tamborilar coa punta do seu lapis sobre un esquinal do baden de coiro que cubría a súa mesa, decidiu actuar. A esas alturas tiña xa bastante feita unha composición de lugar naquel caso. As testemuñas coincidían na perigosidade social, no protagonismo sindical, e na violencia activa do acusado; ademais se coñecían tamén varios casos puntuais e ben documentados de actuacións que redundaban nese sentido, polo que pouco máis había que facer neste caso.

Dito e feito. Ese mesmo día, tras regresar á Comandancia despois de comer, Crespo, decidiu acudir de novo ao recinto do Frontón vigués onde seguía detido Secundino González, coa intención de obter unha declaración máis precisa, e para que aclarase algúns puntos escuros do seu relatorio anterior. O primeiro aspecto de interese que manifestou o xuíz estaba referido á identidade do tal *Chapela*, ao que se referira na anterior ocasión Secundino na súa declaración. As averiguacións do xuíz fanlle intuír que aquel podería corresponderse coa identidade dun tal Jesús Chapela Cuebo, un fogoneiro de Cangas. A filiación nominal suxerida polo xuíz non lle di nada ao detido, pois xa antes asegurara descoñe-

^{*} Así lle aconteceu, por exemplo, ao notorio médico vigués José Ramón de Castro y Rodríguez que, a pesar da súa conservadora ideoloxía, foi encarcerado polas autoridades militares e a piques de ser “paseado”, en setembro de 1936, varias semanas despois de acudir como testemuña da defensa do líder socialista vigués Ignacio Seoane Fernández.

cer a identidade do tal suxeito; pero faille negar categoricamente esta relación cando o maxistrado fai referencia a que era un home de notable estatura, cando o *Chapela* ao que se refería Secundino parece ser que era máis ben pequerrecho. Ademais, e como para desculparse, Secundino informou que tampouco podería dicir moito máis do home sobre o que ten especial interese o xuíz, xa que só o vira nunha ocasión, cando se celebrou a mencionada asemblea no local social do seu sindicato, e cando, pouco despois, acudiran entrambos á entrevista coa directiva patronal para discutir as bases de solución do conflito pesqueiro. O que si que pode apuntar, e o que facilitaría a súa localización, era o feito de que estaba enrolado *Chapela*, polo menos, até a altura do 22 de agosto, na embarcación *Antonio Vieira*, onde chegara a coincidir con el.

A preguntas do xuíz Secundino volve a recoñecer que pertencera á asociación obreira de Bouzas coñecida como a Autónoma, pero que decidiu abandonar esta asociación e entrar no Sindicato de Industrias Pesqueiras, afín á CNT, por ter este sindicato moito máis peso específico no mundo marítimo local o cal podería facilitarlle atopar traballo; que as cousas andaban bastante mal e el tiña que manter a unha esposa e a tres fillas pequenas. Pero que, en absoluto, a súa entrada no devandito sindicato confederal fora por motivacións políticas. É máis, apunta no seu descargo o teimudo mariñeiro, el pola política, e polas ideoloxías extremistas moito menos, ten tan pouco interese que, reconece, nas anteriores eleccións habidas no mes de febreiro e que deran a vitoria á Fronte Popular el nin tan sequera votara, e non lle quedara ningún tipo de remordo, e todo porque por aquelas datas estaba en alta mar traballando; en concreto nas inmediacións das lusas illas Berlingas, a bordo do bou *Armada*. Diante da continua tanda de preguntas que de xeito consecutivo lle fai o maxistrado, o preso, cada vez máis nervioso e inquedo diante do xulgado de instrución erixido na pequena sala do Frontón habilitado para este mester, tenta dar cumprida contestación, confiando en que as respostas deixen satisfeito o xuíz para que lle permita saír libre dunha vez por todas e reintegrarse canda a súa familia. Así insiste en que, en absoluto, fora colocado pola forza no rol de ningún buque polo seu sindicato; senón que fora designado ao efecto entre os mariñeiros que estaban sen enrolar. É máis, non poidera haber nin tan sequera este tipo de presións aínda que así o pretendesen, polos problemas de índole funcional que había na cúpula do sindicato; xa que o que era por esas datas delegado do mesmo, e encargado destas xestións de colocar a afiliados do propio sindicato nos buques, Germán Parga, dimitira do seu cargo, polo que tivera que acaparar as súas funcións e incrementalas ás súas -quedando notablemente sobrepasado de traballo- o que até ese mesmo momento exercía o cargo de secretario xeral do sindicato, un tal "Paz Pena".

Especialmente categórico é Secundino á hora de rexeitar o feito de que fora o principal portavoz nas conversas sostidas coa patronal dos armadores de Bouzas, e polo tanto renega de ter ameazado de calquera xeito a estes durante as varias reunións que sostiveran, xustificándose en que carecía das facultades precisas como para ser un interlocutor dirixente por parte da súa agrupación sindical, polo que el nunca podería tomar a decisión de lanzar a todo o sindicato da comarca á folga. E se non tivo o protagonismo do que se lle acusa no conflito da

primavera do 36, moito menos aínda o tivera durante o do ano 1932; xa que aínda que asegura, desdicíndose do sostido en anteriores interrogatorios, que era certo que entrara a formar parte do Sindicato de Industrias Pesqueiras nese mesmo ano, non era menos certo que a súa incorporación ao mesmo foi xusto despois de que rematara a folga e de que a tranquilidade, relativa ao menos, voltara ao mundo do mar.

Tras ser inquerido sobre diferentes xeralidades acerca do seu presunto comportamento violento, o xuíz volve a levar o interrogatorio cara a un terreo moito máis preciso. Pedíndolle así a súa visión sobre feitos precisos narrados por algunhas das testemuñas que o acusaban abertamente. Neste sentido Secundino tampouco reconece terlle faltado en ningún momento ao respecto ao patrón do *Nuevo Ángela Castro*, nin tampouco terlle chamado, de xeito insultante, “fascista” a un fogoneiro desa mesma embarcación por ter sido previamente amoestado por el pola súa actitude co patrón. O pobre Secundino, azorado, está á defensiva diante do ronsel de acusacións que se lle van facendo, e dificilmente pode atopar a negativa precisa que desfaga todo o cúmulo de violentas actuacións que se lle fan na súa contra. Así tampouco reconece o grave feito que, cara ao anoitecer dun indeterminado día do mes de xullo, presuntamente acontecera no peirao de Marín no que, e por dúas ou tres ocasións, ameazase ao propio armador da embarcación na que traballaba coa revolucionaria cantinela de que “agora mandamos nós”.

Secundino case non ten máis ca un fio de voz cando ten que rexeitar tamén non terse nunca imposto violentamente ao resto dos seus compañeiros no barco, e menos aínda coa ameaza de dar parte ao seu sindicato ao chegar ao porto de Vigo, facendo que cumplisen as súas ordes baixo a ameaza de expulsión da central obreira, e que por iso non era certo que cando de volta cara Vigo o buque fondease nas inmediacións das illas Cíes, e a pesar das ordes expresas dadas polo armador -que seguiría neste punto a normativa decidida polas novas autoridades militares-, agardando ás primeiras luces da mañá para entrar no porto. Senón que máis ben fora que o patrón de pesca tras preguntarlle ao contremestre, un home de Santa Uxía de Ribeira aínda que vivía en Teis e a quen todos coñecían como *Paco*, pola cantidade de xeo que aínda quedaba nas neveiras, e decatado que só quedaba para un par de días, que fora este mesmo contramestre quen lle dixerá ao armador que como era moito o peixe que levaban a bordo, levaban xa 15 días de pesca, deberían regresar pronto ao porto, para evitar que o peixe se estragase. Foi nese momento cando o patrón de pesca chamou á radio costeira para comunicarse co armador para informarlle que estaban fondeados preto das Cíes, e informado este de que había tan pouco xeo, foi el mesmo que lle mandou que entrase a porto coas primeiras luces do mencer, cousa que prontamente fixeron sen que houbera ningún tipo de conflito a bordo, nin ningún tipo de problemas.

Nin un momento de descanso tivo Secundino para organizar unha mínima estratexia de defensa para facer fronte a unha nova acusación; esta vez para rexeitar que se estivera catro anos enrolado no bou *Pelayo* non o fora por ser metido con presións polo seu sindicato, senón que fora o propio patrón de pesca, de quen xa nin tan sequera podía recordar o nome, quen facilitara o seu em-

barque, e que en absoluto era certo o achegado polo seu antigo compañeiro de a bordo Álvarez Rodal; que el non fora en absoluto despedido do *Pelayo*, senón que el o fixera por propia vontade. Tal era así que cando o armador se desfixera posteriormente desa embarcación, el fora un dos poucos que foi chamado a formar parte do seu novo buque. Negou así que fora o sindicato quen o metera, senón que fora o patrón de pesca quen o chamara e que, polo tanto, nunca fora despedido, senón que marchara pola súa propia vontade.

Tras ser preguntado sobre o tempo que estivera traballando a bordo do *Félix Montenegro*, que Secundino asegurou que sobre un ano, o xuíz acabou de súpeto aquel longo interrogatorio que duraba xa varias horas. Tras deixarlle uns minutos ao secretario para que rematase de organizar as notas que estivera tomando durante a entrevista, procedeuse, como era pertinente nestes casos, á lectura das declaracións achegadas polo reo. Confirmada a correspondencia destas co anotado polo secretario, procedeuse á sinatura dos presentes na marxe inferior do texto para autenticar o documento.

Formalizado este trámite, o xuíz infórmalle a Secundino de que a causa do seu sumario vai seguir co seu cauce ordinario e que, polo tanto, concluirá por ser visto nun xuízo, polo que, segundo indicaba o artigo 194 da lei de enxuízamento da Mariña, era preciso que fose elixindo un avogado defensor para que velase polos seus intereses procesuais e organizase a defensa diante dun transo tan importante como o de verse as caras cun tribunal militar. O aburado reo, abatido, asegura non coñecer a ningún avogado militar; nin da Mariña nin do Exército, que era o que esixía a lei nestes casos, así que, seguindo as indicacións do propio xuíz, asina a solicitude oficial para que lle sexa asignado de oficio un avogado militar.

A causa xa está completamente organizada. Coa indicación dos últimos trámites realizados para a boa tramitación da mesma, o xuíz Crespo infórmalle neste sentido ao auditor principal da base do Ferrol, quen resposta de xeito inmediato dándolle o visto bo de todas as xestións realizadas até o momento polo maxistrado vigués, informándolle, a continuación, que complete as tarefas que quedan pendentes co fin de que canto antes a vista poda chegar a ser vista en xuízo; ademais na portada do papelorio que reenvía o auditor e que contén toda a información recollida nesta causa se lle impón unha numeración que vai a ser, a partir de agora o marcador do calvario que lle vai vir enriba a Secundino González Querol. A causa nº 113/36.

Para que non quedase nada sen axustar para o momento do xuízo, o día 23 de setembro, o auditor da base naval de Ferrol decide nomearlle un defensor de oficio para que avogue na causa de Secundino, decidíndose polo novo tenente de navío Luís Cebreiro Blanco. A decisión adoptada seguramente veu motivada pola súa disponibilidad física, xa que, segundo constaba na documentación coa que contaba o auditor, neses momentos, e dende facía só unhas cantas semanas, o citado tenente de navío exercía o cargo de segundo xefe na base naval de Ríos. Tras serlle comunicada a decisión oficial xorde un inconveniente, xa que con data 29 de setembro se recibe en Ferrol un oficio, no que o citado Luís Cebreiro manifesta a súa imposibilidade para desempeñar o cargo de avogado defensor, xa que, ademais de por outras circunstancias persoais -non era prato de bo gusto para un

oficial que apoiara patrioticamente o traidor “Movemento Salvador” ter que actuar na defensa dun perigoso marxista revolucionario, que era como presentaban a Secundino-, houbera un erro na documentación con que contaba o auditor, e nese momento xa non estaba cumprindo funcións na base viguesa, senón que acababa de ser encargado do mando da lancha fluvial *Cabo Fradera*, que exercía funcións de patrulleiro no treito final do río Miño dende a zona de Tui até a desembocadura; e asociado a este cargo tamén se lle adxudicara o da Axudantía Militar de Mariña da Guarda. Esta complicación fará que o auditor teña que deixar pendente a súa decisión de designar o avogado defensor para máis adiante; que non ía ser especialmente fácil xa que xurdirán diversos imprevistos para que ocupen o dito cargo algunhas das persoas designadas.

Con todo aínda quedaban pendentes unha serie de inquerimentos que non puideran levarse a cabo no seu momento. E así, á altura do 24 de setembro, pasa a declarar polas instalacións da Comandancia de Mariña viguesa o piloto Enrique Troncoso Pérez. Nos preliminares declara ser natural e veciño de Baiona, estar casado e ter cumpridos os 38 anos. Informa que ao citado Secundino González Querol se lle coñece polo alcume de *Cundino*, ou polo menos era así cando traballaron xuntos no *Nuevo Antonio Vieira*, que foi cando tivo algo de trato con el. Preguntado sobre que concepto posuía do procesado, o piloto, que o ten moi claro, non se corta o máis mínimo en recoñecer que ten del un concepto “pésimo, moi prexudicial para a sociedade polas súas avanzadas ideas extremistas de esquerda”. Facendo memoria recorda que, tras as eleccións lexislativas do pasado febreiro, que deran o triunfo á Fronte Popular, o tal *Cundino* presentárase a bordo do bou en concepto de “mariñeiro de quenda”, designado polo Sindicato de Industrias Pesqueiras, e que ao pouco tempo de embarcar xa estaba corrompendo ao persoal de a bordo, obrigándolle aos mariñeiros a que fixesen todo o que el quería. De tal xeito era así que, sobre o mes de xuño sería, cando os barcos foron, por orde do armador, a Marín para vender as capturas, diante do conflito que había nos peiraos da ría de Vigo, e unha vez que a operación de descarga do peixe se comezou a realizar, Querol abandonou o buque e púxose de inmediato en contacto telefónico coa sede do seu sindicato; e tan pronto como regresou a bordo prohibiulle aos seus compañeiros, cumprindo as consignas emitidas dende Vigo, a que continuasen coa venda dos lotes de peixe. Nin tan sequera a do que xa estaba separado na cuberta; o cal terminaría por estragarse xa que non permitira *Cundino* que foran de novo metidas nas neveiras do buque. Fracasada a descarga no porto de Marín, acordouse voltar cara ao peirao vigués, onde chegaron na mañanciña do día seguinte. Pero tan pronto como a parella de bous estaba atracando no espigón do peirao do Berbés, xa lle esperaba unha comisión do sindicato anarquista, avisada como non por *Cundino*, que prohibiu abrir as cámaras frigoríficas dos buques, nin tan sequera para renovar a carga de xeo, e para manter a conservación do peixe. A perversidade dos citados sindicalistas non acabou aquí, seguiu contando o piloto. Mentres, o secretario xudicial, con grandes dificultades conseguía manter o fío do relato cunha letra redonda coa correspondente claridade xudicial esixible. Para dificultar novamente a descarga do peixe informáronlle aos axentes da alfándega portuaria a maliciosa información de que no barco chegaba contrabando proceden-

te de Gran Bretaña. Os funcionarios da alfândega levaron a cabo unha minuciosa inspección nas adegas dos buques antes de permitir a descarga dos mesmos; obviamente a inspección foi negativa, xa que o sopro dado polos sindicalistas era totalmente falso e cheo de rabexa; o único que conseguiron con esta profunda revisión foi que se incrementase o volume de peixe estragado.

O interrogatorio desta nova testemuña tróuxolle ao xuíz novos e ben reforzados argumentos para apuntalar a súa acusación contra Secundino. Así o piloto puido proporcionar informacións moi precisas sobre o altercado protagonizado polo encausado a finais de xullo en alta mar con xentes do *Nuevo Ángela Castro*, ou sexa a parella do *Nuevo Antonio Vieira* onde traballaba Secundino. O citado caso acontecera cando estaban ambas embarcacións fondeadas preto das illas Cíes; o recordo que tiña do caso era tan vívido que mesmo podía dar a data precisa de cando sucedera: a noite do 26 ao 27 do pasado mes de xullo. Enrique Troncoso lembraba como esa noite o patrón do *Nueva Ángela Castro*, Marcelino Martínez, se vira na obriga de recriminar a voces a Querol -non esquezamos que estaban en barcos diferentes e separados por uns cantos metros- por terse inmiscuído en cuestións que en nada lle habían de importar. Chegando a trifulca sostida co patrón até o punto de que este chegou a ameazar a Secundino con que, se subía a bordo, o botaba ao mar. A situación fora bastante tensa e viñera precedida por unha forte discusión que mantivera Secundino co fogoneiro do buque que patroneaba Marcelino, o chamado *Chapela*, a quen aquel lle chamou, entre outras lindezas insultantes, “fascista” e “esquirol”; e todo porque este lle recriminara a súa falta manifesta de respecto aos patróns e o seu intento de amotinar aos compañeiros para que se negasen a secundar ás ordes do patrón de pesca; pois mesmo Secundino mandara apagar as lumes das caldeiras para que non poideran seguir faenando. Foi o referido fogoneiro quen, según a versión do declarante, con gran risco persoal, decidiu non só incumprir o mandado por Secundino, senón incluso avivalos para facer manifesta a súa oposición ao sindicalista, e fíxoo en varias ocasións amosando así defender os intereses do armador. Marcelino fai aquí unha pequena loa deste fogoneiro, xa que lembra que este maquinista xa actuara así en varias ocasións a favor dos intereses do patrón e en contra do parecer de Secundino, e iso que era famoso por ser un recoñecido sindicalista do mundo do mar; pero que a pesar dese “baldón”, a bordo sempre se comportaba coa debida corrección e velando polos intereses do empresario, non meténdose nunca en cuestións sociais.

Con esta nova declaración do piloto do *Nuevo Antonio Vieira*, que outorgaba moitos visos de verosimilitude á presunta actitude violenta e revolucionaria de Secundino, o xuíz viuse na obriga de recabar algunhas precisións do acusado, así que ao día seguinte, 25 de setembro, volveu acudir, a primeira hora da tarde, ao local do Frontón para coñecer por boca do acusado o que acontecera preto das Cíes naquela noite do xullo anterior.

Secundino diante das preguntas do xuíz reconece que sostivo unha forte bronca co patrón do *Nueva Ángela Castro*, de quen descoñecía o nome, pero que se o xuíz dicía que se chamaba Marcelino Martínez así sería. O que non reconece en absoluto é o ton da discusión que mencionara na súa declaración o piloto Enrique Troncoso. El reconece tamén ter discutido co *Chapela*, sendo o

motivo que tivera que lembrarlle que o fogoneiro, ao igual que o propio Secundino, estaban embarcados por quendas, polo que ao chegar a porto deberían ceder o posto a outro compañeiro en paro, para que rotasen as tripulacións e houbera así traballo para todos. Ademais de non ter recoñecido terlle chamado de xeito insultante epítetos da contundencia de “fascista” ou “esquirol”, xustificándose en que nin el nin ningún dos outros compañeiros do barco chegarían a tratar ao *Chapela* dun xeito tan agresivo xa que este era un tipo moi forte que podería facilmente respostarlle aos insultos coa violencia física, pois era dos que non se arredaban en absoluto á hora de darlle unha tunda a alguén.

Tomada oportuna nota das puntualizacións do acontecido en alta mar aquela crítica noite, e antes de dar por rematada a nova declaración, o xuíz pregúntalle por un novo nome que caira nas súas máns mediante as averiguacións doutros casos, e que parecía corresponder a un notorio sindicalista de Teis no mundo do mar, e que podería ser coñecido por Secundino. O citado mariñeiro era un tal Alejandro Melón; nome que ao preso non lle dí nada xa que, asegura, non o coñecía.

O día 6 de outubro correspóndelle declarar a Manuel Rey Miranda, quen recoñece ser natural de Pobra do Caramiñal, de 39 anos de idade, de estado civil casado e exercer profesionalmente como patrón de cabotaxe. En primeiro lugar pide desculpas ao xuíz por non terse presentado debidamente na data na que fora requirido, había xa varias semanas, pero saíra a mediados do mes de setembro embarcado a bordo do *Ángela Castro* cara aos mares de Portugal, polo que non se tivera enterado até a noite anterior, que foi cando por fin chegara a terra, de que tiña orde de presentarse diante da autoridade xudicial competente para declarar, cousa que fai dilixentemente nese momento. Recoñece coñecer ao acusado por ter traballado embarcado con el, así que pode contar detalles acerca da discusión que tivera este co tal *Chapela*; que acontecera en alta mar cando ambas embarcacións distaban apenas uns 20 metros de distancia, polo que puido oír con moita claridade o insulto de “fascista” feito polo detido ao *Chapela*; insulto que, polo que a el lle parecía, segundo os ideais de Querol, debería de ser a maior descalificación posible que lle podía facer; e que tamén lle chamara “esquirol”, sendo a orixe deste malestar entre ambos, e o motivo deste último exabrupto, o feito de que o fogoneiro *Chapela* tivera traballado durante un conflito laboral, iniciado no porto de Pasaxes e que propiciara unha folga, negándose este a secundalo paro obreiro. Conta tamén na súa declaración que o día 24 de agosto de 1936, cando ambas embarcacións estaban faenando nas inmediacións de Fisterra, o patrón de pesca Marcelino Martínez intentou dar un novo lance, opoñéndose a isto a tripulación tras ser instigada abertamente neste sentido por Secundino, quen manifestou un claro protagonismo rebelde. E preguntado en xeral sobre a opinión que lle merece o acusado, Manuel Rey asegura ter unha moi mala consideración do mesmo; considerándoo un “revoltoso exaltado”, que estaba sempre estorbando a bordo, causando prexuízos a todos, ou sexa, ao armador nos seus intereses económicos e á tripulación na súa tranquilidade. Que en todo momento a súa actitude “era propia dun tolo, que só se propuña facer dano sen que houbera no seu proceder a defensa razoable dun ideal”; e que ademais era un suxeito moi perigoso, sumamente prexudicial polos continuos disturbios que ocasionaba entre a tripulación, ignorando, porén,

se estaba ou non afiliado ao partido comunista. Tras terse despachado tan abertamente sobre a consideración que tiña sobre Secundino, a testemuña abandona a sala, certificando no xuíz a idea do gran risco social que entrañaría a posta en liberdade dun individuo como este; así que habería que dilixenciar todos os trámites para que se vise as caras coa lei, e que o peso desta caese con todo o rigor sobre tan perigoso individuo.

Mentres que en Vigo se úlimaban as últimas declaracións indagatorias para presentar un caso con peso, en Ferrol o auditor principal aínda tiña pendente solucionar o intranscendente detalle de encargarlle a alguén a defensa do acusado, en vista da imposibilidade de que a exercese o tenente de navío Luís Cebreiro como no seu momento se decidira. Así, o día 6 de outubro, o auditor decide designar para o cargo a outro oficial da Mariña; o tenente de navío destinado na base naval de Ríos, José Sáez de Cenzano y Ponce de León; séndolle comunicada a este a oficial designación o día 10 de outubro. Cando todo parecía solucionado e encetado para principiar unha pronta vista sumarial, xorde un novo contratempo. O 13 de outubro o auditor de Ferrol recibe un oficio urxente no que o novo avogado defensor solicita que se lle acepte a renuncia a desempeñar o dito cargo; e faino xustificando a existencia dunha gra-

recibí en esta { que el Sr. Auditor de Vigo, con el permiso
 de venir a mi de esta ciudad a los diecinueve
 al presentado los días del mes de Septiembre de mil
 a que se me ha ofrecido tres mil y seis. De un pa-
 defensor. } nció ante el Señor Sr. Auditor
 y de mi presente el Sr. Auditor el pro-
 cesado Secundino González Querol, de la
 "Bardun" y se le requirió para que
 un nombre de defensor para que
 lo represente en esta causa, y
 que designe a un oficial de mar
 quien de los Armeros o del Ejército, sea
 suficiente para no causar a un quie-
 ro, solicitando le sea un nombre
 de oficio; firmados con el Señor
 Sr. de que yo Sr. Auditor ni otro fero.

José M. Campa Secundino González Querol
 Antonio Ponce de León

Dilixencia oficial na que Secundino González Querol solicita a concesión dun defensor militar para que avogue na súa causa (Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantábrico).

ve imposibilidade, xa que de novo hai un erro da información consignada na base de Ferrol, e o citado José Sáez Cerezano non está exercendo as súas funcións de mando na base naval de Ríos, senón que está neses momentos destinado na Escola de Tiro Naval de Marín, o que por esas datas era coñecido como Polígono de Tiro Janer, co que a distancia existente e a variedade de funcións que tiña que desempeñar imposibilitaría que puidese exercer coa debida efectividade os labores defensores pertinentes. Solicitaba así que se lle eximise da defensa de Secundino, a quen se lle acusa a estas alturas e, de xeito oficial, como culpable dun delito de “sedición” a bordo do *Nuevo Antonio Vieira*. Este novo contratempo obrigou a ter que buscar con prontitude un novo candidato, confiando, tal vez, naquelo de que “á terceira tería que ir a vencida”. Así que, pola tardiña do 14 de outubro, o contrariado auditor volve a enviar unha nota de designación, no seu correspondente oficio; pero esta vez, cun carácter de especial urxencia en vista das varias semanas que xa se perderan, dirixido ao tamén tenente de navío Rafael Prats Fossi, o cal novamente volve a aparecer na información arquivada con que conta o auditor, como destinado na base naval de Ríos. Para rentabilizar a designación do novo candidato tamén se lle encarga a este oficial a defensa doutro encausado no mesmo ámbito administrativo da comandancia de Mariña viguesa: un tal González Melón.

Pero nin con esas. De novo un erro informativo e burocrático impide que a designación sexa efectiva. Ao día seguinte, 15 de outubro, unha urxente resposta do recentemente nomeado defensor volve a tirar pola borda todo o argallado até o momento polo teimudo auditor ferrolán. Resulta que o citado Prats Fossi non está efectivamente destinado na base naval de Ríos, como consta nos datos con que este conta, senón no Estado Maior da propia base naval de Ferrol, polo que o impedimento xeográfico e funcional deste oficial sería aínda moito maior que os dos dous encargados previamente. Debidamente informado o auditor das circunstancias reais deste oficial pode comprobar que, aínda que efectivamente está exercendo funcións na base de Ferrol, fora designado moi recentemente, tal era así que aínda non fora nin debidamente informado do cambio, para recalar de xeito inmediato na base naval de Ríos, polo que solucionado o conflito, se lle reafirma na obriga de que acepte o cargo de avogado defensor, xa que se considera que si que poderá exercelo debidamente. Diante da taxante orde recibida da autoridade competente, o tenente de navío Rafael Prats Fossi toma oficialmente posesión ante o auditor de Ferrol do cargo de avogado defensor de Secundino González Querol. Eran nese momento as 18 horas do día 20 de outubro de 1936; e practicamente estaba todo organizado para que a vista sumarial poidese ser levada a cabo tan pronto como se solucionasen os últimos formalismos.

A PREPARACIÓN DO XUÍZO:

O día 5 de novembro, o fiscal xefe da base naval de Ferrol, tenente coronel xuíz Jesús de Cora y Lira, tras ter en consideración todos os pormenores recibidos dende Vigo sobre as actuacións político-laborais de Secundino, emitiu un ditame no que consideraba que os feitos narrados polo xuíz instrutor parecían ser

realmente constitutivos dun delito de singular gravidade. Prestoulle un especial interese aos feitos referidos ao presunto chamamento que fixera Secundino en alta mar aos seus compañeiros para non traballar; así coma o de chegar a ameazar ao propio armador. O feito de que foran desenvolvidos os acontecementos no interior dun buque pesqueiro son os que farían que legalmente tivesen que quedar dentro do campo de actuación administrativa da xurisdición de Mariña, na que se viña xa tramitando.

Despois de dar o seu visto bo, viuse considerada plenamente competente para xulgar os ditos feitos e fíxoo en base ao Artigo nº 9 da Lei Orgánica dos tribunais de Mariña. Tras recibir o informe pertinente do fiscal, o auditor da base naval de Ferrol, con data do 11 de novembro, ditaminou que se podía continuar coa tramitación do proceso, e que este debía ser levado pola vía “sumarísima”, que era a que se viña empregando dun xeito xeral en vista das circunstancias nas que estaba inmerso o país e da pretendida gravidade dos sucesos mesmos. Dese xeito, o fiscal da base naval elevou un informe oficial no que facía un bo resumo dos motivos nos que se baseaba a acusación para encausar ao mariñeiro vigués, e no que concluía, como feitos delitivos probados, que Secundino González Querol estivera durante un tempo embarcado no bou *Nuevo Antonio Vieira*, e que era moi sintomático que este embarque non se fixera pola libre decisión do seu armador, senón que fora proposto, de xeito obrigatorio e baixo presións, polo Sindicato de Industrias Pesqueiras -que na súa ignorancia, ou pode que por capacidade simplificadora, o fiscal denominou “organización marxista”-. Tamén asegurou que o preso levara a cabo, durante o tempo que estivera enrolado na devandita embarcación, todo tipo de coaccións, sempre mediante o emprego da violencia; sendo de todas elas tal vez a máis grave a de chegar a prohibir que se levase a cabo a venda da carga. Así mesmo o fiscal, para mostrar a capacidade delictiva do encausado, non dúbidou en cualificalo de ser unha persoa “perigosísima” que, tras coñecer pola estación radiotelegráfica instalada a bordo do seu buque, de que “se tivera producido en España un movemento revolucionario marxista, dirixido polo titulado goberno de Madrid, e no propio tempo outro, de iniciación militar, en defensa da independencia da patria, e en apoio dos principios e institucións fundamentais da sociedade española”, impediu pola violencia “ que o *Nuevo Antonio Vieira* se dedicase ás faenas de pesca, oponéndose ás ordes da Autoridade Militar neste sentido, cooperando deste xeito coa folga xeral declarada polas organizacións marxistas como medio revolucionario e de ataque ao movemento de independencia nacional, dificultando o abastecemento da poboación e atentando contra a liberdade do traballo..”. Fíxerao así ao chegar co buque á entrada do porto de Vigo a finais de xullo do ano 1936, tras coñecer que o peirao, así como a cidade, estaban xa plenamente dominados polas forzas do exército nacional.

Neste punto do seu exordio, o fiscal puxo en relación estes feitos co que publicara nun bando a autodenominada Xunta de Defensa Nacional erixida polos militares rebeldes en Burgos, e que vira a luz o 28 de xullo de 1936. Tamén citou o bando publicado polas autoridades rebeldes da 8ª rexión militar o día 20 de xullo, e sinalou que todos aqueles feitos estaban catalogados como “delitos”, e considerados punibles segundo o artigo nº 128 do código penal da Mariña de Guerra.

Ademais se, como aseguraba o fiscal no seu escrito, estes feitos podían ser considerados como delito de rebelión, no caso de Secundino, e por ser o principal indutor, debían ter un agravante engadido ao ser considerado “autor, promovedor e xefe” da mesma. Por eses feitos, e a importancia dos mesmos, o acusador declarou verse na obriga de solicitar a pena de morte, considerando que tamén se lle podían aplicar os artigos nº 1, 22, 34, 44 e demais de xeral aplicación do Código penal da Mariña de Guerra.

Mentres seguía o seu curso a preparación do xuízo sumarísimo, xurdiron novos atrancos organizativos. Sen que quedase constancia documentada do sucedido, volveu a haber problemas coa defensa xurídica de Secundino. Daba a impresión de que, como era xa un caso perdido, ningúen quería se involucrar na súa causa. O certo foi que o avogado que xa lle fora designado, e que firmara a aceptación da defensa, o tenente de navío Ramón Prats Fossi, non sería o encargado de levala adiante. A única constancia que temos destes feitos é unha copia dun telegrama, datado o día 10 de novembro, no que se facía referencia á causa sumarial de Secundino, a número 113, e a tres máis que tamén se estaban a levar de xeito contemporáneo, as número 112, 114 e 121. Nesas outras estaban encausados Ramón Piñeiro Mayo e Ángel Sanmartín Arana, tripulantes do vapor *Tiflis*. No dito documento informábase oficialmente que quedaba nomeado defensor para todas elas o tenente de navío Ricardo Cañavete, que neses momentos estaba destacado na base naval de Ríos, en lugar do citado tenente de navío Prats Fossi, furtándose no devandito escrito as motivacións do cambio.

Nin con esas. Noutro telegrama, datado o día seguinte, 11 de novembro, o auditor xefe da base naval de Ferrol indicou que se lle solicitase ao xuíz decano de instrución de Vigo para que fose el quen designase un novo avogado, o cal debería ser un dos letrados civís de oficio dos que figuraban no Turno de defensa de pobres, e que debería ser quen ocupase o lugar do referido oficial Cañavete. A resposta do secretario do colexio de avogados local, Emilio Bermúdez, ao xulgado de instrución nº1 de Vigo, que foi a quen se lle fixo a encomenda, manifestou que conforme á orde de chegada da solicitude correspondíalle a defensa deses casos ao letrado local Isidoro Sáez y Sáenz Díez. Pero tampouco.

Un novo oficio con data do 14 de novembro de 1936 fixo unha corrección á decisión anterior e designou como defensor das causas número 112 e 113 ao letrado Juan Amoedo Seoane, mentres que as outras dúas quedaban baixo a defensa de Luís Díez y Díez; sendo o motivo deste último que o avogado civil inicial, Isidoro Sáez, fixera renuncia expresa, en base a un pretendido estado precario de saúde e ao feito de considerar que a decisión adoptada con respecto a el non era de obrigado cumprimento.

Esta vez parecía que o novo avogado defensor designado ía comezar a preparar a defensa efectiva. Así sabemos que o 17 de novembro Juan Amoedo Seoane se presentou ás 12,30 da mañá nas oficinas da Comandancia de Mariña para aceptar oficialmente o caso. Na entrevista que sostivo co xuíz instrutor viuse obrigado a xustificarse, xa que fora convocado para media hora antes, pero fóralle do todo imposible acudir a esa hora xa que, por un erro burocrático, a citación que o convocaba lle chegara só con media hora de antelación esa mesma mañá. O citado avogado non era un simple avogado máis que exercese de xei-

to habitual o turno de oficio e non estaba preparado para manter unha defensa como a que precisaba Secundino. Cunha longa traxectoria profesional nas súas costas e unha grande capacidade combativa (fora durante anos un activo puntal do agrarismo e militante notorio do movemento antiforalista), o redondelán Juan Amoedo Seoane era neses momentos o decano do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo, entidade corporativa que englobaba aos avogados vigueses dende a súa fundación no ano 1932. Tras aceptar a encomenda recibida, sen poñerlle ningún tipo de atrancos, decidiu comezar xa a actuar.

Moitas foran xa as semanas perdidas entre os problemas burocráticos de atopar quen defendera a Secundino. Este penaba día e noite no inmundo burato no que se convertera o Frontón vigués. Temía cada intre pola súa sorte. Polo mal agoiro que lle caera por riba. Dito e feito; home de acción así como de palabra, tras ter aceptado, non pasaron nin dez minutos até o momento en que, nun vehículo oficial, o avogado acompañou o xuíz e o seu secretario xudicial até as portas do establecemento carcerario do Frontón vigués. A encomenda que tiña o xuíz era a de notificarlle a designación de quen ía defender a Secundino, e a de facerlle lectura das conclusións acusatorias que redactara o fiscal. A presenza de Amoedo era, ademais de para cumprimentar legalmente a comunicación do fiscal, a de entrevistarse de xeito inmediato co seu defendido; a quen tiña, non só que informar de xeito directo da súa condición, senón tentar tamén compilar de primeira man as informacións pertinentes para poder organizar unha contundente defensa en toda regra. Todo iso ao tempo de transmitirle un chisco de confianza e esperanza da que, como era ben notorio, tan necesitado estaba o reo.

Poucos minutos despois Secundino foi debidamente informado. Amoedo, amosando ser activo e estar pronto a asumir o papel para o que fora recentemente designado, comezou a practicar a súa estratexia. Principiou en alegar a incompetencia da xurisdición militar pola que se estaba tramitando o caso e na que se baseaba o fiscal para solicitar tan contundente pena; xa que, alegaba, os feitos que se lle imputaban a Secundino non tiñan en absoluto carácter de delito militar; senón que foran actuacións que, como moito, habería que catalogar como de índole laboral. Aduciu, pois, que non existía ningún tipo de xurisdición especial na embarcación onde sucederan os actos. Como bo home de recursos que era, citou o decreto en vigor do 11 de maio de 1931.

Amoedo foi máis aló. Negou que os feitos acusatorios puidesen ser considerados delitos en virtude do bando de guerra publicado na Coruña o 20 de xullo, e reiterado con posterioridade nas máis importantes localidades do país, xa que, afirmou, o procesado non podía ter coñecemento do contido do mesmo, nin, seguramente, da propia declaración do estado de guerra; feito este xustificicado porque a esas alturas a embarcación onde prestaba os seus servizos o reo non tivera aínda tocado ningún porto, e tampouco o vapor tiña unha radio en condicións tales que puideran recoller con total exactitude os preceptos emanados no devandito bando. Polo que el sabía, o alcance das radios que se empregaban neses momentos a bordo dos bous era do máis “insignificante”. A súa experiencia dialéctica e profesional permitiulle seguir fiando de xeito continuado as partes dun longo discurso que pretendía refutar de inmediato a acusación do fiscal. Así, tras ter coñecemento resumido dos feitos, apuntou que polas confidencias

que lle viña de facer o seu defendido, o bou regresara do mar a principios de agosto, pode que entre os días 4 e 6, e non o 22 de xullo, que era a data que constaba na declaración realizada polo reo de xeito confuso o 9 de setembro. A determinación que manifestaba o avogado insufloulle a Secundino as primeiras pinguiñas de ilusión que debuxaron un minúsculo pero significativo brillo no seu ollo san, que permanecera apagado de tristura e temor por tantas semanas. Se o encargo que recibira Amoedo era o de defender ao reo, eso foi o que fixo con toda a vehemencia e contundencia posible, así que ía ser totalmente belixerante nese punto.

Tras botar unha rápida ollada á documentación sumarial que lle pasara o secretario xudicial, Amoedo comezou a solicitar informes, probas testificais e informacións adicionais e máis precisas; así, como se a súa dialéctica fose unha ben engrasada metralladora. Semella que a Secundino se lle abría a posibilidade dunha boa defensa. Esta non recoñeceu a comisión dos cargos cos que o fiscal acusaba ao preso, polo que propuxo con urxencia unha serie de contramedidas tendentes a desmontar as acusacións e probar a inocencia de Secundino. A claridade que manifestou nesta proposta e a rapidez con que as foi solicitando fixeron que o secretario tivese unha gran dificultade en tomar a debida nota das actuacións.

Solicitou Amoedo un oficio dirixido ao comandante militar de mariña de Vigo para que certificase con que data se fixera ao mar durante o mes de xullo a embarcación *Nuevo Antonio Vieira*, onde estivera enrolado Secundino; así como a data exacta do seu regreso. Reclamou, a continuación, que se tivese en conta a folla de antecedentes penais de Secundino, xa que nela quedaría claramente desbaratada unha das principais acusacións do fiscal que o relacionaba con feitos delictivos e violentos reiterados que o converterían nun gran perigo social. Ao longo dos anos non se podería probar ningunha participación en feitos semellantes, o que demostraría a falsidade desas acusacións. Para corroborar este punto, Amoedo pediu que se lle dirixise un oficio á comisaría de vixilancia da cidade para que informase sobre a existencia de posibles partes de lesións que puidese haber en contra do seu defendido, especialmente ao longo de 1936, cando, segundo o fiscal, debería de ter sido tan activa a súa actuación sindical. Requeriu, do mesmo xeito, información aos diversos xulgados municipais de Vigo e Bouzas sobre a existencia de algunha condena que poidese ter recaído sobre o seu defendido ao longo do citado ano.

Non se lle acabaron alí os recursos ao vello avogado, que aínda gardaba na recámara novas alternativas para argallar unha defensa sólida e ben diversificada. Solicitou a confección dun informe pericial realizado por un radio-telegrafista debidamente preparado, no que se lle comunicase a capacidade receptora do aparato de radio do *Nuevo Antonio Vieira*, e que incluíse referencias sobre a distancia na que podían ser recollidas as emisións dende terra. A seguinte petición viña asociada a anterior. Non foi nin máis nin menos que reclamarlle ao comandante militar de mariña de Vigo unha certificación na que se fixese constar a distancia existente dende o porto de Vigo até as augas de Irlanda, coñecidas vulgarmente como Gran Sol, que era onde estaba faenando a embarcación cando sucederan os feitos. Requeriu que se incluísen os nomes e apelidos das tripulacións do *Nuevo Antonio Vieira* e do *Nuevo Angela Castro*, por non recordalos

con exactitude o seu defendido, nin constar na súa totalidade na documentación da causa. Eran estes os que acompañaran ao procesado nas embarcacións nas que sucederan os autos, polo que as súas declaracións serían de especial interese para coñecer de primeira man os feitos. Do rol do buque quen lle interesaba dun xeito especial era un tal Raimundo, a quen Secundino coñecía a bordo como *Miquerica*, que era un mariñeiro da Pobra do Carmiñal, duns 30 anos, casado e que vivía en Bouzas. Tamén quería coñecer datos precisos, para poder contar co seu testemuño, dun tal Antonio Palín, un taberneiro veciño da rúa Real que frisaría os 35 anos, e o de Javier Ozores Pedrosa, natural de Freixeiro e morador do imponente pazo da Pastora.

Para poder clarificar algúns puntos, Amoedo pediu ter un careo con Casimiro Armada Barreiro, veciño do Calvario, e máis con Rogelio Andrade, un industrial residente en Vigo.

A sesión inicial de toma de contacto co seu defensor foi maratoniana xa que a comparecencia non remataría até preto das tres da tarde. Pero é que o vello raposo da avogacía, curtido xa en mil batallas legais, quería ter distribuída toda unha panoplia documental que servise para artellar unha boa defensa en profundidade para poder desmontar o principal da liña de ataque do fiscal.

Cando rematou a sesión realizada nas instalacións do Frontón, o xuíz volveu á sede da Comandancia de Mariña e botou unha profunda ollada ás peticións do avogado de Secundino. Tras resoplar reiteradamente ao contemplar o conxunto de peticións solicitadas polo avogado da defensa e calcular o traballo adicional que esto ía xenerar, o xuíz decidiu redactar unha providencia na que, diante da reclamación da defensa de que non estaban incluídos os feitos dos que se lle acusaba ao reo dentro da xurisdición militar, concluía que non podía aceptala. Segundo o seu punto de vista a normativa citada polo defensor correspondente a maio de 1931 quedaría automaticamente “derogada de xeito tácito por outras disposicións de datas posteriores, e moi recentes”, facendo así referencia ás normas incluídas nos bandos dos militares alzados en xullo, e sinalando en concreto o Decreto nº 69 do 31 de agosto de 1936, que fora publicado pola Xunta de Defensa Nacional de España no seu nº 15, e onde se falaba de pasar os casos da xurisdición ordinaria á xurisdición de Guerra ou Mariña, segundo o caso e as circunstancias asociadas. Tamén se baseou para a súa denegación no decreto nº 42 correspondente ao 24 de outubro último do alto tribunal de xustiza militar, que fora publicado o día 1 de novembro de 1936.

Tampouco quixo ter en conta na súa providencia o xuíz o alegado polo defensor en canto que o procesado non tivera coñecemento do bando de guerra que declaraba o estado de guerra no momento en que aconteceron os feitos que se lle imputaban, xa que, asegurou, “tratándose de tan distinguido letrado non debería descoñecer o principio de que a ignorancia das leis no excusa do seu cumprimento, e que dentro do concepto de lei hai que incluír tamén aos bandos que dictan as autoridades militares nos casos de grave alteración da orde pública”. Decidiuse, polo tanto, a non admitir a posible incompetencia xurisdiccional alegada, o cal debería informarse ao defensor o máis axiña posible para que presentase, se consideraba oportuno, a conseguinte protesta diante da autoridade competente. Non tardou nada xuíz en desbotar o principal da recusación que

viña de facer o bravo defensor e en redactar a súa providencia correspondente. Eran só as 16 horas dese mesmo día cando rematou de cumprimentala e onde fixo indicación de que o ministerio fiscal tiña feita expresa renuncia a practicar posteriores dilixencias sumariais, xa que consideraba que a base da acusación estaba completamente afirmada. Informou tamén nesa providencia da aceptación de diversas das peticións solicitadas pola defensa, como foron que se fixese o oportuno oficio dirixido ao comandante militar de Mariña na que se lle preguntase pola data na que se fixera ao mar o citado buque no que ía embarcado a mediados de xullo de 1936 Secundino, así como a data de regreso. Dábase por aceptado que se tivesen en conta na vista do caso os posibles antecedentes penais favorables do acusado e tamén a solicitude dun oficio á comisaría de vixilancia viguesa para que informase da existencia de posibles partes de lesións contra o acusado ao longo de 1936.

Entre todo ese cúmulo de papelorios que había que tramitar con urxencia por ter sido aceptadas como probas periciais da defensa -a dialéctica impetuosa do defensor puxo nun brete ao xuíz, que se viu case obrigado a aceptar aquelas que non cuestionaban a base da acusación senón que só tentaban buscar algún resquicio por onde disputar para salvarlle a vida ao reo- estaba un oficio dirixido aos xuíces municipais de Vigo e de Bouzas para obter informacións sobre se pesaba algunha condena pendente sobre Secundino acumulada nese ano 1936; e a solicitude dunha peritaxe profesional sobre o alcance real que presentaba o aparello de radio do *Nuevo Antonio Vieira* que permitise solventar o tema de se houbera comunicación, e polo tanto constancia, dos sucesos acontecidos en España en torno ao 18 de xullo do 36, con terra. Chegado este punto, e tras volver a ler a acta do solicitado polo avogado defensor, o xuíz constatou que aínda quedaban unha serie de xestións por tramitar. Por unha parte estaba a solicitude dunha certificación que confirmase a distancia existente entre o porto de Vigo e Irlanda, e logo a citación das diversas novas testemuñas propostas pola defensa. Pero non todas as novas peticións do avogado ían ser aceptadas: o pretendido careo solicitado entre o reo e Casimiro Armada Barreiro, un dos maiores soportes da base da acusación, foi rexeitada por considerar o xuíz que non achegaría nada novo ao caso, pois non se lle vía ningunha conexión directa ?.

O interese por rematar canto antes co cúmulo de novas actuacións que se lle ocorriran ao avogado nesa “absurda defensa” -o xuíz tiña claro que Secundino estaba xa condenado e ben condenado, xa que o seu delito era especialmente grave e a súa traxectoria sindical non ofrecía ningún xénero de dúbidas de que o paredón estáballe a agardar, como era pertinente- foi tal que se convocou a un perito radiotelegrafista para que presentase un informe ese mesmo día; sendo convocado este para as 19 horas desa tarde, nin sequera un par de horas despois, indicando que se pola inminencia de tempo non puidese concurrir nese prazo, que o fixese ao día seguinte ás 10 da mañá. Tamén ditaminou que media hora despois comparecesen as novas testemuñas solicitadas polo avogado defensor.

Non se cumpriron exactamente as ordes emanadas da vontade do xuíz, pero case. Ás 20 horas, o perito radiotelegrafista estaba xa sentado diante del para emitir o seu informe referido á radio do barco. Tratábase de Ramiro Gómez y Zarauz, un home preparado para emitir un informe axeitado, xa que profesio-

nalmente exercía de inspector da Compañía Hispano Radio Marítima. Este home, natural de Madrid pero residente dende había ben tempo en Vigo, no número 5 da rúa Paraguai, era, ademais, capitán da mariña mercante. A pesar da premura con que fora chamado para serlle solicitado o informe pericial, Ramiro tiña a información básica e os datos bastante claros. Diante da atenta mirada do xuíz e co único ruído de fondo da punta da pluma estilográfica do secretario xudicial rasgando a gran velocidade a superficie dos papeis, comunicou que viña de pasar pola rúa Tomás Alonso, en concreto polos baixos do número 363, que era onde estaba un local propiedade da compañía do *Nuevo Antonio Vieira*, e que comprobara que a radio da citada embarcación estaba depositada, como lle fora indicado de xeito oportuno, nese local e non no peirao do Berbés onde fondeara o buque. O seu informe foi rápido e profesional.

O aparello radioeléctrico era dos dunha soa lámpada inglesa, en concreto do tipo Marconi, e do modelo L 410, sendo un deses artiluxios que funcionan ao tempo como receptor e tamén como transmisor; aínda que estivese pensado máis para a recepción, polo que a transmisión dende eles era totalmente insignificante. En boas condicións metereolóxicas o seu alcance de telefonía case non superaba os 8 km. Explicou con profesional coñecemento de que isto era así xa que as radios destas embarcacións estaban pensadas para a comunicación entre os dous buques que conformaban a parella de pesca, e como estas actuaban de preto non era preciso un desenvolvemento maior nas unidades de radio. Explicou tamén que realmente non podía dar conta exacta ou detallada descripción do aparello e das súas características máis precisas, xa que este pertencía a un tipo especial de modelo pensado exclusivamente para o servizo nos pesqueiros e el non o tiña traballado de xeito habitual. Con todo, e vendo o tipo de compoñentes empregados na súa fabricación, calculou que, e con moi boas condicións xeográficas e atmosféricas, a recepción de informacións chegadas dende terra ben podería acadar unha distancia dunhas 40 millas náuticas. Todo iso, claro está, dependería, e moito, da potencia da estación emisora, do bo estado da batería de encendido, que por certo era só de 4 voltios, e da placa, que en concreto, informou de xeito docto, era de 120 voltios. Unha diminución da voltaxe da batería mermaría, e moito, o alcance da audición calculada.

Deuse así por rematada a intervención do experto nun día que fora bastante denso en traballo e frutífero en actuacións.

Informe pericial sobre o alcance efectivo da radio. O xuíz puido riscar da súa lista a primeira das probas que quedaran pendentes pola teimudez do avogado defensor; pero aínda así tiña que recoller varias máis e habería que poñerse canto antes para rematar axiña como os seus superiores esperaban, o que indicaría pola súa parte unha demostración de gran celo patriótico e profesional.

Ao día seguinte, día 18, foron chegando á Comandancia de Mariña gran parte dos documentos solicitados, co que se viu que a súa indicación de “máxima urxencia” na tramitación fora seguida dun xeito preciso. O inspector xefe da comisaría viguesa, Manuel Blanco, informou que nos seus arquivos non constaba ningún informe no que se sinalase que o citado Secundino González Querol tivese provocado a ninguén lesións, polo menos no referido ao ano 1936, que era o ano obxecto de petición documental. Tamén chegou o ditame procedente do

Xulgado número 2 de Vigo no que se documentaba igualmente que non se lle tramitara ningún tipo de xuízo por faltas a Secundino. Pouco despois descansaba tamén sobre a mesa do xuíz unha certificación redactada na habitación contigua: a certificación que fai o axudante da propia Comandancia de Mariña local, Ignacio Lestón Lojo, que establecía que a embarcación *Nuevo Antonio Vieira*, segundo constaba no folio 5.444 da 3ª lista de embarcacións, efectuara o seu despacho mensual regulamentario o 24 de xuño, facendo o seguinte o 1 de agosto. Fora tamén obtida información adicional ao respecto, e máis precisa, grazas ao interrogatorio de varios mariñeiros da súa parella o *Nuevo Ángela Castro*, Manuel García Piñeiro e Francisco Avendaño Curra, ámbolos dous mariñeiros de Moaña, que informaron que nunha das súas viaxes saíran para o Gran Sol o día 14 de xullo, regresando a porto dúas semanas despois, en concreto o 28 dese mesmo mes. Nun documento anexo, o citado axudante da Comandancia de Mariña contestou sobre a distancia existente entre o porto de Vigo e o Gran Sol; sendo estimada esta nunhas 456 millas náuticas. E logo tamén chegou oportunamente, como así fora solicitada, a lista completa da dotación embarcada no *Nuevo Antonio Vieira*, testemuñas dos sucesos vividos no barco polos que o fiscal esixía que lle fose arrebatada a vida a Secundino. A lista era a seguinte: Enrique Troncoso Pérez, de Baiona, o piloto; Eugenio Fernández Trigo, de Marín, o maquinista; Jesús A. Amoedo Soto, de Vigo, fogoneiro; Manuel Entenza Vilas, de Marín, tamén fogoneiro; José Carballo Otero, de Marín, tamén fogoneiro; e os mariñeiros, José Rodríguez Gómez, de Vigo; Eduardo Pérez de Sanxenxo; Benigno A. Gago, de Vigo; José Perez Piñeiro, da Pobra do Caramiñal; Manuel Blach Fernández, de Baiona; Francisco Gago Riveiro, de Vigo e, como non, o propio Secundino González Querol.

Prevido a acumulación de traballo, o xuíz e o seu secretario madrugaran moito para comezar co traballo. Tras despachar a recepción destes documentos sinalados, o xuíz tivo aínda tempo de cumprir os horarios do proxectado na véspera para recibir a declaración das testemuñas convocadas; estas, con meridiana puntualidade, agardaban na sala de espera ás 10,30 horas.

O primeiro en entrar foi Javier Ozores Pedrosa. Para esta actuación procesal estaba presente o avogado defensor, quen non en van confiaba, polas breves confidencias que obtivera de Secundino, en que a súa testemuña poidese beneficiar. Coa situación na que o reo se atopaba calquera punto de esperanza que poidese acadar sería todo un logro estratéxico. Ás preguntas de rigor feitas polo xuíz, o declarante informa que aínda que nacera en Santiago de Compostela vivía en Vigo na zona coñecida polo nome onde se erixe a casa familiar, a Pastora, e que exercía como profesional da avogacía. A instancias de Amoedo, recoñeceu que para el Secundino non era en absoluto un estraño, pois coñecía dende moi antigo a súa familia. Ozores asegurou non ter constancia de que o mariñeiro preso fose mala xente; el, en particular, nunca ouvira que tivese feito nada malo, pero tampouco podía entrar en máis precisións xa que a relación que tiña con el non era, nin con moito, tan íntima. O único que si podía dicir é que sabía que era dende moi novo mariñeiro e que, por motivacións obvias do seu prematuro enrolamento na vida do mar, non era o que podería denominarse unha persoa culta.

Tamén a declaración da seguinte testemuña solicitada pola defensa sería especialmente breve. Rogelio Andrade Becerra, natural de Santa Uxía de Ribeira aínda que, nesa época e dende había algún tempo, vivía nun chalé do lavado-reño barrio do Calvario coñecido como La Retizosa, exercía de industrial. Asegurou coñecer á familia de Secundino González Querol, e referiuse a ela como “boa xente”. Porén, el apenas tivera trato co acusado; tal é así que nin sequera sabe se podería recoñecelo se o tivese diante; e iso indicaba o nulo nivel de coñecemento que tiña da súa posible traxectoria vital. Poucos minutos despois a cadeira estaba ocupada por un novo individuo.

Antonio Costas Rocha aduciu ser natural de Vigo, con residencia na rúa Real nº 23, e de profesión mariñeiro. A preguntas do xuíz non dubidou en recoñer que tratara a Secundino e, ademais, bastante, xa que este traballara baixo as súas ordes, polo que ben recordaba, comportándose sempre “dun xeito correcto”, mantendo sempre o debido respecto esixible nunha embarcación e sempre, asegurou, cumprimentando de maneira obediente no traballo. Obrigado polas preguntas do avogado defensor a ser máis preciso nos detalles, Antonio asegurou que traballara con Secundino dous anos atrás; pero que tamén o fixera dun xeito mais recente. Sen chegar a poder precisar exactamente a orde en que foran os embarques, podía lembrar como compartiron mareas tanto no *Josefita* coma no *Baltasar*, e mesmo noutra embarcación de Cangas que nese momento, xustificándose polo tempo pasado e pola tensión nerviosa do momento, non podía lembrar. Pero, volveu a asegurar, o seu compañeiro Secundino sempre manifestara, en todos e cada un dos destinos, un comportamento moi bo, sen nada reprochable que poder botarlle en conta.

Non era moito o que conseguira o avogado Amoedo, pero polo menos tres persoas de impecable conduta puideran deixar constancia de que o tal Secundino, ou a súa familia ao menos, non semellaba ser o perigoso delincuente social que parecía querer presentar a acusación; senón que este era un home traballador e respectuoso, procedente dunha familia traballadora e moi querida que seguramente lle debeu ter transmitido valores de traballo e solidariedade e non de violencia e falta de respecto cos seus superiores. Polo demáis, vese na obriga de ter que aceptar, a regañadentes, a decisión do xuíz de rexeitar un careo entre o seu defendido e Casimiro Armada Barreiro. Pero, ao fin, non quería manter unha posición terca que poidese predispoñer ao xuíz instrutor na súa contra, cando este parecía bastante firme en obcecase nesa postura de negativa. Porén, Amoedo formulou unha protesta “respectuosa” pola non admisión da excepcionalidade da incompetencia xurisdiccional, confiando, aínda que non moito, en retirar o caso de Secundino da xurisdición militar.

Pero a pesar da contundencia e da actitude dinámica que parecía amosar o avogado, había algo que lle reconcomía e que lle facía dubidar de que se poidese chegar a facer unha defensa activa. A pesar de que lle fora encargada a representación do reo por parte das autoridades militares, no caso de que lle fose negada definitivamente a tramitación do caso pola vía civil, Amoedo tiña razoables dúbidas de que legalmente poidese seguir defendéndoo, xa que de continuar como procedemento sumarísimo poderían ser declaradas nulas todas as actuacións levadas a cabo por el, xa que como home experimentado nestas lides

xuidiciais, sabía que, segundo o artigo 357 da lei de enxuizamento militar, estaba disposto que "se prevendrá ao acusado para que nomee a un oficial que o defenda", e que de non facelo este "será a a autoridade militar competente quen lle nomeará oportunamente un oficial para que se faga caso da súa defensa".

Esa continxencia tamén fora pensada polas novas autoridades rebeldes, xa que no artigo 4º do Decreto nº 79 correspondente ao Boletín Oficial da Xunta Nacional de Defensa de Burgos, publicada o día 4 de setembro, se facía expresa indicación aos cargos de avogados defensores nos xuízos levados pola vía sumarísima, sinalando, de xeito claro, que estes deberían ser "xefes e oficiais dos distintos corpos da armada, en activo ou retirados". Así que, temendo continxencias posteriores que desbaratasen o armazón defensivo que estaba a argallar, o avogado Amoedo elaborou un escrito no que, de xeito claro, expuxo as súas dúbidas ao respecto da eficiencia legal da súa actuación se a causa seguise pola vía xurisdiccional militar. Neste escrito quixo deixar constancia, de xeito nido, que non pretendía rexeitar alegremente da súa obriga profesional, a cal aceptara de bo grao, mesmo que, como recoñecía, isto lle obrigase a facer continuos e molestos trámites a Ferrol coa intención de proceder a levar a cabo necesarias xestións. Pero, en vista de como se estaban a desenvolver os feitos, consideraba que non tardarían moito as autoridades competentes en decatarse da situación anormal da súa defensa e non se retrasaría moito a anulación de todas as actuacións que comezara a levar a cabo con tanta eficacia e premura.

Cando o xuíz instructor José María Crespo tivo diante o escrito do avogado Amoedo, non podía dar creto aos seus ollos. Un novo atranco, e por parte da defensa. Había que dar parte a Ferrol para que solucionase o tema. Non cabía máis solución; habería que solicitar o pertinente informe á superioridade. Ese mesmo día, 18 de novembro, á noite, enviou unha consulta telegráfica urxente dirixida ao auditor da base de Ferrol.

Mentres non chegaba unha resposta, as xestións iniciadas polo, nese momento aínda, defensor Amoedo, seguían a tramitarse. Ao día seguinte chegou unha nova comunicación que volveu dar un lixeiro raio de esperanza á causa de Secundino. O xuíz titular do xulgado nº 3, correspondente á xurisdición de Bouzas, Ramiro Pérez Sotelo, no correspondente escrito fixo mención de que nos seus arquivos non constaba a existencia de ningún tipo de causa aberta contra o acusado.

A pesar da urxencia coa que fora solicitada a resposta do auditor de Ferrol con respecto á situación legal da defensa de Secundino, aquela non chegaba, o cal facía preocuparse especialmente ao xuíz, xa que a celeridade na tramitación das causas que lle fora esixida polos seus superiores non podía ser cumprida; e de aí o seu nerviosísimo palpable diante da demora na resposta. Tal era a preocupación do xuíz Crespo que só esperou un par de días nunha actitude pasiva. Tan pronto como chegou ao seu despacho o día 21, ás nove horas, decidiuse a ditar unha providencia pola que se volveuse remitir a mesma petición de información ao auditor principal; pero esta vez, e confiando que por este conduto regulamentario houbera máis celeridade, facéndoo a través do Comandante Militar de Mariña, o seu inmediato superior. O feito de realizar así a xestión ocorréraseselle porque se decatara de que o citado auditor, home moi formal en cuestións burocráticas, xa estaba informado da situación, pero se negara a dita-

minar unha solución cando o propio avogado defensor, uns cantos días antes, e pola súa conta para así saír canto antes da dúbida, non tivera mellor idea que telefonalo directamente ao seu despacho para obter inmediata resposta do que habería que facer. O auditor, aínda que si que se puxera ao aparello, negárase a dar unha resposta por esa vía non regulamentaria.

O propio día 21 de novembro, tras recibir en conferencia telefónica comunicación formal directa por parte do propio comandante de Mariña de Vigo dos posibles riscos que para a pronta resolución do caso podería provocar a continuación dun letrado civil á fronte da defensa de Secundino González, o auditor decidiu que se retirase do caso a Amoedo e que se nomease, de xeito inmediato e inapelable, un letrado procedente do estamento militar. Así, ás cinco da tarde, quedou disposto que fose posto como avogado o tenente de navío Ricardo Cañavete López, que xa con anterioridade fora escollido, pero que por cuestións burocráticas non se puidera facer cargo do mesmo. Este oficial farase tamén coa defensa dos casos numerados como 112 e 131.

Para evitar novos retrasos, esixíuselle a este oficial que á primeira hora do día seguinte se presentase na comandancia para facerse cargo das actuacións de xeito inmediato. Ante unha orden tan categórica como esa o citado oficial foi puntual. Ás 9 horas do día 22 de novembro, Ricardo Cañavete López, co seu relucinte uniforme da Mariña, estaba xa debidamente cadrado diante da mesa, onde o xuíz Crespo lle daba unha nova pasada ao papelorio que representaba a instrución da causa de Secundino. Pasaba mecanicamente os pretextos que ían utilizarse para xogar coa nimia diferenza que podería haber entre a vida e a morte de este. Folla a folia. Crespo informoulle de inmediato sobre os detalles da súa función. Sobre todo, da premura de tempo que tiña e do moito que se espera del.

Tras a toma oficial de posesión da defensa se lle comunicou que tiña exactamente seis horas para botar unha ollada a toda aquela morea de documentos recolleitados até o momento e que eran a base do caso. O propio secretario xudicial, se había algunha dúbida, podería facilitarlle a súa resolución. Sempre dentro dese lapso de tempo, debería ter tamén redactado e presentado o escrito definitivo da defensa para facer fronte ás resolucións acusatorias que con anterioridade e contundencia fixera a fiscalía. Eran exactamente as 9,15 horas cando o defensor comezou a poñerse ao día co caso nas propias instalacións da comandancia. Non coñecía aínda a Secundino quen seguía ignorante dos cambios.

Diante dunha pequena mesa colocada fronte a fiestra que encaraba o inmediato porto do Berbés, Cañavete foi tomando notas ao tempo que lía de xeito veloz aquel cúmulo de documentos e despropósitos. Comezou a organizar o que pouco despois se converterá nun escrito formal de escasamente tres caras, apuntando conclusións que extraeu pola versión do secretario xudicial e non de primeira man. Nese momento, a causa sumarial, colocada nun cartafol de cartón atado cunha fina corda de bramante, está situada fronte a el, e chega a preto de 100 follas.

As manías do reloxo negro que reposaba sobre a mesa do escribinte ao seu carón van percorrendo o camiño dun xeito constante e, aparentemente, ao menos para Cañavete, con velocidade crecente. Nin os escasos coñecementos en xurisprudencia, nin a falta de familiaridade co caso, nin a escasez de tempo lle permitiron ser moi orixinal na estratexia defensiva a adoptar, así que decidiu ser

continuista coa postura principiada polo avogado Amoedo. Nunca de forma tan militante, claro. Así, cando xa o tempo concedido expiraba, no escrito de consideracións provisórias, redactado en puño e letra e dirixido ao Consello de guerra que terá que ver o caso do presunto delito de “sedición”, Cañavete comezou recoñecendo que o acusado era militante da CNT, dato claramente demostrado por diferentes testemuñas e pola propia declaración do reo; pero de xeito inmediato xustificouno sinalando que esta era unha medida laboral completamente normal e que non se podería considerar como unha decisión provista de connotacións políticas. Como reflexionou nun parágrafo: “todos sabemos que para traballar era necesario pertencer a sociedades marxistas”. Tras precisar este punto, Cañavete pasou a dar unha visión nidia das acusacións que facía a fiscalía, querendo colocar ao defendido como un mero “actuante” da central sindical, especialmente no referido ás reunións sostidas coa patronal -e na que todos os indicios sinalaban a presenza de Secundino-, e non, como pretendía a fiscalía, como un líder sindical con plena capacidade decisoria. No relativo ao que sucedera en alta mar, que era a base da acusación xa que os outros elementos simplemente poderían ser consideradas circunstancias agravantes, Cañavete tentou xustificar as actuacións desenvolvidas polo reo baixo un prisma diferente do do fiscal. Mesmo considerando que, en contra do que aquel suxería, Secundino no seu momento animara a entrada inmediata no porto vigués para evitar a perda do peixe recollido até o momento, pero que en ningún momento fixera nada para boicotear a continuación da marea. Insistiu en que non se podían confundir actuacións profesionais, que eran as que se lle debían achacar ao seu anónimo defendido, con actuacións políticas; e aínda que se considerasen pola fiscalía actuacións sindicais, estas foran sempre debidas á obediencia que lle tiña á directiva do sindicato. Segundo textualmente escribe Cañavete, cargando dun xeito deliberado e literariamente dramático as tintas para así descalificar o sindicato e librarlle dunha parte alícuota de culpa ao reo: “os obreiros afiliados convertíanse en verdadeiros escravos dos seus sindicatos”.

Adiantándose ao feito de que non se lle fixese moito caso ás bases nas que está argallando a súa defensa, o novel defensor non se corta en asegurar que de todos os xeitos, os sucesos que sinalaba a fiscalía, de terse producido, non chegaran a provocar ningunha consecuencia especialmente grave. Ademais, insistiu, a posible perigosidade do preso asegurada no escrito da acusación, quedara, ao seu parecer, posta completamente en dubida. Baseábase aquí no feito de que en ningunha ocasión até ese momento fora procesado pola xustiza nin fichado pola policía, e iso que, segundo algúns dos testemuños achegados, Secundino era un militante revolucionario dotado dun gran protagonismo a nivel local e especialmente violento na súa metodoloxía. Aproveitou tamén o avogado, nun momento do seu exordio, o informe pericial elaborado polo radiotelegrafista para negar a posible connivencia de Secundino cos directivos do seu sindicato dende España cando, a mediados de xullo, se atopaba pescando no Gran Sol. Tampouco esqueceu mencionar os bos informes que deran do reo algunhas das testemuñas inqueridas, o que, de ser certas as visións doutras, manifestarían unha evidente esquizofrenia activa. Segundo o xa apuntado polo seu predecesor nas lides defensivas, Cañavete pretendeu refutar unha das bases presentes nas conclusións

elaboradas polo fiscal, cando este identificaba a pretendida negativa de Secundino a seguir traballando, cualificada por este como “rebelión”, cun alzamento en armas contra a autoridade. Asegurou el, pensando estar cargado de lóxica, que esto último non se dera; de feito volveu a incidir no feito que a acusación non debería plantexarse como “rebelión”, senón como se fixera no inicio dos tramites sumariais: como un posible intento de “sedición”. Nese caso caería fóra da xurisdición militar na que estaba neses momentos sometida, xa que o delito de “sedición” estaba contemplado, e polo tanto era punible, pola lexislación da Mariña Mercante.

Chegado a ese punto Cañavete fai un pequeno alto. Mirou o reloxo e observou que aínda lle quedaba algo de tempo. Mentras relía o texto escrito, comezou a sentirse medianamente satisfeito co seu traballo. Tras concentrarse uns minutos pensando como redactar as frases finais, Ricardo Cañavete colleu a súa pluma estilográfica e redactou as conclusións finais da defensa. En vez de solicitar a libre absolución do seu defendido, pois sabía que cando a fiscalía trababa os seus dentes nunha presa nunca a soltaba, xa que sempre pretendía levar algo de proveito coas súas dentelladas, solicitou ao consello de guerra que ía ver o caso que se lle aplicase a Secundino a pena contemplada no artigo 16, parágrafo 2º, do capítulo 11 da lei penal de Mariña mercante referida aos actos de sedición contra a autoridade nun barco civil. Para rematar considerou que non estaría de máis solicitar ao tribunal unha resolución segundo un sentido recto da Xustiza. Isto último faino dirixíndose cunha certa familiaridade aos compoñentes do tribunal, no fondo militares como el e, tal vez, nalgún caso mesmo coñecidos.

Eran exactamente as 15,15 horas cando Cañavete asinou ao pé do documento para ratificar que o seu primeiro traballo como defensor rematara. Xusto no intre de expiración do prazo concedido. Despois de serlle presentado o texto ao xuíz de instrución, e tras unha rápida lectura que amosou estar satisfeito co traballo do tenente de navío, este fixo entrega del ao secretario para que preparase o seu envío inmediato aos seus superiores de Ferrol. Non pasara nin un cuarto de hora dende o momento en que fora asinado o documento da defensa cando este foi remitido ao vicealmirante xefe da base naval de Ferrol. Adxunto ao mesmo solicitábaselle que, de inmediato, organizase a celebración do consello de guerra e procedese a designar a composición do mesmo. Tamén se enviou, en sobre pechado, a totalidade da documentación recollida na instrución sumarial, que nese momento estaba composta por 99 folios numerados.

A abultada misiva recibíuse en Ferrol o día 24. O día 29 reenviouse de novo para Vigo con todos os parabéns, para que alí continuase a tramitación sumarial. Incluíase tamén unha anotación na que se establecía que quedase designado como vogal ponente da causa o letrado militarizado Miguel Cuervo Pita. Este era fillo dun famoso oficial ferrolán do exército que se asentara dende facía moitos anos en Vigo, Miguel Cuervo Núñez, que levara a cabo na comarca unha longa vida social e profesional, e que casara en 1908 con Josefa Pita Marquina, desempeñando ao longo dos anos importantes cargos militares e xurídicos, aínda que non tiña moi boa sona na cidade, ao estar involucrado na morte dun obreiro chamado José Lemos Fernández en maio de 1936 durante un grave conflito habido no mundo da construción.

Con esa mesma data, o auditor da base naval de Ferrol mandou nota ao xuíz instrutor de que a superioridade tivese a ben decidir que a causa sería vista o día 11 de decembro, e isto que a documentación da causa fora de novo recibida en Vigo o día 3 de decembro. Nunha providencia indicábase que sería o comandante militar o encargado de designar os membros do consello de guerra e do xefe que ten que presidilo. Como as ordes son sempre ordes e hai que cumprilas, deron comezo, de inmediato, os preparativos para levar a vista da causa a bo fin, xa que non había tempo que perder .

Entregóuselle ao axente de policía marítima que estaba de servizo a relación nominal e domicilios das testemuñas que tiñan que acudir ao pazo da xustiza de Vigo para declarar na vista do xuízo. Dirixíuselle un oficio especial ao axudante de Mariña de Baiona para que citase a Enrique Troncoso Pérez, piloto e capitán do *Nuevo Antonio Vieira*, e ao armador do buque para que informase do paradeiro do patrón do vapor *Ángela Castro*. A resposta deste último, Enrique Vieira Castro, chegou ao día seguinte: o patrón Manuel Rey Miranda foi un dos tripulantes que o 14 de outubro levaran os da escuadra vermella cando fora apresada a súa parella.

Ás 20 horas do día 4 de decembro o comandante de Mariña e xefe do sector marítimo militar de Silleiro a Corrubedo nomeou o presidente e os vogais do consello de guerra, indicando que se procedese a informar o detido, en presenza do seu avogado defensor, dos prazos e actuacións inmediatas. O día seguinte, informado previamente Cañavete, que estaba no polígono de tiro Janer de Marín, presentouse este ás 16 horas na comandancia, trasladándose entón con el o xuíz instrutor ao cárcere para informar ao reo o nome dos compoñentes do Consello de Guerra; sendo estes os seguintes:

Presidente: capitán de fragata Bernardo Pereira y Borrajo* .

Vogais: tenente de navío Mario Garcés López, Antonio Carrasco González, Luís Cebreiro Blanco, Rafael Prat y Fossi e o contador de navío Juan de Dios Casas y Ochoa. E como vogais suplentes os alférez de navío Agustín Rodríguez Carreño y Manzao e Manuel Guarch Rojano.

Ese mesmo tribunal sería o mesmo que tería que ver as causas 76/36 e 114/36

O XUÍZO:

Cunha puntualidade non moi corrente neste tipo de actuacións deu comezo o xuízo. A agulla grande do reloxio presente nun esquinall da Sala de Audiencias estaba colocada exactamente sobre as doce cando entrou na sala, precedida polo seu presidente, a xunta de oficiais que ía presidir aquel sainete tráxico. A puntualidade debeuse a que o crego do cárcere, o inefable padre Petronilo Nieto, fora bastante rápido cos seus latines da misa de Espírito Santo que debía iluminar o espírito e o entendemento daqueles xuristas accidentais. En menos de

* Militar este que chegaría a ser comandante de mariña de Xixón unha vez caída esta cidade en 1937 nas máns dos facciosos, exercendo o cargo até 1939, en que será relevado por Manuel Pita da Veiga. Non será este o seu único xuízo sumarial xa que participará noutros consellos de guerra, como por exemplo o levado a cabo o 7 de xullo de 1937 contra o mariñeiro de Tui José Manuel Álvarez Fernández.

media hora cumprira coa súa encomenda de tranquilizar as consciencias dos que ían levar ao paredón a un traballador do mar. Tras ocupar en orde xerárquica os seus lugares na gran mesa de castiñeiro que presidía a sala, e tras esperar a que o reo, acompañado do seu avogado, tomase asento baixo a mirada atenta de dous gardas de vista -co cometido de evitar tentacións de fuxida que ao reo nin chegaran a pasarlle pola cabeza-, comezou o proceso.

A pesar de que era unha causa aberta e moitos dos xuízos sumarísimos desenvolvidos até a data tamén o foran, poucos eran os que ocupaban lugar nas bancadas da sala. Un aceño de cabeza serviu para que, tras a presentación de rigor dos compoñentes do tribunal e dunha sumaria relación dos cargos que recaían sobre o acusado -lida polo letrado militarizado Miguel Cuervo Pita en quen o fiscal delegara esta función e quen fixo especial fincapé na gravidade dos feitos, especialmente no tocante ao sucedido a bordo do *Nuevo Antonio Vieira* que cualificou como auténtica “rebelión militar” ao terse imposto de xeito violento ao resto da tripulación e entrar en aberta oposición co decretado nos bandos militares- o defensor adiántase até preto da presidencia e da comezo a lectura do seu informe exculpatório; informe que viña a ser, en liñas xerais, e case que letra por letra, o enviado previamente ao consello, aquel que fora redactado días antes dun xeito apresurado nas instalacións da Comandancia de Mariña sen que case non se coñecese o caso.

O avogado insistiu en que a probada militancia do reo á central anarquista CNT non debería ser considerada como unha proba da súa pretendida perigosidade social, senón como unha obriga laboral que tivera que cumprir para poder embarcar. Se participara nalgúns dos encontros que houbera ao longo do mes de maio entre mariñeiros e a patronal do mar, fora, non como un dirixente, senón como un simple actuante, xa que varios dos seus compañeiros así llo solicitaran porque lles parecía que estaba preparado para poder levar a súa voz. Secundino non só tiña gran facilidade de expresión, senón que tamén sabía ler e escribir, cousa que non podían subscribir todos os seus compañeiros de traballo.

Ao longo do seu discurso o defensor quixo deixar constancia de que Secundino nunca fora un mariñeiro rebelde á hora de cumprir coas ordes dos diferentes patróns dos barcos onde estivera enrolado; e no caso preciso da acusación principal asegurou que a súa oposición a seguir pescando fora por considerar que a escaseza de xeo que quedaba nas bodegas podería botar a perder toda a pesca xa recollida, polo que a súa negativa non fora, en absoluto, un acto político, senón unha razoada reflexión laboral, pensando no ben dos intereses económicos tanto do armador, como deles mesmos. No relativo á pretendida e subversiva traxectoria política de Secundino como voceiro sindical destacado nas reunións mantidas meses atrás cos patróns, estas o sinalaran non, como afirmaba a fiscalía, como un directivo, senón como un simple actuante ou mandado. Ademais, como se podía intuír da propia declaración de Enrique Troncoso, foran outros sindicalistas ao chegar a terra quen impediran o desembarque do peixe, e niso non interviria en absoluto Secundino. Por todo o declarado previamente o avogado mantivo que o que puidese ter feito Secundino non debía ser considerado nunca como un acto de insubordinación. De feito que cando se chegara a porto este non actuara en contra desta descarga de peixe.

Segundo esas premisas, se non había delito, non podía ser xulgado, polo que o caso debería ser inmediatamente sobresido. Moitas das testemuñas presentadas na causa probaban, aseguraba o defensor, lonxe de toda dúbida, a Secundino como un bo traballador, alleo en absoluto a toda traxectoria subversiva; porque, ademais, se fose un individuo tan perigoso socialmente, como insistía na súa acusación o fiscal, como nunca fora procesado?, ou nin tan sequera sometido a un simple delito por faltas, como así sinalaban os oportunos oficios xudiciais recibidos.

Conforme ía avanzando no seu discurso, o avogado foi collendo ánimo, tal vez vislumbrando un pequeno asomo de esperanza tras a impasible mirada do tribunal que seguía a evolución da súa intervención. Elevando progresivamente a voz, e dirixindo a súa mirada directamente aos ollos dos membros do consello, facía aos poucos uns xiros mentres que sinalaba ao reo coas mans, o cal permanecía cabizbaixo aínda que algo esperanzado pola asombrosa dialéctica empregada polo seu defensor. O informe pericial do radiotelegrafista, apuntou, amosaba a imposibilidade de que puidese establecerse comunicación entre a embarcación onde estaba enrolado Secundino e os seus correligionarios en terra; ou mesmo recibir noticias certas dos acontecementos que sacudían a Galicia eses terribles días de xullo. Este lóxico descoñecemento sería un dos principais recursos nos que baseou a súa defensa, e que lle fixo suxerirle ao tribunal, para rematar o seu relatorio, unha sentenza absolutoria para o seu defendido. E así rematou cun lapidario: “Señores, a miña confianza na vosa rectitude, ilustración e independencia de xuízo é tan grande que vexo con absoluta tranquilidade, pendente do seu fallo, a honra da liberdade de ter digno de lástima, como inxustamente procesado, Secundino González Querol, dixen...”.

Coñecidas polo tribunal as posturas da acusación e da defensa só quedaba proceder a interrogar a algunhas das testemuñas que foran convocadas ao xuízo. Así, foron pasando pola cadeira persoas como Javier Ozores Pedrosa, Rogelio Andrade Becerra, Jesús Chapela Diego –o famoso fogoneiro do *Nuevo Ángel Castro* co cal Secundino tivera a súa famosa agarrada dialéctica- e Antonio Costas Rocha; todos eles a petición do avogado defensor, mantendo no principal o xa declarado nos seus interrogatorios previos.

Un vez coñecida a versión das testemuñas o presidente do tribunal indicoulle ao fiscal e ao defensor que fixesen oportuna lectura dos seus respectivos escritos a xeito de declaracións finais. Nelas, o letrado que representaba á fiscalía, ratificou punto por punto o sinalado na acusación inicial, xa que consideraba que todas as testemuñas achegadas non fixeran máis que ratificar a manifesta e grave culpabilidade do acusado, polo que considerou de xeito nidio que os feitos realizados polo reo eran constitutivos dun claro delito de Rebelión Militar, dado o disposto nos bandos de guerra emitidos tanto pola Xunta de Defensa de Burgos, do 28 de xullo, coma polo bando da 8ª rexión militar do 20 de xullo. Sendo, ademais, o reo responsable como “autor” e como “promovedor” e “xefe” da rebelión, pedindo polo tanto para el a pena de morte, aínda que sen chegar a solicitar responsabilidades civís subsidiarias.

No seu turno o avogado de Secundino decidiu cambiar de estratexia defensiva de manter a inocencia do seu cliente negando a presunta criminalización dos seus actos, e diante da petición de pena de morte solicitada polo fiscal, e

para tentar minimizar ao máximo a terrible demanda da acusación, que polo que se podía apreciar nos rostros e nos asentamentos que facían coas súas cabezas os membros do consello de guerra parecía que tiñan a súa aprobación, decidiu culpabilizar ao seu defendido, solicitando así que fose acusado de “sedición”, e non de “rebelión”. Segundo a súa opinión, e segundo o capítulo 2º do título E da lei penal da mariña mercante, que consideraba a que debía ser aplicada neste caso, o seu cliente debería ser castigado coa pena de prisión correccional no seu grao medio, ou coa de prisión maior no seu grao mínimo se se lle chegase a considerar algún tipo de agravante.

Tras rematar o alegato do defensor que era o último cartucho para defender a vida do seu cliente, tomou de novo a palabra o presidente do consello para preguntarlle ao reo se tiña algo que dicir. Secundino estaba pampo, sen palabras. Coa lingua seca do medo e a cabeza perlada de suor, cohibido diante daquel uniformado tribunal, e vendo todo o que estaba a ouvir da boca do fiscal pedindo a súa morte, ergueuse con dificultade, e apenas puido sacar pouco máis que un fiíño de voz, co que tentou negar, do xeito máis categórico posible a súa pretendida culpabilidade, e que el non tomara parte en absoluto dos feitos. Que a orixe daquelas graves acusacións procedían da malquerencia que lle tiña dende facía tempo Santiago Guisande Martínez, de quen consideraba que partira a denuncia, e tamén se debía á mala fe do armador Enrique Vieira Castro. Non puido dicir nada máis o acusado, xa que se derrubou sobre o seu banco.

Cumprimentado este último trámite, o presidente deu remate a sesión da vista, polo que fixo saír aos presentes neses momentos na sala, incluídos o fiscal e o avogado defensor de Secundino, quedando alí mesmo reunido en sesión secreta o consello para dictaminar o veredicto. Non sabemos o que alí se tratou, pero si sabemos que debía de haber bastante unanimidade entre todos os membros do tribunal, xa que poucos minutos despois se volvía a reanudar a sesión para dar lectura ao fallo decidido. En dous folios pasados a máquina de xeito mecánico e apresurado polo soldado que facía as funcións de secretario da sesión, a sentenza, nos seus habituais “resultandos”, sostíña que, contraviñendo o que dicían as probas periciais presentadas, nas embarcacións *Novo Antonio Vieira* e *Nuevo Ángela Castro* cando estaban faenando nos mares do Gran Sol chegaran a ter noticia dos sucesos armados acontecidos neses momentos en España provocados polo levantamento armado dos militares, e que fora á volta desa singlatura cando fondearan ambas embarcacións nas inmediacións das illas Cíes, en espera de que clarexase para poder entrar a porto, cando o acusado Secundino González Querol, actuando, non como un simple mariñeiro, senón como un activo delegado do seu sindicato revolucionario, coaccionara ao resto da tripulación dos barcos co fin de que non continuasen co seu traballo até recibir informacións precisas desde terra. Desobedecera, polo tanto, ás ordes que por radio e de xeito explícito dera o armador; considerando, ademais, que estes simples feitos eran constitutivos dun delito de rebelión militar, pero especialmente agravados no seu caso, xa que a falta de poder considerar a ningún outro membro da tripulación como actor principal, habería que achacarlle o concepto de “promovedor” e “autor”. Ademais, o tribunal apreciaba unha especial perversidade no acusado, a quen mesmo denominan como “auténtico delincuente de

Deberon de levantarse felices e contentos os membros do tribunal por terlle prestado un novo servizo ao seu Deus e a súa España, condenando a morte a un perigoso “roxo”, todo en base de ilexítimas e ilegais argucias xudiciais e amañando informes e testemuñas. Mentres se saudaban efusivamente e daban a man ao representante do fiscal con quen tanta proximidade tiñan, o reo, baixo a protección dos dous gardas que se sentaban ao seu carón, saía da sala con rumbo a un novo destiño. Agora que era xa un preso condeado en firme non ía ter que morar no Frontón, xa que este estaba reservado para os presos preventivos. Secundino debía esperar o momento do seu asasinato, ou da aleatoria sorte da conmutación da condena, nas instalacións do cárcere local; nunha cela situada a un par de ducias de metros de onde se tomara a decisión sobre a súa vida.

TRÁMITES FINAIS:

Rápido, rápido. O que ten que ser que sexa canto antes, non máis molestias, non máis obstáculos. A “xustiza” dos salvadores da patria ten que ser sempre pronta na aplicación e inflexible. Así que ese mesmo día, 11 de decembro, a causa e o acta do consello de guerra, coa súa lapidaria sentenza, foron enviados polo xuíz instructor a Ferrol, praza onde foi formalmente recibida o 16. O auditor López Francos, tras darlle un rápido e formal vistazo, ditaminou como “procedente” a condena a morte de Secundino á que chegara ao tribunal militar reunido en Vigo, ordeando que se dispuxese, de xeito urxente, o cumprimento da condena, e que se lle notificase canto antes ao reo da súa ratificación. Aínda así, esta non podería ser executada até que se cumprise outro paso, sempre de puro trámite pero de obrigado cumprimento, como era a notificación ao goberno rebelde radicado en Burgos. Esta xestión, como mandaban as ordenanzas, tiña que ser feita polo que nese momento era o máximo xefe da base naval de Ferrol, o contralmirante -e moi pronto vicealmirante- Luis de Castro Arizcun*.

Na misiva enviada polo xefe da base naval de Ferrol para informar da condena a morte de Secundino aparece unha flagrante equivocación, xa que fai referencia a que o reo “fixera un acto condeado polo bando de guerra do 20 de xullo ditado polo excelentísimo xeneral xefe da 8º rexión militar con sede na Coruña”. O bando citado, que é o que marca o pistoleitazo de saída da algarada militar en Galicia, non fora, en absoluto, asinado polo xeneral ao mando da citada rexión militar, que nese momento era Enrique Salcedo Molinuevo, senón que fora subscrito polo coronel de enxeñeiros Enrique Cánovas y la Cruz. Aquel fora detido por negarse a secundar o golpe traidor, ocupando ilegalmente o seu posto o citado coronel, ao ser o militar de maior graduación entre os rebeldes da praza de A Coruña. A negativa pagaráa o xeneral Salcedo coa vida poucos días despois.

* Personaxe este de fama sinistra, xa que se para os seus inimigos era o responsable de gran parte da represión que se fixera dentro do arsenal durante as primeiras semanas tras ter triunfado o golpe, e a quen denominaban peiorativamente “castrosaurio”, para os seus propios correligionarios era, polo menos, “un home de temperamento enérxico, raiano na dureza”.

Como este é un simple papeleo, envíaselle un telegrama onde se lle informa brevemente ao presidente da Xunta Nacional de Defensa de Burgos* do motivo da acusación e da indicación da pena que fora imposta. Pero dende Burgos, semellando querer ser puntillosos e legalistas nestes extremos, a pesar de que toda a súa legalidade se basease nunha gran ilegalidade, a Secretaría de Guerra, o día 21, solicitou o envío a maiores dunha sucinta pormenorización dos feitos da causa, para poder ditaminar con pleno coñecemento dos feitos se se ratificaba, ou non, a grave pena imposta polo tribunal sumarial vigués. Por iso, e para solucionar este imprevisto, ese mesmo día se remitiu dende Ferrol un novo telegrama no que se relacionaban os feitos que motivaran a dura condena (onde nin tan sequera o reo aparecía debidamente identificado, xa que se referían a el como Gonzalo Puerto Querol). Varios días despois, parece ser que con data do 28, pois seguramente deixaran pasar os días de Nadal para non empañar de sangue tan relixiosas e cristianísimas datas, chegou a resposta, tamén vía telegrama, dende a citada Secretaría de Guerra de Burgos. Nela dábanse por enteirados da pena imposta a Secundino e, seguramente por térselle informado por esas datas doutras penas enviadas dende a mesma base naval de Ferrol, precisábase tamén a confirmación da imposición da pena de morte para Jesús Rodríguez Portela, José Manuel Veiga Vázquez e Eulogio Estévez Rodríguez, conmutando á de inferior grao a un tal José Maquieira García. Curiosamente, e aínda que a data na que se informou de que podían tramitarse as execucións de condena aos referidos Jesús Rodríguez -que era un cabo de artillería de 23 anos, natural da vila pontevedresa de A Guarda-, José Manuel Veiga -mariñeiro de 24 anos, de Betanzos-, e Eulogio Estévez -mariñeiro da Armada de 22 anos, natural de Pontevedra- foi a do día 28 de decembro, nun exceso de celo os encargados da súa causa adiantáranse á resposta oficial de Burgos e decidiran fusilalos sen esperar o dito trámite. Foron, pois, asasinados diante dun muro do arsenal ferrolán o día 20 de decembro baixo a acusación de “proposición para a rebelión”.

A APLICACIÓN DA XUSTIZA:

Recibida a confirmación dende a Xunta Nacional de Defensa de que a pena imposta a Secundino estaba acorde cos cargos xulgados, e que a súa condena concordaba co que se consideraba xustiza polos militares traidores, o xefe da base naval de Ferrol, o citado almirante Luís de Castro, e con data do 29 de decembro, redactou un informe dirixido ao xuíz instructor do caso nº 113/36, José María Crespo y López de Monjardín. Nel, ademais de comunicarlle a resolución procedente de Burgos, encargoulle que establecese as medidas oportunas para que se levase a cabo o cumprimento da mesma do xeito máis inmediato posible. Debía ser o comandante de Mariña de Vigo e da súa comarca, Alejandro Molíns y Carreras, quen escollese a data e o lugar preciso para a aplicación.

Unha providencia posterior, xa do día 4 de xaneiro, rexistrada ás 9,30 h, indicou que viña de se recibir na Comandancia de Mariña viguesa de novo todo o procedemento incoado contra Secundino. Son xa 124 folios, xunto coa dispo-

* Nesos momentos exercía o citado cargo o xeneral Fidel Dávila Arrondo.

ción para que se designe o escenario de execución. De xeito inmediato o comandante de Mariña vigués dispuxo que esta fose canto antes. Ese mesmo día 4 o reo debía ser conducido por forzas da Garda Civil dende o cárcere de Vigo, onde estaba encerrado dende que fora xulgado e recibira unha condena en firme Secundino, até a base naval de Ríos. Quedou decidido que Secundino debía chegar de anoitecido a Teis, xa que tiña que entrar oficialmente en “capela” ás 23 horas, e sería onde, nunha habitación debidamente aillada, o preso esperaría a execución, que sería levada a cabo na mañanciña do día 5 de xaneiro; establecéndose que fose ás 7.30 horas, na explanada que había fronte os túneles da base naval. A esas horas a luz permitiríalle aos tiradores non errar no branco. Tamén quedou establecido que o seu avogado defensor, Ricardo Cañavete, fose chamado dende a base naval de Marín para que estivese presente durante os seus últimos momentos, como así mandaba a lei.

Para que non quedase ningún cabo sen atar tamén o comandante militar, Alejandro Molíns, designou como xefe da execución, e do piquete e contrapiquete que tiñan que participar na legalizada carnicería, ao alférez de navío, e nese momento comandante do remolcador da armada *Ferrolano*^{*}, chamado José Saavedra Patiño. Tamén decidiu que, mentres o reo estivese en “capela”, podería ser visitado pola súa familia, e que no caso de que desexase outorgar testamento se lle facilitaría a presenza dun notario. Para ter todo baixo control, enviouse un oficio ao alcalde de Teis, onde se situaba xeograficamente a base naval, para que se encargase a un sepultureiro a apertura da foxa que habería de conter o corpo do reo, e pídeselle que provea dun cadaleito a cargo das arcas do propio concello. Remítuselle outro ao xuíz municipal de Lavadores para que facilitase a debida autorización para a inhumación, e para que vaia cubrindo os datos necesarios para poder logo cumprimentar a acta de defunción.

Pasadas as 10 da noite, un par de membros da garda civil acudiron ao cárcere vigués coa debida autorización na man. Sombras na noite, húmida de seu polo tempo de invernía e polas negras previsións. Os caniños da morte afiaban no aire coitelos de loito mentres os dous axentes se achegaban á cela. Completamente ignorante do seu inminente fin, descansaba Secundino. As preguntas que balbuceou o temeroso rapaz non tiveron resposta, pero a intempestiva chegada dos gardas na súa procura, e o inexpresivo rostro que amosaban, delataba que o levaban camiño do paredón; non en van durante as semanas e meses anteriores, semellantes visitas eran aviso de que ían cumprirse terribles sentencias.

Debidamente aferrollado, o reo foi conducido até a porta do cárcere. Alí agardaba unha furgoneta policial co motor aceso; iniciando unha viaxe pola rúa Colón para logo enfilarse por García Barbón. O vehículo alonxouse do casco urbano, encarando o veciño, e vitalmente efémero, concello de Teis. A lenta agonía do reo, que comezara meses antes, aceleourouse de súpeto naquela terrible via-

^{*} Esta embarcación fora construída a finais da 1ª GM en Gran Bretaña, en concreto no ano 1918, e despois fora vendida como excedente de guerra a prezo de saldo á Mariña de Guerra Española. Como dato de interese, cómpre dicir que en 1926 o *Ferrolano* tivo como comandante a un alférez de navío moi novo que, co tempo, adquiriría unha gran sona na historia do Estado: Luís Carrero Blanco. A nave, a quen lle sorprendeu o mes de xullo de 1936 na base de Marín, non chegaría a ter unha longa vida, xa que afundiou en medio dunha treboada nas inmediacións de Melilla a mediados de 1938.

xe. Aínda que tentaba situarse espacialmente, dirixindo inquisitivamente a súa mirada polas fiestras do automóbil, pouco era o que podía ver naquela negra pantalla, pouco máis que o reflexo do seu anguriado rostro. Unha imaxe esvae-cida, devolta polos suxos cristais. Algunha que outra luz rapidamente saltaba á outra beira do vidro, sinalando a presenza dunha farola do alumeadado urbano.



Vista da entrada á Base naval de Ríos guar-necida por varios mariñeiros armados (Imaxe cedida pola Asociación de Veciños de Teis).

Eran case as once da noite cando, tras pasar polo portón da base, custodiada por dous mariñeiros armados de sendos mosquetóns, o automóbil parou na explanada próxima ao peirao. A empellóns foi sacado. Custáballe poñerse en pé, xa que as pernas tremelicaban sen xeito algún. Foi levado a unha estancia próxima, onde apenas tivo que agardar coa única compañía dos seus compañeiros de viaxe. Pronto se abriu a porta e entraron na estancia varios rostros coñecidos: o xuíz instrutor do caso coa súa inevitable sombra, o secretario da causa, e o avogado defensor. O secretario fixo lectura da comunicación na que se ratificaba a pena de morte e o inminente cumprimento da sentenza. Rematado o trámite burocrático, e como indicaba a lei, indicóuselle ao reo que tiña que asinar o documento. *Cundino*, aterrado, negouse de cheo; primeiro cun simple movemento da súa cabeza que mexía reiterativamente, e logo cun continuado “*non, non, non,*”. Mentres, inconscientemente, íase botando cara atrás, coma se imaxinase que, alonxándose daquel maldito papel, aínda podería fuxir da inexorable morte.

Para legalizar o proceso de lectura, e diante da negativa a asinar do reo, foron dúas testemuñas presentadas ao efecto as encargadas de poñer os seus nomes á marxe do documento: Amador Vega e José Picallo. Podía xa contabilizarse o tempo establecido de “capela” para prepararse para a morte.

A Secundino ofrecéronselle inmediatamente os auxilios espirituais dun crego para que puxese a ben a súa alma con Deus, ofertándosele tamén a posibilidade de chamar a un notario para que outorgase testamento. Se Secundino aceptaba a primeira oferta, para tentar reconformar o seu maltreito ánimo, rexeitaría en cambio o segundo, xa que para un pobre traballador como el non había nada que solucionar para repartir os seus inexistentes recursos pecuniarios. Levóuselle a unha pequena habitación inmediata. A espera non a fixo en solitario; xunto co seu avogado defensor tamén quedaron instalados na habitación un piquete de mariñeiros

e o alférez José Saavedra Patiño, quen horas despois sería o encargado de dar a orde de execución e comprobar se esta fora cumprida satisfactoriamente. O feito de que todos os trámites organizados en torno á execución se fosen levando a cabo dun xeito tan efectivo e profesional radicaba en que nada quedara solto á imprevisión. Non era esta a primeira vez que se escollíaa esta base naval para asasinar no nome dunha ilegal legalidade. O 26 de novembro do ano anterior tres mariñeiros xa foran asasinados en condicións moi semellantes*, polo que para esta nova ocasión as cousas ían estar moito mellor preparadas.

A noite foi longa, case infinita. Asintótica. Preñada de terrores e medos agochados, sentimentos agónicos e, de cando en cando, Secundino xa cría ouvir o alento canso da morte. O seu pensamento errabundo pasou do recordo da muller e das fillas, ás que deixaba na máis absoluta miseria e abandono, até o pensamento do preciso momento no que os seus ollos verían saír da bocacha dos fusís os chumbos do frío durmir eterno. Calculaba cun agónico sentimento se sufriría moito cando as balas penetrasen no seu corpo mol, escachando ósos e órganos. O crego tentou darlle conforto espiritual dun xeito bastante curioso, dándolle a entender que Secundino tiña que estar contento e agradecido pois ía reunirse co Creador. Díxolle ademais que coa súa morte purgaría os moitos males cometidos pola súa iniquidade revolucionaria anterior, atopando así a salvación da alma. O prezo a pagar, a propia vida, non era, pois, moito. Secundino choroso tentaba, de cando en vez, retomar o inicio dalgunha oración daquelas aprendidas na súa máis remota infancia e que, agochadas no fondo das primeiras lembranzas, dificilmente eran capaces de saír. Só ficaban completas algunhas frases, que atoraban en diversos puntos e dos que só podía saír coa axuda do crego e das súas mecánicas salmodias tantas veces repetidas e non sempre meditadas. Comezou a filtrarse a luz por tras do cristal da pequena fiestra que había xunto a porta. O día da morte estaba a amencer.



Foto na que en torno ao comandante da base, Manuel Moreu Figueroa, posa unha parte importante da guarnición de Ríos; foto realizada apenas un mes antes do golpe militar de xullo (Imaxe cedida pola Asociación de Veciños de Teis).

* Tal día foran “pasados polas armas” neste mesmo lugar os mariñeiros Andrés Coira Lorenzo, Santiago Mediano Flores e Francisco Serrano Martínez.

Ás 7.30 h, o omnipresente xuíz instructor, sempre acompañado polo seu secretario encargado de levantar acta do cumprimento da sentenza no mesmo lugar de execución, esperaba xunto aos portalóns de ferro que pechaban a boca dos túneles da base. Foran estes habilitados para a ocasión colocando diante deles uns grosos tablóns de madeira, postos en posición horizontal, para provocar a absorción dos impactos e evitar o risco dunha bala perdida, o dun rebote accidental. Parece ser que Secundino contou nos últimos momentos, e mentres era arrastrado do currunchu onde pasara a súa derradeira noite até o paredón, coa axuda espiritual do inefable Padre Nieto, un crego moi habitual en situacións parecidas; de feito exercía como asesor espiritual do cárcere vigués, co que o seu traballo era bastante continuo por esas datas.

O reo reconciliouse con Deus, levando a man ao corazón e os ollos ao ceo. Os minutos previos á morte son o tráiler das nosas vidas. Imaxes tépedas querían aquecer o frío que xa se apoderara do seu corpo, debuxándolle un lixeiro aceno de ledicia o momentáneo recordo da súa muller e as súas fillas. Pero a cor gris das escamas do peixe e o negro das noites pasadas na cadea tentaban abrírse paso dentro da súa cabeza. Coma se a súa lembranza fose máis forte que as propias vivencias alegres, que os sentimentos quentes, que todo. Fora un mariñeiro ousado, un home de acción, pero nese intre tremía coma un meniño asustado. O acedo sabor da bile conxelada subiulle á boca, e lambeu os beizos, procurando agua que aliviase aquel noxento gusto. Non o conseguiu. Despediuse do seu avogado defensor, e Secundino foi posto, tremilicante, diante dos tablóns fronte ao piquete executor, que co seu alférez á fronte esperaban o momento oportuno de cumprir co desagradable deber. Pechou os ollos, devagariño, mentres as derradeiras luces para el, as primeiras daquela mañá cuberta de calima que espertaba ao día, se coaron polas fendas das pestanas. Os calafríos repetíronse, nesa espera sen esperanza. A peor de todas. A poucos pasos del estaba o comandante médico Honorato Iglesias López, para certificar a morte.

Soaron todas as descargas á vez. Pode que unha se retrasase unhas décimas de segundo. Pero cumpriran a súa misión. O corpo aburatado caeu ao chan, soltando pequenos fíos de amorodos maduros, de sangue morta, perdida, acabada. Era só un vulto sen forma o que segundos antes fora un home, un mariñeiro, un pai, un ser humano. Secundino González Querol. Unha vez confirmada a defunción, o cadáver de Secundino foi introducido nun sinxelo cadaleito argallado cuns cantos tablazóns de piñeiro malamente desbastados. Alguén tinguíraos de negro, para ir máis acorde co seu contido. A caixa fora unha achega do concello de Teis, como facía de xeito habitual cos pobres de solemnidade e xentes sen recursos. Aínda que se pensara inicialmente en enterralo no cemiterio pertencente ao novo concello, no último momento decidiuse que non fose levado alí, na campa da inmediata igrexa do Salvador, senón que fose transportado até Pereiró, en Vigo, moito máis espazoso e que contaba xa a estas alturas con zona propia onde enterrar aos asasinados polos novos salvadores de patria.

O traslado fíxose nunha ambulancia pertencente ao hospital militar vigués. As esixencias da execución obrigaron a que non se cumprise a norma habitual nos casos de defunción, e que o corpo de Secundino fose soterrado aínda quente, sen agardar as legais 24 horas de rigor. Así, a súa inhumación, na sepultura nº

58 da zona 14 do cemiterio, foi ás 11 horas desa mesma mañá. Non pasaran nin tan sequera catro horas dende a execución. Previamente foran realizadas as preceptivas pregarias de ritual polo capelán administrador do cemiterio, estando alí presentes, de novo, tanto o xuíz instructor como o seu secretario.

Ao día seguinte a prensa local viguesa case non deu conta do asasinato de Secundino González Querol na base de Ríos. A nova ocupa só un pequeno espazo onde se dá conta da execución da condena indicando que o reo recibira os auxilios relixiosos para confortarse espiritualmente. En folla aparte, e tamén nun pequeno recadro, o gobernador militar da praza, Felipe Sánchez, informaba do cumprimento ese mesmo día 5 de xaneiro de dúas condenas a morte máis. Tratabase, neste caso, da execución de dous famosos funcionarios públicos afeitos ao novo réxime: o encargado provincial de prisións Fernando Lago Búa, e o médico das prisións de Vigo Francisco Bustelo Bustelo, executados por un suposto delito de coacción económica a varios presos. Relizáranse nas tapias do castelo do Castro varias horas despois de que Secundino morrera.



Vista do interior da base naval de Ríos, en concreto da zona próxima á entrada dos tuneis, xunto ós que foi executado Secundino González Querol (Imaxe cedida pola Asociación de Veciños de Teis)

Outras eran as informacións coas que podían almorzar os vigueses nese festivo día. O día anterior, debido a que eran as vésperas de Reis, os comercios de xuguetes permaneceran abertos até as 11 da noite, para que os pais fixeran as últimas compras coas que haberían de levar a ledicia aos seus nenos e nenas. Tamén, dacordo cos tempos que se vivían, quedaron completamente esgotadas as existencias de fusís de madeira, tambores e outros adminículos semellantes da panoplia militar, que os rapaces reclamaban para emular aos seus maiores que se mataban nos campos de batalla. Entreverados con estes tipos de novas

lúdicas incluíanse na prensa informes da evolución da guerra; reportaxes que falaban dos triunfos desenvolvidos na Fronte de Madrid polas, autotituladas, forzas nacionais. Tamén se recollían en lugar destacado os discursos patrióticos radiodifundidos polo terrible xeneral Queipo de Llano dende o seu feudo sevillano, ou se facían referencias á celebración de diversos fastos patrióticos levados a cabo na cidade para reafirmar os principios “nacionais”. Por exemplo, a marabillosa festa lírica desenvolvida no serán do día 5 no cine Tamberlick -organizado polo “requeté” local- que tivera como colofón o discurso de Federico García Sanchiz. Este, tras desenvolver o tema da “Custodia Perdida e rescatada” e, tras falar da Eucaristía e da instauración da festa relixiosa do Corpus Chisti, tratara a forte vinculación desta festa relixiosa coa cidade de Toledo onde se gardaba a máis impresionante custodia realizada por máns de orfebres, e, nunha gran pirueta dialéctica, pasara a gloriar o levantamento armado de xullo do 36 e a magnificar a xesta heroica dos defensores do Alcázar toledano.

Tamén quedou salpimentada a prensa local con diversas requisitorias xudiciais animando á presentación de “sospeitosos de rebelión”. Así, o comandante Francisco Arriaga Seoane, que exercía de xuíz instrutor, reclamaba a inmediata presentación de Benigno Puche Castro, o *Puche*, un veciño do lugar de Angorén, en Chapela. Luis de Vicente Sasiáin, tamén exercendo de xuíz instrutor, reclama a presenza dun tal José, do que non sabe nada máis, e de Eduardo Araujo ou de Manuel González Fresco; dándose o cruel paradoxo de que este último xa fora abatido semana e pico antes nos montes da serra do Galleiro por unha partida parapolicial.


Había sitio tamén na prensa local para chamamentos patrióticos como aquel que ampulosamente dicía: “A insignia nacional prendida no peito significa orgullo de ser español. Quen non a leva non é digno de estar con nós”; ou aquela outra que chamaba ao apoio económico a causa nacional; ou tamén aquela que recomendaba que: “o destello do ouro sobre o teu corpo é testemuño vivo do teu covarde e morno patriotismo. Entrega todo o teu ouro na Xunta e comezarás a ser patriota”. Chamamentos dirixidos a apoiar a causa da “Cruzada”; causa que defendía valores morais tan transcendentales e cristiáns, como o que se apuntaba naquel epígrafe publicado nese mesmo día acerca das obrigas morais dos camisas azuis: “A camisa azul non pobrará o burdel, nin pisará as tabernas. A cantos sufran tentacións viciosas, sírvalles o azul de impedimento. A camisa azul non debe ser nunca testemuña da súa caída. Está calada, pero fala e avergoña á carne, co grito forte do seu azul ...”.

Tamén a prensa anima aos veciños da comarca a disfrutar do día de lecer, e para o cal propón acudir aos cinematógrafos da cidade. Neses días os títulos son de especial interese. O cinema Tamberlick ofrecía un programa dobre variado, co drama *Wu-Li-Chang* protagonizado por Ernesto Vilches, e a comedia *Noites de Duendes*, protagonizada pola parella cómica do momento composta por Stan Laurel e Oliver Hardy. O García Barbón, nas habituais sesións de 3½ 5½ 7½ e 10¼ ofertaba o gran estreno *En pos da aventura*, comedia sentimental protagonizada polo galán Dick Powell, e o Rosalía Castro contraatacaba cun estreo cun reparto de luxo encabezado pola pequena estrela do momento Shirley Temple; neste caso *A simpática orfiña*, de garantido éxito.

No certificado de defunción de Secundino que o xuíz instrutor solicita ao xulgado municipal de Lavadores, para cumprimentar o papelorio da causa que permita o seu definitivo peche, o xuíz municipal dese concello, Luís Bernárdez Domínguez, indica que o asento correspondente ao pasamento de Secundino González Querol quedara rexistrado no folio numerado como 203, pertencente ao tomo 78. Sinalábase tamén que fora inscrita a correspondente defunción ás 9 horas do día 5 polo secretario municipal José Linares de Leirós, e os datos complementarios da folla referidos a Secundino falaban de que no momento do pasamento tiña 29 anos, que era natural de Coia, que deixaba viúva e tres fillas, e que fora “pasado polas armas” ás 8 horas dese mesmo día. Indicábase así mesmo que non chegara a outorgar testamento, e que os testigos da defunción foran os veciños de Pardavila Manuel Yáñez Abal e Eduardo González Fernández.

Tan pronto como foi cumprimentada a certificación oficial da execución, morte e inhumación de Secundino González Querol, deuse por finalizado o sumario xudicial, quedando definitivamente pechado, tralo cal se procede a facer comunicación oficial do peche do mesmo comunicándose á base naval de Ferrol, en concreto ao xefe do Departamento como máxima autoridade da rexión marítima; chegando a comunicación oficial o día 7 de xaneiro. O retraso dun día debeuse a que o día 6 de xaneiro era festivo. Só quedaba enviar materialmente todo o papelorio que conformou a causa e o proceso de tramitación sumarial, en total 124 folios aos que había que sumar unha serie de telegramas e un conxunto de pequenos papeis que foran incorporados á mesma e que non mereceran a importancia suficiente como para ser oficialmente numerados. Unha vez recibido o paquete que contiña a causa, esta foi debidamente colocada para o seu pertinente arquivado nos andeis metálicos do Arquivo da base naval de Ferrol. Aquí durmirían nun ángulo, acumulando po e vendo como a cor dos seus papeis ía amarelleando, mentres esvaecía a tinta e o recordo que narra a aquel drama vital cheo de tanta inxustiza.

O tempo, como dicíamos, seguiu pasando inmisericorde, e o cartafol que contiña aquel sumario foi sendo esquecido mentres o tempo e a fauna do húmido arquivo comezaron a redondear esquinas de folios e a facer buratos entre algunhas letras. Isto



Dilixencia sumarial na que se dá conta dos pormenores do cumprimento de sentencia contra Secundino González Querol (Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantábrico).

non parece importar, xa que ninguén se preocupaba polo alí narrado. Parecía que Secundino González Querol quedara totalmente esquecido, salvo para a súa viuva e fillas. Elas choraban en silencio a súa dor, carcomidas polo rancor da inxustiza que levara ao paredón ao home e pai, a cal non poden pregoar tras o triunfo da cruel ditadura presidida por un xeneral ferrolán.

EPÍLOGO:

Un capricho do destino. Decorreron os anos, caeron tantos outros e, un día, alguén volveu coller o groso expediente sumarial de Secundino que durmía esquecido nun recuncho do arquivo da Mariña de O Ferrol. Ao quitalo do andel onde esmorecía, parte da capa de po que acumulara co triste e monótono cambiar de datas, pousouse sobre a man do intruso, que ousaba collelo e desatar de novo aqueles nós que pecharan, con dobre lazo, o recordo aínda aboiante de Secundino González Querol. A intromisión fíxose para seguir ampliando o papelorio acumulado no interior. Chegara xa o ano 1979. O lonxevo ditador morrera tres anos e pico atrás e parecía que, pouco a pouco, o sanguento estado político que aquel propiciara estaba a ficar completamente sobrepasado. Ese 23 de febreiro, Milagros Fernández Cordeiro, a viúva de Secundino, a quen o axóuxere do sorriso quebrara para sempre aquela mañá ceda dun 5 de xaneiro e nunca máis conseguira arranxar, viña de facer unha petición ao arquivo do Departamento Marítimo do Noroeste; nela solicitaba que se lle fixese un informe oficial sobre as circunstancias da morte do seu esposo. Non é que ela sufrise un agudo proceso de amnesia e que a esas alturas descoñecese o dramático fin que o seu home sufrira. Debíase, senón, a que os novos aires políticos, co fin de superar o dramático recordo da guerra, ían permitir que os familiares das vítimas da represión franquista poidesen recibir unha pensión, que chegaba con máis de corenta anos de retraso. A presentación dun informe oficial sobre as circunstancias do pasamento eran imprescindibles para poder acollerse a ela.

Milagros nacera o 1 de xaneiro de 1908, casara moi nova con Secundino, pero tivera moito tempo para chorar bágoas de sangue ao saber da detención do seu marido, do seu infortunio no cárcere vigués, e do seu posterior asasinato -despois dunha pantomima xudicial ilegal e ilexítima-. O seu estado voltárase de gran necesidade económica, con farrapos de auténtica penuria ás vegadas, ao ter que facerse cargo ela sóa de tres nenas aínda moi pequenas. A iso todo sumárase o estigma engadido de ser a muller dun “*roxoxo*”. Milagros fora amurchando co paso dos anos, e silenciando en negras vestiduras o seu triste penar.

As cousas cambiaran. O estado español comezaba a vivir o nacemento do que quería ser un réxime democrático. Falábase en voz alta de perdón e de esquecemento de tanto odio e dor. Téntase, ademais, reparar, polo menos simbolicamente, algo do moito sufrimento causado. Así que, en base ao Real Decreto Lei nº 35/78, e do Real Decreto nº 2926/78, a viúva de Secundino solicitoulle ao capitán xeral da Zona Marítima do Cantábrico, que era a máxima autoridade dese Departamento de Mariña e, por ende, do arquivo, circunstancias do falecemento do seu esposo. O almirante José María de la Guarda y Oya -un dos moi-

tos militares de alta gradación de clara traxectoria profranquista que herdara a nacente democracia, causaría moitos disgustos aos primeiros gobernos centristas que tentaban reinstaurar a democracia en España * - sería o encargado de atender a petición de Milagros.

A resposta que se lle fixo dende o arquivo ferrolán a Milagros estaría redactada polo seu arquivista oficial, Manuel Aneiros Saavedra. Indicóuselle nela que a causa instruída contra Secundino fora pola acusación de “sedición”, e sinalóuselle que a causa fora instruída no Ferrol, o cal non era do todo certo xa que, aínda que lle correspondía esta xurisdición, todo o proceso fora levado a cabo, como xa vimos, en Vigo. Por certo, neses momentos aínda quedaban reminiscencias do pasado político inmediato, e na referencia que se fai da cidade departamental empregouse o topónimo de El Ferrol del Caudillo.

A tramitación dos informes para conseguir a devandita pensión por parte de Milagros Fernández Cordeiro seguiu adiante, xerando máis documentos burocráticos que case fan estoupar o espesor da carpeta sumarial de Secundino. E así, un mes despois da solicitude inicial, en concreto o 20 de marzo, o fiscal José R. Rodríguez Areal, informou de que, visto o artigo 1ª, apartado 2ª, do Real Decreto-Lei nº 10/76 do 30 de xullo do referido ano sobre a “amnistía” aplicada en España, procedía facer aplicación da “Gracia de amnistía” a favor do reo Secundino González Querol, condenado pola causa sumarial nº 113/36 á pena de morte, e executado o día 5 de xaneiro de 1937 como autor dun delito de “Rebelión Militar”.

Pasou case un mes, até o 25 de abril, antes de que se lle notificase á viuva dos beneficios da amnistía aplicada ao seu defunto esposo. Amnistía que, de xeito oficial, fora xa decretada con data do día 5 de abril de 1979.

Realizadas todas as formalidades precisas, non ficaba nada máis por facer; así que, con data de 25 de maio de 1979, déronse por finalizadas as actuacións, pechándose, de xeito definitivo, o sumario. Os cordeis do cartafol sumarial foron de novo atados, con dobre nó e lazo, convenientemente apretados para evitar a perda fortuíta de calquera documento do seu interior, e o informe foi colocado nun andel do arquivo para seguir acumulando novas capas de po e anos.

Tampouco esta vez o descanso do sumario foi definitivo. O seu sono sería tamén interrompido tres décadas despois. O clamor popular crecente na loita por dun digno recordo dos reprimidos polo franquismo, e da anulación das condenas provocadas polo seu ilegal réxime, provoca a reivindicación do que se coñeceu como a Memoria Histórica. Novos estudos, investigacións en arquivos que por fin se abrían aos estudiosos, congresos, coloquios, exhumacións de cadáveres en foxas clandestinas, recopilación de testemuñas presenciais comezaron a cuantificar en todo o estado, e cunha maior exactitude, o grao real de terror imposto pola ditadura franquista, e a espallar o recordo do sacrificio de todos aqueles que loitaran e morreran pola defensa dos valores da liberdade. Nese contexto a Asociación Veciñal de Teis levou a cabo diferentes actuacións de lembranza da memoria dos perdedores da

* Con todo o citado almirante non duraría moito máis no seu cargo. Un suceso acontecido en novembro do ano 1980, que rematou coa fuxida do peirao do arsenal ferrolán do buque ecoloxista “Rainbow Warrior” - detido por mor da súa oposición activa á caza de baleas- foi o detonante para o seu cese inmediato polo goberno presidido por Adolfo Suárez o 14 de novembro, que aproveitou esa circunstancia de resonancia internacional para quitarse de en medio a un militar dunha traxectoria política tan perigosa.

guerra civil, e dun xeito especial dos veciños desa parroquia ou dos que nese lugar perderan a vida. Foi así como, a finais do verán de 2008, foi de novo espertado o drama de Secundino González Querol.

A relectura e publicación da súa causa que aquí facemos pretende só dar a coñecer unha pequena faceta da guerra civil que permita un mellor coñecemento da miseria humana dos autores do golpe de estado, da vileza na aplicación da súa presunta xustiza. Pero é, sobre todo, un achegamento do drama humano que tivo que sufrir un mariñeiro vigués chamado Secundino González Querol; para que nunca se esqueza o seu recordo e, co del, o de tantos e tantos que perderon a guerra e sufriron a vitoria dos “outros”.

Temos, por último, que sinalar que non foi un caso aillado o de Secundino; unha vítima propiciatoria para castigar nel a todos aqueles que empregaron a vía sindical para mellorar a condición laboral de tantos traballadores do mar na ría de Vigo. A maior parte dos líderes sindicais e dos destacados membros dos sindicatos mariñeiros da comarca, e dun xeito especial os pertencentes ao Sindicato da Industria Pesqueira, encadrada dentro dos sindicatos na órbita da central anarquista CNT, sufriron unha especial persecución. Non parece ser que a caza que sufriron fose unha simple casualidade, senón que foi especialmente premeditada, coma se lles quixesen axustar as contas tanto pola gran folga da sardiña que viviu o sector pesqueiro no ano 1932, sen dúbida o conflito máis grave que se viviu aquí durante todo o período republicano, e a da desenvolvida na primavera de 1936. Nelas puxérase contra as cordas á poderosa patronal de Bouzas que, tras dura loita, tivera que claudicar diante de gran parte das esixencias sindicais. Porén, os voceiros sindicais e aqueles mariñeiros que adquiriran especial protagonismo pagarían con sangue os seus feitos. Seica non sexa alleo á persecución que sufriron moitos destes líderes tras o triunfo da algarada militar de xullo de 1936 o feito de que algúns dos apelidos máis sonoros da patronal pesqueira viñesen a ocupar importantes cargos administrativos e políticos dentro do novo organigrama de poder, copando especialmente algunhas das principais xerarquías da falanxe local, que foi unha das máximas encargadas de levar a cabo a represión violenta dos denominados “inimigos de España”.

Moitos son os mariñeiros da comarca, afeitos á central sindical anarquista, que morreron polo seu activismo. Os menos tras sufrir como Secundino, o paripé dunha causa sumarial, como por exemplo Agustín Prieto Balsa -fusilado nos muros do castelo do Castro en xullo de 1938-, ou Manuel Rodríguez Careu -asasinado nese mesmo lugar en setembro de 1937-; os máis despachados en calquera esquina tras seren sacados do cárcere calquera noite, ou mortos en presuntos enfrontamentos armados coas forzas da Orde Pública. Así apareceran os corpos de Germán Parga Varela -en outubro de 1936 nunha estrada próxima a Redondela-, José Pérez Prol -en novembro de 1936 no lugar da Concheira, de triste lembranza-, Urbano Gándara Gallego -asasinado nas tapias do cemiterio de Pereiró en agosto de 1936-, Andrés Cordero Berastegui -crebado a tiros en abril de 1937 no mesmo lugar-, Adolfo Monroy Figueroa -asasinado en novembro de 1936 preto do cemiterio de Mos-, e tantos, e tantos, e tantos outros. Unha lembranza é unha proba de continuidade, de que unha parte da esencia de algo ou alguén segue aínda viva e, en certo xeito, unha esperanza, que fica até que é esquecida. É só así que morre.

BIBLIOGRAFÍA:

Pero o máis relevante vén a darse na parte superior, onde temos nunha zona de superficie horizontal, un grupo de sete coviñas dispostas do xeito seguinte: 4 delas en arco e dúas nunha liña imaxinaria perpendicular a el. Unha séptima coviña máis á dereita e a máis grande, aparece perto dunha controvertida figura definida por unha base composta por unha figura rectangular na que a liña inferior se prolonga sinuosa hacia a esquerda e tendendo hacia a verticalidade. No centro do rectángulo unha liña vertical e perpendicular á base, prolóngase hacia arriba “pinchando” unha figura semellante a unha media lúa. Algunhas coviñas se aprecian con craridade á esquerda desta figura e algunha liña na parte superior completa o repertorio.

Algunhas coviñas semicubertas pola vexetación distribúense polo resto das rochas do conxunto.



O conxunto de rochas onde se atopan os gravados rupestres do grupo II da zona do Alto das Veigas en Mougás (Oia, Pontevedra)



*Panel 1A, do grupo II, na zona do Alto das Veigas en Mougás (Oia, Pontevedra).
Combinacións circulares, coviñas e axedrezado.*



*Panel 1A, do grupo II, na zona do Alto das Veigas en Mougás (Oia, Pontevedra).
Combinacións circulares.*



Panel 1A, do grupo II, na zona do Alto das Veigas en Mougás (Oia, Pontevedra). Detalle das combinacións circulares

1.3. A interpretación da figura do panel 1b do grupo II do Alto das Veigas en Mougás coma unha embarcación.

Non podemos atopar ningún elemento ata estas datas no repertorio iconográfico dos petróglifos do NO da península Ibérica, semellante a figura principal do panel 1b do grupo do Alto das Veigas II, nos montes da parroquia de Mougás no concello pontevedrés de Oia. E aínda que con reservas, como deixamos exposto en páxinas anteriores cando nos ocupamos da descripción dos grabados desta superficie, a figura definida por un pequeno rectángulo, finalizando na parte esquerda nunha liña curta dirixida hacia arriba, como prolongación da proa a modo de roda, podemos asociala á representacións semellantes interpretadas como reproducións de embarcacións.

A presenza de embarcacións na costa Suroeste galaica de Oia, está xa documentada ata esta data polas tres figuras das inmediacións do río Vilar; as dúas do excepcional panel de Auga dos Cebros I e a solitaria da estación do Viveiro, todas elas na parroquia de Pedornes⁴. Pero é certo tamén que as características das representacións destas embarcacións son diferentes da figura que nos ocupa nestas páxinas.

4. Costas Goberna, FJ.; Peña Santos, A.. Glaucopis nº 11. Oia. Arte Rupestre y Embarcaciones en la Prehistoria de Galicia. Boletín del Instituto de Estudios Vigüeses. Vigo. 2005: 185-223. Costas Goberna, FJ.; Peña Santos, A.. Glaucopis nº 12. Las Embarcaciones de los Petroglifos de Oia y los Tesoros del libro de San Cipriano. Vigo. 2006: 277-292

A figura de Alto das Veigas II presentanos a dificultade de asociala coa iconografía coñecida nos modelos atlánticos da zona escandinava, xa que as embarcacións do Norte de Europa presentan unhas características diferentes na representación da roda e codaste con respecto á nosa, ademáis da ausencia de calquer elemento relacionado co uso do vento como forza propulsora, no caso das nórdicas.

E fuxindo de buscar paralelismos co numeroso grupo de figuras de barcos, distribuído por todo o mundo da arte rupestre con asimilacións cronolóxicas problemáticas, sí que podemos atopar algún tipo de semellanza no Mediterráneo oriental, co casco das figuras incisas reflectidas nas pezas cerámicas denominadas como “frying-pan” nas culturas do Egeo, concretamente na cicládica de Keros-Syros do III milenio aC, con figuras de embarcacións estilizadas de casco estreito e con indicación de roda tendente á verticalidade,⁵ e con ausencia de codaste; modelo ao que parece corresponder tamén un gravado rupestre da illa de Naxos, embarcación que aparece asociada a unha representación de figura humana e un zoomorfo.

Interpretando a figura como unha embarcación, xorde a pregunta: ¿e cal vén sendo o papel da figura da liña vertical que saíndo do centro da base asóciase na parte superior a unha especie de media lúa? Esta combinación resulta evidente que a primeira vista suxírenos que podría tratarse dunha media lúa, e tomándonos a liberdade de desdramatizar o asunto, poderíamos dicir que presenta o aspecto dunha *media lúa pinchada nun pau*, ao que poderíamos engadir que está sendo transportada por unha embarcación⁶, xa que certo é, en calquera caso, que as figuras que poderíamos asociar á representacións de tipo astral, como soliformes ou estrelas, son coñecidas en algúns dos paneis dos petróglifos galaicos⁷.

Pero atendendo á interpretación máis lóxica de estar diante da representación dalgún tipo de barco, sería a de que a “media lúa” asociada ao trazo perpendicular non sería tal, e a liña vertical correspondería ao mástil e a suposta media lúa podería tratarse da reprodución da vela medio recollida, ou embolsando o vento; outra posibilidade coa que poderíamos especular é que podería tratarse dunha representación arboriforme, o que nos levaría a pensar na posibilidade de tratarse dunha unha embarcación primitiva, na que a vela é substituída de forma rudimentaria pola utilización dunha árbore sobre a cuberta, coma nos exemplos deste tipo de sobra coñecidos na segunda metade do III milenio aC nas embarcacións dos vasos exipcios do periodo Gerzean⁸.

5. Das interesantes pezas profusamente decoradas coñecidas como “frying-pan” (literalmente “sarténs”) da cultura Keros- Syros das illas Cícladas gregas, pódense contemplar unha boa mostra no Museo Nacional de Atenas, e no Museo Marítimo de Chania existe unha reprodución a escala do modelo. VIGIE, B. Les représentations des bateaux dans le bassin Méditerranéen aux temps protohistoriques. Navigation e gens de mer en Méditerranée. Maison de la Méditerranée cahier n° 3. París. 1980. pp. 17-32


6. Isto nos podería levar a caer na tentación de fantasear e imaxinar que estamos ante unha escena na que a lúa é levada por unha “barca” hacia as coviñas que representarían algunha costelación identificada e coñecida polos autores...? Aínda que tamén se podería pensar que non se trata de ningunha embarcación, senón dunha serpe que transportara a lúa...? Como vemos as posibilidades especulativas son diversas.

7. GARCÍA ALÉN, A. y PEÑA SANTOS, A. de la: Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra. A Coaña, Fundación Barrié de la Maza, pp. 29. Por poñer un exemplo podemos citar a inequívoca figura estrelliforme de catro puntas da superficie do grupo I de Parada en San Isidro de Montes en Campo Lameiro, con unha orientación crara N- S, L-O.

8. FABRE, David. Seafaring in ancient Egypt. London 2004-2005. pp. 91,92,112,113,114

Do Mediterráneo tamén, e máis próximas, atopamos unha certa semellanza, aínda que de lonxe, na indicación de elementos alusivos ao uso de vela, nas figuras gravadas no complexo funerario da “torre del Ram” pertencente ao denominado Bronce naviforme balear⁹.

Concluindo, as primeiras impresións da figura de Alto das Veigas II, son as de que a súa semellanza é notable con figuras de embarcacións coñecidas de casco estreito e roda pronunciada con indicación de mástil e posible vela, quedándonos a dúbida de si se trata dunha representación arboriforme a modo de vela primitiva, ou trátase da representación da vela semirecollida ou embolsando vento. A marcada rectangularidade na representación do corpo da embarcación, pódenos suxerir que estamos ante un modelo de similares características a unha balsa.



*Panel 1B, no grupo II, Alto das Veigas en Mougás (Oia, Pontevedra).
A esquerda, na parte superior, a posible embarcación.*

9. Guerrero Ayuso, Victor M. PYRENAE 37-2. Nautas baleáricos durante la Prehistoria. (parte II). De la iconografía naval a las fuentes históricas. Barcelona. 2006: 7-45



Detalle do posible mástil e rudimentaria representación de vela da figura do panel 1B, no grupo II, Alto das Veigas en Mougás (Oia, Pontevedra).



Calco en soporte de papel da figura da posible embarcación do panel 1b de alto das Veigas en Mougás. Oia


	I	II	III
A			
B			
C			
D			
E			

	1	2	3
a			
b			
c			


Os modelos das embarcacións dos petroglifos escandinavos aparecen alonxadas da figura de Alto das Veigas. Tablas de Mats P. Palmer.




"frying-pan" do Mediterráneo oriental (Grecia) cultura cicládica de Keros-Syros, III milenio aC con figura de embarcación. Atenas, Museo Nacional.



Reconstrucción dunha embarcación do Mediterráneo oriental (Grecia) das "frying-pan" das Cícladas do III milenio aC. de Landström, 1964.



Grabado con representación dun arqueiro, un zoomorfo e unha embarcación na illa de Naxos no Exeo. De Sean Macgrail, 2004.



*Embarcacións gravadas no complexo funerario da "Torre del Ram" nas illas Baleares.
Según Víctor M. Guerrero Ayuso.*

2.1. Outras novidades na serra da Grova. Alto das Veigas III. Mougás.

En dirección Leste do anterior e casi na beira da pista que vén da Cruz de Pau, nun conxunto de rochas con pías de formación natural, pódense apreciar algunhas figuras circulares en mal estado de conservación.

2.2. Alto das Veigas IV. Mougás.

Noutro lado da pista, ao Nordeste, a media ladeira duna elevación rochosa, se aprecian algunhas figuras circulares en mal estado de conservación. Destaca ao Nordeste dos gravados a existencia dos restos dunha construción circular.

3. OUTRAS NOVIDADES DA SERRA DA GROVA, NO CONCELLO DE OIA. OS GRAVADOS DO ARIEIRO EN VILADESUSO.

Xa coñecidos os do grupo I dende os anos noventa, a posibilidade de percorrer zonas valeiras, antes cheas de vexetación que desapareu cos incendios do

2006, permitiu a identificación de varias superficies inéditas, algunhas delas de gran interese.

3.1. *O Arieiro I. Viladesuso.*

A este lugar chégase pola estrada da Portela que se dirixe a Torroña, tomando polo desvío á esquerda pola pista que vai ao “curro”. Avanzamos cruzando o portón que pecha o valado de protección ata cubrir 1 km 700 m, onde nos atoparemos nun cruce no que seguiremos de fronte, ata percorrer uns 300 m, onde xiraremos á esquerda e continuando uns 800 m aproximadamente estaremos ante un grupo de rochas á dereita, onde teremos os primeiros gravados deste grupo, destacando a rocha máis grande con un complexo deseño de covañas e surcos que a cubren na súa totalidade. Este grupo era o único coñecido na zona dende os derradeiros anos da década dos noventa do século pasado¹⁰.

3.2. *O Arieiro II. Viladesuso.*

A uns 50 metros hacia o Oeste, despois de atravesar por unha zona na que se adiviñan os restos de muros enterrados, atopamos un grupo de rochas de superficie bastante deteriorada nas que observamos algunhas combinacións circulares aproveitando as irregularidades para realzar as figuras. Completan o repertorio algunhas covañas, liñas que non definen figura e unha figura cruciforme, orientados os seus brazos N-S; E-O.

3.3. *O Arieiro III. Viladesuso.*

Ao Norte dos anteriores, unha vez visitado o grupo I, se desandamos o camiño andado, a uns 600 m do anterior, temos unha pista á esquerda que nos conduce cerca desta estación definida por un conxunto de rochas destacadas no terreo que presentan, como particularidade máis relevante, un extraordinario dominio visual tanto sobre o océano ase coma sobre o territorio circundante. Comezando a descripción pola zona máis septentrional, observamos numerosas covañas onde sobresa a excepcional representación definida por unha figura de dous círculos concéntricos con covaña central da que sae unha figura sinuosa, de aspecto serpentiforme hacia o Oeste, chegando ao límite da superficie¹¹.

Continuando hacia o Sur observamos varios grupos de covañas. A rocha nesta parte está erosionada e se complica a lectura pola presenza dun bó número de rebaixes que parecen causados polos axentes erosivos, pero nos que observamos a presenza de obra humana, xa que no seu interior aparecen con certa frecuencia covañas e incluso surcos que compoñen algunha figura de difícil interpretación. No ángulo Sureste unha composición de dous círculos concéntricos aproveita un resalte.

3.4. *O Arieiro IV. Viladesuso.*

Ao Sur do grupo I, noutro lado do camiño, o terreo elévase suavemente, con pedras dispersas, onde podemos observar evidencias de traballos de canteiría

10. Martínez do Tamuxe, X.; Alonso Rodríguez, A. Parroquia de San Miguel de Viladesuso. 1996. O Rosal, pp: 21, 42° 02' 11" N, 8° 51' 21", altitud 460 m. GA36036017.

11. Localizados por Cándido Verde Andrés. 42° 02' 17" N, 8° 51'

con un bó número de rochas fragmentadas; na zona máis alta sobresaíndo lixeiramente, temos unha superficie que presenta unha composición definida por unha serie de liñas asociadas entre sí. As liñas suxiren a súa execución seguindo unha orde predefinida pero que non sabemos precisar.

Este tipo de composición resulta coñecido na serra da Grova, destacando no concello de Oia a composición da zona central do petróglifo de Pousadela-Pedra dos Chetos e as do Alto da Pedreira en Santa M^a Oia¹².

3.5. *Pedra Lan. Mougás.*

Segue a ser o litoral de Oia onde continúan a darse as localizacións de gravados rupestres máis espectaculares da serra da Grova, dato confirmado por unha das últimas superficies atopada nas inmediacións do lugar de Pedra Lan, ao leste do coñecido arqueolóxicamente lugar de Bouza Fariña. Para chegar ata ela o camiño máis cómodo é a pista asfaltada que, pasando polo campo de fútbol de Mougás, continúa pola marxe do río Peito, ata chegar á ponte que permite o acceso as casas do núcleo da parroquia. Na ponte, un camiño en tramos enlousado ascende hacia o Nordeste, dirixíndose a unha zona de ladeira que nas datas en que escribimos estas páxinas, estaba despexada por un corte de madeira recente. Onde termina o camiño nun penedo que sobresaie no terreo, atopamos os primeiros gravados compostos por coviñas, algunha combinación circular e un motivo reticulado como elementos máis destacados. Pero o máis sobresaínte desta área está un pouco máis arriba, nunha superficie de 4,5 x 3,5 m gravados aproximadamente, ubicada nun conxunto granítico que destaca na paisaxe.

Na zona Sur, unha combinación de coviñas, liñas rectas e curvas definen unha figura circular radiada con trazos que saen fóra dela. Esta figura asóciase, mediante surcos, cun círculo simple cheo de coviñas no seu interior; dela un surco a conecta cunha figura de aspecto triangular. No centro do panel atópanse dúas figuras circulares compostas por dous círculos concéntricos, unha con coviña central e a outra con numerosas coviñas no seu interior. Esta última se asocia con outra de tres círculos concéntricos e coviña central da que sae un surco que termina arredor dun grupo de coviñas. Pero a figura máis curiosa vén ser unha composta por tres círculos concéntricos sen pechar, cos extremos reflectindo a mesma técnica que presentan as figuras labirínticas; presenta surco de saída/entrada e o seu interior cheo de coviñas. Na zona Norte se identifica unha figura cadrangular coa metade axadrezada e a outra metade valeira. Coviñas e algún círculo illado completan o repertorio desta interesante estación.

A situación dos gravados ten elementos comúns co resto da costa de Oia, que aparecen na periferia das zonas de potencial explotación agrícola e con amplo dominio visual sobre elas, e xunto coas de Bouza Fariña, A Cabeciña¹³ ou As Cachadas configuran un interesantísimo conxunto nesta marxe do río Peito.

12. Costas Goberna, F. J. Los Enigmáticos Petroglifos de A Riña en Sta. M^a de Oia (Oia, Pontevedra) Glaucois VIII. Vigo.

13, 14. Costas Goberna, F. J.; Pereira García, Elisa. 2006. Vigo. pp, 259-270.

4. BIBLIOGRAFIA CITADA

COSTAS GOBERNA, F.J.

2002: Los Enigmáticos Petroglifos de A Riña en Sta. M^a de Oia (Oia, Pontevedra). Glaucopis VIII. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Vigo.

COSTAS GOBERNA, F.J.; PEÑA SANTOS, A..

2005: Oia. Arte Rupestre y Embarcaciones en la Prehistoria de Galicia. 2005: Glaucopis n^o 11. Vigo.

2006: Las Embarcaciones de los Petroglifos de Oia y los Tesoros del libro de San Cipriano. Glaucopis n^o 12. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Vigo.

COSTAS GOBERNA, F.J. y PEREIRA GARCIA, E.

2006: “Los Petroglifos de “A Cabeciña” en Mougás. Oia-Pontevedra”. Glaucopis. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses, 12. Vigo, 2006

FABRE, DAVID

2004-2005: Seafaring in ancient Egypt. London.

GARCÍA ALÉN, A. y PEÑA SANTOS, A. de la:

1980: Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.

GUERRERO AYUSO, Victor M.

2006: Nautas baleáricos durante la Prehistoria. (parte II). De la iconografía naval a las fuentes históricas. PYRENAE 37-2. Barcelona.

LANDSTRÖN, B.:


1964: El Buque. Barcelona.

MARTINEZ do TAMUXE, X.; ALONSO RODRIGUEZ, A.


1996: Parroquia de San Miguel de Viladesuso. O Rosal.

VIGIE, B.

1980: Les representations des bateaux dans le bassin Mediterranéen aux temps protohistoriques. Navigation e gens de mer en Mediterranee. Maison de la Mediterranee cahier n^o 3. París.



Distribución dos petróglifos na serra da Grova. Concello de Oia.



Arieiro III, coviñas, combinacións circulares e serpentiforme, nos montes de Viladesuso (Oia, Pontevedra).



Arieiro III, combinacións circulares e serpentiforme, nos montes de Viladesuso (Oia, Pontevedra).



Arieiro IV, combinación de liñas e coviñas, nos montes de Viladesuso (Oia, Pontevedra).



Arieiro IV, combinación de liñas e coviñas, nos montes de Viladesuso (Oia, Pontevedra).



A superficie das inmediacións de Pedra Lan en Mougás (Oia, Pontevedra).



Combinacións circulares nas inmediacións de Pedra Lan en Mougás (Oia, Pontevedra).



Combinacións circulares nas inmediacións de Pedra Lan en Mougás (Oia, Pontevedra).

Baixada da Barca (Arbo, Pontevedra) un exemplo da singularidade dos petróglifos do Suroeste galaico e Noroeste portugués, en perigo de desaparición

*Por Xosé Manuel Certal Rodríguez Certal
e Fernando Javier Costas Goberna*

*Non se pode tratar aos grupos artísticos prehistóricos como entes monolíticos, axenos ao paso do tempo, ás dinámicas locais ou as influenzas externas.
Ramón Fábregas e Richard Bradley, 1999*

Un dos elementos que singularizan os gravados rupestres prehistóricos do Suroeste galaico e Noroeste portugués son as representacións esquemáticas de animais, craramente diferenciadas do modelo que podemos considerar como “clásico”¹ no repertorio iconográfico dos petróglifos prehistóricos do grupo galaico, sendo sen dúbida a superficie obxecto desta páxinas un dos paneis máis interesantes nos que están presentes.

No lugar coñecido como Baixada da Barca,² no concello pontevedrés de Arbo, nunha rocha granítica, oculta en gran parte polo asfalto, pódese apreciar unha escena composta por combinacións circulares, unha figura humana e un grupo de cuadrúpedos.

A precaria situación do petróglifo de Baixada da Barca. Ben é sabido que os gravados rupestres galegos están expostos a unha serie de problemas de conservación que, desgraciadamente, provocan a súa degradación e que a veces son difíciles de solventar. Estes problemas son os derivados das accións climatolóxicas e outros máis posibles de remediar como os xerados pola actividade humana, estes últimos a consecuencia da falla de interese e incompetencia das au-

1 O que chamamos modelo clásico son as figuras realizadas mediante a execución dun surco perimetral que define o seu contorno, tal como son representados os animais na maioría das superficies galaico-portuguesas do Noroeste da península Ibérica. As figuras ás que facemos referencia como particulares do Suroeste Galaico e Noroeste portugués se representan mediante unha liña que define cola, lombo e pescozo do animal con máis o menos anchura no lombo, para darlle máis o menos volume.

2 O topónimo fai referencia ao antigo camiño polo que se descendía hacia o río Miño, para chegar ao lugar onde secularmente se pasaba en barca a Portugal, nas inmediacións de Melgaço.

toridades que permiten a súa merma provocada por estas accións antrópicas. Esta é a razón principal pola que o petróglifo da Baixada da Barca presenta un estado lamentable de conservación e un deterioro constante e galopante. Por un lado, a ubicación nun lado do camiño e por outro, o paso continuado sobre el de persoas, coches e maquinaria agrícola que provocan un aceleramento na súa degradación. Se estes elementos de destrución constantes non fosen suficientes, hai uns anos produciuse unha das agresións máis graves sobre o xacemento: o asfaltado da pista, tapando por completo o gravado rupestre. Logo desta acción púxose en coñecemento da Consellería de Cultura e solventouse a negligencia, devolvendo, na medida do posible, a rocha ó seu estado inicial. Quedando para sempre evidentes signos de destrución na superficie.

Lonxe queda o entorno que se observa na fotografía que contén a ficha arqueolóxica depositada na Consellería de Cultura en Pontevedra onde se observa o camiño sen asfaltar, e a rocha insculturada sen ameazas ó seu redor, en claro contraste coa situación actual, que de non poñerlle solución está avocada á constante destrución de maneira irreversible.

Queremos pois chamar a atención das institucións de ámbito local e autonómico que teñen nas súas mans a conservación deste BIC, para que tomen as correspondentes medidas de protección. Medidas que pasarían, nun primeiro momento, por illar o grave problema que estamos a tratar, impedindo que se continúe pasando por encima da laxa insculturada; en nun segundo momento o aproveitamento do gravado como reclamo turístico, sinalizando, acondicionando e colocando un panel explicativo do xacemento, visita que se complementaría co rápido e fácil acceso a través do camiño da Baixada da Barca ás pesqueiras do río Miño.

O petróglifo de Baixada da Barca na literatura arqueolóxica. A primeira lectura desta superficie publicase en 1990³, na Revista Castrelos do Museo Municipal “Quiñones de León” de Vigo nun traballo adicado aos gravados rupestres do concello de Arbo. Con posterioridade a mesma publicación no ano 1996 nunha aproximación aos gravados con representacións de fauna e armas no Baixo Miño ofrece outra lectura que resulta coincidente no fundamental coa primeira⁴; esta lectura será reproducida na publicación de ANABAN “Asociación Naturalista do Baixo Miño”⁵ no ano 2002.

Os gravados rupestres de Baixada da Barca. Tomando como guía a lectura que ofrecemos nestas páxinas, observamos que no centro da composición aparecen dous círculos concéntricos con coviña central (F7) do que un surco longo (F15) parte en dirección Sur. En torno a esta figura parece articularse o

3 Pérez Paredes, Castor Manuel e Santos Estévez, Manuel. Gravados Rupestres de Arbo. Castrelos. Revista do Museo Municipal “Quiñones de León de Vigo” nº 1-2. 1990. Vigo. pp. 57,58 e 72

4 Costas Goberna, F.J.; Martínez do Tamuxe, X.; Novoa Alvarez, P. e Peña Santos, A. Las representaciones de figura humana y fauna en los grabados rupestres del Baixo Miño y Costa Sur de Galicia. Castrelos. Revista do Museo Municipal “Quiñones de León de Vigo” nº 7-8. 1996. Vigo. pp. 50

5 Costas Goberna, F.J. e Peña Santos, A. A Fauna e o ser humano na prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres. Monografías da Asociación Naturalista “Baixo Miño” nº 13. 2002. A Guarda. pp.50

discurso do panel. Na parte superior da figura circular, aparece asociado polas súas patas ao círculo exterior un cuadrúpedo (F6) e como máis chamativo, asociado tamén a este círculo exterior, a cabeza con indicación de orellas doutro animal (F8) que mediante un surco, que podría tratarse dunha das súas extremidades, asóciase coa figura dun antropomorfo (F9). No leste dos círculos aparece tamén asociado ao círculo exterior o que parece outro cuadrúpedo (F5) conectado con outra figura incompleta (F4). Por debaixo deles e asociados ao surco longo, temos outras dúas figuras unha delas tamén incompleta- que podemos interpretar como cuadrúpedos (F14 e F15). As figuras máis nítidas e mellor conservadas son as da parte superior da composición (F2 e F1). Debido ao estado de conservación de outros tres animais, sómentes podemos reflectir algúns dos seus rasgos (F10, F11 e F12). Algunhas covañas completan o repertorio da composición (F17 e F16).

Os animais representados de xeito esquemático aparecen definidos por unha liña máis ou menos estreita que define cola, lombo e pescozo alongado. Desta liña parten hacia abaixo os trazos rectos que configuran as súas extremidades. A cabeza concrétase mediante un ensanchamento con indicación de orellas ou pequenos cornos. A presenza de dúas liñas enriba dun dos cuadrúpedos (F1), que poderían interpretarse como lanzas ou xabalinas, a figura humana que ocupa unha posición central e destacada dentro do panel, e na que este irrumpe entre os cuadrúpedos distorsionando a marcha natural dos mesmos, xa que alomemos o zoomorfo situado máis ó Leste está en posición de salto cara a dirección contraria onde se atopa o antropomorfo. Todos estes elementos fainos pensar en que estamos ante a representación dunha escena de caza con certo carácter ritual.

Habería que destacar que a presenza da figura humana (escasa nas superficies coñecidas deste área xeográfica) formando parte activa dun panel con cuadrúpedos, como no caso de Baixada da Barca, aparece no panel de cuadrúpedos esquemáticos da coñecida como Pedra do Cazador en Pedornes, no concello de Oia.

Baixada da Barca e os gravados rupestres de Arbo. Baixada da Barca vén ser unha das superficies que configuran un rico “patrimonio Arte Rupestre” no concello de Arbo, xa que na actualidade coñécense numerosas superficies con petróglifos neste concello. Como sucede no resto do Noroeste peninsular, son as covañas o elemento máis representado, bñ configurando paneis como único motivo ou asociadas con outros. As combinacións circulares que veñen ser o segundo elemento máis representado, alcanzan o seu máximo expoñente na superficie de Cavada do Rei cunha figura de 130 cm de diámetro e con ata nove círculos concéntricos⁶.

As representacións de fauna, ademais das da Baixada da Barca, están presentes na estación de Pedradas II⁷ aínda que as dúas figuras -que comparten superficie con combinacións circulares- estilisticamente non teñen nada que ver con estas, xa que corresponden ao modelo máis extendido de definición por liñas perimetrais.

⁶ Pérez Paredes, Castor Manuel e Santos Estévez, Manuel. Gravados Rupestres de Arbo. Castrelos. Revista do Museo Municipal “Quiñones de León de Vigo” nº 1-2. 1990. Vigo. pp. 61e 73

⁷ Pérez Paredes, Castor Manuel e Santos Estévez, pp. 59 e 71

Este último lugar de Pedradas, atópase ó norte do gravado da Baixada da Barca, no lugar chamado Coto da Moura. Non queremos deixar pasar a oportunidade que nos ofrece a revista do IEV para reivindicar a importancia que ten para a prehistoria arbense este lugar tan significativo, onde se localizan restos do paleolítico, necrópoles funerarias e multitudes de petróglifos tanto xeométricos como naturalistas.

A Baixada da Barca e o Coto da Moura. Situados na zona oriental do concello, a laxe da Baixada da Barca goza do privilexio de ser o primeiro petróglifo de importancia localizado neste territorio e marca o punto de partida para a localización de novas insculturas prehistóricas. Cara ó Norte deste gravado, divisamos o Monte Cabrón, Monte do Facho e Eira de Ramos onde se sitúan catro laxes gravadas, unha delas localizada recentemente;⁸ os motivos que as compoñen son círculos concéntricos e coviñas. O Leste destes promontorios sitúase o extenso monte de As Regas, lugar onde recentemente se localizou, por parte do infatigable guardés, Candido Verde, dous petróglifos, un deles de indubidable importancia no conxunto dos gravados rupestres do noroeste peninsular. Neste petróglifo visualízanse coviñas, liñas, un reticulado, e alomenos seis espirais destróxiras; dúas delas chegan a ter un diámetro de 80 e 60 cm, convertíndose así nunha das máis grandes do territorio galego, igualando as espirais representadas no petróglifo da Laxe das Rodas, en Muros. O outro gravado sitúase no camiño de acceso que, por este monte de As Regas, ascende ó lugar da Pedra Pousadeira e o Coto da Moura, componse de círculos simples e coviñas. Nun radio de 200 metros cara ó N e NL hai outras rochas secundarias representadas por motivos xeométricos, nas que se observan liñas de carácter indeterminado, coviñas e círculos simples.

Cara o NW deste lugar e ó N do monte Cabrón, sitúanse os interesantes petróglifos de As Ladeiras, arte abstracta, tremendamente agredida polos incendios destes últimos anos, onde destaca a gran laxe nº 3 na que hai unha representación esquemática dunha figura humana que ten na súa man esquerda unha cazoleta, que podería significar un escudo circular, e na dereita, o brazo flexionado, ou quizais por estar asociado co escutiforme, podemos interpretar que pode estar empuñando unha espada ou puñal. Próximo a estas insculturas localizamos o gravado do monte de Miranda e Mirandeiro composto na súa totalidade por 37 coviñas⁹, un círculo con coviña central e liñas que unen algúns dos motivos anteriores.

Dende este último petróglifo, e cara ó N, localízase o Coto da Moura, lugar emblemático e de gran importancia por conter numerosos exemplos das distin-

8 Pérez Paredes, Castor Manuel e Santos Estévez, Manuel. Gravados Rupestres de Arbo. Castrelos. Revista do Museo Municipal "Quiñones de León de Vigo" nº 1-2. 1990. Vigo. pp. 61e 73

8 Certal Rodríguez, Manuel. Soberosum nº 3. Aportacións á carta arqueolóxica do Concello de Arbo: dez grupos de petróglifos e dúas mámoas inéditas. Revista de Estudos Museo Municipal de Pontearreas. 2008. 28-29.

9 Pérez Paredes, Castor Manuel e Santos Estévez, Manuel. Gravados Rupestres de Arbo. Castrelos. Revista do Museo Municipal "Quiñones de León de Vigo" nº 1-2. 1990. Vigo. pp. 61e 73

9 Certal Rodríguez, Manuel. Soberosum nº 3. Aportacións á carta arqueolóxica do Concello de Arbo: dez grupos de petróglifos e dúas mámoas inéditas. Revista de Estudos Museo Municipal de Pontearreas. 2008. Páxina 26.

tas etapas da prehistoria da comarca, dende o paleolítico, pasando polo megalitismo, idade do bronce e chegando coas representacións dos cruciformes á época medieval.

Debemos destacar a importancia destes petróglifos pola situación xeográfica dentro do contexto dos gravados rupestres do noroeste peninsular, xa que o núcleo central destes localízase no val medio do río Lérez e arredores das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. Fóra destes ambitos citados, os complexos rupestres vanse facendo paulatinamente máis dispersos. Esta tendencia non parece darse no Concello de Arbo, xa que se conta con numerosas laxes insculturadas e con abundante variedade iconográfica.

**As figuras esquemáticas de Baixada da Barca e os cuadrúpedos do Su-
roeste Galaico.** Como apuntamos anteriormente, este modelo esquemático de representacións de animais é unha das particularidades dos gravados rupestres desta zona xeográfica.

Aínda que maioritariamente este modelo aparece en superficies nas que non comparte superficie co modelo “clásico”,¹⁰ temo lo caso, polo momento illado, das representacións en territorio portugués nas superficie de Laxe da Chá das Carvalheiras¹¹ no Monte de Goios, en Lanhelas, na Cámara Municipal de Caminha, nun emprazamento con craro dominio visual sobre as terras regadas polo Miño, con catro figuras esquemáticas xunto a figuracións “clásicas”. Tamén na marxe portuguesa do Miño temos as representacións dunha superficie de Monte Preto, nas estribacións do Monte Faro, en Valença¹². Superficies nas que soamente se da este modelo témolas no concello pontevedrés de Oia, na interesante superficie de Pedornes coñecida na literatura arqueolóxica como Pedra do Cazador,¹³ no Alto do Morouzo con catorce figuras deste modelo; no grupo do Viveiro Xestosiña¹⁴ con dezaioito figuras, unha delas montada; nos grupos de gravados de Auga dos Cebros I, coñecida polas embarcacións con máis de quince figuras, onde este modelo de representación acada a súa máxima espectacularidade e no grupo III desta mesma estación nas que as dúas

10 Cando falamos de modelo clásico estamos a facer referencia ás figuras realizadas mediante a execución dun surco perimetral que define o seu contorno.

11 Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A. A fauna e o ser humano na prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres. Monografías da Asociación Naturalista Baixo Miño ANABAM. –13. 2002. A Guarda. pp. 60 e 76

- Novoa Alvarez, P. e Costas Goberna F.J. La fauna en los grabados rupestres de la ribera portuguesa del Miño. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Glaucois X.2004, Vigo. pp: 178 e181

- Fábregas, Ramón e Bradley, Richard. La “ley de la frontera”: Grupos Rupestres Galaico y Esquemático y Prehistoria del Noroeste de la península Ibérica. CSIC. Centro de Estudios Históricos. Departamento de Prehistoria. Trabajos de Prehistoria. TP Vol. 56, nº 1. 1999. Madrid. pp.109

12 Novoa Alvarez, P. e Costas Goberna F.J.. pp: 186 e187

13 Costas Goberna, F.J.; Novoa Alvarez, P.; Martínez do Tamuxe, X.; Peña Santos, A. Las representaciones de figura humana y fauna en los grabados rupestres del Baixo Miño y Costa Sur de Galicia. Castrelos 7-8 Vigo. 1995. Museo Municipal , pp: 46

- Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A. pp. 46 e 68

- Fábregas, Ramón e Bradley, Richard. pp.108

- Costas Goberna F.J. Los supuestos carros de los grabados rupestres de Oia (Pontevedra). Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Glaucois X.2004, Vigo. pp: 219-233. Esta publicación analiza a lectura e interpretación de Eugene Jalalay e ofrece a lectura máis completa antes dos incendios que afectaron a superficie no 2006

14 Costas Goberna, F.J.; Novoa Alvarez, P.; Martínez do Tamuxe, X.; Peña Santos, A. pp: 48 e 57

- Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A.. pp. 48

figuras aparecen montadas¹⁵; figuras montadas que se repiten na coñecida superficie na literatura arqueolóxica como Pedra dos Chetos en Pousadela na parroquia do concello pontevedrés de Oia, onde unha das dúas figuras claras de cuadrúpedos presenta un antropomorfo no seu lombo suxetando ao animal mediante o que parece ser un brida¹⁶.

Destacan as representacións realizadas en paredes verticais como as de Os Campos-Outeiro dos Lameiros no monte comunal de Sabarís, no concello pontevedrés de Baiona, que configuran sen dúbida a superficie máis espectacular tanto polo número de animais –en torno aos cincuenta- representados, coma a súa disposición en vertical na zona oriental do outeiro, Nesta superficie algunha das figuras podería interpretarse como montada por antropomorfo. Este panel presenta varias particularidades como son a presenza dunha figura circular das coñecidas como svásticas, de radios curvos ou roda flamíxera, e a presenza de combinacións circulares nunha pequena plataforma horizontal ao pé do gran panel; outras figuras se observan nas inmediacións do gran panel pero en superficie horizontal¹⁷. En vertical tamén temos en territorio portugués, á beira do mar, as representacións da estación das inmediacións do farol de Farol de Monte d'or en territorio da Cámara Municipal de Viana do Castelo no que resulta difícil de precisar o número de cuadrúpedos polas dificultades que ofrece o panel debido ao seu estado de conservación¹⁸.

A singularidade do Suroeste galaico e Noroeste portugués. Na Arte Rupestre do Suroeste resulta evidente -observando superficies como as que nos ofrecen estes animais tan esquemáticos- que xunto a elementos e pautas característicos do resto do grupo galaico, aparecen figuras que se apartan da xeneralidade e non só na súa concepción estilística, tal como apuntan Ramón Fábregas e Richard Bradley¹⁹ para os que, en un número de estacións próximas ao río Miño nos límites de expansión do grupo galaico, ten lugar un solapamento dos ciclos artísticos galaicos e esquemáticos²⁰.

Este fenómeno apunta hacia a posibilidade de contactos con comunidades doutras zonas xeográficas.

Agradecementos. Noso agradecimento a Vero Miguélez Castro, Xulio Carballo Arceo, Cándido Verde Andrés, Yoya Vázquez Castro, Rosa Ledo Rodríguez,

15 Costas Goberna, F.J.; Novoa Alvarez, P.; Martínez do Tamuxe, X.; Peña Santos, A. pp: 48

- Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A. pp. 47 e 57

- Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A.. *Glaucoptis* nº 11. Oia. Arte Rupestre y Embarcaciones en la Prehistoria de Galicia. Boletín del Instituto de Estudios Vigüeses. Vigo. 2005: 185-223.

16 Costas Goberna, F.J.; Novoa Alvarez, P.; Martínez do Tamuxe, X.; Peña Santos, A. pp: 46 e 58

- Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A. pp. 46 e 73

17 Costas Goberna, F.J.; Novoa Alvarez, P.; Martínez do Tamuxe, X.; Peña Santos, A. pp: 44, 45 e 56

- Fábregas, Ramón e Bradley, Richard. pp.108

- Costas Goberna, F.J.; Peña Santos, A. pp. 44, 45 e 70

18 Fábregas, Ramón e Bradley, Richard. pp.108

- Novoa Alvarez, P. e Costas Goberna F.J. pp: 188 e189

19 Fábregas, Ramón e Bradley, Richard. pp.103-114

20 Sen dúbida este traballo representa ata o de agora a máis importante proposta para un debate serio sobre a problemática da arte rupestre no Suroeste galaico e Noroeste portugués.

Isabel Fernández Trigo, Dolores Alvarez, César González e Pilar Vázquez Martínez que nos acompañaron na agradable visita efectuada en Novembro do 2008 polos petróglifos de Arbo e motivaron estas páxinas.

BIBLIOGRAFIA UTILIZADA

1990: PÉREZ PAREDES, Castor Manuel e Santos Estévez, Manuel.

Gravados Ruprestres de Arbo. Castrelos. Revista do Museo Municipal “Quiñones de León de Vigo” nº 1-2. 1990. Vigo. pp. 57,58 e 72

1996: COSTAS GOBERNA, F.J.; MARTINEZ DO TAMUXE, X.; NOVOA ALVAREZ, P. e PEÑA SANTOS, A. Las representaciones de figura humana y fauna en los grabados rupestres del Baixo Miño y Costa Sur de Galicia. Castrelos. Revista do Museo Municipal “Quiñones de León de Vigo” nº 7-8. 1996. Vigo. pp. 50

1999: FABREGAS, Ramón e BRADLEY, Richard

La “ley de la frontera”: Grupos Ruprestres Galaico y Esquemático y Prehistoria del Noroeste de la península Ibérica. CSIC. Centro de Estudios Históricos. Departamento de Prehistoria. Trabajos de Prehistoria. TP Vol. 56, nº 1. 1999. Madrid. pp.103-114

2002: COSTAS GOBERNA, F.J.e PEÑA SANTOS, A. A Fauna e o ser humano na prehistoria do Baixo Miño a través dos gravados rupestres. Monografías da Asociación Naturalista “Baixo Miño” nº 13. 2002. A Guarda. pp.50

2004: COSTAS GOBERNA, F.J. Los supuestos carros de los grabados rupestres de Oia (Pontevedra). Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Glaucopis X.2004, Vigo. pp: 219-233

2004: NOVOA ALVAREZ, P. e COSTAS GOBERNA F.J. La fauna en los grabados rupestres de la ribera portuguesa del Miño. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Glaucopis X.2004, Vigo. pp: 177-204

2005: COSTAS GOBERNA, F.J.; PEÑA SANTOS, A. Glaucopis nº 11. Oia. Arte Ruprestre y Embarcaciones en la Prehistoria de Galicia. Boletín del Instituto de Estudios Vigueses. Vigo. 2005: 185-223.


2008: CERTAL RODRIGUEZ, MANUEL. Soberosum nº 3. Aportacións á carta arqueolóxica do Concello de Arbo: dez grupos de petróglifos e dúas mámoas inéditas. Revista de Estudos Museo Municipal de Pontearreas. 19-34.



O petróglifo de Baixada da Barca no medio do asfalto



A superficie de Baixada da Barca no centro da fotografía en novembro de 2008



Lectura da superficie de Baixada da Barca en Arbo. No centro combinacións circulares (F7) e arredor figura humana (F9) e zoomorfos.



Calco sobre superficie de papel da superficie de Baixada da Barca en Arbo.



Vista xeral da superficie de Baixada da Barca.



Detalle dos gravados da superficie de Baixada da Barca.




Baixada da Barca detalle de cuadrúpedo. F1 na lectura.



Baixada da Barca detalle de combinacións circulares (F7) e antropomorfo (F9).



Laxe nº 2 do Fentiño Verde en Arbo. Combinacións circulares e cuadrúpedos.



Laxe nº 2 do Fentiño Verde en Arbo. Combinacións circulares e cuadrúpedos. Calco sobre soporte de papel.




Detalle de cuadrúpedos da Pedra do Cazador, no Alto do Morouzo en Pedornes, Oia.



Cuadrúpedos montados en Auga dos Cebros III, Pedornes, Oia.



Cuadrúpedos no Monte Faro de Valença do Minho, Monte Preto. Calco sobre soporte de papel.



Cuadrúpedos na praia de Fornelos; Carreço, Viana do Castelo . Calco sobre soporte de papel.

O *oppidum* prerromano de San Martiño de Ladróns

Por Francisco Javier Fernández Nogueira


Os romanos pelexaban pola gloria e o imperio e os númeridos pola liberdade e a vida
(Salustio, s.I a. JC)

Un pastorciño, totalmente en coiros, era o que me ensinaba, naquela soidade, o sepulcro de Agamenón e as ruínas de Micenas (Chateaubriand - 1806)


A lenda

A comenzo da década dos setenta topei na terra da Caniza¹ cun de tantos castros espallados pola xeografía galega. Daquela xa visitara varios dos hoxe máis coñecidos, como Viladonga en Lugo (sen escavar), Coaña en Asturias, Santa Tegra e Troña no Baixo Miño, San Cibrao de Las e a Cidade do Irixo no noroeste ourensá e a Cerca en Cerdedo, así como bastantes da terra de Deza, pequenos e grandes, empezando polo de Goiás (Lalín), ó pe do que me criei, agrovello por medio, que ten unha cova por baixo na que entrabamos e saíamos rapidamente os rapaces, polo medo que nos producía a escuridade. Pero a *Cidade das Grades* ou *das Achas*, aldea e parroquia na que se atopa, que así indistintamente a nomean os habitantes do seu contorno, impresionoume vivamente, non só polas dimensións, restos pétreos, defensas e emprazamento, senón e sobre todo pola orixinalidade da lenda que a envolve e explica, que fai referencia non só ó recinto nuclear, senón á relación deste con outras fortificacións inmediatas e próximas e, en xeral, á paisaxe circundante, escenario visible e mensurable, onde todas as pegadas encaixan e desempeñan o correspondente papel na narración, ben merecentes de máis atención e estudo científico.

A lenda basicamente conta: *que na Cidade² vivían os mouros, que dentro do recinto facían a súa feira onda unha enorme rocha, na que poñían os cartos a asoallar; eran moi ricos e valentes e dominaban un espacio que abarcaba a totalidade do val alto do río Deva, de montaña a montaña*, ou sexa as actuais parroquias de Deva, Petán, As Achas, A Caniza e parte ou a totalidade da de Parada de Achas. *Pero un*



Hipotético territorio dominado pola Cidade das Achas. Curvas de 400 e 800 m.
 1. A Cañiza; 2. Melón; 3. A Franqueira; 4. Ribadavia; 5. Arbo; 6. Mourentán; 7. Crecente; 8. Melgaço; 9. Salvaterra; 10. A cidade.



Toponimia arredor da Cidade, debuxo de 1976. So habería que redondear o vértice S-L da Cerquiña para axustalo á realidade.

día a Cidade foi atacada polos cristiáns, que para tal feito instalaron a súa tropa³ na Cerquiña, dende a que podían ollar e escoitar todo o que sucedía e se falaba dentro da Cidade⁴. Pero a cousa non resultaba tan doada como pensaran de primeiro e ían pasando os días e como era tempo de verán e unha fontela que gurgulla dentro da Cerquiña estiñara completamente, víanse na necesidade de ter que ir buscar auga ó rego de Senande, momento que aproveitaban os mouros da Cidade para atacalos e estorbarllo, polo que tiveron que escavar un túnel ou trincheira ata dito rego para surtirse de auga, pois tamén dende a Cidade se olla e escoita igualmente moi ben o que se fai e o que se fala na Cerquiña⁴. Os mouros eran moi difíciles de vencer polos do outro exército, eran moi valentes e dende as dúas murallas que rodean a Cidade defendíanse a cantazos, coa man e coas fondas⁵, pois eran moi braceiros.

En diversos puntos da Cidade tense atopado grande cantidade de pedras, de varios tamaños, algunhas do color do lume.

A Cidade foi atacada e tomada finalmente pola porteira⁶, situada, segundo a tradición popular, na parte da muralla exterior orientada cara á Cerquiña, onde hoxe pode ollarse unha como abertura ou discontinuidade no trazado da mesma.

A lenda, inda que esto semella un engadido, di tamén que dentro da fortaleza atópase enterrado, xunto co seu pobo, o rei da Cidade, cos seus tesouros e pertenzas.

Unha vez conquistada a Cidade polos cristiáns a feira foi trasladada do interior do recinto castrexo ó solar da “feira vella”, en Deva de Abaixo, aldea situada carón do ángulo surleste da Cerquiña, no que se conservaron laxas espetadas e bancos de pedra ata tempos relativamente recentes e onde houbo tamén unha ferrería.

Sobre o río Deva, cerca do ángulo norte do recinto castrexo, existe unha ponte (chamada *ponte romana*), pero a tradición di que houbo outra anterior, máis apegada á Cidade, na revolta que fai o río Deva, que a rodea pola parte do nacente, non lonxe onde deita unha fonte, dita fonte dos mouros. Fronte a este lugar aproximadamente, baixaba un túnel dende o interior da Cidade ata o río, que parte dunha sólida construción pétreo, situada na parte máis alta do recinto, bastante ben conservada aínda hoxe, consistente nunha abertura rectangular con aparencia de tumba, de máis dun metro de profundidade⁶, pechada lateralmente por paredes de grandes pedras deitadas, toscamente traballadas, rodeada á súa vez de outra es-



A Cidade e a Cerquiña - 1976.



A Cerquiña sobre a aldea de Deva de Abaixo - 2009.

nal denominada *poza dos mouros*, duns trinta metros de diámetro, arredor da cal existen *tres montóns de terra e pedras, nos que non medra a herba e, dende que os fixeron os mouros, non houbo ninguén que fora capaz de cavar neles nin desfacelos, nos que hai tres maletas, unha con ouro, outra con prata e outra con veneno*. En realidade son tres mámoas, situadas arredor da poza, unha delas de notable dimensión, apegada á pista forestal que sube ata o cume do Montouto dende o alto da Fontefría, que a desfai levemente. Todas con evidentes síntomas de violación. A lenda di que tamén naquela paraxe *guerreaban os mouros da Cidade* cos da outra banda da montaña. En Coto de Galos, ó sur do anuncio comercial do touro, nas Feiteiras ou/e Feiteiriñas, lugares do barrio de Sobradelo (As Achas), na marxe dereita do Deva fronte á Cidade, *existen tamén balados construídos polos mouros da Cidade*.

Durante a guerra entre os mouros e os cristiáns, os amigos dos mouros da Cidade, asentados en Coto de Galos (monte) e no cume do Pedroso, vixiaban, buscando a maneira de podelos axudar, pero nada puideron, senón presenciar a súa destrución.

Ata aquí literalmente o relato recollido por min na primeira metade da década dos setenta, elaborado con informacións fornecidas principalmente polas xentes do barrio de Sobradelo e aldeas das Grades e Deva de Abaixo, todas da parroquia das Achas, situadas arredor da Cidade, entre o río e a serra do Montouto-Fontefría.



A puza dos mouros no Montouto. A mámoa grande está no reborde, onde se xuntan as liñas e á esquerda aparece o penascal sobre o que se erguen as cruces.

Este tipo de relato, ademáis de resultarme descoñecido sobre outros grandes castros de Galicia, non persistiría seguramente na miña memoria se a literatura non correspondera coas visibles pegadas no terreo no que asegura desenvolverse. Porque *castros* ou *ciudades* máis grandes existen, pero tan fortificados por natureza e por arte, poucos... e o mesmo relato resulta excesivamente elaborado e axustado á realidade circundante para non agochar certa verosimilitude.

A fortaleza castrexa foi *descuberta*, cando menos, nos anos trinta, pois abundan as noticias sobre a mesma no semanario *Nueva Cañiza*, no que se da conta do *descubrimiento* de tan extraordinaria *citania*, das *escavacións* levadas a cabo, dos *celtas* que a habitaban, etc., pero sen facer nunca referencia á lenda da loita entre *mouros* e *cristiáns*. Puidera ocorrer que o relato popular dos setenta estivera elaborado ou influenciado por unha versión culta dos anos trinta, como ocorre moitas veces nos arredores da cidade de Vigo, onde os paisanos xa vacilan entre *mouros* e *seltas* cando se refiren ós habitantes dos castros da comarca, pero resulta estraño que non apareza por ningures noticia algunha ó respecto, pois insiste o semanario varias semanas seguidas no tema, chegando inclusive a pedir se dote ás ruínas dun vixiante, a fin de evitar *escavacións* clandestinas e destrucións por parte de desaprensivos; e tampouco lle dedica a máis mínima atención á fortificación da Cerquiña, centrando exclusivamente o seu intervéns na *citania*, en cuxo *descubrimiento* teña que ver seguramente Peinador, que *escavou* varios castros do contorno, como Troña en Pías e o máis próximo de Maceira (Covelo), coa finalidade de dotar ó balneario de Mondaríz dun novo atractivo máis, inda que o material recollido desapareceu coa guerra civil.

O que si está claro é que os paisanos non contaron para poder elaborar o relato con lecturas de Vegecio nin Polibio.

Pero tampouco constitúe nada raro este habitual e continuado divorcio e descoñecemento, na maioría das veces mesturado co desprezo, entre *cultura* e *cultura popular*, pois permanece aínda hoxe case intacto a moitos niveis na sociedade galega.



A Cerquina dende o ángulo norte da Cidade, 2009.

A CIDADE

Antecedentes:

A fortaleza ou *óppidum* castrexo das Achas non foi, repito, un descubrimento dos anos trinta, nin moito menos dos setenta do século XX polo que subscribe senón que, aparte de ser coñecida secularmente polos habitantes do contorno que gardaron fielmente a súa memoria e lenda, aparece xa insinuada en documentos e noticias moi anteriores. Ávila y la Cueva⁸, na súa coñecida obra sobre a diocese tudense, ó referirse ó Arciprestádego de San Martiño di: *Las escrituras antiguas mencionan a este Arci-*

prestazgo con el nombre de San Martín de Ladrones y así lo expresa la Infanta Da. Urraca, hermana del Rey D. Alfonso el sexto, en la donación que hizo a la Iglesia de Tuy en 13 de enero del año 1074, pues hablando del monasterio de Alvenos, hoy Alveos, dice estaba sito en la ribera del Miño, término de San Martín de Ladrones, en el territorio de Tuy (sub con termino Oppidi quid nuncupant Sanctum Martinum de Latrones)... cuyo nombre le provino de un lugar o sitio así llamado que debió ser muy señalado en la antigüedad por cuanto comunicó el mismo nombre a toda aquella tierra: mas sobre que lugar haya sido este y su colocación no hay cosa averiguada en el particular, por haberse perdido su memoria en el transcurso de los tiempos: no obstante después de varias y repetidas instancias que hicimos en todo aquél país hemos hallado que tubo su situación en un barrio de algunos vecinos que se encuentra en una montaña con gran elevación sobre las parroquias de Santa Cristina de Valeige y Santiago de Parada de Achas, que hasta hoy conserva el nombre de San Martín, a donde pasamos a informarnos del sitio en 19 de febrero de 1831: y aunque en la actualidad es lugar pequeño, obscuro y poco conocido para que en la antigüedad pudiese haber dado nombre a todo el presente Arciprestazgo, debió tener sin duda allí en lo antiguo algún castillo o plaza fuerte de defensa, con jurisdicción su Gobernador sobre toda aquella tierra y por esta razón dar el nombre de San Martín de Ladrones a toda ella, a imitación de los castillos de Turonio, Sobroso, Noboa, Morgadanes y otros de nuestro Obispado que también estaban en alturas y comunicaron los suyos respectivos a los territorios de su dominio. Y el llamarse de Ladrones el Castillo dimanó al parecer de hallarse el indicado sitio de San Martín entre unas grandes montañas especialmente por mediodía, poniente y naciente, desiertas en aquellos tiempos, como aún lo están actualmente en la mayor parte, con caminos solitarios y desamparados de vecinos, por entre varios riscos, gargantas y robledas, y por lo mismo muy propio para que en aquellas remotas eda-

des estubieran llenos de ladrones y salteadores... con el curso de los años fue este olvidado por ser feo y se quedó solo con el de San Martín, que hoy conserva.

A aldeña de San Martiño existe hoxe, emprazada nunha minúscula varanda, lugar pintoresco e fragoso, sobre a marxe dereita do río Deva, onde este rompe bruscamente a súa pendente para baixar da *montaña á ribeira*, tan pequeno, escuro e pouco coñecido como en 1831. Certamente un lugar, como toda aquela canada pola que se precipita o Deva dende a ponte actual da autovía das Rías Baixas ata o lugar da Ibia, (no que se construíu a vella *fábrica da luz* que deu



O terraplén da Cerquiña cara ó monte da Moreliza.

corrente eléctrica á vila da Caniza ata tempos recentes e hoxe unha polémica minicentral), difícil, escondido e bruador⁹, a propósito para a función asinada polo historiador tudense.

Pero, como anota tamén, en exceso pouco importante para ter transmitido o seu nome a todo un Arciprestádego e no que semella non haber rastro de edificación de importancia de carácter defensivo-militar, polo que cree xa dito autor que debeu atoparse aquel castelo ou

praza forte para defensa da terra máis ben polo contorno inmediato. Un castelo si debeu de existir seguramente a pouca distancia, por baixo da aldea de San Martiño, entre esta e o lugar das Poldras (Parada de Achas), cerca da ponte sobre o río Calvo, na paraxe denominada *castelo*, na que se aprecian aínda as bases da muralla e restos dunha pequena fortaleza circular, acugulada hoxe de vexetación, seguramente para control das vías de comunicación que se cruzan nas inmediacións da confluencia dos ríos Calvo e Deva. Pero, a pesar das varias e repetidas instancias e pasar a informarse do sitio (suponse que persoalmente), Ávila y la Cueva comete algunhas inexactitudes, como dicir que a aldea de San Martiño se atopa nunha *grande elevación... entre montañas*, especialmente por mediodía, solpor e nacente, pois se ben é certo que está a máis altitude que Valiexe ou Parada de Achas, as montañas que a rodean están polo setentrión, nacente e poñente, e non polo mediodía, como escribe, lugar este aberto en espléndido panorama cara á ribeira do Miño, a non ser que se refira ás lonxanas serras portuguesas do Soaxo e a Peneda, que pechan o horizonte polo sur, que semella pouco verosímil. Da a sensación de non terse achegado expresamente ó propio lugar, senón informarse dende as parroquias citadas.

A única *plaza fuerte muy señalada en la antigüedad* naquela zona, *entre unas grandes montañas*, desertas no pasado e no presente na súa maior parte, que podía controlar os solitarios camiños entre *riscos, gargantas y robledas*, non pode ser



A muralla da Cidade a carón da porta sur. 1975.

outra que a fortaleza ou *oppidum* da Cidade das Grades ou das Achas, situada tan só a tres kilómetros ó norte da aldea do San Martiño. Posiblemente o documento citado do século XI se base en outros anteriores, remontándose probablemente á alta Idade Media, cando por primeira vez aparece o nome de *Martiliana* nos Concilios do século VI, referido a unha das terras da diocese tudense.

A pesar de non ser habitual este tipo de informacións, no Dicionario de Madoz aparece unha breve pero precisa referencia á Cidade¹⁰ ó falar da parroquia das Achas: *Achas (San Sebastián de las): ... sobre el camino de Tuy a Rivadavia... con unas 290 casas... anti. Jurisdicción... compuesta de las v. de las Achas, de la Cañiza y de la Franquera, y de las felig. de Barcia de Mera, de Campo, Fofe, Huma, Lougares y Rouzas*¹¹, cuyo juez ordinario era nombrado por el conde de Salvatierra.

... inmediato a la deteriorada casa-palacio del conde de Cervellón, y del mismo dueño, hay un muro conocido con el nombre de Ciudad y en el que se distinguen algunas señales que se creen vestigios de cuando fue habitado por los moriscos; este monumento ant. está circunvalado por dos riach. que bajando de Petán se unen al titulado r. Deva, que cruza la titulada carretera de Castilla y se dirige a unirse al Miño.

Do Madoz semella tomada a información que tramite en 1930 a *Geografía General del Reino de Galicia*, no tomo correspondente á Provincia de Pontevedra, ó tratar da parroquia das Achas (San Sebastián): *existen en esta parroquia vestigios de poblado antiquísimo, situado en medio de dos riachuelos que, bajando de Petán, se unen al río Deva. El pueblo, como es general, atribuye a los moros la fundación de la desaparecida entidad.*

Corrixe muro por poboado antiquísimo e moriscos por moros, sen engadir nada novo.

O *Nueva Cañiza*, semanario local independente, defensor de los intereses obreros y agrarios de la comarca, editado durante dúas etapas na vila da Caniza, a primeira durante a dictadura de Primo de Rivera, na que foi pechado pola autoridade, e a segunda na que *resurge animosa* en marzo de 1930 e dura ata o fin da etapa republicana, informa con ledicia e entusiasmo, durante varias semanas,



O ángulo norte da Cidade con dobre muralla en 2009, convertido nunha xungla impenetrable.



Extraño dolmen-fonte na Cidade-75.

do descubrimento da *Citania*¹².

O 7 de agosto de 1932 titula: *Una noticia sensacional: descubrimento en nuestra villa de una citania por nuestro médico Heriberto Fuertes Gómez (colaborador asiduo de N.C.) y Cesáreo Vázquez Ulloa, cuyos orígenes pueden remontarse a la época neolítica, edad del bronce o del hierro. D. José Pintos Moure encuentra dos monedas de las primeras épocas romanas.*

Noticias sobre o achado sucedéndose durante todo aquel verán de 1932, tanto sobre o descubrimento como sobre o impacto nas forzas vivas da vila. As máis relevantes e curiosas son:

14 de agosto: *Con escasas pero honrosísimas excepciones, la clase aparentemente más culta de la localidad ha acogido bárbaramente (?) la noticia del hallazgo de la citania.* 29 de agosto: *Por su extensión, número de construcciones, hallazgos efectuados, la variedad y cantidad de restos de cerámica que aparece en todo momento, puede compararse a la del Tecla y a la de San Cibrao de Las. La antigüedad de la citania se colige por la estructura y disposición de las viviendas celtas, quien sabe si de la primera o segunda fase Hallstática. Se han hallado fragmentos de hierro en bruto y escoria del mismo de lo que se desprende que sabían fundir y forjar el metal.*

Piden un servicio de vigilancia para tener a raya a los desaprensivos y destructores.

4 de setembro: *Por orden del Sr. Gobernador se montó servicio permanente de vigilancia en el monte La Ciudad, para evitar las hazañas de algunos seres incultos.*

18 de setembro: *Se llevan excavados en La Ciudad veinte construcciones altas, en las que se han hallado objetos de valor arqueológico.*

25 de setembro: *Conferencia sobre la Citania, por Jesús Carro García, director de la sección de Arqueología del Seminario de Estudios Gallegos de Santiago. Visita al museo particular de los srs. Fuertes y Vázquez Ulloa: una originalísima fibula y otros objetos de bronce, colección de cerámica prerromana, piedras, utensilios. La conferencia fue a las 7 en el salón cinema, estando repleto. Lo presentó el Sr. Vázquez Ulloa. Se propusieron fundar una sociedad "Pro Citania".*

Co final das vacacións estivais semella devalar un tanto a información, pero intermitentemente segue a falarse de achados de *fibulas, moedas, fusaiolas, lanchas calcinadas, alfinetes, cerámica e pedras de muíño.*

En realidade foi aquela, nos papeis alomenos, a época máis optimista e literaria da Cidade, volvendo a soterrarse e desaparecer de novo coa guerra civil, situación na que continúa.

Pero como o interese dos descubridores e escavadores dos anos trinta estaba centrado integralmente no recinto principal da *citania*, non se fixaron ou non lle prestaron atención ás fortificacións circundantes nin á lenda, mediante a cal a

tradição popular explica a derrota e destrución dos *mouros* da Cidade, por outra banda nada fóra do común, por canto a cultura popular non foi case nunca minimamente valorada pola cultura oficial e dominante.

Somente na publicación do Museo de Pontevedra *Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*, editada en 1956, volven aparecer os mesmos datos sobre a Cidade e, por primeira vez, a fortificación da Cerquiña:


Ayto de La Cañiza, Achas: monte de la Cividade, construcciones y cerámica. Aparte de este castro, muy cerca, hacia Sobradelo, existe otro. Fue objeto de prospecciones (supoño que se refire á Cidade), todas ellas clandestinas, que destruyeron una parte de la zona de construcciones.

Tal *carta arqueológica*, cunha existencia de máis de medio século debe atoparse hoxe totalmente superada, estando na súa maior parte elaborada en base a informacións escritas anteriores ou procedentes de informadores locais¹³, contendo algunhas omisións e inexactitudes, do tipo da referida á parroquia canicense de Valiexe, onde sinala tres castros: *Castro de Arriba*, *Castro de Abaixo* e *Coto do Castro*, pero na que as dúas primeiras son aldeas, situadas como o seu nome indica, nas beiras dun único castro real, o *Coto do Castro*.

Nos vol. III e IV (1980 e 1986) do Boletín do Museo Diocesano de Tui publiquéi eu dous breves artigos, sobre a Cidade das Achas e outros castros menores do territorio da Caniza.

Descripción e características xerais:

Pode catalogarse a fortaleza castrexa da Cidade das Achas como un verdadeiro *óppidum* prerromano, non só polas súas dimensións e superficie senón tamén polas defensas, atopándose forte-



A laxiña das cruces, Pedroso-Deva, 1975.

mente atrincheirado tanto *por natureza como por arte*, entalado nunha península que forman o río Deva e o seu afluente o rego de Senande, que decorren ó seu arredor por fondas e empinadas engrobas. O recinto interior ten forma triangular redondeada (lixeramente romboide) cos ángulos norte e sur máis acuñaos. Nas partes menos defendidas pola natureza, o istmo norte entre os ríos e a zona oeste, existe por fóra outra muralla-terraplén a xeito de barbacá, seguindo o reborde da zona amesetada, a carón do comezo da pendente. Por fóra das dúas murallas corre un foxo, que debeu ser profundo orixinalmente polas dimensións actuais, en especial nos ángulos norte (istmo) e oeste, e nesta parte tamén entre os dous muros, aumentando a altura da muralla e a profundidade do



Ángulo superior do Coropelo dos Leiros, 76.

foxo conforme nos achegamos ás esquinas ou ángulos. Pola parte de fóra do vértice sur escavouse, en parte na rocha, outro imponente foxo, para defender o que parece ser a única porta de acceso ó recinto interior, relativamente ben conservada, estreita e en diagonal respecto ó eixo do muro. Foi necesaria esta escavación pois o terreo alóngase formando un bico ou morro cara o recodo do río Deva polo sur, de xeito que non puidera acometerse aquela entrada senón dando un arrodeo, para o que tiñan que expor os atacantes o seu lado descuberto. Na parte exterior deste profundo foxo quedan sinais do que puidera ser un baluarte (*strababtro*) defensivo exterior á fortaleza, composto de dúas plataformas a modo de túmulos que servirían de avanzada defensiva diante do único acceso á porta da muralla. O recinto interior non é chan de todo, apreciándose con facilidade dous planos con distinto nivel, atopándose a zona máis alta preto do ángulo leste, resultante dun lixeiro cambio na dirección do muro por aquel lado, preto de onde se sitúa un *monumento* singular rodeado en círculo por grandes pedras, que chama poderosamente a atención. Pero, en conxunto, a maior parte da meseta observa unha lixeira pendente cara u oeste, o que facilita ser ollada case na totalidade dende a Cerquiña. O *monumento* corresponde co lugar sinalado pola lenda como enterramento do *rei* e do *tesouro* da Cidade.

Segundo a tradición popular a porta (*porteira*) do recinto exterior atoparíase na zona noroeste, entre os vértices norte e oeste, a non moita distancia do primeiro, fronte ó lugar de Deva de Abaixo e do ángulo sur-leste da Cerquiña, na que segundo a lenda se instalaron os *cristiáns*. É nesa parte onde se aprecia un oco ou discontinuidade no muro, que non semella natural e podería deberse ben á ruiña da propia entrada ou á destrución e arrasamento daquela zona debido ó ataque, ou a ámbalas causas, pois a totalidade do resto do lenzo consérvase perfectamente, dentro dos parámetros habituais nas murallas castrexas. Neste lugar abunda máis que en outros tramos exteriores das murallas, a pedra ciscada, o que podería avalar tamén o relato popular. Pero por esta *porteira* tras-

pásase soamente o recinto exterior para, seguindo o foxo intramuros e rodeando por fora a muralla interior pola parte oeste e sur, chegar á segunda e única porta de acceso ó recinto interior, situada nas antípodas da primeira. Non se aprecia este dobre muro polas partes leste e sur, a excepción dun pequeno tramo no vértice norte e o profundo foxo e baluarte para protexer a entrada en diagonal ó recinto interior xa descrita, pois non deberon vulgar necesario os habitantes da fortaleza, debido á forte pendente do terreo naquelas partes, polo fondo das cales decorre ademáis o leito do Deva.

O interior do recinto principal atópase escombrado de pedra solta por todas partes, ben espallada polo chan, ben formando amontoamentos de maior ou menor volume, distinguíndose entre eles as plantas, circular e oval, de algunhas casas. O mesmo pode dicirse da zona a carón dos muros, en especial a parte exterior, e nos barrancos que rodean a Cidade.

Ó pé do vértice oeste, por fóra, existe unha construción semellante a un dolmen de pequenas dimensións. A laxa que a cobre parece escavada por dentro, formando unha minúscula cúpula. A primeira vista diríase que é unha fonte cuberta, pero nin hoxe brota alí auga nin se aprecian restos de canalización que puidera carrexala, tanto do Deva como do rego de Senande, pois das dúas partes sería posible, especialmente do nacente (Deva), pois a levada circularía sempre protexida dende a fortaleza. A hipótese como resto dun posible e rústico monumento balneario castrexo, so podería certificarse logo dun rigoroso exame ou escavación.

A tradición conta que anteriormente á ponte actual, un pontillón composto de grandes laxas con piar central e sen arcos, houbo outra *máis apegada á Cidade*, pero non aclara exactamente onde nin se existía na época castrexa ou se refire a



Camiño real na Franqueira en 1993.

outra posterior. O río Deva, naquela altura un río pequeno, cun caudal a maior parte do ano que apenas supera o metro cúbico por segundo, observa súbitas enchentes, como río de montaña, cunha cunca de recepción bordeada por grandes e altas pendentes, tanto da serra do Pedroso (leste) como de Moncelos (oeste), que apreixan a parroquia do mesmo nome na que nace. Esta característica torrencial téñoa comprobado moitas veces, singularmente violenta contra un enorme rochedo situado a uns cen metros abaixo da ponte de Petán, na carreiteira vella de Villacastín a Vigo, no que a corrente do río sofre unha desviación.

O cambio de emprazamento da ponte da Cidade puido deberse á comodidade viaria que suporía o traslado para o lugar actual e/ou o seu alagamento polas cheas, ou a ambas causas. A memoria popular ubícaa en dous lugares diferentes, o primeiro uns metros a xusante da actual e o segundo máis abaixo, a carón da denominada *fonte dos mouros*, nun recodo que fai o río pola parte leste da fortaleza, máis ou menos onde baixaría o túnel de agoada dende o interior da acrópole da fortaleza. De existir a ponte na época castrexa esta última situación parece a máis probable, non so por situala aquí varios dos informadores, senón por ser menos perigosa para a seguridade do *óppidum* e fácil de controlar dende a muralla do mesmo.

Existen, ademáis da ponte actual, tres lugares con pasais ou poldras perto da Cidade, a primeira a carón do vértice norte da mesma, cerca da ponte, nun vao no que remansa a auga fronte ó ángulo norte da fortaleza, por cuio foxo exterior profundo pasa logo o camiño, e as outras dúas ó sur, sendo a máis pintoresca a denominada do *cabalar*, composta por máis dunha vintena de pasais.

Non resulta doado facer unha medición precisa e exacta das distintas partes das que se compón a Cidade, pois atópase poboada de arboredo e matogais¹⁴, sobre todo as partes periféricas, o que dificulta a visibilidade aérea para os medios informáticos habituais. Non obstante, polo coñecemento persoal do terreo, creo que as medicións resultan bastante fiables. O recinto interior, o único con restos de construcións e polo tanto habitado, acada dende o vértice norte ata a porta sur, douscentos setenta (270) metros; o eixo leste-oeste, que vai dende o lixeiro vértice do muro onde o *monumento* circular ata o vértice oeste (*fonte cuberta* ?) cento sesenta (160) metros e a superficie deste recinto 2,14 has., achegándose ás tres hectáreas se incluímos a totalidade das defensas exteriores norte e oeste, ó que habería que engadir unha pequena superficie indeterminada correspondente ó que puidera ser o posible baluarte exterior, construído para reforzar as defensas da porta diagonal do sur.

O territorio da Cidade

O territorio municipal canicense actual forma un irregular triángulo isósceles de cuio vértice norte parte unha bifurcación montañosa da serra do Faro de Aviño que, abrazando os vales do Ribadil e Deva por nacente e poñente, baixa escalonadamente ata o Miño. Constan estes dous vales de varios escalóns perfectamente diferenciados, debido a que nun momento determinado o nivel do terreo sofre diversas rupturas na súa pendente entre os 1.100 e os 150 metros de altitude, diferencias que marcan un cambio cultural importante, percibido nidiamente pola poboación campesiña actual: *montaña* e *ribeira*, gando e viño, podendo subdividir



Calzada do camiño real con aceras, nas proximidades da Franqueira en 1993.

montañosos que non baixan nunca dos 700/800m. no oeste e 600m. no leste.

Pode calcularse entre 40 e 60 km² o espacío abarcado polo territorio da Cidade das Achas, asegúndo o alongaramos ou non cara o sur, alén do río Calvo, que baixa das montañas da Franqueira e Paradanta por unha curta pero abrupta canada²⁸ ata o Deva. Correspondería aproximadamente, na *máxima extensión*, coas actuais parroquias de Deva, Petán, As Achas, A Caniza e Parada de Achas²⁹.

Dominaría deste xeito todos os pasos montañosos do sur entre o Baixo Miño e *marinha* costeira e os *ribeiros* ourensás, situación que inflúe e pendura sobre a zona ó longo dos tempos. Pasos montañosos polos que cruzarán sucesivamente as principais vías de comunicación, dende unha suposta calzada romana de Tui a Ribadavia, o camiño medieval que a substitúe, a primeira *carreteira* decimonónica de Benavente a Vigo, as carreteiras modernas e finalmente a autovía das Rías Baixas que, curiosamente, volta ó traxecto primixenio e atravesa o cordal montañoso occidental pola paraxe con menor altitude, como no seu tempo fixeron os camiños romano e medieval, ou sexa, pola Franqueira.

Cae dentro da lóxica xeográfica que o paso natural de saída cara o leste, o alto do Burgo/O Retiro, hoxe no límite provincial entre Pontevedra e Ourense, estivera tamén baixo o dominio e control da Cidade, pois se esta estendía o seu territorio ata a serra do Pedroso dominaba *naturalmente* as alturas sobre aquel paso de saída cara Melón e as terras baixas do Ribeiro. Polo sur o límite *natural* do territorio da Cidade estaría marcado polo forte desnivel definido pola ruptura de pendente do Deva (minicentral eléctrica) que estableceu ata hoxe a fronteira entre as parroquias de As Achas e Valeixe, desnivel no que se asenta a aldea do San Martiño.

Pode afirmarse que o territorio gobernado na antigüidade dende o *oppidum* da Cidade correspondería co alto val do Deva³⁰, non variando historicamente case de *lugar central*, pasando a capitalidade nas sucesivas épocas dende a Cidade ás Achas e de aquí á Caniza, as tres situadas nun espacío que supera en pouco o kilómetro cadrado, sempre relacionadas co trazado da principal vía de comunicación mar-interior, se acaso un chisco forzado o emprazamento da primeira capital por necesidades estratéxico-defensivas.

aínda a primeira entre a de predomínio agrícola e a pastoril, correspondendo esta última ás parroquias ou aldeas situadas a máis altitude, á carón das serras, ás que ata mediados do s. XX trasladaba os rabaños a pastorear de xeito comunitario (*á rolda*).

O territorio da Cidade das Achas sería o da actual *montaña*, incluídas as serras que o circunvalan, que pechan o alto Deva e a cabeceira do Ribadil, con altitudes entre 900 e 1100 metros, abancadas por diversos *portos*

Un posible apoio á tese da *máxima extensión* territorial sinalada podería ser o feito de que nas lendas recollidas sobre o trato dado ós vellos en época remota, os escenarios sinalados na zona para o abandono sexan sempre marginais, fronteirizos e abruptos, podendo por tanto coincidir cos posibles límites das demarcacións territoriais do mundo castrexo, neste caso as estribacións da Paradanta cara San Fins (Arbo) e as alturas do Coto do Posto ou Porto e a Laxa Moura na serra do Pedroso sobre o val da Cabana (Melón). A localización destes mortais abandonos garda coincidencia coa mención estraboniana sobre o trato dado ós parricidas que *lapidaban... fóra das montañas e dos ríos*, ou sexa fóra das fronteiras tribais³¹. Algo que non me parece contradictorio.

Castros menores e outras fortificacións do contorno.

No espacio triangular que forman os vales do Deva e Ribadil existen varias fortificacións de tipo castrexo, todas de menor superficie e fortaleza que a Cidade das Achas.

Unha das máis grandes atópase na Chan das Bouzas (Na Ameixeira, entre as parroquias do Couto e Rebordechán), sendo coñecida tamén por **A Cidade** ou **A Cidade das Bouzas**, cerca do reborde montañoso que separa a cunca do Ribadil da do Miño. Consta dun so recinto alongado, de 170 (NL-SO) por 115 metros (NO-SL), e unha superficie de 1,23 has. A pesar destas considerables dimensións e do nome que recibe, de ningún xeito pode compararse coa Cidade das Achas, porque tanto as súas defensas como, sobre todo, o seu emprazamento, a diferencian. Atópase na ladeira interior do citado reborde montañoso a 540 m.de altitude, pero dominada a so uns 500 m. de distancia pola soá pedregosa da serra, que supera en todo momento os 600, chegando fronte á fortaleza ós 640 m.. Diríase a primeira vista que na intención dos seus habitantes constructores primara o escondela do val do Miño sobre a seguridade.



Posibles proxectís de fonda e balista atopados, entre outros, na Cidade, 1976.



Poldras acarón da Cidade, nun vado por baixo da ponte dita romana-75.

Deva. Neste último (Vázquez Martínez, M.A.- Gallaecia 2005) documentáronse tres estruturas de factura romana así como cerámica común tamén romana, anacos de téglas e terra sigilata, calificándoo como asentamento romano cando menos de época altoimperial. A vexetación dificulta un cálculo axeitado da súa superficie, pero en todo caso debe tratarse dun asentamento de pequena dimensión, inda que estratéxicamente situado.

No val baixo do Deva, pero a media ladeira na parte alta da parroquia de Valeixe, a 400 m. de altitude entre as aldeas de Castro de Arriba e Castro de Abaixo, existe un castro de planta circular denominado **Coto do Castro**, cunha superficie aproximada de 1,6 has., eixes de 170 por 130 metros e dous recintos, defendido da parte elevada do terreo pola valgada do rego de Portaleiras. Parece existir nel un petroglifo, que segundo referencias representan letras e algo semellante a uns *candiles*.

Un pequeno recinto circular, do que xa se falou, é o denominado **Castelo**, cerca da xuntura dos ríos Deva e Calvo (parroquia de Parada de Achas), pero semella excesivamente pequeno para consideralo un castro tradicional, correspondendo mellor polas súas dimensión a un *castella* ou fortín romano ou medieval. Atópase inzado de vexetación, o que fai difícil a medición, pero o lugar resulta estratéxico respecto das vías de comunicación, ubicándose por riba das pontes sobre o Deva (Taín-Valeixe) e Calvo (A Ponte-Parada de Achas), próximas á confluencia, lugar escondido, fragoso e mancornado.

Non conozo persoalmente outro suposto **castro**, mencionado nalgunha publicación²⁵, no lugar de **Barreiros** (Valeixe).

Pero si dúas curiosas fortificacións que puideran non corresponder exactamente co que se entende tradicionalmente por castro: o **Coto das Cavadas** (sur de Valeixe) e o **Coropelo dos Leiros** (Rebordechán), en especial a primeira. A segunda, asentada contra natura nunha pronunciada encosta a 380 m. de altitude e

Segundo referencia veciñal²⁴ conservou cara o extremo NE ata tempos recentes unha pequena construción circular coñecida como o *castillo*, do que se conserva algún vestixio. Esta fortaleza é a máis importante do alto val do Ribadil, parroquias actuais de Oroso, Ameixeira e O Couto, que conta con outros dous castros menores, o máis grande na paraxe denominada **A Cabada Vella** (*Coto do corvo*, no 1:25.000), entre as aldeas de Ameixeira e Guntín, a 563 m. de altitude, con vestixios tamén dunha pequena acrópole na parte sur e unha superficie que anda polos 5000 m²., e o segundo conocido como **O Cerco**, ó oeste da aldeña do Retiro (non confundir coa aldea do mesmo nome a carón do Burgo) a 541 m. de altitude e dominando o colado da Porteliña-Padrosos, polo que se ascende do val do Miño ás terras altas do Ribadil e

1.450 metros en liña recta da *Cidade das Bouzas* e sobre 2.000 m. do castrinho da **Cerca**, pero da banda do Miño. Consta de dous recintos, o superior, unha acrópole circular de 80 m. de diámetro e 0,5 has, e o conxunto de forma romboide, de 197 por 138 metros de eixes e unha superficie total de 1,70 has. Puidera ser un castro de ladeira, pero a proximidade á *Cidade das Bouzas* e o castrinho do *Cerco* e o que semella unha reforcificación exterior con dobre foxo no ángulo superior do rombo, desconcertan un tanto. Garda certa semellanza co suposto acampamento romano de Espinoso (As Maravillas-Ourense) e aínda co de *La Carisa* – Asturias, pois os tres conteñen un recinto circular na súa parte interna superior. Citado como *O Picouto* por Hidalgo Cuñarro nun breve traballo de prospección arqueolóxica sobre os concellos de Arbo e Crecente (Gallaecia, 1988:) di que nel atopouse *cerámica romana e un fragmento de clavo de cabeza redonda*. Esta fortificación atópase sobre o camiño que dende Rebordechán ascende ata o colado da Porteliña-Padrosos no que se asenta o *Cerco*, seguramente relacionadas, resultando curioso o achádego nos dous de material romano, aproximándose seguramente as dimensións deste ás do recinto circular da parte superior do *Coropelo dos Leiros*.



Ponte sobre o Cervés (Melón), 1981. Os escombros veñen das obras dos 70.

A segunda sitúase cerca do vértice onde se xuntan os concellos da Caniza, Arbo e Crecente, a uns 220 m. de altitude, da que foime imposible recoller entre os veciños ningunha referencia sobre os seus constructores ou habitantes, nin de mouros nin de outra clase. Non se aprecia hoxe senón unha trincheira rectilínea duns cincuenta ou sesenta metros de longo, con *agger e foxo* do lado superior que olla cara unha ermida (Ascensión?), resto de atrincheiramento que me pareceu estraño e inexplicable, a falta de mellor prospección.

Da banda oeste do cordal de montañas que separa a cunca do Deva da do Tea, os castros máis próximos á Cidade son tres: un por riba do lugar de Castro, ó leste de Covelo, non moi grande, outro no lugar do mesmo nome ó surlleste das Maceiras, que sobrepasa unha hectárea, e un terceiro de máis superficie (1,20 has.?), na marxe dereita do Tea (parr. de Campo), perto da denominada *Ponte dos Cabaleiros*, todos eles no concello do Covelo. A distancia entre os mesmos e á Cidade das Achas oscila entre 5 e 6 kilómetros.

Da banda leste ourensá existe un castro en Cima de Vila, entre A Cortella e Melón (Ourense), coñecido por *O Crasto*, sobre a espectacular gorxa pola que descende sobre Melón o río da Cabana, que baixa da serra do Pedroso e Faro de Avión polo val do mesmo nome²⁶. Neste alto e deshabitado val da Cabana di a tradición que viviron os primitivos monxes eremitas, que logo se instalarían no mosteiro. É famoso pola abundancia de *abrótegas*, planta moi apreciada para cebar os cochos e así a recollían nos setenta os campesiños das aldeas circunveciñas.

Da banda norte da serra do Faro de Avión o castro importante máis próximo é o de San Vincenzo (Avión), a uns 18 km. de distancia da Cidade, en liña recta.

Coto de Galos é o nome que, ademais dunha aldea próxima, recibe tamén un coto, hoxe bastante arrasado pola repoboación forestal dos anos cincuenta ou sesenta, no que, asegún a lenda tradicional, se instaláron os *amigos* dos *mouros* da Cidade das Achas para tentar de axudalos, no que se adiviñan febles pegada do que podía ser un *agger* circumbalatorio, arredor de dous posibles recintos concéntrico, de 1200 e 6000m² de superficie respectiva. Atópase a 810 m de altitude, ó sur do anuncio comercial do touro metálico do porto viario moderno da Fontefría²⁷. O recinto interior puidera tratarse, inda que excesivamente grande para tal función, de un recinto gandeiro, similar ó de certos curros ou malladas pastorís, pero en todo caso, moi desfigurado polas labores forestais. Moito máis probable na súa orixe pastoril fora o pequeno recinto instalado no cume do monte Pedroso (1074 m. de altitude), de 15 ou 20 m. de diámetro, do que se apreciaban restos na década dos setenta, hoxe arrasado totalmente pola instalación recente de muíños de vento.

No monte sobre os lugares do Picouto e As Fenteiras non resulta fácil distinguir se certas gaviás (e *turrións*, ou muros de terra), hoxe cheos de toxo, corresponden a vellas congostras abandonadas ou trazados de foxos, ás veces paralelos e outras en escuadro redondeado. Os dous emprazamentos resultan idóneos e dende ambos divísase perfectamente a Cidade e a Cerquiña, e tamén o coto de Cotodegalos. Nestes montes existen varias cruces sobre penedos, algunha de factura moi rústica. Hoxe por hoxe, a falta dunha detida prospección e pesquisa sobre o terreo que arroxe luz sobre a creenza popular de que nos arredores destes lugares do *barrio* de Sobradelo (As Achas) existen tamén *muros feitos polos mouros da Cidade* resulta aventurada calquera hipótese, inda que non descarto atopar no futuro calquera novo vestixio relacionado. Dende o monte por riba das Fenteiras está tomada a fotografía (3-A) da Cerquiña.

Comparación con outras fortalezas do entorno galego

No apartado anterior califico esta fortaleza castrexa como *oppida*¹⁵, basándome no contraste e comparación con outras coñecidas e documentadas, sen entrar no diferente significado que a historiografía habitual lle da a esta denominación latina, senón simplemente como fortaleza ou castro que acada certa dimensión e que constituiría posiblemente a cabeceira ou capital dun determinado territorio indíxena prerromano. Esta comparación establécese sobre todo con outros castros do mesmo entorno territorial ou rexión xeográfica ou cultural, inda que tamén con algún máis alonxado, tendo sempre en conta que a dimensión das aglomeracións urbanas da noroeste peninsular caracterizouse sempre pola súa reducida superficie comparativa ... en todas as épocas históricas. Aparte da superficie hai que ter tamén en conta a extensión do territorio que controlaba, a relevancia e fortaleza das súas defensas e valorar tamén a área realmente habitada, sempre menor que a comprendida dentro da totalidade das fortificacións, inda que sexa preciso telas ambas en conta, pois habería que defendelas sempre en caso de perigo.

Nun traballo relativamente recente¹⁶ sobre 100 *oppida* de superficie coñecida da Hispania Céltica, sinálanse catro zonas relacionadas coas distintas áreas etno-culturais, correspondendo a terceira delas á *Hispania húmida*: Galaicos, Astures, Cántabros e Vascóns, todas con *oppida* de *escaso tamaño*. Consideran os autores como



Muralla-terraplén da Cidade das Bouzas. Ollar a proximidade das alturas que forman o reborde montañoso sobre o Miño - 1975.

oppida na nosa terra somente algúns casos coñecidos, a maioría situados na zona meridional do Convento Bracaraugustano e non lonxe do mar, descartando os varios miles de pequenos castros que, na maioría, non acadan unha hectárea. Citan como *oppida*, por exemplo, Briteiros, Sanfins, Sta.Tegra, San Cibrao de Las, etc, todos de superficie igual ou superior ás 10 Has, pero tamén Castromao, con arredor de dúas has. Algo similar ocorre nas zonas dos Túrdulos, Célticos e Lusitanos, onde as superficies son semellantes e aínda menores en bastantes casos ás anteriores. Podería terse en conta ademáis, din estes autores, unha cuarta división, na que cabería incluír as *zonas marxinais*, caracterizadas pola ausencia de *oppida*, que correspondería coas montañosas e isoladas de Galicia, Cordilleira Cantábrica, Pirineos e áreas nucleares dos sistemas Ibérico e Central, algo a ter en conta tamén ó tratar do territorio das nosas *Terras de Montes* e arrabaldes¹⁷, conformadas arredor do eixo da cordilleira costeira galega, dende o nacemento do Umia ata San Martiño de Ladróns, na que resulta pouco doado atopar ningún castro por riba dos 700 metros de altitude¹⁸, sendo que na Galicia central e oriental acadan bastante máis.

Definicións similares para *oppida* dan outros autores¹⁹, sinalando sempre que *o que comezou referíndose a un establecemento fortificado, en datas posteriores pasou a desinar centros urbanos de segunda categoría, equivalendo en Hispania, como unidade de conta e referencia, a civitas e populus*. E mesmo pasando *civitas* de significar *entidade xurídico-política nos primeiros séculos do Imperio, a núcleo poboacional urbano nos derradeiros, feito que se comproba ó leer a Orosio e Hidacio*, nome que poidera estar de algún xeito relacionado coa conservación deste topónimo polos grandes castros²⁰ - como o caso da Cidade das Achas - ata a actualidade.

A pesar da singularidade que a caracteriza, a Cidade das Achas non constitúe, obviamente, ningunha anormalidade no entorno nor-bracarense galego no que se ubica. Existen, espalladas por este entorno, un número non pequeno de fortalezas con tamaño e características similares. Por exemplo:

Nome	Núcleo central	Área total	
A Cidade das Achas- A Caniza	2,14 has	3 has.	(*)
A Cidade das Bouzas-A Caniza		1,23 “	(*)
Castro de San Vicenzo-Avión	0,65 has	1,9 “	(*)
Castro Pedroso-Carballiño		0,98 “	(*)
Os Castros-Xurenzás-Carballiño	0,8has.	7,9 “ ⁽²¹⁾	(*)
A Cidade-Irixo	1,66 “	2,24 has.	(*)
Castro de Cusanca-Irixo	0,49 “	1,06 “	(*)
Cidade de S.Cibrao de Las	0,82 “	9,2 “	(*)
Castro de S. Cristobo-A Barrela		2,3 “	(*)
Novelle		3 “	(*)
Castromao		1,98 “	(*)
Trelle		2,8 “	
San Millán-Cualedro	1,4 “	1,92 “	(*)
Castro de Maceira-Covelo		1,22 “	(*)
Castro de Barcia-Campo (Covelo)		1,3 “ (?)	(*)
Castro Barbudo-Pte.Caldelas	1,52 “	2,24 “	(*)
Castro de Gaxate		1,55 “	(*)
A Cerca de Parada-Cerdedo		2,10 “	(*)
Castrodiz-Cerdedo		3 “	(*)
Castro de Erville-Mos		1,93 “	(*)
A Peneda-Soutomaioir		1,04 “	(*)
Troña-Mondaríz		1,87 “	
Cidade de Altamira-As Neves		2,7 “	(*)
Castro de Torroso-Mos		1,65 “	
Sta. Tegra		21 “	
Aloia-Tui		18 “	
Castro. de Soutolongo-Lalín		1,49 “	(*)
Castro. de Goias-Lalín	0,66 “	1,37 “	(*)
Castro de Gresande-Lalín		0,99 “	(*)
Castro. Vence-Rodeiro		1,20 “	(*)

Nota 1ª: As superficies que levan asterisco son de elaboración propia. A extensión calculouse informaticamente sobre fotografía aérea, en varios casos completada con traballo de campo sobre os propios recintos castrexos, como a Cidade das Achas, A Cerca-Cerdedo, o castro de San Vicenzo-Avión, a Cidade do Irixo e os castros de Erville-Mos, Soutolongo, Goiás, Gresande e Rodeiro nas comarcas de Deza e Camba; algúns dos primeiros para solucionar dúbidas, que resultan de atoparse ocultos pola alta vexetación na fotografía aérea e outros por serme fáciles de visitar.

Nota 2ª: En negriña aquelas que gardan máis semellanza (medidas, emprazamento e defensas) coa Cidade das Achas.


Non so as que sobrepasan amplamente en superficie ó resto (Tegra, Las, etc), senón todas aquelas que podemos catalogar como *oppida*, por superar ou achegarse ás dúas hectáreas, están situadas dentro do convento bracaragustano. Como se pode observar facilmente as medidas dos castros máis grandes da comarca do Deza, no convento lucense, Soutolongo e Goiás, que destacan amplamente sobre o resto dos daquela zona, non chegan a hectárea e media, estando a maioría por baixo da hectárea, e bastantes entre os 2000 e os 5000 m², existindo algúns castríños que apenas acadan os 30m. de diámetro, como o *castríño* da Barreira en Xaxán (Lalín), medidas e morfoloxía que os asemellan ós pequenos hill-forts do sudoeste británico.

Os máis próximos e semellantes coa Cidade das Achas serían, baixo o meu punto de vista, o *castro* de San Vincenzo en Avión, *A Cerca* en Parada de Castelo (Cerdedo) e posiblemente o castro de Barcia-Campo (Covelo). O primeiro pola súa superficie e situación sobranceira na encosta leste da dorsal galaica, a 621 m. de altitude, o segundo polo seu emprazamento nunha península entre o Lerez e o seu afluente o río da Ponte Freixeira, a 500 m. de altitude, e por conservarse no contorno inmediato vestixios de outras fortificacións²², que gardan algunha semellanza coas que rodean a Cidade das Achas, atopándose nas inmediacións a ponte (dita) *romana* de Parada²³, logo da confluencia. Non coñezo con exactitude a extensión do que denominarei *Castro de Barcia-Campo*; sei da súa existencia entre a aldea de Barcia (Campo-Covelo) e o río Tea, a 488 m. de altitude, ó oeste da *Ponte dos Cabaleiros* e que é *grande*, pero a vexetación e o arboredo que o cobre fai imposible unha medición minimamente correcta mediante fotografía aérea.

Sería interesante un estudo comparativo moito máis profundo e documentado sobre a superficie, ordenación e xerarquía dos castros galegos na súa totalidade, ou alomenos por áreas ou zonas, contando ademais con que nin todos coinciden cronoloxicamente nin a súa tipoloxía corresponde con un único modelo etno-cultural. Nin creo que a totalidade sexan realmente verdadeiros castros no senso tradicional.

A CERQUIÑA

Douscentos metros ó noroeste da Cidade das Achas, ocupando o final da penichán do monte da Moreliza e a ladeira que olla cara a Cidade, inmediatamente por riba da minúscula aldea de Deva de Abaixo (As Achas), atópase a fortificación denominada *a Cerquiña*, sobre a que, según a lenda popular, se instalaron os *cristiáns* para combater ós mouros da Cidade. Forma un recinto ovalado, difícil de definir con claridade pero vagamente poligonal, con existencia de ángulos e varios lados de aparencia rectilínea, sobre todo os que encaran a zona chan da parte alta. Componse de dous (ou tres) recintos ou subdivisións do mesmo, o primeiro ocupando a parte superior e máis chan, dende o que pode ollarse perfectamente o interior da Cidade, o segundo ocupando a encos-



A mesma función dazaioito séculos despois. As poboacións a norte do Douro (Carlos de Azeredo)

ta que olla cara esta mesma e o rego de Senande e un terceiro a modo de so-calco ou prolongación cara o S-L do recinto superior, con pegadas de atrincheiramento, pero máis febles, que puidera estenderse ata a beira dos campos de cultivo (ollar foto aérea de 1976) A orientación é moi soalleira e a acústica perfecta coa Cidade, como xa se sinalou, podendo entenderse de unha a outra parte sen necesidade de grandes berros. O eixe leste-oeste do recinto principal acadada 182 metros e o norte-sur 119 metros e a superficie total 1,72 has., correspondéndolle á parte superior 0,87 has. Se engadimos a esto a zona dubidosa do terceiro recinto, habería que sumar outras 0,30 has ou máis, o que fai que en total sobrepase as dúas has.

Entre a Cerquiña e a Cidade pasa o rego de Senande e, asegún os veciños, na parte inferior da fortificación deita / ba, no inverno, unha fontela.

Todo o recinto atópase rodeado por terraplén e foxo, que aumentan ou diminúen asegun a natureza do terreo, desaparecendo practicamente o foxo polas partes baixas cara a aldea, inda que seguramente o ocupe actualmente a congostra pola que pasa o camiño que dende o lugar de Coto de Galos descende a Deva de Abaixo. Na parte norte, que da á chan da Moreliza, o terraplén acadada os 8 m. de altura, conservando as esquinas desta zona superior como un lombiño proxectado cara fóra, que rompe un tanto cara o *agger* a continuidade do foxo, que chega nesta parte superior máis perigosa ós quince metros de anchura perto das esquinas.

Pero o *agger* non segue totalmente a morfoloxía do releve, apreciándose este detalle sobre todo na zona leste, que enfronta o vértice norte da Cidade.

Distínguense con claridade varias entradas ou portas de acceso, pero algunha puidera ser posterior á construción orixinal, construída para aproveitamento

forestal (toxo) polos campesiños do contorno. Intúense alomenos tres portas de acceso orixinais, norte, sur e oeste, na parte central de cada lado, pero parece imposible que careza de porta fronte á Cidade, pois de calquera xeito a fortificación ten relación, boa ou mala, con esta.

Do posible túnel ou trincheira construído polos *cristiáns* para ir buscar auga ó rego de Senande, non se aprecia hoxe nin rastro, pero si existe unha levada que rega os prados do Cabalar, inmediatos a Deva de Abaixo.

VÍAS E PASOS DE MONTAÑA

Se botamos unha ollada retrospectiva á cartografía existente sobre as vías de comunicación que atravesaron o territorio canicense ó longo da historia, ollaremos que, en realidade, apenas teñen variado substancialmente de trazado. O problema foi sempre por onde abancar ese tramo final da cordilleira costeira galega antes que desapareza no val polo que corre o Miño, por baixo dos cen metros de altitude. Pero, por qué abancala?; a lóxica sería que todas as vías de comunicación marcharan pola ribeira do Miño, pero non sucede así, alomenos en exclusiva, pois, a excepción do ferrocarril por razóns obvias, a vía principal polo norte do río semella ter atravesado sempre, en maior ou menor medida, pola montaña. Existen dúas razóns básicas que deberon condicionar este trazado, unha porque atalla, debido á curva pronunciada que fai o Miño bordeando o Concello de Crecente polo surlreste, e outra polas dificultades topográficas, que abarcan cando menos este mesmo Concello, que chamaron vivamente a atención dos viaxeiros foráneos decimonónicos³⁷...*as escarpadas montañas cercáronnos como un muro ó aproximarnos á estación de Frieira e o noso tren describiu unha curva ou reviravolta digna das Rochosas canadianas. Despois da seguinte estación, Filgueira, o río xurdía da súa valga de granito e corría arredor da base circular dunha montaña cónica. Chegamos a Rivadavia e o campo por todos lados estaba cuberto de bancais de viñas.*

Ou ... *de novo marxes de penedos, agora enormes e terríbeis, alternativamente ocultos e descubertos polos desfiladeiros polos que penetramos. A cada momento murallas a soste a vía. Da esquerda montañas de pedra e de viñedos e de piñal. Da dereita o río, de marxes abruptas, insuas de rocha, escarpas piramidais. O río é todo ziguizagueando entre outeiros de pedra que nós imaxinamos ou cortamos por túneles ou desfiladeiros;*



Peto das ánimas monumental en Vilarinho-Parada de Achas, 75.

grandes montañas altísimas adiviñanse aos dous lados... o país é terriblemente pedregoso e montañoso... é o Douro dez veces máis agravado e montañoso.

Xa nos mapas máis antigos, nos que non aparece trazado algún de camiños, intuímos a rota montañoso, pois figura sempre o lugar da Franqueira, mal ubicado onda o río, que, xunto co Burgo/Retiro, constitúen a entrada e a saída principal do territorio canicense. Do mesmo xeito aparece unha única rota entre a ponte da Fillaboa (Salvaterra) e Rivadavia no mapa da diocese tudense publicado en 1766 por D. Rosendo Amoedo e no de Tomás López de 1784, empatando na Franqueira ou na Ponte das Achas, coa procedente de Ponteareas e Porriño. O trazado desta vía, de orixe cando menos medieval, sofre entre a Franqueira e as Achas unha desviación cara o norte, pasando baixo a encosta da serra do Montouto (Fontefría) pola paraxe significativa de *Taberna da Canda*, coa finalidade de esquivar as fondas engrobas polas que baixan ó Calvo os regos das Bouzas e Porto do Can, para seguir logo ó leste pola penichán ata o lugar dos Carrís, cruzando o Deva na Ponte (Achas) e pola Aldea (das Achas), a Caniza³⁸ e Oroso atallar ata o alto do Burgo/Retiro, baixando logo a Melón pola Costa do Cuco. O principal paso ou *porto de montaña* de saída leste da terra da Caniza debeu situarse máis ben cara o colado no que asenta a aldea do Retiro, non acadando o lugar do Burgo este posto na cartografía seguramente ata máis tarde, en especial co trazado da nova *carreiteira* decimonónica *de Benavente a Vigo*. Existe certo confusionismo entre estas aldeas próximas ó colado (O Burgo e O Retiro), pois a paraxe da Fonte Santa, aparece nos mapas anteriores indistintamente da vertente da Caniza, a carón do Burgo, ou da de Melón, a carón do Retiro, onde en realidade se ubica, pasando pola mesma fonte o *camiño real*, que baixa ó mosteiro polas aldeas de Seoane, Costa do Cuco e Curuxal, sendo nesta baixada (*a portela e a costoiá*) onde a memoria popular sitúa a maioría das historias doutro tempo relacionadas con atracos e ladroicíos.

No colado do Retiro viñan empatar outras rotas ou variantes, a máis importante a procedente da ponte de Mourentán, que subindo dende alí pola divisoria de augas entre Deva e Ribadil pasaba este último pola ponte da Trovisca (O Couto) para bifurcarse a Filgueira ou ó Retiro ou ben atravesaba polo monte do Vieiro en dirección tamén ó Retiro por Paredes, xunguindo coa vía principal nas proximidades da igrexa de Oroso, parroquia considerada tradicionalmente na zona de grande antigüidade e importancia viaria.

A mediados do século XIX a rota montañoso principal leste-oeste sofre un cambio notable, sobre todo na parte occidental do seu trazado, pois deixa de traspasar a barreira serrana polo portos da Franqueira (Bidueiros e a Canda), ó sur do Montouto, para facelo polo norte desta mesma montaña, ascendendo pola Lamosa e entrar na meseta da Fontefría pola Porta do Boi e saír polo alto de Coto de Galos (anuncio comercial do touro), seguindo logo en curva para a cabeceira do Deva que traspasa pola ponte de Petán, voltando logo ó sur cara a Caniza. Este trazado *moderno* venlle dado pola desviación que sofre despois de Ponteareas cara Vilasobroso (influencia política de Mondariz?), que condiciona logo a ascensión a Fontefría por Paraños e A Lamosa, sendo esta a rota contemporánea máis importante, ata a construción da autovía, que volta de novo ó trazado orixinal da Franqueira, pero esta vez en forma de túnel e viaductos, que perforan a Paradan-

ta e abancan cara o leste as fondas engrobas das que fuxira o *camíño real* e a *carreiteira* decimonónica.

Sen esquecer, loxicamente, a rota pola mesma ribeira, seguindo o curso do Miño bordeando os Concellos de Arbo e Crecente, que conta tamén con variantes ou camiños veciñais de certa importancia, que tratan sempre de atallar polos altos, fuxindo das fondanadas da ribeira, como o que atravesa dende Vilar de Crecente, ou dende Crecente mesmo, en dirección ós Padrosos polo monte despoado, no medio do cal se atopa a pintoresca, solitaria e significativa hermiada da *Virxen do Camiño*, para, a continuación, pola Ameixeira e Guntín, dar tamén no Retiro e Melón.

Temos, pois, neste lugar do Retiro/Burgo un dos nós de maior importancia no entramado viario da zona, pois aquí empataban case todas as rotas transversais, para descender xuntas pola canada do río das Bouzas a Melón, Ribadavia e, en xeral, ó Ribeiro e Ourense. Non en balde estableceron aquí os monxes de Melón un portázgo, igual que na ponte das Achas e, seguramente, o *hospital* mencionado por Ambrosio de Morales na súa viaxe³⁹. Non acado a comprender as razóns para defender neste tramo outros trazados antigos que van contra da lóxica topográfica e a memoria histórica (a aldea do Coruxal debe corresponder coa *vila*, por oposición a Cimadevila), pois calquera desviación, por pequena que pareza no mapa, supón alongar o camiño e, sobre todo, subir ou baixar inútiles e fortes encostas. Tanto a situación como o emprazamento do mosteiro non foron escolmados á lixeira, pois dende aquel punto non so pode controlarse o paso montañoso cara San Martiño de Ladróns, senón a montaña mesma na que aqueles (ladróns) puideran agocharse⁴⁰.

A suposta ubicación en *lugares apartados non frecuentados, que convidaran á puntualidade, observancia e reformación*, elixindo para os mosteiros cistercienses vales *desertos e solitarios* propicios para a concentración espiritual, como recomendaban o abade Roberto e San Bernardo, o *amador do silencio*, non creo que deba aplicarse indiscriminadamente como norma, pois semella en moitos caso enganosa; tanto Melón como Acibeiro, a Franqueira, e aínda Oseira, por sinalar os máis próximos e importantes, non poden considerarse como verdadeiramente apartados; se examinamos con certo detemento o lugar no que se sitúan, ollamos que se atopan a miúdo en puntos estratéxicos e sensibles do territorio, tanto polo que respecta á colonización-ocupación de zonas marxinais como do control viario (41). E mesmamente, como sucedeu aínda en 1776 con ocasión da guerra con Portugal, tanto conventos como mosteiros da raia ourensá *ocupáronse acuartelando tropas que se preparaban para novos enfrontamentos con Portugal* (García Mañá).



Capela da Virxen do Camiño en 1975,
Crecente.

Outro *camiño vello* de grande antigüidade e importancia comarcal lembrado nos anos setenta, que pasa pola veira de varios castros e servía ós canicenses para desprazarse ás feiras de Covelo e Maceira, era o que, desviándose do principal na Caniza ou proximidades, marchaba cara Covelo e Maceira abancando o Deva pola ponte das Grades, inmediata á Cidade, ascendendo logo entre a Cerquiña e Deva de Abaixo, para bifurcarse a continuación para Maceira ou Cobelo pola Guía (de Maceira) ou por Coto de Galos.

Un dato de interés á hora de valorar a antigüidade da rota montañosa Franqueira- Achas- Melón pode ser a datación das pontes do vello camiño de Tui a Ribadavia, téndose por máis antigas a da Veiga (Louro), a da Fillaboa (Tea), a das Achas (Deva), e as dúas cercanas a Melón, sobre os ríos que baixan das Bouzas de Arriba e do val da Cabana respectivamente⁴².

A rota que traspasa o Deva pola ponte de Mourentán non é senón outro atallo *montañoso* máis curto o que decorre pola beira do Miño, que evita o dificultoso tramo de Crecente, alternativa igualmente máis curta e económica de construír e manter. Hai que ter en conta que no traxecto entre a Fillaboa e a ponte do Prexigueiro, entre os Concellos de Melón e Rivadavia, cóntanse polo traxecto da ribeira ata vinte pontes e pontellas de certa importancia e somente cinco polo da Franqueira.

Qué podemos dicir sobre os camiños de épocas anteriores á medieval? Máis ben, pouco. Non atravesa este territorio ningunha das consideradas vías romanas principais⁴³ e so de pasada sinalan varios autores, ou debuxan, unha de carácter secundario que xunquiría *Tudae* e *Auria*, sen aclarar nin documentar suficientemente se o faría pola marxe do Miño ou pola montaña, limitándose a sinalar unha serie de indicios e fontes como axuda para localizar sobre o terreo o seu trazado, como asentamentos prerromanos, mapas medievais e modernos, toponimia, restos arqueolóxicos, fotografía aérea, capelas ou petos situados nos pasos perigosos, etc. A rota pola ribeira do Miño semella contar con máis referencias, pero estas sempre son xenéricas do tipo *calzada romana que bordea o Miño* ou semellantes. Outros autores debúxana máis ou menos rectilínea sobre o mapa actual, dende a ponte da Fillaboa a Rivadavia, sen ter en conta as desviacións que impón obrigatoriamente a topografía do terreo e sen entrar en detalle.

Polo apuntado anteriormente para os camiños medievais e modernos *debedores da vella rede viaria romana* (Caamaño Gesto) creo que esta posible vía romana principal seguiría a rota da montaña, pois en principio, todas as calzadas foron construídas por e para o exército, que trataba de controlar e sorprender sempre polas alturas. Tentando adiviñar aquel senso especial atribuído ós oficiais romanos para *captar a xeografía das zonas polas que se movían*⁴⁴, tendo en conta o apuntado polos autores xa citados, que non existe un exemplo típico de calzada, senón adaptacións ás necesidades e recursos de cada lugar concreto e que as calzadas das provincias eran pobres - non digamos as secundarias - exporei unha proposta razoada, entre a ponte da Fillaboa e Rivadavia.

O primeiro paso é trazar a rota ideal, rectilínea, entre a Fillaboa e Rivadavia, para logo ila adaptando ó terreo polas zonas dominantes, a ser posible de pendentes sempre suaves, tratando en todo momento de aforrar obras de fábrica, en especial pontes. Nas alturas (cambios de rasante) soen producirse lixeiros cam-

bios de dirección⁴⁵, así como zigue-zagues nos barrancos ou pasos dos ríos, pero os arrodeos so se xustifican en caso de necesidade, como por exemplo para cruzar un río polo lugar adecuado, ou polo mellor firme. Ás veces a desviación da rota ideal vese condicionada tamén polo empate en Y con outra rota, que decorre cara o mesmo punto.


A proposta concreta sería: na ponte da Fillaboa a calzada collería a dirección da Carrasqueira, lugar de grande tradición camiñeira popular, tratando de tomar pola cabeceira os pequenos ríos que corren ó Miño en dirección N-S. Este traxecto SO-NL, pasaría entre o monte Castelo e o Coto dos Ladróns, carón da capela do Carmen no lugar da Feira para despois, polo San Roque e a Lombeira acadar Santa Cristina (hermida á esquerda, no cume do monte, ben visible dende as inmediacións da Fillaboa) e, a continuación, a Carrasqueira (capela da Concepción nun alto inmediato e tamén grande tradición camiñeira popular e feira antiga, asegún Lucas Labrada e tamén a tradición oral aínda viva nos setenta) e a divisoria de augas entre Miño e Uma, afluente do Tea, que baixa da Franqueira. Polo Porto Oscuro, dirixiríase a San Pedro de Batalláns, bordeando a abanorte do monte de San Nomedio, por riba da *Cividade* (castro grande), subindo pola marxe esquerda do val do Uma a fin de traspasar este río perto do nacemento, pasando antes entre a montaña da Paradanta (dereita asegún se sube) e o *castro*, fortificación de mediana dimensión, instalada nun esporón rochoso da mesma montaña, estratexicamente situado sobre a rota. Unha vez pasado o minúsculo lugar da Hermida, cruzaría para a dereita do Uma, cerca xa da cabeceira, e por Sendín e o Cebreiro dar na Franqueira, ó pé mesmo do porto montañoso. Dende este lugar-santuario e coma Melón antigo mosteiro, a calzada dirixiríase á paraxe de Taberna da Canda⁴⁶ ó pé da mole do Montouto polo sur, coa finalidade de evitar os fondos barrancos polos que decorren os regueiros que baixan ó río Calvo (saída oriental do túnel da actual autovía), continuando pola penichán do pe de monte ata chegar ó lugar dos Carrís e á Ponte (das Achas), onde cruza o Deva, subindo logo pola Aldea, lugar central da parroquia das Achas no que se atopa a igrexa, en dirección á Caniza, que cruzaría pola actual rúa da Calzada. Ó saír da vila polo Cacharado existen dúas alternativas, que obrigatoriamente terán que coincidir logo no porto de saída do val do Ribadil, ou sexa no Burgo/Retiro, evitando dirixirse polo alto cara Valmourisco e Cima-devila, pois terían que descender logo abruptamente sobre Melón. Posiblemente a calzada bordeara polo sur a curva en ángulo pronunciado que fai o regueiro das Bouzas ou do Marco, pasando pola paraxe da *Fontesanta* e descendendo cara Melón por Seoane, Costa do Cuco e o Curuxal, entrando en Melón pola ponte e lugar da Ponte, sobre o río da Cabana. Entre Seoane e a Costa do Cuco a paraxe recibe o nome de a Costoia, e neste traxecto de subida a carón da abada da montaña entre Melón e o Retiro localiza a memoria popular variadas historias de arrieiros, roubos e asaltos. A calzada continuaría pola marxe esquerda do río da Cabana ata a ponte do Cerves, continuando un treito a carreteira xeral ata pouco antes do Coto da Forca, onde se desvía á dereita, camiño das *mámoa* de Codesás, onde principiaba á temida *costa de Francelos*, descendendo ós zigue-zagues polo monte da Bandeiriña ata a denominada popularmente *Ponte Romana* da Portalaxe (Francelos-Prexigueiro), sobre o río do Outeiro, ou Brul, que

ven das Laceiras (Faro de Avi3n). Pero pod3a baixarse tam3n (ou subir) pola variante que vai dar 3 propio lugar do Prexigueiro, onde existen, de vello, ba3o de augas term3ais.

Outra posibilidade alternativa ser3a seguir dereito cara Quins dende a ponte do Cerves, para descender 3 val do Avia, ben por Barcia (nota 40), ben por Nobao, onde empatar3a coa v3a procedente Vilar de Condes e Pontevedra, para logo, pola Costeira e San Cristobo de Regodeig3n, dirixirse 3 *barca do Avia*, entre esta 3ltima poboaci3n e a Quinza, movida con p3rtega, que subsistiu ata a construcci3n da ponte actual dos *accesos a Galicia* nos anos setenta do s. XX⁴⁷, para seguir por San Paio de Ventosela, ben 3 ponte de Castrelo de Mi3o, ben a Ourense⁴⁸.

Creo que ten algunha significaci3n o feito de que a maior3a (ou todas) as historias de asaltos e roubos atribuidas pola memoria popular a *tempos pasados* se sit3en nos puntos sinalados como entrada e sa3da da terra canicense: arredor da Franqueira-Taberna da Canda (A Caniza) e a Costa do Cuco (Mel3n).

Un dos tramos mellor conservados actualmente do vello *cami3o real* (posible calzada romana) at3pase 3 oeste da Franqueira, no que conserva en varios anacos unha anchura empedrada nunca inferior 3s tres metros, regular pendente e grandes laxas laterais a modo de aceras e tam3n canles diagonais entalladas no empedrado, para escorrent3a das augas (fotograf3a).



Mapa de Font3n. Os dous puntos 3 norte das Achas (engadidos) ser3an a Cidade e a Cerqui3a.

Semella como que dende lonxanos tempos a Terra de San Martiño é percibida dende fóra como algo remoto, apartado, difícil e salvaxe, visión que de xeito máis ou menos explícito, continúa repetíndose machaconamente en autores posteriores ata a contemporaneidade. Dende as *grandes y desiertas montañas*, camiños *solitarios y desamparados* (habitado por) *ladrones y salteadores*, reproducido nas citas do primeiro historiador da diocese tudense, pasando polas noticias que aparecen nos dicionarios, xeografías e enciclopedias posteriores, ata sucesos e feitos históricos e tradicións orais relativamente recentes, foise amasando unha imaxe que so recentemente tende a esquecerse e desaparecer, ó cal non son alleas as *políticas* invencións dalgunhas denominacións comarcais de novo cuño aparecidas na época do *desrollismo* ou con posterioridade, como a de *terra da Paradanta*, coa que se tenta arrombar definitivamente o nome do San Martiño, non vaia ser que reapareza e carrexese tras de si a súa cauda.

Vexamos algúns destes feitos e informacións:

Lucas Labrada (1762-1842), na súa *Descripción Económica del Reyno de Galicia* publicada en 1804, ó describir o territorio da antiga provincia de Tui dinos que *todo el territorio de esta provincia se puede dividir en dos partes; la primera, que corresponde al norte y levante, montuosa, fría y esteril...y la segunda, que comprende fertilísimos valles...* para insistir pouco despois: *...los montes que se extienden desde Ribadavia hasta el occidente de la provincia son ordinariamente estériles, no producen mas que una especie de brezo, a que llaman carrasca, tan debil que apenas crece una cuarta, y solo sirve para abono o leña.*

Pero non son somente estériles os seus montes, senón que carecen de verdadeiros camiños, pois algo máis adiante cita o señor Labrada a Real Orden de 18 de xuño de 1803 pola que *se ha servido S.M. mandar construir desde Benavente a Vigo, pasando por la Puebla de Sanabria y Monterrey, con hijuelas a las ciudades de Santiago y Tuy y a la villa de Pontevedra* (un camiño-carreiteira) que *sacarará a la provincia de Orense de la miseria en que está sumergida y facilitará la comunicación con el Océano... conduciéndose por el los vinos a todos los puertos del Reyno y fuera de el.* Ou sexa que o transporte da riqueza do Ribeiro estaba impedido ou dificultado pola falta de adecuadas vías de comunicación que facilitarían a súa exportación polos portos oceánicos, de xeito que, implicitamente, se remarca a percepción negativa da terra de San Martiño, pola que obviamente debe decorrer tal camiño, como algo pouco transitábel, inhóspito, difícil e sen verdadeiras vías de comunicación para o comercio moderno.

Esta opinión xeral de que a paisaxe serrana é fea e desagradable atópase moi estendida e ollámola na case totalidade dos escritores de comezo do século XIX. Faltan bastantes anos aínda para que mude radicalmente aquela percepción, favorecida coa chegada do ferrocarril e, máis tarde, do automóbil, que permitirá desprazarse con facilidade a lugares exóticos e singulares ás novas clases burguesas, ávidas de sensacións.

Nicolás Taboada Leal ó describir o camiño de Vigo a Tui *pola costa de Erville*, que abanca pola serra do Galiñeiro³² advirte que *la vista que ofrece es poco agradable en algunos puntos á causa de las sierras y montañas que atraviesa...*



Mámoa grande do Montouto - 81.

ademais de ser o camiño *pendiente, ágrío y encostado*...porque pasa por terreo *áspero y montuoso*. Cando trata de *la Nueva carretera de Vigo a Castilla* en proxecto, volve a estenderse longamente sobre o particular cada vez que describe algún dos treitos montañosos polos que pasa, ou sexa a zona das Portelas, entre Puebla de Sanabria e A Gudiña, que denomina *las portillas*, para engadir a continuación... *así resulta que si se exceptua este paso y la parte que hay entre Melón y la Lamosa, el país trazado por la nueva carretera es tan dulce, tan ameno y de vistas tan hermosas que, como dice el Sr. Lafuente³³, pudiera llamarse la Lombardia de España*. Queda ben clara a opinión negativa que lle merece tanto *las portillas* como o traxecto *entre Melón y la Lamosa*, exactamente o que corresponde coa antiga e montañososa, estéril e salvaxe *terra* de San Martiño de Ladróns.

Algo similar aparece no Madoz¹⁰, que ó falar dos montes da Caniza di que *los montes llamados Paradanta, el Pedroso, el Vieiro y la Canda, hacen el terreno muy quebrado y fragoso*, e ó tratar da Franqueira infórmanos que *atraviesa por el término el camino real que desde Vigo va a Tuy y Ribadavia, en muy mal estado*.

En 1930 a *Geografía General del Reino de Galicia*, no capítulo do Partido Xudicial da Caniza, recalca aínda máis as tintas, *país de montaña, país frío, agricultor, de costumbres primitivas, conserva tradiciones y hábitos... con raigambre de siglos*. E continúa, *el partido de la Cañiza tomó parte activa en la guerra de la Independencia, mas en defensa propia que por el general beneficio; pero lo hizo, en fin, con valor y decisión ejemplares...el abad de Villar y Couto, D. Mauricio Troncoso, designado por la junta suprema con el título de general de los patriotas del Miño, de acuerdo con el licenciado Rivera y Salgado (de Ribadavia)...pusieron en armas el país*.

A mesma publicación ó referirse á Graña, aldea situada a 900 m. de altitude, entre outros costumes *especiales y curiosos* anota o de non serlles permitido nin deixar a primeira noiva *ni ir a contraer matrimonio fuera, constituyendo un deshonor para varones y hembras el tener relaciones y casi hasta conversaciones con jóvenes de otras parroquias*. Esta aldea montesía apenas dista da parroquia de Deva, na que nace o río do mesmo nome, oito ou nove kilómetros polos carreiros do alto da serra do Faro de Avión.

E ó tratar da participación dos habitantes de Mourentán na loita contra os franceses conta que *una mujer de esta parroquia mató a un dragón francés de una pedrada*, cita sacada do libro *Los guerrilleros gallegos en 1809, cartas y relaciones escritas por testigos oculares*, publicadas nos anos 1909 e 1910 por D. Francisco de Andrade. Algo tan exótico para o autor, que non volve citar nada semellante nin antes nin despois en todo o libro. É de supoñer, de ser verídico, que a pedra sería lanzada cunha fonda, práctica, como xa sinalamos, bastante corrente en toda a zona ata mediados do século XX.

Igualmente a orografía canicense cobra implicitamente protagonismo na obra de Samuel Eiján, publicada en 1920, pois ó describir os combates e operacións que teñen lugar en 1809 entre os paisanos da zona, axudados polos do Ribeiro, cara onde nese momento se dirixen os franceses, sinalando sempre que estes combates tiñan lugar sempre en *cuestas y puentes*, fuxindo, unha vez que eran derrotados os paisanos, cara as *montañas*. *No se halló puente-di- que no fuera reciamente disputado, barranco que no se cubriera de cadáveres ni pueblo que no se defendiera*, aproveitando sempre as vantaxes topográficas de diversos lugares, como *la cuesta de Melón*, onde *las guerrillas* arreciaron o tiroteo que xa viñan sostendo cos franceses *desde las Achas* e que durou *hasta Francelos*.

Resulta curioso como despois do combate da ponte de Mourentán os franceses non seguen o camiño da beira do Miño, senón que *tomaron desde allí la ruta y dirección a Melón, y no por esta de Creciente*. Decisión intelixente pois, ademáis do rodeo que supoñía seguir pola ribeira e a prousimidade dos portugueses, o itinerario era moito máis exposto e perigoso por si mesmo, dada a angostura e estreitez do val, dominado abruptamente polas alturas nas que se asenta a vella Cidade das Bouzas ou o Coropelo dos Leiros. En resumen: os franceses cruzaron a terra de San Martiño seguindo os dous camiños tradicionais, o da *ribeira*, máis longo, e o da *montaña*, máis curto e menos poboado, pero cando atoparon problemas no primeiro deles, en



Val do Deva dende a carretera de Parada de Achas. Ó fondo (norte) o escalón da montaña e a serra do Pedroso-Laxa Moura. 1975

ribeiro era moito máis exposto e perigoso por si mesmo, dada a angostura e estreitez do val, dominado abruptamente polas alturas nas que se asenta a vella Cidade das Bouzas ou o Coropelo dos Leiros. En resumen: os franceses cruzaron a terra de San Martiño seguindo os dous camiños tradicionais, o da *ribeira*, máis longo, e o da *montaña*, máis curto e menos poboado, pero cando atoparon problemas no primeiro deles, en

Mourentán, deixárono e atallaron por Valeixe, o Couto e Oroso cara o alto do Burgo e o mosteiro de Melón, por outra parte *cuartel general* dos guerrilleiros, comandados polo seu *Padre Predicador D. Francisco Carrascón*, onde apousentaron varios días, asegúñ Cid Rumbao. Non cabe dúbida de que a accidentada topografía do vello territorio de San Martiño de Ladróns voltou a xogar no episodio napoleónico, e o Mosteiro tampouco era a tranquila e tradicional estancia na que moraban e oraban os pacíficos monxes, nin estaba situado en lugar tranquilo e apartado, como se repite sempre sobre a suposta ubicación retirada de certos cenobios, senón nun punto crucial e estratéxico das comunicacións.

Non resulta inverosímil, por outra banda, que a memoria histórica popular lembrara aínda nos anos setenta do S.XX, despois de século e medio, tan excepcionais acontecementos, pois eu mesmo souben por unha rapaza da parroquia de Oroso, onde conflúen os itinerarios procedentes das Achas e Mourentán cara Melón, escoitar á aboa que súa tataravoa nacera no monte Pedroso, onde fuxiran os veciños coa chegada dos franceses, que *roubaban e baleiraban os hórreos para darlle de comer ós cabalos*.

Tamén o militar portugués Carlos de Azeredo recalca na súa obra³⁴ a dificultade que o terreo supuña para o exército francés: *as cheas da inverniá conferían ó Miño o valor de intrasponível, polo que deciden internarse polo norte do río para entrar en Portugal por Ourense e Chaves...tal decisión implicaba o ter que se internar por unha das áreas máis accidentadas da península, onde os camiños eran raros e malos, e onde a pobreza dos medios de subsistencia para un exército era grande. A medida que o II corpo vai subindo o Miño, a acción da guerrilla vaise intensificando e tornando cada vez máis agresiva. Os guerrilleiros galegos actuaban en combate erguendo a bandeira da propia igrexa parroquial, preferíndoa á bandeira nacional española. O II corpo avanzaba dividido en dúas columnas: unha, precedida pola división Heudelet seguía a estrada real, paralela ó río, 2 ou 3 kilómetros ó norte; a outra, precedida polos dragóns de La Houssaye, marchaba pola marxe do Miño. A columna do norte era atacada polos guerrilleiros galegos, en tanto que a que seguía xunto o río era atacada polos portugueses que seguían paralelamente polo sur, facendo constantes emboscadas. O 18 de febreiro (1809), inda a medio camiño de Ribadavia, perante a falta de cavalos, debido ás numerosas baixas, que puña en risco o transporte da artillería, Soult fai retornar a Tui os carros máis pesados e 36 canóns de groso calibre*.

Apesar dos epítetos – pobre, apartada, salvaxe, montuosa, fría e estéril - que lle dedican diversas fontes ó longo dos tempos, a Terra de San Martiño demostrou nos acontecementos históricos desenvolvidos sobre o seu territorio unha certa importancia estratéxica, como fronteira *natural* leste-oeste, entre o interior e a costa; pero tamén norte-sur, nas guerras cos veciños portugueses.

Nas treguas feitas despois de Alxubarrota entre Portugal e Castela³⁵, un dos últimos acordos consistiu en que cada reino entregara aquelas cidades e terras que tiñan tomadas ó opoñente, entre as que figuraba a devolver por parte portuguesa *Badalhouce, Tui, Salvaterra e Saom Martinho*, para o cal se establece un complexo protocolo, reféns incluídos, no que as últimas prazas en entregar a Portugal son Salvaterra, Tui e a terra de San Martiño, o que delata a función e valor desta última, cabeza de ponte ó norte do Miño e defensa natural do terri-

torio occidental e marítimo tudense conquistado por Portugal. Tui e Salvaterra son, efectivamente, prazas fortes e amuralladas, pero *Saom Martiño* non é máis que unha *terra*, que sen embargo figura con nome propio no tratado como peza de intercambio.

O reverso destes feitos serán os acontecementos da guerra napoleónica, na que a Terra de San Martiño oficia de valadar no que se intenta deter ou frear o avance francés cara o interior e, indirectamente, cara o sur (Portugal).

Tamén durante as guerras carlistas a orografía xoga un papel importante, cando o cabecilla Guillade *ocupa* momentaneamente a zona canicense, pasando e repasando o Miño dende as montañas ourensán-portuguesas.

O mesmo que cando os guerrilleiros e escapados da guerra civil do 36 se agochan ou circulan por esta zona occidental da diocese tudense, entre eles o



Muro do Castelo por baixo da aldea do S. Martiño, ano 76.

Fresco³⁶, que atravesando as montañas abanca o Miño por Filgueira (Crecente) e pasa a Portugal, nun intento fracasado de fuxir da morte: *podía ballarme a unos cuarenta y tantos kilómetros de la frontera...hice el viaje en tres noches: viajaba siempre por las montañas... por fin, tal como había previsto, despues de atravesar el puente de Filgueira, llegué a la raya seca hacia la una de la madrugada. Pero ten que voltar: pasé otra vez por Filgueira de noche y al mediodía siguiente me encontraba ya con unos amigos, compañeros de*

fatigas sobre la Graña. Nos anos setenta duraba aínda sobre os habitantes do Piñeiro (Covelo) e outras zonas serranas, unha certa fama de connivencia cos escapados, que se mostraba cando os seus veciños das partes baixas do val do Tea lle lanzaban pullas e maliciosas insinuacións sobre o particular. Pullas envoltas noutras moito máis antigas, reflexo do antagonismo entre dous modos de vida diferenciados, ribeira e montaña, agricultura e pastoreo.

Modos de vida igualmente marcados na zona da Caniza, onde durou o costume da *rolda do gando* ata ultrapasada a metade do século XX nas aldeas próximas ás montañas, como o Cebreiro e a Franqueira, na zona da Paradanta, ou a parroquia de Deva cara o Pedroso, ou os lugares das Cavadas, Ribadil de Arriba, Ribadil de Abaixo e as Bouzas, cara a Laxa Moura e o val da Cabana. E, en xeral, en toda a terra que se coñece como *a montaña*, e algunha da *ribeira* limítrofe coa mesma.

Unha imaxe de montaña e frío que perdura, sobre todo nos habitantes da zona costeira, pois cando as nevadas invernaís ou de primavera o porto da Fontefría acugúlase de automobilistas degorados por ensinar ós fillos aquela paisaxe para eles inusual. Ou a mesma romaría da Franqueira, a Virxen da montaña por excelencia da diocese tudense, santuario ubicado, igual que Melón, nun punto sensible da circulación viaria histórica.

Ata aquí tratei de describir e reflexar o mellor posible as pegadas que o tempo non borrou aínda da paisaxe e da memoria colectiva dos habitantes do alto val do Deva canicense⁴⁹. O que segue é unha mera especulación sobre uns posibles feitos que puideron ocorrer arredor da Cidade en épocas remotas, á luz das *evidencias* e constantes históricas repetidas.

A proposta interpretativa sobre o que significa aquel escenario físico e mental que se desenvolve arredor da Cidade das Achas resulta difícil – case imposible- de probar, tendo en conta que non foron levados a cabo nesta nin na Cerquiña, catas, prospeccións radioeléctricas, ou calquera outra investigación ou escavación arqueolóxica solvente, pois a tradición popular e os achados puntuais atopados ata hoxe carecen de suficiente consistencia probatoria, descoñecendo persoalmente aqueles outros sinalados no semanario *Nueva Cañiza*, así como calquera documentación relacionada cos mesmos.

Ó faltar unha escavación arqueolóxica *non queda claro se un xacemento é un castro indíxena ou unha fortificación romana* (inda que) *certo trazado rectilíneo das murallas e a curvatura do perímetro apuntan, tal vez a esto último*, comenta Peralta Labrador referíndose á fortificación do monte de Los Agudos (Campoo de Suso), documentada exclusivamente a través do traballo de campo, da que supón ser un acampamento romano de campaña, evidencias que considera, por outra parte, moito máis transcendentales que as dos acampamentos estables, *pois infórmannos realmente das campañas e dos acontecementos bélicos citados polas fontes clásicas*.

Coñecemos un número inxente de asentamentos militares romanos, moitos parcialmente escavados, pero moito menos acampamentos temporais, resultando difícil atopar restos do exército en campaña, e menos de batallas, con algunha excepción notable e puntual (Teotoburgo).

O problema principal consiste en chegar a saber se A Cerquiña é samente un simple *ensanche* da propia Cidade ou ten *personalidade* propia e diferenciada e, complementariamente, valorar se a insólita lenda que relata o asedio e toma da fortaleza polos *cristiáns* reflexa algún feito real lonxano. En plano menor quedarían as demáis pegadas descritas sobre o terreo circundante e a interpretación de algún achado singular atopado dentro do perímetro da fortaleza castrexa, non existindo dende logo calquera outra documentación escrita, antiga ou actual, que poida arrojar a máis mínima luz sobre o caso, pois *as fontes literarias sobre Hispania, e máis do sector galaico, son escasas, fragmentarias e con moitos erros...* podendo axudarnos non obstante *da etnografía e antropoloxía cultural galaica, sempre depurada* (R. Colmenero), falta de documentación nada insólita tampouco sobre acontecementos e feitos relevantes de tempos antigos, pois non samente as noticias acerca da conquista romana dos pobos do norte e noroeste peninsular son escasas⁵⁰, senón de moitísimos outros episodios de algunha relevancia histórica, pois por exemplo a pesar da importancia que lle da Flavio Xosefo na súa *Guerra Xudaica* ó asedio e toma da imponente fortaleza herodiana de Masada polo xeneral romano Silva, para o cal tivo que mobilizar varios miles de soldados e construír arredor da mesma oito acampamentos, *non se atopa*

*mención del nos anaís romanos daquel tempo*⁵¹. Mesmo o muro de Adriano, unha obra imponente so se menciona unha presa de veces na literatura grega e romana (Goldsworthy), *nin o Antonino nin ningún outro dos itinerarios romanos sinalan calzada algunha entre a vía de Emérita a Astúrica e de Olisipo a Brácará... polo que resultaría que tanto Emérita, a capital da provincia, como Scallabis, atopábanse incomunicadas*, algo que *contrasta coa abundancia de pontes, calzadas e columnas miliarios atopadas naquel territorio*⁵². Os autores romanos apenas dan detalles técnicos, e menos do exército en campaña, e nunca das campañas menores. Por non citar algo moito máis cercano a nos e valorado por eles, como son as minas de ouro das Médulas.

Unha aclaración previa: fortificacións de tipo castrexo inmediatas consérvanse hoxe en varias zonas de Galicia, tan próximas unha da outra como a *tiro de fonda*, e non samente nas orelas opostas dun río menor, un regueiro ou un barranco, senón en campo aberto, sobre todo nos cumes de montaña. É o caso do *castro grande* (sur) e o *castro da hedra* (norte), situados a menos de 200 m. de distancia, nunha penichán montañosa que divide a cunca do Arnego da cabeceira do Ulla, no Salto (Rodeiro), por riba dos 900 m. de altitude; algo que se repite mimeticamente perto da cima do Xeixo (Cotobade-Cerdedo), con dous castros situados a uns 500 m. de distancia: o *castro pequeno*, tamén ó norte a 910 m. de altitude e o *castro grande*, a 899 m. de altitude, aquel hoxe case desfeito pola plataforma dun *espavento*, e o grande ciclópeo e pedregoso.

Tamén a *tiro de fonda* están os castros de de Botos e Soutolongo (Lalín), pero cada un na marxe oposta do Asneiro⁵³, dentro da S que alí fai o leito do río, xunto da vella *fábrica da luz*, que subministrou Lalín ata case a metade do s. XX.

Seguramente existan moitas máis destas parellas castrexas, algunhas mutiladas, pois na parroquia de San Estevo de Barcia (Lalín), ademáis do *castro* habitual, consérvase, tan so a 200 metros de distancia o topónimo *castrinho*, que recibe o solar ocupado actualmente pola igrexa parroquial, que conserva no adro tumbas antropomorfas.

Non atopo explicación convincente para interpretar estes emparellamentos, sobre todo os da montaña: estratexia defensiva común?, sentinelas dun territorio pastoril disputado?⁵⁴. Pero non creo que esta clase de proximidades garden relación algunha coa veciñanza entre a Cidade das Achas e a Cerquiña. Diferente puidera ser o caso da *Cerca* de Parada (Cerdedo) e a súa relación entre esta e as dúas fortificacións veciñas (o *Coto da Mouteira* e a *Roda*), tanto pola proximidade (200 m.) como pola ubicación da primeira a nivel superior sobre a fortaleza, inda que neste caso carezamos dunha lenda que as relacione (ollar nota 22).


Podería ser a Cerquiña unha fortificación construída para atacar a Cidade como sinala a lenda?. A qué época ou período crrespondería?. Vexamos e comparemos.

O emprazamento parece delatalo, pois ocupa a mellor situación posible: domina completamente o recinto castrexo, non está dominado por ningunha altura cercana dende a que o poidan ofender, a visibilidade e acústica son inmejorables e non faltan arredor auga, madeira e forraxe⁵⁵. Cumpre igualmente ás recomendacións de Polibio en canto que, ademáis de ser un lugar adecuado para a observación, deberá selo tamén para transmitir ordenes e recibir provisións.

Cando Vespasiano se presenta diante de Jotapata pon o seu campo *nun outeiro, a sete estadios da cidade* (aprox. 1 km.), pois... *traballaba moito en que os seus inimigos o puideran ollar, porque deste xeito amedrentaríanse...* pero tamén porque *dende o montículo no que estaban os romanos ollaban como os xudeus ían tomar auga racionada a un certo lugar; dirixindo alí os tiros das máquinas*⁵⁶.

Semellantes emprazamentos de asedio podémolos ollar en diferentes lugares estudados, como no acampamento romano de Cildá, situado dous km. por riba do castro cántabro de La Espina del Gallego e outros menores relacionados⁵⁷, ou o forte (letra H) sobre o acantilado para vixiar o interior de Masada (nota 51), ou algúns dos acampamentos do cerco de Numancia.

En canto á forma non debe enganarnos o feito de non corresponder a planta da Cerquiña coa tradicional rectangular dos acampamentos permanentes, pois, ademáis da evolución sufrida co tempo por estas fortificacións, en especial logo das reformas de Mario e César⁵⁸, xa os autores antigos sinalan que a *adaptación á natureza do terreo constitúe o valor fundamental*, non dependendo por tanto, de que a forma sexa rectangular, circular, triangular ou oblonga (Vegecio), pois *non son comparables as seguridades creadas artificialmente coas que ofrece a natureza...* por eso cando erguen un acampamento *vense sempre forzados a variar o plano e adaptalo ó terreo é modificar as súas partes* (Polibio), algo que certifica a Arqueoloxía actual, con exemplos coñecidos como os anteriormente sinalados para as guerras cántabras, os do cerco de Numancia, Masada ou Alexia, senón como outros isolados e menos estudados como El Cincho – Santander⁵⁹, La Carisa-Asturias, Aguilar de Anguita -Guadalajara (nota 50), Moyapán - Asturias⁶⁰, La Muela – Burgos⁶¹, e mesmo, asegún certos autores o de Espiñoso-



O Miño en Frieira, antes do embalse. Foto de Eliseo Alonso.

Ourense, uns catro km. ó sur do castro de Trelle (2,8 has.), con 1,9 has. e forma lixeiramente rectangular. Sen descartar de todo a estraña fortificación cuadrangular coñecida como Castelo da Cerveira (Vilariño de Conso), por riba dos 1500 m. de altitude, cos seus barracóns e casamatas alongados e rectangulares, carentes do aspecto castrexo occidental.

Inda que menor o acampamento romano que máis se parece á Cerquiña sería o de *El Cantón*, descuberto en 1966 (Peralta Labrador), clasificado como *castra lunata* ou *castra rotunda* (Vegecio e César) con 7.210 m², que pudo acoller ata 800 homes como máximo⁵⁷, no que non aparecen moitos materiais por ser estacional (*castra aestivia*). O plano do mesmo mostra como, a pesar da forma redondeada, fai esquina en dous ángulos abertos.

Non repetirei outra vez a descrición morfolóxica da Cerquiña, pero si algúns datos de interese á hora de analizar unha posible actuación da artillería romana. A Cidade aséntase basicamente nunha plataforma lixeiramente basculada cara a Cerquiña, acadando a súa altitude máxima na parte leste ós 555 m., seguindo o seu perímetro aproximadamente a curva de nivel dos 540 m. A parte superior da Cerquiña, que constitúe unha plataforma de escasa pendente, sitúase por riba dos 570 m. (580 m. máxima altura) e a parte inferior, de pendente máis pronunciada, entre os 570 e os 540 m.. O seu ángulo máis baixo (S-L), dista en recto da porteira da Cidade apenas 200 metros, atopándose ó mesmo nivel.

*Hai dous medios de atacar unha praza, asalto e asedio... se o primeiro asalto é soportado de forma rigorosa o valor medra entre os asediados, o medo desaparece*⁵⁵. Se chega a demostrarse que a Cerquiña é unha fortificación diferenciada, construída para atacar a Cidade, está claro que os *mouros castrexos* resistiron os primeiros asaltos. Seguramente máis de un, pois nada máis asentarse sobre Jotapata Vespasiano combateuna *durante cinco días seguidos, pero vendo que non era doada de tomar, decidiu establecer o asedio moi en serio... resistindo a cidade 47 días*⁵⁶, algo semellante ó que tardou Cicerón no 51 a.de JC, diante da aldea fortificada de Pindenissus, durante a súa expedición de castigo contra as tribos guerreiras do monte Amanus, na Cilicia oriental (Turquía), que so logrou tomar logo de 57 días de asedio, ou Metelo, que botou 40 días diante de Tala (Alxeria), cidade rodeada por terras *áridas e desérticas*, que resistiu numantinaamente, a pesar de ser abandonada á súa sorte polo fuxitivo Iugurta. Ou moitos séculos despois a vila de Melgaço (2 has), que resistiu 53 días o asedio de D. João I de Portugal, sendo atacada cuns medios tecnolóxicos non moi diferentes ós empregados na época romana.

O exército romano, *unha armada organizada, profesional e brutal*⁶² contaba con medios humanos e materiais suficientes para dobrar a resistencia dunha pouco máis para eles que aldea fortificada, pois non iba a arriscarse a fallar nun ataque que suporía un fracaso importante para o prestixio romano, non recuperable ata dentro dun ou varios anos, ou permanecer moito tempo nun determinado lugar, o que levaba consigo serios problemas de subministro de víveres, auga, leña, material de asedio e construción, tendo que protexer constantemente as liñas de aprovisionamento, sobre todo cando o inimigo dispuña de amigos fóra da fortaleza asediada, como sinala a lenda da Cidade e parece delatar a anchura do foxo da Cerquiña cara o monte da Moreliza.

Quén poderían ser os amigos dos *mouros* da Cidade?. A lenda di que *vixiaban* os acontecementos dende dous lugares, *Cotodegalos*, a 1.500 m. en recto da Cerquiña e 800 m. de altitude, pero con barrancos intermedios que imposibilitan un ataque directo, e a cima do monte Pedroso, a 3,9 km. en recto da Cidade e da Cerquiña e 1075 m. de altitude. Os dous ben visibles dende a Cidade habitualmente en tempo de vran, inda que o segundo somente dende os torreóns do ángulo norte da fortaleza, xusto pola abertura que fai o cauce do Deva. A lenda di somente que nada puideron facer polos amigos cercados, pero a súa ubicación pode subministrar algunha pista sobre os lugares de procedencia, en especial o primeiro, pois so dende este poderían sentirse ameazados verdadeiramente os asediadores, por atoparse a Cerquiña entre este monte e a fortaleza asediada. Nada di a lenda sobre a banda leste do Deva inmediata á Cidade, na que se ubica o lugar actual das Grades, que non aparece directamente involucrado no episodio. O topónimo, que se repite con variantes pola xeografía galega, española e portuguesa, non deixa de ser suxerinte. Entre outros significados atopamos un referido a certas *covas, fosos ou trincheiras* (port.) *que pela estrada estaban armados, que os defensores do Condado Portucalense cubrían industriosamente con ramos de árbores, engradados, todo moito ben disfrazado com terra e arbustos onde atraían e se precipitaban os inimigos*, según atopou Domingos M. da Silva ó investigar o camiño da *Geira do Geres*. Topónimo que recibe tamén unha das freguesías dos Arcos de Valdevez, sobre a que existe unha lenda explicativa (Castro Caldas, Eugenio de -1994: *Terra de Valdevez e Montaña do Soajo*.) que sinala a Gonzalo de Abreu, un dos capitáns portugueses na batalla da Matanza (Valdevez) como armador *dunbas certas grades en que caíron os casteláns e El-Rei lle fixo mercé da Torre e casa da Grade, ...ardil armado en todas as montañas fronteiriças*, papel tamén desempeñado por tal *ardil* na batalla de Aljubarrota, como defensa da peonaxe das acometidas da cabaleira. Función que puidera repetirse no alto da Cruz da Grade (Cruz da Grada, no sinal viario), porto de montaña polo que pasan as vías de comunicación entre o Irixe e Lalín.

Atópase a aldea das Grades nun rechán, xunto dun pequeno outeiro arborado fronte á porta sur de acceso ó recinto interior da Cidade (ollar plano), situación da que podería virlle tamén o nome por correspondencia. Hai que ter en conta que esta porta semella ser a única de acceso ó recinto interior, polo que a súa defensa tiña un valor estratéxico excepcional, podendo por tanto tamén estar excepcionalmente fabricada, pois non pode considerarse tomada unha fortaleza se os de dentro conservan as portas, as murallas, as torres e os lugares altos da praza (Veguecio). A posibilidade de *engadir diante ás portas das fortalezas unha reixa ou grade de ferro, pendurada con cordas ou cadeas para, cando o inimigo intente entrar, deixala caer e collelos atrapados* aparece sinalada por este mesmo autor como de grande utilidade.

Dada a ubicación daqueles amigos da Cidade poderíamos supor que procedían das zonas ou vales limítrofes da banda norte e oeste das montañas, ou sexa das partes intermedia e alta do val do Tea ou mesmo da terra de Avión, habitantes dos castros de Covelo, Maceira, Campo e San Vicenzo (Avión), hipótese que encaixaría cunha penetración dos atacantes dende o sur (fortificación do



Vista xeral do Coropelo dos Leiros- 77.

Coto das Cavadas-Valeixe) ou leste (Coropelo dos Leiros- Rebordechán), as dúas rotas procedentes da ribeira do Miño, suposición actualmente imposible de determinar. Resulta non obstante curioso que a antiga Xurisdición das Achas, ademáis da parte montañosa do Arciprestádego de San Martiño, incluía a Franqueira e Uma polo oeste, e parte da cabeceira do Tea (Arciprestádego de Montes) polo norte: Barciademera, Campo, Fofe e Lougares, o que tería un encaixe coa lenda da Cidade.

Para os romanos a toma dunha cidade ou fortaleza tiña sempre importancia política, polo golpe que infrixía no orgullo e prestixio dos atacados, tratándose xeralmente da capital dun pobo ou dunha tribo importante ou levantisca, por pobre que fora.

Pero a superioridade romana estaba - ademáis das diferentes e variadas clases de artefactos de asedio, como torres⁶³, tortugas, vineas, manteletes, músculos e arietes, etc - sobre todo, na súa artillería *pesada*, coa que non contaba ningún dos seus inimigos, con enxeños poderosos como a balista ou o onagro, que lazaban frechas ou lanzas e pedras a grande distancia, *suficientes para destrozar homes e cabalos e ata as máquinas dos inimigos* (Veguecio), ademáis das convencionais, como arcos, fustíbulos ou fondas, utilizándose, máis que contra muros, contra as persoas que os defendían, coa finalidade de desaloxalos e non impediran o acceso ós atacantes e ós enxeños.

As de un brazo (elevado) ou catapultas (*onager*/onagro) podían lanzar pedras de grande peso, pero a menor distancia que as de dous brazos, as balistas (*ballistae*), que arroxaban dardos ou pedras con grande precisión, recibindo as pequenas o nome de escorpións, que mandaban tamén dardos e pedras a maior distancia que calquera arqueiro. Cada centuria levaba un escorpión móbil e cada cohorte unha

balista de grande tamaño, pero esto *variaba según as necesidades* (Vegecio). A munición ía dende o tamaño dun ovo para a fonda, dunha laranxa grande para a balista⁶⁴ ata os 20/24 kg. para un onagro, que podían colocar entre 200 e 350 metros de distancia, acadando as frechas ou lanzas máis distancia, *dependendo sempre do tamaño de cada máquina*⁶². Utilizábase *todo tipo de pedras redondas e pesadas*, pois eran máis fáciles de arroxar e lográbase mellor precisión canto máis esféricas.

Filón de Bizancio recomendaba manter as catapultas protexidas por foxos e outros obstáculos, *centrándose o tiro sobre un so branco mediante disparos sucesivos para derribar as almeas, podendo apuntar de día e seguir disparando pola noite, alterando esta clase de armas de forma decisiva a condución das guerras, dando ventaxa ó bando atacante, pois ó derribar os parapetos os defensores quedaban sen protección, podendo os atacantes traballar sen impedimento*⁶⁵. Arredor das portas do poboado fortificado da Idade do Ferro en Burnswark (Escocia) teñen aparecido disparos de artillería e proxectís de fonda atribuídos a un asedio, e fronte á ladeira menos pendente da meseta na que se asenta o castro atópase o acampamento romano, que conserva fóra do *agger* tres plataformas cadradas saíntes, atribuídas ó asento das máquinas utilizadas para bombardear a fortaleza inimiga, rodeadas de trincheiras circulares.

No noso caso está todo por probar, pero se me estendín en consideracións sobre o asedio romano foi porque as distancias e niveis entre a Cerquiña e a Cidade permiten perfectamente calquera dos disparos citados, porque nunha fotografía aérea do ano 1976 apréciase carón do ángulo S-L da Cerquiña como unha plataforma cadrada de 14 m, de lado, inda que dende o propio recinto da mesma podería perfectamente acadarse o interior da Cidade sen dificultade, pero tamén porque nunhas das innúmeras visitas que fixen á Cidade nos anos setenta atopei de xeito fortuíto, entre outros coios de xeixo (branco) do tamaño dunha laranxa grande, todos arredor dun kilo de peso, un arredondado artificialmente (fotografía), de 1,06 kg. de peso e 8 / 9 cm. de diámetro aproximado, que xa daquelas me chamou vivamente a atención. Achados casuais e puntuais, pero, polo que conta a lenda da existencia no recinto de *grande cantidade de pedras de diversos tamaños, algunhas do color do lume*, gardan exacta correspondencia cos proxectís da artillería romana descritos tanto polos autores antigos como polos arqueólogos modernos, proxectís que os castrexos non se molestarían en dar forma esférica, pois carecían de máquinas que os lanzaran, e para os que non conozo calquera outra utilidade. Atópanse tamén na Cidade outras pedras pequenas, procedentes dos leitos dos ríos, do tamaño e forma dos ovos ou mandarinas, conservando moitas un tono roxiño, seguramente polo contacto co lume, pedras que puideron, ademáis de outras funcións domésticas, ser utilizadas polos fondeiros autóctonos na defensa da Cidade, práctica que se conservou na zona como algo habitual ata mediados do século XX⁶⁶. Esta clase de pedras pequenas abundan tamén na Cerca de Parada (Cerdedo), algunhas con sinais de desgaste (dedos), posiblemente debido a ser utilizadas como morteiros de cociña e outras actividades cotiás polos castrexos.

Vestigios e restos materiais que merecerían, cando menos, unha sería prospección arqueolóxica que, de paso, intentara detectar a presenza de restos metálicos atribuíbles á posible ocupación militar romana da Cerquiña, como rega-

tóns, cravos, tacholas do calzado, etc, atopados en lugares coas mesmas características; traballos arqueolóxicos de non difícil e custosa realización, que axudarían a esclarecer e interpretar a veracidade ou non de tan orixinal e significativa historia/lenda oral popular.

Non resulta doado averiguar o número de habitantes que puido albergar a Cidade e o seu termo en tempo de paz, nin o de combatentes acantoados na Cerquiña. Calcula R. Colmenero para o convento bracarense, apoiándose en datos de outros autores⁶⁷, *unha densidade media en torno ós 16 hab/km², ou máis*, o que daría para a Cidade (e o seu territorio) entre 700 e 1000 habitantes⁶⁸, asegún supoñamos a extensión deste entre 40 e 60 km².⁶⁹, pero habería que contar que en caso de conflito puideran acollerse dentro dos seus muros bastantes máis persoas.

En canto ás cifras de ocupantes do hipotético acampamento romano da Cerquiña, as mesmas poderían oscilar sensiblemente, se consideramos as que ofrecen diversos autores para outros recintos similares. Trataríase en todo caso dun *castra minora*, so comparable con outros do mesmo tamaño e forma, sobre todo cos de campaña, sempre de menor extensión que os permanentes.

Nos cálculos de Christian Peyre para os acampamentos cesarianos da campaña do Aisne⁷⁰, considéranse varias estimación, oscilando entre 5,6 e 8,4 metros cadrados a superficie ocupada por cada soldado. Tomando a última cifra, so para a parte superior da Cequiña (8.700 m²) daría uns 1000 soldados e algo menos para a parte inferior (8.500 m²), que concordan coas que o mesmo Peralta Labrador propón para o acampamento menor de *El Cantón* (7.210 m² e 80 por 90 m. de eixes e 800 homes máximo), o que máis se asemella na forma e medidas á parte superior do noso recinto, ou sexa dúas cohortes de infantaría. O que daría un total aproximado de 2000 homes máximo para Cerquiña, sen contar as acampadas na ampliación S-O do recinto.

Datos non tan dispares cos que Y.Yadín propón para os fortes rectangulares que arrodean Masada, pois para o A, de 50 por 60 metros e 3.000m² de superficie propón 500 soldados, o que daría 6 m²/soldado.

Un posible acampamento sen estudar atópase no lugar de Espiñoso, ó oeste das Maravillas (Ourense), uns catro km. ó sur do castro de Trelle, entre o Arnoia e o Miño, de forma lixeiramente rectangular e 1,9 has. de superficie total, para o que propoñen certos autores unha *cohorte miliaria*, composta de 1.105 infantes e 132 cabalos, o que daría un total de 1.237 soldados (15 m²/soldado). Número que non me parece descabelado para a Cerquiña, na que habería que axustarse mellor ó terreo dadas ás circunstancias e no que poderían contar ademáis cun espacio extra (a extensión S-O) para aloxamento das bestas, serventes e outras persoas.

Ó atoparse o recinto principal da Cerquiña dividido en dúas partes podería deberse a ter aloxado diferente clase de tropa (lexionarios e auxiliares) ou, unha vez conquistada a Cidade, acantear na parte superior unha guarnición durante un tempo, como sucedeu en Masada, onde se fortificou para tal efecto a parte alta do acampamento principal de Silva, ou en Hod Hill (Inglaterra), onde se conserva unha pequena fortificación romana no ángulo N-O dun antigo *oppidum* tomado ós britanos pola II Lexión Augusta, ou en algúns dos castros cántabros autóctonos, como *La Espina del Gallego* (Peralta Labrador), onde se con-

servan barracóns alongados e rectangulares, nos que se teñen atopado vestixios de ocupación militar romana, supostamente posterior á toma do castro⁷¹.

Pola súa parte os *mouros* defensores da Cidade non contaban con máis armas que puideran arroxar frechas ou proxectís, que arcos e fondas *de cerda ou de liño*, as mellores asegún Vegecio, que podían acadar entre 130 e 180 metros⁷². O resto estaba na forza e valentía do seu brazo e corazón e, sobre todo, na decisión autónoma de resistir.

Como axuda para unha posible investigación posterior máis concienzuda, que puidera arroxar luz sobre posibles rotas de acceso e/ou aprovisionamento dos acantoados na Cerquiña, salientei a estrañeza dos atrincheiramentos do *Coropelo dos Leiros* (Rebordechán-Crecente) e do *Coto das Cavadas* (Valeixe-A Caniza), situados ambos a 8/9 km. da Cidade (mapa xeral). O primeiro pola súa planta romboidal (1,6 has), semellante á de outros acampamentos romanos en terreo pendente, como algúns dos construídos por Silva arredor de Masada (ou co citado de Espinoso) e o segundo por non atoparlle explicación satisfactoria ó que hoxe se conserva, un *agger* co seu foxo, de aproximadamente 50 metros de longo, os dous carón dos primeiros escarpes do val do Miño.

Sobre a época do posible asedio pouco se me ocorre con algunha seguridade, pois historiadores de prestixio non se poñen de acordo no límite da expedición de



As mans reproducidas nalgunhas estelas de Deva fan lembrar o culto a Serapis. Gardan similitude coa inscrición dedicada a esa divindade de orixe oriental en Quintanilla de Somoza-León, ou co santuario de Panoias en Vilareal, Portugal 1975.

Bruto (Miño), se esta tivo lugar polo interior ou pola costa⁷³, ou se Galicia se viu involucrada ou non na súa totalidade nas guerras cántabras. Pero se o narrado na lenda e a hipótese sostida neste traballo resultaran verídicos, os feitos terían lugar entre aquela expedición exploratoria de castigo contra os pobos galaicos que *habitan en grande parte as montañas* (Estrabón) e as guerras do *bellum cantábricum*, pois o teatro das operacións da fronte occidental *semella ser atacado por Galicia dende Lugo e dende a Limia e Montemrey*⁷⁴, algo que presuporía o dominio efectivo da parte occidental galega, para non deixar ás costas ningún inimigo, resultando indispensable para elo o control dos estratéxicos territorios po-



Castro de Valeixe en 1975.

los que pasan as vías que comunican o interior e a costa galega, sendo un destes territorios o que logo na Idade Media reciba o nome significativo de *San Martiño de Ladróns*, que tería o seu lugar central ou capital na Cidade das Achas. A respecto desta situación non debemos esquecer a constatación de que *a medida que vai avanzando o proceso de escavación dos castros do noroeste ponse máis en evidencia un certo contraste cultural entre os xacementos do norte e sur do Miño e entre os da costa e os do interior* (R. Colmenero), e que o territorio canicense participa destas dúas fronteiras, funcionalidade que se repetirá baixo distintos aspectos ata a actualidade, podendo dicir que, salvando todas as distancias, os habitantes das montañas do val

do Deva *viviron* dende moi vello dos que pasaban, pero véndose forzados a soportalos historicamente *nas ocasións*.

Quén eran aqueles *mouros* e aqueles *cristiáns* que se enfrontaron pola posesión da Cidade? O cualificativo de *mouro* ten moito que ver coa época na que se acuña, non podendo polo tanto recuar tal *fabricación* máis alá da aparición na península da *mourana* como inimiga da *cristiandade*, ou sexa, a invasión musulmana ou séculos inmediatamente posteriores. Por suposto que os *mouros* da Cidade son, obviamente, os mesmos *mouros* de toda a Galicia castrexa, considerados pola maioría dos autores como os *outros diferentes por excelencia*, exemplo de todo aquilo que o campesiño non é, algo que resulta do máis *allego a si mesmos*⁷⁵. Contraposicións, entre campesiño e mouro, que González Reboledo expón ó referirse ás lendas galegas sobre *mouros* (vg: *cristiáns / non cristiáns*), ás que eu engadiría somente a de *servidume / autonomía*, no senso de que os campesiños medievais idealizaban ós *mouros* (castrexos), considerando que gozaran de maior autonomía, posuían a propia riqueza (ouro) e relixión (maxia) e decidían sobre si e sobre os seus bens de xeito moito máis libre que eles... imaxe moi semellante á que relatan algúns viaxeiros decimonónicos que visitan Marrocos, pero en senso inverso⁷⁶.

Inda que aquel proceso pode vir xa dende a alta Idade Media, os *paganos* castrexos foron convertidos en *mouros* posiblemente nos primeiro séculos da Reconquista, cando se precisou da forza dos seu brazos contra os mouros verdadeiros, que ameazaban a *cristiandade*, nunha segunda ou terceira *romanización-cristianización* ideolóxica, na que se lle obrigou a crer ós descendentes dos verdadeiros ou considerados pagáns (menos romanizados), entre os cales ti-

vera que establecerse en grande medida forzosamente o poder cristiá debido á presión musulmana, que os seus antepasados non eran senón inimigos semellantes ós mouros islámicos, pois, no seu empecinamento e atrasada incultura (?), non se deixaban seducir con facilidade nin *entendían* os novos tempos. Por eso creo que os habitantes autóctonos da lenda da Cidade son *mouros* (perdedores) e os agresores romanos, digo *cristiano-romanos* (ganadores). Algo tan vello e tan actual: os tataravós convertidos fai mil anos en *mouros* e enterrados baixo terra e os avós actuais convertidos en *galegos* ou *gallegos* a punto de acabar enterrados tamén coas aldeas nas que viviron⁷⁷, pois imaxínaseme que o proceso ideolóxico de conversión dos castrexos en mouros puidera gardar algunha semellanza co que está a suceder coa desaparición da vida campesiña das aldeas actuais, no que os aldeáns a non moito tardar sexan borrados do mapa e convertidos nuns seres mitolóxicos idealizados, logo dun lento e profundo proceso secular de desprezo, represión e destrución ideolóxico-cultural, promovido polo poder uniformador e (supostamente) *ilustrado* contemporáneo.

Por qué chegaron ata nos, agochados nunha lenda, uns feitos tan lonxanos?. Ó tratar das lendas históricas⁷⁸ Van Gennep pregúntase pola súa veracidade: *as lendas son o eco deformado dun feito exacto...que en Europa acada tal antigüidade que hai que asombrarse de que a memoria colectiva puidera ser tan teimuda*, comenta. E raro que unha lenda se forme *deseguida dos feitos...pasa o tempo e pouco a pouco a narración modélase, complicase e fíxase relativamente*.



Suposta tumba de D. Mauricio Troncoso, adosada á igrexa do Couto- 1975.

A lembranza dun suceso do pasado é tanto máis teimuda *canto máis importancia para a colectividade tiveran presentado os feitos: unha guerra, a escravitude, unha fame, etc.* Ademáis as *lendas locais, que están xunguidas a unha fonte sagra, un conxunto megalítico, unha capela, etc...* constituíen *verdadeiros momentos etnográficos...* resultando dunha *exactitude sorprendente dende o punto de vista xeográfico e topográfico.* Ó falar noutro momento da xénese das lendas di que *nunca falta o feito real*, pero está claro que convén dar distinto valor ás narracións contadas por *unha anciá que nunca se moveu do lugar* que- por exemplo- as que proveñan *dun soldado que volta despois de moitas campañas ou guarnicións*⁷⁹. Ou ás *inventadas* por razóns turístico-culturais, como di de Francia dende comezos do s.XIX, onde as pontes ou camiños de César, pasos de Aníbal e baños ou portas de Mario proliferaron a eito dende que o alcalde dun determinado pobo lle impuxo a certo dolmen coñecido o alcume de *cabana de César*.

A lenda popular do combate entre *mouros e cristiáns* pola Cidade viviu paralela á cultura oficial (sic) e aínda ilustrada - *todo o que non é ilustrado menosprézase como retrógrado* (J. Fontana) – que a descoñeceu absolutamente, por máis que fora sobradamente lembrada, con todos os seus aconteceres e detalles topográficos concretos, polos habitantes *iletrados* do contorno. O feito de estar ligada a un escenario



Deva de Abaixo, entre a Cerquiña (esquerda) e a Cidade (dereita, case fóra da foto); ó fondo o Pedroso (esquerda) e a Laxa Moura. Entre as dúas está o Coto do Posto (poste de pedra), onde eran abandonados os (pais) vellos.- 2009.



Os dous castros emparellados no monte do Salto, Rodeiro.

cotiá tan pechado e a uns vestixios perfectamente visibles, nunha sociedade rural relativamente isolada culturalmente ata fai poucos anos, fixo que se conservara bastante intacta, inda que posiblemente perdera ó longo do tempo detalles e matices de interés, que unha recolleita máis temperá houbera rescatado a tempo.

A PAISAXE SILANDEIRA

Se dende as alturas do porto da Fontefría ollamos hoxe detidamente a paisaxe canicense, detectamos a simple vista algunhas das pegadas máis significativas que foi deixando a Historia sobre a epidermes daquel montañoso territorio. O que máis destaca na paisaxe actual son, obviamente, a recente autovía das Rías Baixas e o casco urbán da capital contemporánea, a vila da Caniza. Ambas definen con simpleza perfecta a historia do territorio. Esta vila moderna de pouco máis de século e medio de existencia *viviu* ata fai poucos anos dos transeúntes motorizados que circulaban pola carreiteira xeral de Villacastín a Vigo e facían alí parada e fonda obrigadas, contando porcentualmente cun elevado número de establecementos relacionados coa hostalería, víndolle desta función unha sona que continúa na imaxe popular, alomenos no sudoeste de Galicia.

Se retrocederamos uns cento cincuenta/douscentos anos atoparíamos a mesma estrutura básica vial e urbana: a *carreiteira de Benavente a Vigo*, que atravesaba a vila pola actual rúa *da Calzada*, a mesma pola que pasaba o vello *camiño real* e a calzada medieval, aínda que non facía moito do traslado da capitalidade, emprazada no medievo no lugar das Achas, cabeza da Xurisdición do mesmo nome, que comprendía a groso modo os territorios das cabeceiras do Deva, Uma e Tea, e atendía idéntica función camiñeira, cobrando o pontazgo no lugar da Ponte (das Achas) e ofrecendo pousada e acubillo ós viaxeiros.



Anaco de cerámica (negra) atopado na Cidade. Cara interior de 8 x 6 x 0,05 cm. 1974.

Unha calzada e un lugar central do alto val do Deva seguramente voltariamos a topar unha presa de séculos antes, pero esta vez a capital estaría pouco máis de un kilómetro ó norte das Achas, no *oppidum* da Cidade, establecida de vello naquel dificultoso solar cinguido polo Deva debido a razóns estratéxico-defensivas.

Ou sexa, que ó longo da Historia o territorio canicense caracterizouse por unha función viaria principal entre o oriente e o occidente galego, entre o mar e o interior, entre a mariña das Rías Baixas/Baixo Miño e os Riberios e o interior ourensán. E o territorio, como as persoas, *conócese* nas ocasións e as ocasións son cando hai dificultades ou conflitos. Qué sucedeu na terra da Caniza nestas ocasións?, qué foi o máis significativo que atoparon naquel territorio os constructores, pasaxeiros ou grupos pacíficos ou armados que a atravesaron, tanto en paz como en conflito?. Se voltamos unha vez máis dende o

presente ó pasado ollamos que cando se construiu a actual autopista xa se produciron notables retrasos debidos –dicían as autoridades competentes– á difícil e custosa perforación dos túneles que atravesan a cordilleira costeira galega baixo a Franqueira, debido a problemas xeomorfolóxicos provocados pola existencia da falla Uma-Calvo, que obrigou a levar os traballos con moita máis precaución da prevista. Dificultades materiais que se plantexaran máis de cen anos atrás, cando se planificou a carreteira decimonónica de Benavente a Vigo, en cuia memoria do proxecto sinálanse como dificultoso, xunto coas Portelas da Canda e Padornelo, o tramo entre Melón e a Lamosa.

Pouco tempo antes o exército francés, que se vía obrigado a dar un arrodeio para entrar en Portugal pola raia seca ourensá, atopaba as maiores dificultades loxístico-militares no tramo montañoso canicense, as mesmas dos viaxeiros e comerciantes medievais⁸⁰ e que deron lugar ó *cognome* do Arciprestádego, procedente á súa vez de outros tempos máis antigos que, obviamente, non poderían ser máis que os da alta Idade Media (loitas entre galegos e bárbaros?) ou da Idade Antiga, na que se enmarcaría a conquista do territorio e o asedio da súa capital⁸¹.

Non sería pois descabelado traspasar toda esta constante de problemas e dificultades periódicas á hora de atravesar o espacio montañoso da terra do San Martiño a etapas máis antigas, como a da conquista romana, que explicaría e daría sentido e verosimilitude ó relato do asedio da Cidade, por oporse esta a ceder pacificamente os beneficios que lle reportaba a función de controlar unha zona limítrofe e dificultosa entre a Galicia marítima e interior, sen esquecer as axudas interesadas prestadas polos habitantes da banda oriental ou occidental asegún o caso⁸².

En conclusión: sería de grande interese a realización de prospeccións radioeléctricas e arqueolóxicas, alomenos en puntos sensibles da Cidade e da Cerqui-

ña, que certificaran ou desbotaran a hipótese apuntada neste traballo, pois nada máis lonxe da miña intención que, como di Samuel Eiján, botarme *a campo traviesa por los dominios de la Historia*, senón aportar un material basicamente re-compilado fai xa case corenta anos.

Porque a non moito tardar a memoria popular explicativa daquela paisaxe do alto Deva canicense puidera voltarse completamente silandeira, ocasión sempre aproveitada para calquera manipulación ou suplantación superficial ou interesada.

Pero tamén tardei en decidirme a elaborar este relato polas dúbidas e o medo que teño de que poida no futuro trivializarse, unha vez *posto en valor* como mercancía cultural para turistas polos *ideólogos do patrimonio* de todo tipo, porque todo o que rodea a Cidade das Achas, incluída a lenda, non debe de ningún xeito cosificarse nin descontextualizarse, pois forma parte da Historia⁸⁴.

NOTAS:

1. Aínda polos anos setenta do século XX había persoas de idade que así a nomeaban e escoiteino eu dicir. Samuel Eiján, na súa Historia de Ribadavia cita a Ávila y la Cueva, que nomea unha escritura do s. XVII na que se lle chama *lugar de las Cañizas, de donde deduce que empezó por unas casetas o chozas hechas de ramas de árboles entretejidas y cubiertas de paja, a las cuales llama la gente vulgar cañizas y cañizos; y tambien por cañizas son conocidos en esta tierra los hórreos...formados por vergas entretejidas.*

O pobo chámalle *canizos* ós hórreos tradicionais e tamén ó que noutros lugares de Galicia se coñece por *cabaceiros*. Igualmente as táboas dos *ladrás*, *ladrais* ou *ladrairos* dos carros, reciben o nome de *canizas*, seguramente por estar as primitivas compostas de vergas entretecidas. Entendo que o autor sinxelamente transcribiu ó castelán un nome galego, algo habitual coñecido sobradamente e repetido aínda hoxe, por exemplo na elaboración do catastro rústico, unha desfeita cultural irrecuperable.

2. Algunhas persoas din Cibdade, e tamén Cividade, penso que por influencia da literatura dos anos trinta sobre aquela fortaleza castrexa, pero a maioría Cidade a secas.

3. Trato de empregar o máis fielmente posible as verbas escoitadas.

4. Esta circunstancia non precisa demostración, pois pode comprobarse polos sentidos.

5. Nos anos setenta do século pasado (s. XX) todos os varóns do territorio coñecían ou utilizaran de nenos dúas clase de fondas, a vulgarmente coñecida e outra moito máis sinxela, especie de simplificado fustíbulo, consistente nun pau verde de carballo de aproximadamente tres cuartas de longo, no que amarraban nun cabo, aberto en pinza, unha pedra ata o tamaño dun ovo. A sobre extensión do brazo servíalle para poder lanzar a pedra a máis distancia.

A fonda normal coñecíase na terra do Deza co nome de *zoa*, igualmente utilizada nas mesmas datas. Non me parece que teña que ver esta verba co nome *zoelas*, pero a historiografía romana sinala como as mellores fondas as fabricadas con coiro ou liño, famoso nesta tribu galaica.

6. Na zona da Caniza chaman así ó que noutros lugares de Galicia se coñece por *cancela*, utilizada como sinxelo portalón de paus ou táboas para pechar prados ou leiras.

7. A parte alta deste monte coñécese como *a chan dos mouros* e no medio da chan atópase a lagoa e arredor da mesma tres mámoas en arco semicircular polo nacente. A situada ó sur acadada uns 9m., a do leste 7m. e a do norte 14 m. de diámetro., 2m. de altura e 4m. de diámetro de cráter ou burato superior de espoliación, acugulada de pedras, algunhas de notable dimensión. A lenda popular conta deste lugar que *no medio do Montouto hai unha eira feita polos mouros da cidade, para asoallar o ouro que tiñan*. Non sei se se refire á poza, ás penas das cruces ou ás dúas cousas á vez. Dende logo o lugar foi cristianizado posteriormente, colocando as actuais cruces enriba do castelo pétreo, cerca da poza, pois *dende aquel sitio facían antigamente* (os mouros da Cidade) *as oracións*.

Podería especularse se a mámoa grande fóra a base dunha torre de vixilancia, ben construída polos *mouros*, ben polos conquistadores que os sucederon, pero que a lagoa sexa un *cráter de meteorito*, como di certa publicación, parece aventurado, alomenos sen argumentar debidamente.

A pouca distancia ó sur da poza existe, ben visible na década dos setenta, a cimentación e restos dun edificio coñecido por *casa do facho* ou da *sal*, formando un rectángulo de 7 por 14 metros, con planta en forma de U ancha, coa abertura ó mediodía, como se tivera un porche, a carón dun penascal. Seguramente un facho das alarmas fronteirizas, utilizado cando menos ata as guerras carlistas (o pretendente chegou nun momento dado a instalar o seu cuartel xeral en Vilareal-Portugal e contar cun campo de entramento en Castro Laboreiro).

O contrabando de sal foi unha constante na fronteira ata finais do XIX.

8. Ávila y la Cueva *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, 1852.

Independientemente interesa sinalar que no Concilio de Lugo (569) a cada diocese asinouelle un territorio determinado, coas correspondentes *ecclesiae e pagi*, nome este usado para designar ás igrexas de estruictio caracter rural, determinando para a de Tui entre as primeiras *Turedo, Tabulela, Lucoparre, Aureas, Langetude, Carisiano, Marcilliana, Turonio, Celesantes e Taruca*, e entre os segundos *Aunone, Sacria, Erbilione, Cauda, Ovinia e Cartess*, que corresponderían con antigas *terras* medievais de hipotética localización na actualidade.

9. O treito en que o Deva se despena da *montaña á ribeira* coñécese como *O Vento*, e nas enchentes do inverno ergue alí a auga un forte bruído, que, co vento norte, chega a escoitarse en Portugal, existindo naquel espazo fronteirizo do país veciño o dito de *mal tempo, óese a urca da Galiza*, asegún referencia do señor Rodríguez, vello canteiro portugués afincado na vila da Caniza, natural da zona. O señor Rodríguez foi o albanel-constructor do mapa de 25 m2, en relevo e a escala, existente no patio do Colexio Público da Caniza.

10. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, publicado entre 1846 y 1850.

11. Parece ser esta a denominación antiga da actual parroquia do Couto, resultando curiosa a similitudes do seu nome co da apartada e minúscula aldea das Bouzas, ubicada a carón do castro coñecido tamén como *Cidade das Bouzas*, xunto co de Valeixe o de maior dimensión do Concello da Caniza, despois da *Cidade das Achbas*.

12. Debo esta valiosa información a Dona María..., mestra que foi da vila da Caniza, que conservaba encadernado este semanario na década dos setenta e tivo a xentileza de facilitarmos. Colaboraron nel as forzas vivas máis progresistas da vila, destacando o redactor xefe D. José Benito González, mestre nacional, moi lembrado aínda nos setenta a pesares de ter desaparecido da vila dende o ano 1936.

13. Publicado por Filgueira Valverde e García Alén, este último o animador da rede provincial de informadores locais, formada, en moitos casos, polos mestres das escolas rurais.

14. Entre a década dos trinta e a dos setenta o único e solitario *arqueólogo* coñecido foi un carboeiro, que escavou varios pozos dentro do recinto, do tamaño dunha cesta grande pero de máis fondura, para fabricar carbón. Non hai que esquecer que en Deva de Abaixo funcionou ata esas datas unha ferrería.

Hoxe en día (xullo de 2009) o recinto atópase convertido nunha xungla impenetrable de xestas, toxos e silvas, que fai imposible de todo punto calquera mínimo rexistro siquiera visual de tan excepcional fortaleza castrexa. Por contra a Cerquiña consérvase moi similar a como estaba nos setenta, samente cos toxos algo máis medrados.

15. No sentido tradicional considérase *oppida* unha fortaleza *central* á que acollerse en caso de necesidade as poboacións circunveciñas. Un exemplo típico en Galicia sería o monte Aloia (Tui), no que apenas se descobre densidade habitacional, pero acada alomenos, unhas 18 Has., chegando a máis de trinta, se engadimos a totalidade dos recintos. Certos historiadores estiman en un home por metro de muralla perimetral o número preciso para defendelas. Tendo en conta que o perímetro menor do monte Aloia acada uns 1500 m., significaría outros 1500 homes útiles como defensores, cifra que sumada ó resto da poboación acollida daría unha cantidade notable, superior ás catro ou cinco mil persoas, difícil de precisar cun mínimo de rigor, debido á falta de máis estudos sobre o particular.

16. *El área superficial de los "oppida" en la Hispania celtica* (1995). Martín Almagro-Gorbea, Antonio F. Dávila

17. Son dous os Arciprestádegos galegos *de Montes*, o primeiro na diocese de Santiago, con centro no mosteiro de Acibeiro (Forcarei) e o segundo na diocese de Tui, con cabeza na parroquia de Barciademera (Covelo). O Arciprestádego de San Martiño sería continuación do segundo pola zona montañosa cara o sur, ata chegar ó Miño, seguindo as serras do Faro de Avión - Pedroso, Montouto, Paradanta (A Franqueira), Chan do Rei e San Fins (Arbo).

18. Algo similar ocorre aínda hoxe coas aldeas: no oeste do Miño as situadas a máis altitude rondan os 800 m., entre elas varias da zona como A Graña (Covelo), Moncelos (A Caniza) ou A Lagoa ou Coveliño das Laceiras (Avión); na zona central a máis alta e Povadura, perto de Oseira, a 900 m.; pero na zona das serras orientais soben estas aldeas ata os 1200 - 1300 m., como Chaugazoso ou Pradoalvar, na parte oriental da serra de Queixa, lugar este último sobre o que se ergue a singular fortaleza do *Castelo da Cerveira*, por riba dos 1500 m. de altitude.

19. Antonio Rguez. Colmenero. Monografías 7, 1995. Museo Arq. da Coruña.

20. As denominacións de *cidade, cividade, cidá, cibdá, sidá, etc.* resúltanme descoñecidas para a área do convento lucense. Esfúmanse como por encanto, como os grandes castros ó pasar da zona galega bracarense (sur de Pontevedra e noroeste ourensán) á lucense (Ulla e Deza), sen que tal cousa signifique a non existencia na primeira dos castros de menor tamaño.

21. Castro imponente composto de varios recintos defensivos concéntricos e labirínticos, situado en zona chan, sómente a 1,7 km. do Castro Pedroso, no alto do monte, entre os que decorre unha especie de camiño-trincheira singular e outras curiosas e enigmáticas fortificacións.

22. Visitei varias veces esta fortaleza castrexa, de regular extensión (2,10 has) e ben atrincheirada entre os ríos Lerez (alí dinlle Lerce/Lerze, ou *riño grande*) e o da Ponte Freixeira (dinlle o *riño pequeno*), na que se ten atopado cerámica, muíños de man e outros obxectos líticos. No contorno inmediato hai varios abrigos (denominados fornos de diversos santos, a *casa das cabras*, etc.), un pasal de grandes e gastadas poldras (*os pasos*), co oco do calzado ben marcado, sobre o río pequeno, antes da confluencia. Da banda oposta do Lerce, a menos de 300 m. en liña recta, existe outra fortificación coñecida como o *Coto da Mouteira*, dende a que se pode ollar o interior da Cerca perfectamente, pois a meseta sobre a que se asenta atópase inclinada ó oeste e a máis baixo nivel. Da mesma banda oeste, pero 500 m. máis ó norte, existe outra fortificación, coñecida como *A Roda*, pola súa forma, na ladeira do monte. Pero o que non atopei neste caso foi lenda algunha semellante á da Cidade das Achas, inda que coñezo familiarmente o escenario. Eso si, na Cerca vivían os *mouros*, que fixeron *os pasos*, a *corte das cabras* e *os fornos dos santos*, pasais sobre o río pequeno, abrigo imponente tamén carón do río, no que había unha lareira na que xogaban os nenos cando ían co gando e varios abrigos no monte dos *bicos*, cada un de seu santo, no que se metían tamén os nenos pastores; todos arredor do castro.

23. Obviamente, posterior á época castrexa. Debe existir un erro sobre esta ponte no traballo *Los caminos medievales de Galicia*, de Elisa Ferreira Priegue (Boletín Auriense 9, 1988), pois ó falar do *camino breeiro* que ía *por Vilariño, A Granxa, O Vieiro, Liñares, A Mâmoa*, etc, di na pax 111: "cruza el Lerez por un puente romano, el de Parada, que no existe", sendo que realmente existe, non sei se romano, pero si de aparencia moi antiga, ó que se accede dende Vilariño (ou Villeriño) pola calzada coñecida como *camino da ponte ferreira*, que abanca o Lerez pola propia *ponte-parada*, inmediateamente logo da xuntura dos dous ríos que rodean o recinto castrexo.

24. Debo esta e outras interesantes informacións, tanto de carácter arqueolóxico como etno-gráfico, ó señor Recaredo dos Padrosos-Crecente.

25. *A Cañiza*, Servicio de publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, 2002. Autores varios.

26. Foi esta a única denominación de *crasto* e non *castro* que escoitei na zona, pero ben puidera ser influencia portuguesa, pola enorme emigración a aquel país veciño de xentes destas comarcas, ata mediados do século XX.

27. Este lugar, sinalizado por Obras Públicas como *Fontefría*, coñécese no contorno como alto de *Coto de Galos*, derivándose a denominación oficial do regueiro que, procedente da ladeira norte da montaña do Montouto (Fontefría), baixa cara o noroeste, saíndo da meseta cimeira pola *Porta do Boi*.

Hai que ter en conta que o nome de *Coto de Galos*, corresponde tamén a unha aldea situada por baixo do coto do mesmo nome.

28. Esta profunda canada do río Calvo óllase hoxe perfectamente ó saír pola boca oriental do túnel da autovía das Rías Baixas, que fura por baixo do lugar e santuario da Franqueira, por onde abancaban a serra a suposta vía romana e o camiño medieval.

29. A parroquia da Caniza carece de raigame histórica, pois é de recente creación, ó ubicarse alí definitivamente o Concello na Idade Contemporánea.

30. O alto val do Deva corresponde con bastante exactitude co que a sabiduría popular define como *montaña*, para diferencial de *ribeira*, lugar no que se produce viño, feito que ten lugar somente por baixo da curva de nivel dos catrocentos metros aproximadamente.

31. As lendas sobre o costume ancestral do abandono dos pais chegados á ancianidade agroma nas dúas bandas do Miño, ben por mergullamento no caso portugués, chimpando ós anciáns dende unha pena no *poço da Ola* no río Cabreiro, cercano ó *castro das necesidades* (Arcos de Valdevez); ben por abandono no monte no caso galego, cun pan de centeo e unha manta, sinalando neste caso como escenarios de tais abandonos as alturas de San Fins (estribacións montañosas entre os Concellos de A Caniza, Arbo e As Neves) e o Coto do Posto no Pedroso (linde entre A Caniza e Melón). Os dous, límites do posible territorio atribuído á Cidade, na súa máxima extensión. Pero hai que ter en conta, no caso galego, que a información sobre o primeiro caso recolleuse na zona das Touzosas, perto de Mourentán (Arbo) e o segundo na Caniza.

Pero esta historia ou lenda tamén a coñecían na Franqueira, onde relatan que ó despedir ó pai e *darlle a manta e a petada de pan* dicíanlle: *adeus meu pai, que me fixeche adoecer*.

Existen no Portugal minhoto outras referencias, citadas por Bouza Brey, F. e Taboada Chivite, X., pero non esta citada do río Cabreiro.

Sobre o despenamento dos condenados a morte véxase Bermejo Barrera, J.C. : *La sociedad en la Galicia castreña*.

32. N. Taboada Leal, *Descripción topografico-historica de la ciudad de Vigo, su ria y alrededores*, 1840.

33. O Sr. Lafuente e o segredario da Xunta Directiva creada para fomento da nova carreiteira, á que el mesmo presenta en 1838 unha memoria sobre o proxecto.

34. Carlos de Azeredo. *As populações a norte do Douro e os franceses em 1808 e 1809*. 1984.

35. Fernão Lopes. *Crónica de D. João I*

36. Victor F. Freixanes. (1980): *O fresco. Memoria dun fuxido - 1936*.

37. O primeiro texto corresponde a Annette Meakin (*Galicia inédita - 1909*). O segundo a Fialho de Almeida (*Cadernos de viagem - 1905*) que describen o traxecto entre Arbo e Filgueira.

Percepcións semellantes observan outros autores ó viaxar en tren entre Tui e Rivadavia.

38. Basicamente a vila da Caniza estaba formada ata 1970 por dúas rúas: a *calzada* e a *calle do Progreso*, a segunda herdeira da primeira, pois ó construírse a nova carreiteira de Ourense a Vigo os automóviles non podían transitar pola *calzada* debido á estreiteza, recibindo a nova rúa circumbalatoria, como tantas outras daquel entón, o significativo nome de *Calle del Progreso*. O camiño real saía da vila polo barrio do Cacharado, algo separado, pois seguramente noutro tempo foi lugar de seu. Na carballeira do Cacharado, bifurcación do camiño cara Melón, Filgueira e Valiexe, estivo ubicada a feira da Caniza, ata a súa desaparición.

39. Pero puidera estar no Retiro, lugar na mesma rota e moi próximo ó Burgo, pois a tradición local conta que nesta aldea tiñan os monxes unha casa, á que se retiraban a *descansar*. Non hai que confundir coa minúscula aldeña do mesmo nome ó norleste dos Padrosos, onde semella existir un pequeno castro.

40. A memoria popular local sitúa no val da Cabana, pola que decorre o río dese nome, que nace na abrupta fenda que divide as serras do Pedroso e Faro de Avión, o lugar de asentamento dos primeiros eremitas, que logo ocuparían o mosteiro, val considerado polos habitantes do contorno como moi abondoso de xabarís e outras especies cinexéticas.

Dende os lugares máis altos desta zona, as Bouzas de Arriba e a Cortella (a 750 m. de altitude as dúas) pode ollarse, nos días limpos, non so o traxecto do camiño procedente de Ribadavia senón a aínda a mesma cidade de Ourense.

Ata os anos sesenta do século XX foi costume no Ribeiro mercar carros de toxo verde na *montaña*, para enterrar nas viñas, sendo un dos máis importantes centros de referencia neste negocio o lugar do Burgo, por empatar alí os camiños procedentes das aldeas limítrofes da montaña, como Ribadil de Arriba, as Bouzas de Arriba ou a Cortella. Estes carros, estibados profesionalmente por aldeáns expertos, baixaban ó Ribeiro preferentemente os días de feira de Ribadavia, para deste xeito aproveitar o retorno. Pois ben: *antigamente* (expresión popular) se o facían baleiros voltaban pola *empinada costa* de Francelos, atallando cara Melón pola ponte do Cervés, pero se levaban carga, facían o *remanso*, dando un arrodeo por Barcia e Quíns e confluír así mesmo na ponte citada, por ser este camiño menos dificultoso. A información do último anaco débolla a César Chousal, natural de Ventosela.

41. A Franqueira atópase no *porto-entrada* oeste da montañosa terra de San Martiño; Acibeiro constitúe a cabeza do Arciprestádego de Montes da diocese de Santiago, *montes* polos que atravesan o tramo Candán-Testeiro os camiños vellos entre Lugo e Pontevedra e entre os riberos ourensás e Santiago e Pontevedra; do mesmo xeito Oseira apostarse entre as serras que albiscan as rotas que comunican os riberos ourensás coa cidade de Lugo, por Cea, ou con Melide e Betanzos pola Portela de Coiras, camiño que transitaron as recuas dos *augardenteiros* e *carboeiros* de Carboentes (Rodeiro), coa súa carga de augardente, xamóns, carbón de uz e toda clase de mercadería miúda, entre os riberos de Ourense e as cidades das *marinás* coruñesas, alomenos ata o primeiro tercio do s. XX.

42. Alvarado Blanco, S., Durán Fuentes, M. e Nardíz Ortíz, C. (1991): *Pontes históricas de Galicia*.

43. *O Itinerario de Antonino menciona apenas algúns camiños; moitos máis había, e non todos os que o Itinerario non cita se poderían calificar de secundarios*, apostilla Jorge de Alarcão.

Entre outros autores coñecidos que tratan sobre as vías romanas en Galicia: Rodríguez Colmenero, Ferreira Priegue, Caamaño Gesto, Alvarado Blanco e Estefanía Álvarez.

44. Hamey J.A. (1974): *Los ingenieros romanos*.

45. A maior parte das características sinaladas para estes camiños e calzadas poden ollarse nidiamente, por exemplo, no tramo comprendido entre a *Ponteormeiro* (Cristimil-Lalín) e o *campo* ou *campa dos lobos* (Lebozán-Lalín), correspondente a un dos *camiños reais* que xunguía o Ribeiro con Santiago pola banda leste da serra do Testeiro, utilizado polos habitantes daquela zona de Deza para *baixar* cos seus carros ó Ribeiro ata os anos corenta do s. XX. Decorre sempre pola divisoria de augas, pasa rente mesmo dos catro castros do traxecto (Cristimil, Gresande, Soutolongo e Lebozán), este último singular e estrano, diferente dos outros tres tanto pola ubicación, morfoloxía e mesmo nome (*A Cerca*), segue unha dirección case rectilínea, sómente alterada nos cambios de rasante dos altos, non pasa por unha soa ponte, etc. Conozo perfectamente o tramo sinalado pero o camiño continúa cara o sur logo do *campo dos lobos*, polas inmediacións de outros grandes castros, como *a cidade* (castro e parroquia) do Irixo ou *castropedroso* (Xurenzás), cara o Carballiño (Lás?) ou o Ribeiro (Castrelo de Miño). A única novidade recente no trazado son algúns curtos escuadros, debidos a desviacións perimetrais nalgunha finca particular.

O feito de deixar de lado moitas aldeas e os lugares centrais de varias parroquias importantes, como San Estebo de Barcia, por non variar a traxectoria case rectilínea pola divisoria de augas, divisoria aínda hoxe poboada de mámoas, algunha de considerables dimensións, desaparecidas bastantes debido ás transformacións sufridas polo monte en pradería nos anos setenta, fai pensar no reaproveitamento dunha vía anterior ó medievo.

Nas varias veces que o teño recorrido no verán observei tamén o feito curioso de que na maior parte do percorrido sopra case sempre certa brisa que, segundo referencias dos vellos da zona, facía o traxecto máis agradable e, sobre todo, que non moscaran os animáis de tiro utilizados para o transporte do viño nas *baixadas* ó Ribeiro, e así o certifica en varios lugares a propia toponimia con denominacións como *penaventela* e semellantes. Baixadas ben aproveitadas, pois na ida levaban a *estaca* e na volta pipas de viño; e de paso recollían a semente do millo pola Ermida e a

Romiña ou Rumiña (tamén se conocía esta vía como *o camiño da Romiña*, paraxe situada cerca do alto, na baixada da parte de Ourense), pois dicían que melloraba logo a colleita con este intercambio e alternancia.

Unha mámoa imponente consérvase hoxe a carón do camiño real, a man dereita nunha carballeira, pouco despois de coller unha desviación deste camiño, entre Vistaalegre (Soutolongo) e Barcia.

46. O topónimo *Taberna da Canda* fai alusión a certo mesón ou casa instalada nas proximidades onde empataban os vellos camiños procedentes de Tui e Pontearreas, paraxe tamén moi relacionado coas historias de ladróns, arrieiros e contrabandistas, vivas aínda nos setenta na memoria popular.

No cumio da Canda (Montouto), un kilómetro ó norte aproximadamente por riba da taberna da Canda, atópanse as ruínas da *casa do facho*, ou *casa da sal*, xa mencionada.

É moi corrente ollar como nas *Ordenes* emitidas polo *Intendente General del Reino de Galicia* no s. XVIII ínstase ás autoridades das provincias de Ourense e Tui para que atallen por tódolos medios ó seu alcance o contrabando de sal procedente de Aveiro- Portugal.

Ó referirse a estes fachos di García Mañá, J.M. (*O Miño: existiu unha fronteira?*, 1993) *que estaban atendidos por unidades de seis homes...tendo o encargo de sinalar, facendo lume e fume, os movementos do inimigo. Por eso sempre se situaban no cumio dos outeiros e montes que permitisen dominar unha extensión importante de terreo.*

O feito de sinalar A Franqueira como porto de entrada oeste á terra de San Martiño hai que entendela de modo xenérico, pois os portos de montaña reais estarían entre este da Taberna da Canda (788 m.) e o alto de Bidueiros (749m.), os dous un chisco ó leste da Franqueira.

47. Esta barca, gobernada con pértega, non tiña a categoría da barca do Miño, que comunicaba Rivadavia coa Arnoia fronte ó lugar da Barca que contaba con remos e podía transportar carros cargados de ata tres bocois de viño, constituíndo o antecedente da *ponte nova*, situada entre esta barca e a ponte de Castrelos, de infausta memoria.

48. Cartogarfía utilizada:

Follas 1:50.000, de 1943.

Follas 1:25.000 de 1988 e 2002. do IGN.

Folla 1: 200.000 (*Orense*), do Mapa Militar de España de 1972.

Mapas de Rosendo Amoedo, Tomás López, Fontán e outros.

49. Existen dous ríos deste nome que verten no Miño a pouca distancia, pero en marxe opostas. O do norte nace na parroquia canicense do mesmo nome, entre as serras do Pedroso e Moncelos. O homónimo ourensán do sur, máis caudaloso, decende das montañas de Castro Laboreiro (Melgaço-Portugal).

50. Morillo Cerdán, A. (1991): *Fortificaciones campamentales de época romana en España.*

51. Yadín, Yigael (1999): *Masada.*

52. Blanco Freijeiro, A.(1977): *El puente de Alcántara y su contexto histórico.*

53. Os paisanos dinlle Orneiro e *ponteorneiro* á ponte vella do *camiño real* (nota 45) que o traspasa entre Cristimil e Prado, para xunguir ós poucos co que vén de Lalín e a Laxe na Borralla, antes de abarcar xuntos o Deza pola *pontetaboadada*, entre Parado (Lalín) e Taboada (Silleda).

54. Este posible interés por marcar e defender o territorio pastoril das chans montañosas fai lembrar as posteriores disputas entre Camba (Rodeiro) e Requeixo (Chantada), pola posesión da capela/virxe do Faro, coa súa cauda de pelexas ata mediados do s. XX, ou entre Lueda (Lunedá) e a Franqueira polo mesmo, solucionadas ambas mediante *xuízo de Deus*, colocando a santa enriba dun carro de bois, que decidiron a propiedade partindo por *decisión divina* cara Requeixo e a Franqueira.

55. Flavius Vegetius Renatus.(383-450 a.J.C.): *Epitoma rei militaris.*

56. Flavio Josefo.(s.I d. JC): *A guerra dos xudeos.*

Hai que ter en conta que Jotapata asentase nun montículo rodeada por dúas murallas concéntricas, a primeira próxima á base e a segunda sobre unha acrópole rochosa, de 300 e 100 m. de diámetro aprox. cada unha, e seis e unha has. respectivamente. Inda que de menor extensión a situación e morfoloxía de Jotapata parécese un tanto á do castro galego de San Cibrao de Las, pero máis encostada. Arredor dela esténdese un terreo chan, o cal pode explicar a distancia entre esta e o campo de Vespasiano, moito máis alonxado que a Cerquiña da Cidade, separadas estas por un fondo barranco.

57. Peralta Labrador, E. (1999): *El asedio romano del castro de La Espina del Gallego (Cantabria) y el problema de Aracelium*.

58. *A documentación de acampamentos de época Republicana... semella apuntar na dirección de que non existía unha norma única, senón adaptacións diversas asegún as circunstancias concretas e a natureza do terreo... non seguindo unhas normas tan estrictas como os textos dos tratadistas en castramentación poderan levarnos a pensar... polo que tan so unha escavación científica de cada recinto atopado pode aportar algunha luz ó respecto.* (Morillo Cerdán, A, 1991).

59. García Alonso, M.(): *El Cincho, un campamento romano de las Guerras Cántabras en terras campurrianas*.

60. González Alvarez, D. e Menéndez Blanco, A.(): *Posible acampamento romano en el pico de Moyapán*. Sen confirmar, pero con analoxías, para os autores evidentes, cun dos ángulos claros.

61. Tense por acampamento romano, a pesar de que a única obra de fortificación consiste nun foxo que pecha a parte superior do recinto, so accesible por unha porta en *clavicula*, estando o resto defendido por unha fenda natural.

62. Goldsworthy, Adrián, (2005): *El ejército romano*.

63. Inda que moi posterior, unha descrición detallada desta clase de escadas e torres de asalto similares ás descritas polos autores antigos, podemos atopala na crónica de Fernao Lopes ó tratar sobre o asedio e toma da vila de Melgaço pola hoste de D. Joao I a finais do s.XIV, no que as *pedras de man* continúan a ter importancia.

64. No sector do ataque á fortaleza de Masada polos romanos atopáronse centos de pedras balísticas *do tamaño das laranxas*, redondeadas artificialmente, habendo outras como as *mandarinas*, estas *sen traballar*. Y. Yadín afirma tamén que as máquinas guindaban pedras de un talento (24 kg.) a unha distancia de dous estadios (280 m.). A potencia era tal que F. Josefo comenta durante o asedio de Jotapata que *un dos homes que estaba na muralla detrás del, arrincoulle a cabeza unha pedra, que saíu disparada como unha fonda a unha distancia de tres estadios*.

65. Barreiro Rubín, V.(): *La guerra en el mundo antiguo*.

66. Refire Caro Baroja J. (*Los pueblos del norte*, 1973), basándose na obra *La gallega Mari-Hernández* de Tirso de Molina, como ós escritores do s. XVII lles chamaba a atención que naquela época en Galicia levaran fonda aínda as mulleres. Pero é que en 1999 contábame o señor Gil, conserxe do Instituto Municipal de Educación de Vigo e natural das Achas, como todos os rapazoulos do seu tempo levaban *fonda* habitualmente e como un día, ó escaparlle as vacas para unha leira de millo da outra banda do Deva, *co apuro collín a fonda e comecei a mandarlle coios do río, con tal má sorte que lle din a unha nun corno e partinllo*, accidente polo que recibiu na casa unha reprimenda monumental. Do mesmo xeito a utilizaron ata a posguerra os rapaces do Deza, pero co nome de *a zoa*.

Outro xogo de nenos e mozos (Deza) era o da *cañota*, unha mestura de hokei e golf, para o que se precisaba tamén unha pedra redonda ou redondeada, do tamaño dunha pelota de tenis, inda que podía variar. Pero non conozo ningunha do tamaño dunha laranxa grande e ademáis o solar da Cidade, cheo de pedra ciscada por toda a parte, non semella lugar adecuado para desenvolver tal xogo da *cañota*, ou similar, pois precisa de lugar chan e despexado.

67. Pastor Muñoz, M.(1977): *Los astures durante la época romana*; capítulo terceiro, apartado *La demografía y los movimientos de población* (pax 221 e seguintes). Nas que fala tamén do *bandlerismo* das tribus norteñas.

68. Cifra non desprezable, comparada coa dos pequenos castros do convento lucense, a maioría rondando o centenar de habitantes/castro. Cifra esta da centena, non sei se por redonda ou por outra causa, sinónimo de multitude na opinión dos campesiños de certa idade pola primeira me-

tade do s. XX na comarca de Deza, utilizada, por exemplo, en certos contos, lendas e historias, ou para definir a categoría dos enterros. O mesmo que a cifra dez:.

69. En 1977 o Concello da Caniza, máis extenso que o territorio suposto para a Cidade, rondaba os 3000 hab., non chegando a vila ós 1000 hab., incluído o resto da parroquia.

70. Citado de *El asedio romano del castro de la Espina del Gallego...*, de Peranta Labrador (1999).

71. Barracóns similares ós existentes no *castro* (?) coñecido como *Castelo da Cerveira* (Vilariño de Conso-Ourense).

72. Os arqueiros romanos entrenaban disparando a un poste situado a 180 m.

73. Representantes de cada unha destas opinións son, entre outros, Rodríguez Colmenero, A. e Torres Rodríguez, C. A grandes rasgos sostén o primeiro que Bruto, tras vencer á etnia dos *callaeci*, asentada nas serras ó S-O do Larouco, chagaría ó Miño polo interior, sen rebasalo. O segundo opina que Bruto marchou pola costa ata o Miño, á vista das naves, posiblemente atravesándoo nas proximidades da Guardia.

Os textos clásicos falan da renuncia de Bruto a perseguir as partidas dos *bandidos* lusitanos, dada a extensión do país, que abarcaba dende o Texo ó Baenis (Minio), atacando a continuación as súas cidades coa idea de tomar vinganza e ganancia e para que os *bandidos* espallados tiveran que acudir cada un á súa patria no perigo.

74. Carretero Vaquero, S. (1998): *El ejército romano del noroeste peninsular durante el alto Imperio*.

75. Bermejo Barrera, X.C. e Linares García, M^a.M. (1991): *Los antepasados imaginarios*.

76. Na súa viaxe por Marrocos a finais do s. XIX, o Vizconde de Foucauld (*Viaje a Marruecos*, 1883-1884) ó pasar polo poboado de Ait Said, situado ó pe dunha montaña na entrada dun profundo barranco (Fum-el-Anser), olla a grande altura nunha parede a pico as bocas de certas cavernas. Cando pregunta polos seus constructores a contestación unánime dos habitantes é que foran os cristiáns, *xa que nada lles era imposible*, os constructores, e que ninguén pode acadalas, *pois uns xenios defenden o acceso, precipitando ó temerario que o intente ó fondo do val*. A partir de aquí, conta, *atopei a miúdo cavernas deste tipo... todas atribuídas ós cristiáns dos tempos antigos, que os musulmáns expulsaran ó conquistar o país. Citan aínda os nomes dos seus reis e, sobre todo, das raínas. Na súa fuxida abandoaron os seus tesouros, polo que ningún indíxena pon en dúbida que as cavernas están cheas de tesouros*, contándolle inúmeras historias sobre intentos fracasados de apañalos. En xeral teñen *ideas moi extrañas* acerca dos cristiáns, *considerándoos máis ben como unha especie de xenios ou magos, que como homes normáis*.

Non somos, pois, tan diferentes.

77. Fai uns vinte e tantos anos contábame un amigo como un fillo seu de cinco ou seis anos, nacido e criado en Vigo, ó voltar da aldea dos avós interrogáboo entre dúbida e curiosidade: *papá, los gallegos son los de la aldea, verdad?*

78. Segundo a clasificación de Vicente Risco a lenda da Cidade estaría entre as lendas *históricas* que *destacan algún feito do pasado histórico reinterpretado a nivel popular*

79. Van Gennep, A. (1914): *La formación de las leyendas*.

80. Non ten nada de particular nin estrano o alcume de *ladróns*, sendo relativamente habitual en moitos territorios montañosos ou boscosos (*saltus*, bosque en latín, de onde proceden *Souto* (gal) e *Soto* (cast) ou *salteador*, orixinariamente habitante do bosque), frecuentados por comerciantes ou pelegríns, do que nos fornece en abundancia a toponimia, tanto galega como española ou europea dende tempo inmemorial (*rego dos ladróns, pena dos ladróns, cova dos ladróns*, etc). Ferreira Priegue sinala como no mundo medieval se chegaba en moitas ocasións e lugares transitados *á pura e simple bandidaxe: cobrar ós viaxeiros os servizos de guías e transportes para logo deixalos tirados no medio do camiño, conducilos a emboscadas, provocar a perda dos cabalos para quedarse cos despoños e logo vendelos, etc.*

A vida de San Bernardo, bispo de Aosta (antiga Augusta, acampamento romano onde se bifurca a importante calzada que atravesaba os Alpes polos pasos do grande e pequeno San Bernardo)

está inzada de anécdotas sobre os seus milagrosos combates e pactos cos *ladróns* que habitaban aquelas fragosas e estratéxicas paraxes.

As maldicións que A. Picaud anota contra os habitantes da localidade de Ostabat polos abusos que practicabans sobre os pelegríns do camiño de Santiago, son sobradamente coñecidas.

A antiga *Lugdunum Convenarum* ou *Convenarum Urbs* romana, cerca da medieval San Bertrand de Cominges (1050-1123), na zona central dos Pirineos, fundada por Pompeio no 75 a.JC e na que Augusto erixiu un trofeo para conmemorar a súa triple victoria sobre Aquitania, Actium e norte de Hispania, recibiu o seu nome por terse instalado alí (por convenio= ammistía) grande número dos *ladróns* espallados polas montañas pirenaicas dende polo menos as guerras sertorianas. *Xa sabemos que os romanos chamaban bandidos e ladróns a todos os que se alzaban en rebeldía coas armas na man* (García y Bellido) ...*cbegando a constituir durante as guerras lusitanas e celtibéricas un verdadeiro exército que acaso pasara de 10.000 homes.*

Podemos afirmar en este punto, que los cruceros aparecen por una alteración exógena en la forma de vivir el catolicismo, como una necesidad de exteriorizar el sentimiento religioso de la época, convergiendo en ellos la voluntad artística y espiritual de sus escultores. La motivación de nuestros escultores de cruceros es la misma, como ya hemos indicado, que los imagineros, constructores de retablos, orfebres de cruces procesionales etc... La influencia barroca en general y manierista en particular es incuestionable en los cruceros gallegos. Estas influencias fueron enriqueciendo lo que al principio era una simple cruz, elevada para ser lo más visible posible, hasta convertirlas en los cruceros tal y como los conocemos hoy en día.

CONTEXTO EN EL QUE SE DESARROLLARON LOS CRUCEROS GALLEGOS. PROCESIONES E IMAGINERÍA. NEGACIÓN DEL ORIGEN GÓTICO Y ORIGEN BARROCO DE LOS CRUCEROS.

El contexto histórico en el que se desarrollaron las cruces gallegas es, claramente, el ambiente religioso creado a partir de la contrarreforma. Aunque los cruceros gallegos se parezcan a los bretones, los galaicos son de origen, como ya hemos indicado, totalmente autóctona. Su aparición se debe únicamente al fervor católico del pueblo gallego, y como hemos indicado no hay sitio para

11. ECHEVERZ, Francisco Miguel. "Pláticas Doctrinales". Imprenta de Pedro Marín, Madrid, 1785, Pág. 119.

12. No se puede considerar el crucero de Melide como un crucero. La desarmonía entre la cruz gótica y el resto del conjunto monumental es manifiesta. Desconocemos el uso primigenio de esta cruz pero está claro que fue reacondicionada como crucero. Igualmente el de Bayona, no es un crucero en sí, se trata de una cruz monumental y colosal, realizada en piedra y única en Galicia por su forma y probable función.

otras explicaciones. Para comprender la rigidez moral de la época sirvan las palabras del citado Francisco Echeverz: *“La cuenta se pedirá, tan estrecha y rigurosa que hasta una palabra ociosa el Juez condenará”*. La aparición de nuestros hermosos cruceros tiene el mismo trasfondo espiritual católico que empapaba la vida cotidiana de toda España y que alcanzó los cuatro puntos cardinales de la península Ibérica: proliferación de cofradías, procesiones, imaginería religiosa, etc...

Repetimos y aclaramos que los cruceros no son una creación gótica, pues son claramente barrocos, tanto en su arquitectura como en su espíritu. Agarrarse al mal llamado crucero de Melide y a supuestos cruceros desaparecidos son argumentos extraordinariamente endebles para mantener la tesis gótica. En este punto merece la pena reseñar como el artista gallego que levanta cruceros escribe al tallarlos los mismos pensamientos que los siguientes versos del romancero de Lope de Vega:

*Poner los ojos en Cristo,
Alma, este tiempo que os queda
Y con la Virgen María
Estad a su muerte atenta.*

LAS ORDENES MENDICANTES

Es probable, aunque no hemos encontrado documento alguno que lo pruebe, que las órdenes mendicantes contribuyesen al desarrollo de los cruceros y a su amparo dentro de la ortodoxia católica. En este punto es significativo que la autoridad ordinaria aunque subordinada¹³, para autorizar que se levantase un Vía Crucis la tenían los frailes menores de San Francisco¹⁴, como custodios y defensores de los Santos Lugares y fervientes propagadores de esta devoción¹⁵. Todo consta del *Breve* de Benedicto XIV *“Cum tanta sit”*, dado el 30 de agosto de 1741 y de la primera de las *“Advertencias”* de Clemente XII. La orden franciscana fue fundamental en la expansión del culto de las ánimas del purgatorio. Traemos en este punto el texto de Camilo Fernández Cortizo de su obra *“Para que esta gente bárbara fuese política y doméstica y enseñada en la doctrina cristiana”* que reza: *“Estos temores y ansias de salvación encuentran asimismo una poderosa caja de resonancia en las misiones populares protagonizadas desde el mismo momento de su aparición en los años 1560 por franciscanos. En consecuencia, los frutos que pretendían los misioneros dependían de una pedagogía de masas que, en razón de los elevados niveles de analfabetismo y del desconocimiento de la lengua gallega por la casi totalidad de los padres, recurre a la palabra, al canto, a la imagen y a la teatralidad, antes para conmover e impresionar*

13. La máxima autoridad es el Papa.

14. No todos los frailes menores. Solamente los Observantes, Reformados, Recoletos y Descalzos. Los religiosos Conventuales y Capuchinos, no obstante ser Franciscanos, carecen de esta facultad por no estar bajo la obediencia del general franciscano aracelitano.

15. CASTELLANOS, Rdo. P. Fr. Manuel. *“Historia y Liturgia del Santo Vía Crucis”*. Librería Católica de Gregorio del Amo, Madrid, 1893. Pág. 24.

que para convencer; de ahí que las propias órdenes recelen de su propia eficacia y de la permanencia de los frutos de las misiones, tratando de asegurar otros más duraderos mediante el fomento de devociones como el rosario y el Vía Crucis y mediante la fundación de congregaciones”.

En nuestro libro “Cruceiros de Val Miñor y Santa María de Oya”, incluso exponíamos la relación de estas órdenes con las cruces atriales en América.

EL CONCILIO DE TRENTO

La influencia del Concilio de Trento y las constituciones sinodales fueron la mano moldeadora de nuestros cruceiros.

Está documentada la importante presencia de eclesiásticos gallegos en el Concilio de Trento¹⁶ lo que se tradujo en una rapidísima propagación entre la iglesia gallega del espíritu conciliar trentino. La relación del espíritu de la contrarreforma con nuestros cruceiros se aprecia en las actas de la sesión XXV y última del Concilio de Trento, en parte referida a la veneración de reliquias de los Santos y las Imágenes Sagradas: *“Enseñen también con cuidado los obispos que por medio de las historias de los misterios de nuestra redención, expresadas en pinturas y otras representaciones, se instruye y afirma el pueblo en los artículos de la fe que deben ser recordados y meditados continuamente; y añádase que de todas las sagradas imágenes se saca mucho fruto, no solo porque recuerdan los fieles los beneficios y dones que Jesucristo les ha dado sino que también porque se expresen a la vista del pueblo los milagros que Dios ha obrado por medio de los Santos, y se exciten a adorar y amar a Dios y a practicar obras de Piedad”*¹⁷. ¿Algo mejor que un cruceiro para recoger mejor ese espíritu religioso?

LAS CONSTITUCIONES SINODALES

Hemos consultado constituciones sinodales muy antiguas y anteriores al Concilio de Trento, dentro del ámbito geográfico de expansión de los cruceiros,

16. MACHUCA DIEZ, Anastasio. “Los Sacrosantos Euménicos Concilios de Trento y Vaticano en Latín y Castellano”. Librería Católica de D. Gregorio del Amo, Madrid, 1903, Apéndice I: Asistieron las siguientes personas que o bien eran de origen gallego desempeñaron cargos eclesiásticos en Galicia:

Gaspar de Avalos, como arzobispo de Santiago, fue uno de los tres obispos que se presentaron en Trento en 1543 para dar principio al Concilio y como al fin no se abrió hasta 1545 no pudo asistir pues murió un mes antes.

Francisco Blanco, natural de Palencia. Obispo de Orense y después arzobispo de Santiago.

Juan Caballero. Teólogo secular que fue con el obispo de Orense.

Francisco Delgado. Obispo de Lugo durante el Concilio.

Juan Delgado. Canónigo de Tuy, procurador del obispado de su diócesis.

Juan de San Millán, riojano. Asistió siendo obispo de Tuy.

Diego Sarmiento de Sotomayor, natural de Galicia, de la Casa de los Condes de Gondomar. Obispo de Astorga.

Fernando Ticio de Arenzana. Después de asistir al Concilio fue obispo de Orense.

Fernando de Vellosillo, natural de Segovia., después del Concilio fue Obispo de Lugo.

17. MACHUCA DIEZ, Anastasio. “Los Sacrosantos Euménicos Concilios de Trento y Vaticano en Latín y Castellano”. Librería Católica de D. Gregorio del Amo, Madrid, 1903, Pág. 357.

y en ellas no aparece ninguna mención al ornato de las cruces exteriores. Así en las constituciones sinodales de Oporto, impresas por Vasco Díaz Tanquo (Tanco) de Frerenal por mandato del obispo de esta ciudad portuguesa en el año de 1541¹⁸, no aparece alusión alguna a las cruces de bulto exteriores. En las del obispado de Orense, hechas por el ilustrísimo señor D. Francisco Manrique de Lara, Obispo de Orense, del Consejo de su Majestad e impresas en la ciudad de Orense por el citado Vasco Díaz Tanco de Frerenal (1544)¹⁹, en el título “*De parrochis*” se ignora absolutamente cualquier cruz exterior al igual que en las anteriores.

Por todo lo expuesto, es obvio que no existen cruceros anteriores a Trento (el concilio terminó en 1564), y es público y notorio que desde el concilio proliferaron las cruces a doquier. También pudiera ser relevante, como impulso primero para la aparición de los cruceros, el que la Inquisición se estableciese en Galicia en 1562. Desde ese año el santo tribunal desarrolló poca actividad y de hecho la interrumpió en 1569 para asentarse de forma definitiva en 1574. A partir de entonces la expansión por Galicia del tribunal fue rápida y eficaz desarrollando 2.023 procesos²⁰ hasta el año 1700, periodo que se corresponde con el de la fase de formación y primera expansión de los cruceros. Sin embargo, no debemos interpretar con los datos existentes hasta ahora, que fue la Inquisición la mano creadora de los cruceros, la inquisición no fue más que el guardián de la ortodoxia que depuró de obstáculos el camino a los artistas fervientemente católicos que levantaron los primeros cruceros. Dado que en España se tiende a buscar tres pies al gato con todo lo relativo al Santo Oficio, hacemos en este punto una llamada a la prudencia para no sacar el origen de los cruceros de los megalitos para acabar buscándolo en las mazmorras de la Inquisición. Los cruceros fueron creados y desarrollados, como veremos más adelante, por los obispos post-tridentinos a través de las constituciones sinodales.

Las fechas de los primeros cruceros coinciden y se engarzan a la perfección con lo expuesto hasta ahora. Incluso Castelao nos habla del llamado “*Cruceiro da Ascensión*” que se mandó hacer en 1592 como uno de los más antiguos. En Nigrán hay uno más antiguo, el de Parada, de 1583 y en el Rosal dos de los años 1572 y 1573. Exponemos a continuación las fechas de algunos cruceros, que como se puede observar ninguno es anterior a Trento: en el ayuntamiento de Las Nieves el crucero más antiguo es el del barrio del crucero (Santa Eulalia de Batalláns) de 1788; en Caldas de Reis, el Crucero de Tibó (Santa María de Caldas de Reis) es del año 1654; en la Cañiza, la Cruz alta do Temperán marca la fecha de 1719; en Nigrán la Cruz en el atrio de la iglesia de San Felix Nigrán se remonta a 1681 y el de Camos es de 1616. Curiosa es la proliferación de cruceros en Villagarcía²¹: Sotuelo (Rubians) 1681, Pazo da Gopelleira (1685), Campanario

18. Consultadas en la biblioteca del Monasterio de Poio.

19. Consultadas en la biblioteca del Monasterio de Poio.

20. Continuando con el desarme mitológico cabe reseñar que no se juzgaron por hechicería a más personas en Galicia que en otros lugares de España.

21. MARIN MARTINEZ, Xoán Ramón y GONZALEZ PEREZ, Clodio. “Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arosa”. Servicio de Publicacións Deputación Provincial de Pontevedra – Museo do Pobo Galego, Vigo, 2003.

22. Fechas consultadas en distintas obras de Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez.

(1683), Cruceiro da Laxe (1635), Moscallo (1614) y Fontecarmoa 1659²².

Por último, la prueba de la mano constructora o tuteladora de la Iglesia en los cruceros la volvemos a encontrar en las constituciones sinodales. Habíamos dejado escrito, más arriba, que antes de Trento no se hablaba de cruces de bulto externas e igualmente, habíamos indicado que en la sesión XXV y última del Concilio de Trento, en la parte titulada *“De Invocatione veneratione et reliquias sanctorum, et sacriis imaginabas”*, se dibujaba la posibilidad de la aparición de los cruceros u forma artística similar. Pues bien en las constituciones sinodales del obispado de Orense de 1622²³ y en las de Lugo de 1675²⁴ se introduce el título *“De reliquias, et veneratione sanctorum”*, que reza del siguiente modo en su Constitución Primera:

“Que no se pinten, ni esculpan Cruces en el suelo, ni en los rincones. Porque de la costumbre que hay de poner, o pintar Cruces en los rincones, portales y paredes de las Iglesias de la parte de afuera, y de algunas casas, y calles por evitar que en aquellas partes no se echen inmundicias, por la veneración que les deben tener, no solamente no se consigue el fin que se pretendía, más se da ocasión a mayor irreverencia, y desacato de tan santa insignia; ordenamos, y mandamos en virtud de santa obediencia, y so pena de excomunión mayor, y otras penas a nuestro arbitrio, que ninguna persona ponga Cruces de bulto, ni pintadas en las dichas partes, y lugares para el mismo efecto; y si las quisieren poner por su devoción, estén levantadas más de un estado²⁵ de la superficie del suelo. Y so la dicha pena mandamos que las Cruces e Imágenes que estuvieren puestas en las dichas paredes, o rincones, se quiten dentro de un mes”.

Nuestros cruceros se siguieron desarrollando, tras siglo y medio de expansión, hasta mediados del siglo XVIII. A partir de esa fecha, aunque se siguieron construyendo, la fiebre edificadora de los cruceros disminuye. Este hecho es debido a la reducción del fervor religioso por las nuevas ideas de la Ilustración. Sobre esta idea Emilio Orozco es contundente al manifestar lo siguiente sobre el Barroco: *“el hecho es, pues, bien claro: cuando el misticismo católico se apaga, se apagan también los últimos rescoldos de la gran hoguera del barroquismo artístico y literario”*²⁶.

A partir de mediados del siglo XVIII los cruceros se levantan por motivos

23. Constituciones Sinodales del Obispado de Orense, copiladas hechas y publicadas por su Señoría Ilustrísima D. Pedro Ruiz de Valdivieso, arzobispo de Orense”. Por la viuda de D. Andrés Agustín Balboa, 1662. Consultadas por el autor la reedición de 1843.

24. Constituciones Sinodales del Obispado de Lugo, copiladas hechas y publicadas el Ilustrísimo Señor D Matías de Moratino Santos, Obispo y señor de Lugo y electo de Astorga”. Por Joseph Fernández de Buendía, Madrid, 1675. Consultadas por el autor la reedición de 1803 de Ignacio Aguayo.

25. Medida longitudinal tomada de la estatura regular del hombre, que se ha usado para apreciar alturas o profundidades, y solía regularse en siete pies que son aproximadamente dos metros.

26. OROZCO DIAZ, Emilio. “Manierismo y Barroquismo”. Ed. Cátedra. Madrid, 1981, Pág. 49.

bien distintos a los de los siglos XVI-XVII, generalmente por tradición popular y así han llegado hasta nuestros días modelando el paisaje gallego.

LA DENOMINACION “CRUCERO”

La propia deriva mitológica en los estudios sobre los cruceros ha provocado que entre el común se considere que su nombre deriva de la acepción antigua de crucero que significa encrucijada²⁷. Lamentamos por última vez contradecir a los mitologistas pero, por todo lo expuesto hasta ahora, parece más que probable que nuestro más hermoso monumento tome la acepción de “*crucero*” por ser el crucero el encargado de llevar la cruz delante de los Arzobispos, en las procesiones u otras funciones sagradas.

Salvador Fernández de la Cigoña Fraga

27. Diccionario de la lengua española compuesto por la Real Academia Española, cuarta edición, Por la viuda de D. Joaquín Ibarra, 1803.

ARQUITECTURA
E
URBANISMO

Un área metropolitana para as Rías Baixas Vellos localismos para novos problemas cidadáns

Por Xosé Manuel Souto González

Cando se fala de área metropolitana no horizonte xurden dúas perspectivas diferentes. Por unha banda aparece o **territorio político-administrativo** que se quere organizar desde o poder político, pois desde este enténdese que é necesario dispoñer desta ferramenta para ordenar o territorio, definir as infraestruturas e determinar os equipamentos necesarios. Por outra, aparecen os proxectos e necesidades sociais dos habitantes dun **espazo, dun medio ecolóxico** que se difumina nos seus límites, que gradualmente pasa dunha morfoloxía urbana a outra suburbana e finalmente periurbana.

As áreas metropolitanas son a expresión do dinamismo demográfico, económico, social, cultural e urbanístico que teñen como cerne a actividade dos sectores comerciais, industriais e de servizos públicos e privados que fornece un centro urbano aos seus veciños. Estas áreas rachan coa tradicional división municipal, resultado dos procesos constitucionais do século XIX, e coa segregación do espazo xeográfico en dous medios opostos: rural e urbano.

O debate sobre a organización territorial da área metropolitana do sur galego, centrado na cidade de Vigo, suscitou non só o interese dos grupos políticos, que presentaron a súa proposta no Parlamento galego¹, senón tamén entre diferentes persoas que van expresando a súa opinión a través dos medios de comuni-

1 Referímonos á chamada Declaración de Soutomaior na que os alcaldes da Mancomunidade de Vigo, no mes de novembro de 1999 declaraban “a nosa vontade firme e unánime de camiñar cara á creación DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO. Os alicerces do proceso que agora comezamos ciméntanse sobre a fonda interrelación que manteñen os cidadáns deste espazo territorial, sobre o convencemento político de que constituímos un verdadeiro feito metropolitano e sobre a firmeza institucional que nos outorga a representación de preto de cincocentos mil galegos”. Unha declaración que vai ser asumida como documento da MAIV en 23 de xuño do ano 2000 (Declaración de Pazo da Touza)

Aínda máis deu lugar á creación dun borrador sobre área metropolitana para Galiza, que vai ser admitida a trámite pola Mesa do Parlamento de Galiza na reunión de 20 de febreiro de 2006 a proposta de deputados do Grupo Popular e posteriormente o 4 de marzo do mesmo ano a proposta do Grupo do BNG

cación impresos e das páxinas de internet². Isto significa que existe unha demanda na opinión pública sobre a delimitación territorial, pero menores son as referencias aos servizos que podería dar resposta, tan só referencias ás xestións na capital da provincia. Un debate viciado pola paixón emocional do localismo.

O que predomina na visión política municipal é o triunfo das teses localistas, buscando enfrontar ás poboacións de Vigo e Pontevedra, como sucedera nos anos da creación da provincia no século dezanove. Entendemos que é un erro histórico. Actúase con criterios do pasado para avaliar problemas do futuro. Deféndese unha posición de orgullo local e non a complementariedade das cidades e vilas que conforman unha rexión urbana. Unha posición que defende a identidade e o poder político e non tanto a búsqueda de respostas ás demandas sociais dos veciños. E sobre todo, esquece que o espazo xeográfico representa un fráxil equilibrio ecolóxico que pode crear problemas graves para o desenvolvemento sustentable, saudable, da sociedade.

Con este artigo non pretendemos pechar ningunha proposta de delimitación metropolitana, para a que non temos competencia nin vontade. Tan só queremos sintetizar as reflexións teóricas e os argumentos empíricos que temos utilizado desde hai polo menos un cuarto de século para manifestar a complementariedade de Vigo e Pontevedra. Pretendemos reivindicar o valor da teoría xeográfica para mostrar que é posible adoptar unha delimitación administrativa que permita conservar a identidade local (parroquial, municipal e comarcal) e promova a resposta funcional ante os problemas do século XXI.

1.- ANTECEDENTES ACADÉMICOS E ADMINISTRATIVOS.

O problema de delimitación territorial dun área metropolitana en Vigo non é algo novedoso. Xa desde o século XIX temos descrições da vida urbana da cidade que fan referencia á chegada de persoas que viñan ata a cidade a traballar todos os días. Non embagantes para o obxecto do noso traballo interesa salienta sobre todo a proposta que realizara nos anos trinta do século pasado o arquitecto Antonio Palacios.

Sobre a petición da creación de áreas metropolitanas en Galiza temos consultado o Boletín do Parlamento galego. Así temos constancia de que a Mesa do mesmo toma coñecemento da referida iniciativa, e dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda admitir a trámite a devandita proposición de lei e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento. Igualmente fai expresa a súa relación coa **Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo**, que, xunto cos concellos de Cangas e Moaña, representa a base territorial sobre a que se constitúe a *Área Metropolitana*. (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia de 4 de marzo de 2006). Posteriormente a área metropolitana de Vigo foi aprobada na sesión do 13 de xaneiro do 2005 do Consello da Xunta de Galicia, e posteriormente anulada polo Goberno da Xunta de Galicia resultante das eleccións de maio de 2005, polo que non deu lugar ao trámite legal correspondente. Despois das eleccións de 2009 creáse en Vigo unha "superdelegación" que se corresponde territorialmente coa delimitación superficial da Mancomunidade con Cangas e Moaña.

² Isto pódese comprobar se consultamos algunhas páxinas web e blogs en internet (p.e. *vigoblog*), así como das diferentes informacións que se teñen publicado en A Voz de Galicia, Faro de Vigo e Xornal de Galicia. Aínda máis no caso dos primeiros xornais xa teñen unha sección de noticias co título de área metropolitana e Gran Vigo

No contexto do urbanismo funcionalista, Antonio Palacios diseña entre 1930 e 1932 o Plan Xeral de Vigo, que leva como parte integrante do mesmo un plano comarcal, para poder crear cidades satélite e cidades xardín, nun proceso coherente co proclamado polas teorías hexemónicas no urbanismo occidental. Neste contexto o arquitecto modernista selecciona 20 núcleos, que van desde Vilaboa no norte ata Baiona no sur e desde Atios no este ata Aldán no oeste. Unha definición comarcal lastrada pola ausencia de cartografía axeitada para poder prever os usos do solo. Unha solución que paliaría o espallamento do hábitat e aforraría custos dos servizos.

O seu plan foi aprobado no ano 1934, pero posteriormente foi recurrido e anulado pola presión exercida por un importante sector dos grupos dirixentes de Vigo. A Cámara da Propiedade vai levar adiante a proposta de anulación, pois entendía que o plano de Palacios, sobre todo na zona interior da cidade, lastimaba os intereses dos principais propietarios³.

O franquismo supuso a anulación do Plan de A. Palacios e o devecer dos estudos sobre a rexión funcional de Vigo. As propostas eran decretos, como no caso da absorción de Lavadores por Vigo no ano 1940. Os estudos descritivos xeográficos facían fincapé na harmonía da paisaxe e da beleza do val do Frago, como no caso das descrições de Ramón Otero Pedrayo. Máis aló dos límites municipais existía unha poboación que era unha mán de obra potencial, como se atisbaba na memoria de información de planeamento de A. Cominges.

O planeamento dirixido desde a tecnocracia ministerial (Os Plans de Desenvolvemento) voltan os ollos cara á mobilidade e funcionalidade da poboación e da necesidade de ordenar o territorio nunha escala superior. Aparece así o planeamento turístico das Rías Baixas e tamén a área Vigo-Pontevedra como un espazo funcional. Isto incide nos diferentes estudos que se fan sobre o territorio de Galiza.

A preocupación pola división territorial e a importancia que poden ter as comarcas, áreas metropolitanas ou mancomunidades xa foi obxecto de estudo por unha morea de xeógrafos de Galiza. No ámbito de estudo comarcal os xeógrafos Alejandro López e Román Rodríguez (1993) realizan unha síntese sobre os diferentes criterios que se teñen seguido desde a xeografía para organizar territorialmente o espazo galego. Podemos así diferenciar unha primeira etapa que abranguería os estudos de Juan Dantín Cereceda, na liña de Paul Vidal de la Blache, que vai ser continuada por Antonio Fraguas e Ramón Otero Pedrayo; unha etapa marcada pola indefinición dos límites e a procura da identificación espacial a través da topografía. Unha segunda etapa corresponde a unha definición funcional da comarca, que se corresponde cos traballos de Rosario Miralbés, X.M^a Mella e logo de Andrés Precedo. Por último podemos diferenciar a etapa política da comarca, tamén a través dos estudos de A. Precedo no seu papel de dirixente político no goberno de M. Fraga.

Máis que a primeira fase de comarcalización queremos subliñar a segunda, pois se relaciona coa funcionalidade dos centros urbanos e vilegos, a través da súa centralidade nos postos de traballo e servizos. Os estudos de mercados periódicos da

³ Seguimos fundamentalmente o estudo realizado por José R. Iglesias (1993) e a memoria informativa da exposición realizada nos anos iniciais do século XXI sobre o labor deste arquitecto (Palacios, 2002).



3.-O mapa comarcal galego, aprobado por Lei en 1997. Os estudos de A. Precedo acaban plas-mándose neste mapa administrativo, sen capacidade xurídica e cunha idea de desenvolvemento local desde os centros comarcais.

se sitúan nos arrabaldos dunha gran cidade e que teñen unha finalidade principal: “coordinar as diversas actuacións administrativas sobre o territorio”. Se isto parece corresponderse cos ámbitos do medio ambiente, usos do solo e transporte público, parece necesario definir a escala xeográfica metropolitana como un proceso, para non caer nos erros de delimitación tradicional, tal como o mesmo A. Precedo subliña nun artigo posterior, onde afirmaba que as áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña non funcionaron en certa medida como consecuencia de seguir un modelo tradicional (Precedo e Míguez, 2007; 79).

Por iso mesmo desde hai tempo vimos empregando o concepto de **rexión urbana** para definir a realidade xeográfica funcional que aparece nas proximidades das grandes cidades (X.M.Souto, 1985). Por rexión urbana imos entender un concepto que “resposta ás necesidades sociais e económicas de determina-

das colectividades, según uns determinados umbrais espaciais e demográficos, xurdindo así a implicación da escala na determinación dos problemas espaciais” (Ibid.; 154). No caso da área que imos denominar coa toponimia topográfica (Rías Baixas) estamos claramente na presenza dun territorio fortemente urbanizado e que ten problemas espaciais, económicos, sociais e ambientais derivados dun **conflicto entre as competencias de escala** administrativa e da funcionalidade xeográfica das relacións humanas sobre o espazo.

A xustificación de carácter xeográfico ten que aludir necesariamente a unha certa homoxeneidade espacial e á necesidade de coordinar as medidas de protección, reserva ou actuación ambiental que permitan conservar e dar pulo á riqueza do patrimonio ecolóxico. A este mester parece obvio recordar que as rías son ecosistemas fráxiles, que están sometidos a unha forte presión pola actividade humana: recheos, verquidos sólidos, líquidos e destrución dunha enorme cantidade de materia viva. Pero non só as rías determinan as anteditas áreas urbanas, debemos tamén subliñar a importancia paisaxística e de recursos agropecuarios que aparecen nas terras preitorais, tanto nas chairas e vales como nas montañas que serven de interfluvios ás canles fluviaais que van parar ás rías.

Sobre este espazo xeográfico está asentado un conxunto demográfico que se concentra en numerosos núcleos de poboamento, o que xera unhas pautas tradicionais de uso do solo, pero que ao mesmo tempo dá lugar a uns elevados custos de mantemento. Unha morea de cativos, medios e grandes asentamentos que cómpre regular, para que non exista conflictividade de usos e que se estraque o patrimonio ecolóxico, como está sucedendo coa contaminación do manto freático, coa aparición de lixeiras espontáneas ou coa imposibilidade de concentrar o parcelario.

As normas reguladoras dos usos do solo veñen determinadas polo poder municipal, a través do planeamento vixente. Aparecen entón os paradoxos de reservas e protección de solo non urbanizable xunto a parcelas que son urbanizables, que tan só pode ser explicada pola diferenciación municipal: os lindes dos municipios rachan coa continuidade ecolóxica. Igualmente a fiscalidade municipal faise competitiva, de tal xeito que nos bordes do principal concello da área aparecen espontáneos parques industriais para non ter que pagar tanta contribución.

A poboación das áreas urbanas creceu en número desde mediados do século pasado. Pero sobre todo medrou en capacidade de compra e consumo de solo, en cualificación laboral e na mobilidade diaria. Non obstante, non existe ningún planeamento do transporte interurbano de carácter metropolitano ou intermunicipal. Igualmente noutros servizos, equipamentos e infraestruturas parece precisa a coordinación de actuación municipal. Resulta obvio que necesita un plan metropolitano integrado do territorio.

Nun dos primeiros traballos que tiven a sorte de poder publicar sobre este asunto, da rexionalización da área de Vigo, xa expesaba o meu xeito de entender o ordenamento do territorio como un proceso complementario de funcionalidade e identidade (Souto, 1980). Ademais da rexión económica ou funcional, organizada sobre a actividade dunha cidade, tamén se establecían as unidades artelladoras do territorio da parroquia (que organizaba as casas, aldeas ou barrios) e as comarcas (como resultado dunha homoxenidade da paisaxe identita-

rio) onde se asentaban diferentes células de hábitat, desde as aldeas ata as vilas e pequenas cidades. Non era máis que un traballo académico iniciático, pero supoñía unha maneira de entender o territorio galego que aínda hoxe é coherente para poder entender teoricamente o problema da área metropolitana de Vigo.

Un segundo paso constituíno a análise máis pormenorizada dos factores que artellaban a rexión urbana de Vigo. Tanto na comunicación presentada no Coloquio Ibérico de Xeografía (Souto, 1984) como no artigo publicado no monográfico da Sociedade Galega de Xeografía (Souto 1985) din conta dos niveis de ensarillamento das células de hábitat no sistema de poboamento que se estaba a configurar na Rexión Urbana de Vigo desde finais dos anos cincuenta do século XX. Así fixemos referencia concretas os desplazamentos pendulares da poboación laboral⁴ e ao transporte de liñas regulares de barcos, trenes e autobuses que comunicaban Vigo con outros asentamentos.

No eido das infraestruturas xa dimos conta da importancia que tiña a apertura da ponte de Rande para incluír a Pontevedra e a súa área de influencia directa na rexión urbana de Vigo: “Así Pontevedra intégrase paulatinamente na vida rexida por Vigo e mesmo entendemos que co tempo a área de vecindade de Pontevedra gravitará cun maior grao sobre Vigo, como parece que xa está sucedendo con Bueu e Marín” (op. cit., páxina 177). Tal como mostramos neste traballo era posible compatibilizar a comarcalización funcional coa rexión urbana de rango superior. Non era unha proposta illada, senón que se correspondía con outros traballos que se estaban a facer desde as ciencias sociais nos anos oitenta, como aparece reflexado na bibliografía final.

Desde unha perspectiva administrativa a delimitación da área metropolitana ten un claro antecedente na formación da provincia de Pontevedra no século XIX. A disputa pola capitalidade da provincia entre as cidades de Vigo e Pontevedra manifesta sen lugar a dúbidas a importancia que empezaban a ter as cidades na organización do territorio. Nos debates mantidos tanto no Trienio Liberal (1820-23) como no período 1835-1837 aparecen enfrontados os intereses de Vigo e Pontevedra, que reclaman como criterio de organización a actividade económica e a situación respecto a outros lugares. Os estudos consultados (Burgueño, J, 1995; González Mariñas, 1978 e Rodríguez Ennes, 2002) subliñan o poder da burguesía local para facer valer os seus intereses no intre da transición do Antigo Réxime ao sistema constitucional. Unha situación conflictiva en Galiza pola presenza do poder territorial da Igrexa a través das parroquias.

Os conflitos entre os poderes locais na conformación da provincia pontevedresa tamén aparecen no ensarillamento das parroquias nos coxuntos municipais. Pero neste caso apreciamos que as polémicas están condicionadas pola capacidade dos concellos de ofrecer respostas ás demandas da poboación, cousa que non sucedía no caso da capitalidade provincial, pois os servizos son máis ocasionais e non tan cotidiáns.

⁴ Nos estudos realizados no inicio da década dos oitenta utilizamos para o noso traballo de campo os enderezos das nóminas dos traballadores de dúas empresas navais (Vulcano e Barreras) dúas industriais con forte implantación na área de Vigo (Álvarez e Citroën) e unha de servizos (El Corte Inglés). Posteriormente, nos primeiros anos do século XXI, como consecuencia da crise do naval e da empresa Álvarez utilizamos as nóminas dos traballadores de POVISA (centro médico) e do concello de Vigo.

A delimitación dos municipios constitucionais é o resultado dun longo proceso que se inicia no ano 1813, logo da aprobación da Constitución de 1812, e finaliza á altura de 1835, despois da publicación do Decreto de organización provincial de Javier de Burgos. Supón o paso do Antigo Réxime ao constitucional, no caso do territorio da Ría de Vigo, o paso das xurisdiccións dos señoríos de Val de Fragoso, Vigo, Bouzas, Valadares e o couto de Zamáns aos novos concellos constitucionais, que se poden constituir caso de ter unha poboación superior a un milleiro de habitantes.

Aparecen así á altura de 1836 constituídos os concellos de Vigo, Bouzas e Lavadores, cunha delimitación territorial cambiante. Por unha banda, as parroquias de Chapela e Trasmañó son incorporadas ao de Redondela, por outra xurdiron cambios internos nos tres municipios citados.

Un exemplo das ambigüedades do proceso témolo no caso da parroquia de Teis (González Fernández, 2007), que pretende ser concello independente en 1814, 1822 e 1835, pero que máis tarde forma parte de Vigo (entre 1836 e 1846) e finalmente de Lavadores, pois existen diferencias con Vigo polas posicións políticas da cidade e pola morfoloxía urbana da mesma, que pechaba ás murallas ante a protesta da poboación dos arrabaldos.

Xa no cambio de século, do dezanove ao vinte, as parroquias de Coia e Matamá impulsan a súa segregación de Bouzas e anexión a Vigo, o que concluirá coa posterior absorción do concello boucense por Vigo en 1904. Un proceso diferente será o que se produza no 1940, baixo a ditadura de Franco, que supuso a integración do concello de Lavadores, con todas as súas parroquias ao de Vigo. Neste caso foi a decisión política e non as peticións populares as que determinaron a fusión municipal.

En consecuencia podemos afirmar que a preocupación pola definición territorial dun área urbana máis grande que o municipio foi unha realidade en Vigo desde o século XIX. Tanto nos estudos académicos, como nas propostas do urbanismo e nas reivindicacións veciñais ou tamén das elites políticas aparece este asunto de maneira recorrente. Polo mesmo cando chegamos ao inicio do século XXI cómpre explicar cál poden ser os criterios que definan esta unidade supra-municipal e cómo pode incidir na ordenación dos servizos, infraestruturas e poder político local. Unha incidencia que afecta ás identidades particulares e provoca conflitos entre persoas e localidades. Por iso interesa coñecer os factores que permiten falar dun área e cómo se pode organizar.

2.-UNHA POBOACION QUE MEDRA E RECLAMA SERVIZOS.

En esencia, un área metropolitana é un espazo xeográfico onde se produce un dinamismo económico, demográfico e cultural que presiona ao medio sobre o que se instala, xa que ten unha concepción deste como un escenario, ou alomenos como un recurso que pode facilitar os medios para o crecemento da produción. Non só desde a economía e xeografía realízase este diagnóstico, senón que tamén desde outras ciencias sociais, como a socioloxía ou o dereito. Son moitas as citas de autoridade que podemos utilizar e que nós sintetizamos na do

xurista José Escribano que afirma que as áreas metropolitanas xurden precisamente para dar resposta aos problemas derivados do crecemento demográfico⁵. Por iso entendemos que é preciso definir a área metropolitana de Vigo en relación co seu crecemento demográfico, inmobiliario, de demanda de servizos e de implantación de novas infraestruturas

Así tamén o entenden os redactores dun recente estudo interdisciplinar sobre a delimitación da área metropolitana de Vigo (AA.VV. 2007), que sintetizaba os criterios para definir un área metropolitana en catro:


- 1.-demográfico: densidades e crecementos intercensais
- 2.-sociolaboral: niveis elevados de actividade laboral
- 3.-fluxos de mobilidade de máñ de obra
- 4.-especialización funcional nos servizos e ocio.

Nós pensamos que falta a parte do planeamento ambiental, o criterio de sustentabilidade. Entendemos que un área metropolitana caracterízase por unha presión demográfica e edificatoria que pon en risco a sustentabilidade do medio. No caso das Rías Baixas, e máis en concreto na rexión urbana de Vigo, apreciamos esta presión sobre o medio que da como resultado a contaminación das augas, o esnaquizamento do habitat en milleiros de casas sen ordenación, a abundancia de lixeiras incontroladas, a presión do automóbil privado sobre o asfaltado de calquera pista forestal ou rural...⁶

No estudo realizado a instancias da Xunta de Galicia e que tiveron a oportunidade de dirixir (Souto, X.M. coordinador, 2009) utilizamos os criterios de crecemento da poboación nas escalas parroquiais e municipal e comparando a evolución dos períodos 1960-1986 e 1986 ata 2006. Así como se pode apreciar na *figura 4* fomos capaces de definir con gran precisión os bordes da área metropolitana, ao mesmo tempo que permitía albiscar os núcleos demográficos que poderían constituir os asentamentos satélites, na nomenclatura de Palacios, que

5 A cita textual é “No se puede hablar de este tema sin indicar al menos que las instituciones metropolitanas han surgido para atajar problemas que a su vez van ligados al crecimiento urbano. Para empezar, han intentado resolver problemas derivados del planeamiento urbanístico, para después especializarse en otros problemas más concretos como por ejemplo: aguas, saneamiento, transportes, residuos sólidos, medio ambiente, etc.” (Escribano, 2006; 12)

6 Estas ideas aparecen con máis precisión no estudo titulado: **Anuario estatístico e proxecto de área metropolitana para Vigo e a súa área de influencia**, baixo a dirección de Gonzalo Méndez Martínez (Universidade de Vigo) e a coordinación de Xosé Manuel Souto González. Os redactores da equipa foron: Ana Campillo Ruiz, Clotilde Collazo Rodríguez, Felipe Ferrero González, Francisco Xavier Méndez Martínez, Daniel Taboada González, Gonzalo Méndez Martínez, Esteban López Figueroa e Xavier Martínez Cobas (Universidade de Vigo), Amparo Salom Carrasco e Josefa E. Salvador Alamar (Universidad de Valencia) e Xosé Manuel Souto González. A cartografía e deseño gráfico foi responsabilidade de Esteban López Figueroa (Universidade de Vigo). Este traballo foi encargado pola Fundación Pro-Vigo e foi rematado en setembro de 1999. Anteriormente unha equipa de traballo de persoas semellantes e coa mesma coordinación realizara para a mesma Fundación Pro-Vigo o traballo titulado: *Proxección Económica de Vigo sobre o Norte de Portugal*, Serv. Publicacións da Diputación de Pontevedra, 1999; e no mesmo ano a práctica totalidade desta equipa de traballo realizou o *Atlas básicos de Vigo e a súa área*, patrocinado polo Instituto de Estudos Vigueses e que saíu do prelo de Edicións Xerais en Vigo no ano 1999. En todos os estudos realizados mostrouse o dinamismo demográfico, social, económico e cultural da rexión urbana de Vigo. Igualmente pódense consultar os estudos que aparecen no *Boletín de Estudos Vigueses* nº 8 (páxs.203 a 219) e nº 11 (páxinas 99 a 115) que expoñen os argumentos aquí resumidos.




4.-Crecemento demográfico parroquial entre 1996 e 2006 nas Rías Baixas. O crecemento parroquial permite albiscar os límites do dinamismo do litoral urbano galego.

facilitaran a concentración demográfica e permitira mudar o modelo de cidade dispersa a unha cidade máis concentrada, o que permitirá aforrar custos nos equipamentos e infraestruturas.

Como estamos a explicar, unha primeira constatación empírica é a definición do crecemento demográfico no territorio do sur galego, un espazo rexido funcionalmente por Vigo e Pontevedra. Unha evidencia que se complementa coa análise do dinamismo no número de empresas, produto interior bruto, renda per cápita ou actividade laboral no conxunto da eürorrexión, como tivemos ocasión de mostrar no estudo antedito. Deste xeito a *figura 5* mostra o número de empresas existentes no primeiro lustro do século XXI nos concellos do Eixo Atlántico, asociación de municipios que lidera o dinamismo da eürorrexión.

Este dinamismo é o responsable da mobilidade da poboación, ben sexa como consecuencia dos desplazamentos entre o fogar e o traballo (*figura 6*) ou ben por motivos de ocio ou ensino. Debemos considerar que máis da metade do número de estudantes do Campus de Pontevedra (curso escolar 2005/06)




5.-Localización das empresas no Eixo Atlántico. A correlación entre dinamismo demográfico e económico fica evidente na localización das empresas, que se sitúan nas proximidades das grandes cidades.

procedía de Vigo e que esta universidade acolle estudantes de toda a rexión urbana. Igualmente a creación de áreas funcionais por parte de Consellería de Educación para garantir unha oferta axeitada nos centros integrados de formación profesional⁷, determinará o agrupamento de alumnos de diferentes municipios, así como os traballadores da formación continua e permanente que se integrarán neste novo modelo de formación continua.

Estas demandas da poboación deu lugar a respostas por parte da administración. Podemos remontarnos ao final do franquismo para atopar as directrices do Ministerio de Planificación do Desenvolvemento, que crea a Gran Área de Expansión Industrial de Galicia e determina os municipios que formarán a zona de expansión industrial de Vigo (Vigo, Mos, O Porriño e Tui) e inclúe a Pontevedra

⁷ Sobre este particular realizouse un estudo monográfico no informe elaborado para a Consellería de Presidencia (Souto et al. 2009, capítulo VIII). A equipa que redactou este capítulo estaba constituído por persoas que dirixían nese momento a formación profesional na Xunta de Galicia.




6.-Mobilidade da forza de traballo. Desde os inicios da primeira fase da industrialización a máñ de obra tivo que asumir os custos económicos e persoais dos desplazamentos desde o seu fogar ata o lugar de traballo

na zona de Arousa-Santiago de Compostela⁸. Igualmente podemos facer referencia ao mapa sanitario galego, confeccionado xa na etapa democrática e pre-autonómica que crea unha comarca sanitaria en Vigo cos concellos de O Porriño, Mos, Baiona, Nigrán, Gondomar, Redondela, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Cangas e Moaña⁹. Ou xa na etapa autonómica as zonas do AGADER para o desenvolvemento rural, ou as citadas áreas funcionais de educación permanente. O certo é que son divisións que non permanecen estables, senón que van mudando co tempo, como sabemos pola demarcación dos partidos xudiciais (*Figura 7*) que sufriu diferentes transformacións territoriais.

Como podemos apreciar o uso dos indicadores da funcionalidade do territorio nun marco teórico da sustentabilidade ten importantes consecuencias. En primeiro lugar, non se pode explicar o deseño de infraestruturas de transporte sen unha análise previa da mobilidade, que implica o estudo dos lugares do traballo, ocio, abastecemento diario, sanidade, cultura, ensino e os seus correspon-

8 Boletín Oficial del Estado de 9 de outubro de 1973, numero 242

9 B.O.E. núm. 127, 27 de maio de 1980



7.-Os partidos xudiciais da rexión urbana das Rías Baixas en 1999. A demanda de xustiza implica a organización do territorio para dar resposta desde a Administración.

dentes desplazamentos: peonal, ciclista, transporte terrestre, marítimo ou aéreo e dentro destes se a tipoloxía do medio é pública ou privada.


Igualmente será preciso definir un modelo para a recollida dos residuos sólidos (o lixo) e a súa reciclaxe ou transformación, así como un estudo do ciclo da auga. Os estudos coordinados por José M^a Mella (2008) mostran algo que desde a xeografía tense avaliado desde hai anos: as áreas metropolitanas aforran custes económicos cando se diseña o crecemento das infraestruturas nun modelo de escala e sobre todo se esta é capaz de paliar a excesiva dispersión do hábitat individual.

Xunto aos indicadores funcionais é necesario entender o funcionamento da idiosincrasia local, co xogo de poderes parroquiais e municipais, en especial nos concellos próximos ás grandes cidades. Pero esta argumentación precisa dunha extensión que supera con moito o espazo do que dispoñemos. Implica unha teoría política da participación democrática e cidadán, algo que aínda está lonxe das coordenadas de actuación municipal no territorio das Rías Baixas.

3.- UN MEDIO CASI INSOSTIBLE QUE COMPRE ORDENAR.

A poboación é un elemento necesario e fundamental dun área metropolitana, pero está condicionada polo medio onde se ensarilla e desenvolve as súas actividades. Unha poboación que medra e que utiliza recursos esgotables (auga, madeira) e perecedeiros provoca unha tensión sobre o territorio que pode desembocar en contaminación. No estudo da miña tese de doutoramento xa puña de manifesto como un 80% das fontes públicas e pozos do municipio de Vigo estaban contaminadas pola filtración de augas residuais sobre o manto freático. Por iso cómpre considerar que o territorio político e administrativo é un medio ecolóxico que necesitamos conservar para vivir.

A *figura 8* representa o número de parroquias que existen segundo o seu potencial demográfico, onde podemos apreciar un claro contraste entre as menores de 1000 habitantes e as que superan os 5000. Sabemos que as parroquias representan unha concepción do territorio, un xeito de organizalo, pero que no seu espazo existen unha morea de células de hábitat (aldeas, barrios, vilares, lugares) que cómpre analizar con outra escala, o que permitirá avaliar o espallamento da poboación e as posibilidades de concentración en núcleos. Pero este mapa representa sen dúbida o primeiro paso para definir un modelo de hábitat e poboamento para un área metropolitana e sen este criterio ben definido os erros poden ser importantes.



8.-Habitat e poboamento nas Rías Baixasno ano 2006. O hábitat galego pasou de cativas vilas e aldeas a un proceso de privatización e individualización, o que fai case insostible o medio.

Cadro 1: División territorialis establecidas nos estudos teóricos e na administración

Municipios	Partidos xudiciais	Miralbés 1980	Precedo 1989	Mancomunidades	Comarcas	EGAP 2007
Arbo	Ptvdra			X Paradant	Pdta.	
Baiona	Vigo	X	X	X Vigo	Vigo	X
Bueu	Marín			X Morrazo	Mzo.	X
Cangas	Cangas	X	X	X Morrazo	Mzo.	X
Cañiza, A	Pontear			X Paradant	Pdta.	
Cotobade	Ptvdra			X Pontvdra	Ptvdra.	
Covelo	Pontear			X Paradant	Pdta.	
Crecente	Pontear			X Paradant	Pdta.	
Fornelos de Montes	Rdla			X Vigo	Vigo	
Gondomar	Vigo	X	X	X Vigo	Vigo	X
Guarda, A	Tui			X B.Miño	Baixo Miño	
Lama, A	Ptvdra			X Morrazo	Ptvdra.	
Marín	Marín			X Pontvdra	Ptvdra.	
Moaña	Cangas	X	X	X Morrazo	Mzo.	X
Mondariz	Pontear			X Condado	Condado	
Mondariz Balneario	Pontear			X Condado	Condado	X
Mos	O Por	X	X	X Vigo	Vigo	
Neves, As	Pontear				Condado	X
Nigrán	Vigo	X	X	X Vigo	Vigo	
Oia	Tui			X B.Miño	Baixo Miño	
Pazos de Borbén	Rdla			X Vigo	Vigo	
Poio	Ptvdra			X Pontvdra	Ptvdra.	X
Ponte Caldelas	Ptvdra			X Pontvdra	Ptvdra.	
Ponteareas	Pontear			X Condado	Condado	X
Pontevedra	Ptvdra		Pvdra1	X Pontvdra	Ptvdra.	X
Porriño, O	O Por	X	X	X Vigo	Vigo	X
Redondela	Rdla	X	X	X Vigo	Vigo	X
Rosal, O	Tui				Baixo Miño	
Salceda de Caselas	O Por			X Vigo X Condado	Vigo	
Salvaterra de Miño	Pontear			X Vigo X Condado	Condado	
Soutomaior	Rdla	X	Sout1	X Vigo	Vigo	X
Tomíño	Tui			X B.Miño	Baixo Miño	
Tui	Tui			X B.Miño	Baixo Miño	X
Vigo	Vigo	X	X	X Vigo	Vigo	X
Vilaboa	Cangas	X	X	X Pontvdra	Ptvdra.	X

Partidos xudiciais: Ptvdra (Pontevedra), Pontear (Ponteareas), O Por (O Porriño), Rdlá (Redondela), Tui, Vigo, Cangas, Marín.

Pvdra1: Só as parroquias de Canicouva e Ponte Sampaio (en Precedo).

Sout1: Só as parroquias de Arcade e Soutomaior

Comarcas: Vigo, Ptvdra. (Pontevedra), Condado, Baixo Miño, Mzo. (O Morrazo), Pdta. (A Paradanta)

¿Para qué se quiere constituir un área metropolitana? O segundo Plano Estratéxico de Vigo e a súa área (Vázquez Barquero e González Gurriarán, 2005) no eixo primeiro (dimensión e centralidade urbana) subliña a posibilidade de organizar unha rede de cooperación e sinerxia de cidades para a eurorrexión. Este obxectivo implicaba unha estratexia de actuación e xestión urbanística conxunta na área metropolitana¹⁰, que facía fincapé no ensarillamento dos núcleos a través da conectividade interior e a accesibilidade e que incidía na importancia da intermodalidade para a conexión co exterior¹¹. Este obxectivo significa na práctica que a área metropolitana funcionará se logra conectarse co dinamismo europeo. Para isto parece clave a acción combinada dos portos de Vigo e Marín (no futuro con Vilagarcía) e o deseño de transporte de mobilidade de proximidade en todo o conxunto das Rías Baixas.

Como acabamos de estudar, a delimitación da área metropolitana é complexa e sempre estará determinada polo xogo de intereses locais. Por iso interesa subliñar o que decía o Plano Estratéxico de Vigo cando se refería á implantación de dita área. Indicando que podía facerse “bien bajo la legislación de Administración Local de Galicia como Área Metropolitana, o bien bajo otras figuras legales o la renovación de alguna institución similar ya existente” (Ibid). É dicir faise referencia á posibilidade de utilizar os mecanismos institucionais dos consorcios ou das mancomunidades, que están presentes nas Rías Baixas, como é o caso do Consorcio da Zona Franca de Vigo ou das diversas mancomunidades que aparecen no sur galego (ver figura 10), onde algúns concellos, como Gondomar ou Salvaterra por poñer dous exemplos, están en dúas diferentes mancomunidades ao mesmo tempo.

Por iso mesmo no capítulo final queremos salienta que existen diferentes xeito de dar resposta ás demandas dos veciños e, ao mesmo tempo, planificar con criterios de sustentabilidade a rexión urbana de Vigo que se está a transformar nun área metropolitana das Rías Baixas, como quixemos mostrar cos indicadores anteriores.

10 A cita textual dí: “La estrategia busca el desarrollo equilibrado territorialmente de las actividades urbanas: los usos residenciales y productivos, dotacionales y los espacios libres o zonas verdes. Dicho desarrollo debería satisfacer la demanda existente y prevista de nuevas implantaciones residenciales, industriales y terciarias de oficina y de almacén, comerciales y de ocio, y con las necesarias reservas para dotaciones y parques públicos, así como de corredores para infraestructuras de transporte y comunicaciones. En particular, la estrategia apunta a favorecer la centralidad de Vigo en la formación de una región metropolitana ordenada, con un creciente atractivo residencial y locacional” (Plano Estratéxico de Vigo e a súa área para o ano 2010)

11 Así como se afirma no mesmo documento: “Se trata de resolver las deficiencias de accesibilidad e intermodalidad interior del ámbito funcional metropolitano, así como de mejorar su conexión con las redes de transporte exteriores. En particular, la estrategia busca mejorar la conexión de viajeros y mercancías de Vigo con las principales ciudades de Galicia, con Madrid, el litoral norte y, en general, el resto de España. Asimismo, con el norte de Portugal, en especial con Oporto. Se trata también de mejorar la conexión con el resto de Europa y del mundo. Contempla la mejora de infraestructuras viaria, ferroviaria, aeroportuaria y portuaria”.



10.- *As Mancomunidades nas Rías Baixas. Os concellos buscaron diferentes fórmulas para dar resposta aos servizos que superan os límites municipais, consecuencia lóxica do proceso de urbanización*

4.-AS POSIBILIDADES DE FUNCIONAMENTO FUTURO.

A complexidade do proceso de metropolitanización das Rías Baixas non debe ser obstáculo para delimitar un área de estudo que sirva tanto para artellar os consorcios que estimamos necesarios para as necesidades da poboación na altura do inicio do século XXI, así como planificar o medio desde unha perspectiva de sustentabilidade. Como sempre sucede nestes casos a delimitación é

provisoria, resultado de indicadores e traballo de campo. Son os responsables políticos os que deben definir os límites asumindo as necesarias reformas administrativas: supresión de competencias nalgúns casos (Deputacións), supervisión do planeamento municipal, fusión de municipios pequenos. Son tamén os poderes públicos locais e autonómicos os que deben precisar o carácter dos consorcios, onde se complementa a iniciativa pública e a privada.

Os responsables da realidade metropolitana das Rías Baixas deberán ter en conta que, como sinalaron varios autores, o futuro mundial non pasa polas superficies, senón polas liñas, polos eixos, polos camiños da actividade e das comunicacións. O mundo será una xeometría de vectores e non de áreas, e iso é un gran cambio: a forma de representar o mundo no século XIX e XX foi, basicamente, zonal; só hai que ver os vellos atlas xeográficos con superficies coloreadas homoxéneas que representaban territorios de soberanía. Por contra, no século XXI dominará unha cartografía de liñas, de trazos. É esta xeografía vectorial que obriga a reinterpretar o senso e as formas de perseguir a cohesión territorial e onde deberíamos incluír as previsións de futuro do arco atlántico e da área metropolitana de Vigo.

No seo da Unión Europea atopamos boas prácticas do funcionamento das áreas metropolitanas, ou rexións urbanas se queremos ser máis precisos nos procesos e menos escravos das fronteiras territoriais. En concreto os Ditames da UE (Ditame ECO/120 de 1 de xullo de 2004 e 2007/C 168/02) sobre as áreas metropolitanas recomendan:

1. definir as áreas metropolitanas dos 25 países da Unión
2. recoller anualmente un conxunto dos seus datos pertinentes
3. avaliar a súa relación cos indicadores da Estratexia de Lisboa
4. identificar nestes ámbitos os *clusters* de alto valor engadido
5. presentar un informe periódico sobre as mesmas

Na diagnose que se fai no Ditame de 2007 insisten na necesidade de aumentar a gobernanza local, que só é posible cun compromiso a **varias escalas**, así como un reforzamento da identidade espacial das áreas metropolitanas.

O xurdimento dos espazos metropolitanos en Europa puxo en cuestión as categorías tradicionais do Dereito Administrativo e as propias explicacións xeográficas e sociais. Os límites territoriais dos municipios son superados pola funcionalidade espacial. Por tanto, moitos servizos públicos demandan, para ser realmente eficaces, fórmulas supramunicipais na prestación e na planificación. E ademais da oferta de equipamentos e infraestruturas aparece o eido do ordenamento territorial, un elemento decisivo se o obxectivo é un desenvolvemento sustentable. Ademais no caso galego a dispersión das células de poboamento e do habitat fan urxente este tipo de xestión do territorio.

Por iso queremos subliñar que o ordenamento territorial administrativo debe dar resposta ás necesidades sociais que aparecen no contexto das rexións urbanas e que adoptan a forma de áreas metropolitanas. Unha resposta que pode dar lugar a:

*unha **xestión de servizos**; en especial no relativo á mobilidade, infraestruturas de transporte e comunicación, ciclo da auga (abastecemento e tratamento das augas residuais), recollida e reciclaxe dos residuos sólidos, formación para o emprego, servizos sanitarios, sociais e de saúde

*un **planeamento director do territorio** na perspectiva da sustentabilidade, o que determina unha avaliación ambiental do espazo ecolóxico, a coherencia do planeamento físico e xurídico do solo, a oferta de vivenda e a determinación da presión demográfica do territorio

Así os problemas derivados das infraestruturas de transporte están relacionados co debate de fondo sobre a necesidade de garantir unha **movibilidade básica universal** para o conxunto da cidadanía, dentro dos espazos metropolitanos tanto do norte como do sur do país galego. O modelo de reparto modal e de transportes que se está primando favorece ao transporte privado fronte ao transporte colectivo, ao canalizar a maior parte dos investimentos en estradas, vías de alta capacidade e autoestradas. Ademais hai un factor agravante, que é o papel crucial que desempeña a Autoestrada do Atlántico (AP-9) como esqueleto vertebrador de todo o litoral galego, cun elevado prezo da peaxe. Por iso a proposta de creación de novas vías de comunicación terrestres, ou ampliación das existentes, implica un estudo previo da movibilidade metropolitana

Xa fixemos referencia á nosa opción respecto do **ordenamento territorial** que é entendido como un traballo de equipa pluridisciplinar, que permita afirmar os territorios e as súas diferentes plusvalías dentro dun marco de desenvolvemento sustentábel, que sexa o mais posíbel un consenso entre o conxunto de actores con presenza metropolitana: responsábeis políticos dos diferentes gobernos locais; funcionarios da administración autonómica e local; profesionais de ordenamento e planeamento; investigadores; empresas; asociacións locais.

Neste ámbito entendemos que é preciso definir os novos retos do planeamento territorial, entre os que subliñamos os que se refiren á **sustentabilidade**. Así cómpre estudar aquelas posibles competencias que segundo o artigo 133 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local da Comunidade Autónoma, poderían ser recollidas polas áreas metropolitanas, e que desde a perspectiva do medio ambiente serían: a planificación hidrolóxica e a adución e redes de abastecemento de auga en alta; a prevención e extinción de incendios; e o tratamento de lixos e o control dos vertidos, sen prexuízo da competencia autonómica na materia. Entendemos que é preciso un plan territorial integrado que non existe para esta área e que da lugar a problemas de ordenamento dos usos do solo, sobre todo porque as figuras xurídicas de cada municipio non son homoxéneas respecto á lei do solo.

Outro aspecto que debe ser considerado no planeamento económico das áreas metropolitanas está relacionado coa **formación para o emprego**, tal como se avaliou no traballo das áreas metropolitanas galegas no seu capítulo 8 (Souto et al., 2009). Na actualidade existe unha profunda transformación neste eido e a creación de áreas funcionais pretenden relacionar a estrutura produtiva coa rede de centros formativos. A planificación da oferta en base ás áreas funcionais, pretende incluír na oferta formativa, unha dose de sentido común así como adaptar a rede actual ás necesidades reais de Galiza, onde os datos de prazas vacantes son o suficientemente importantes, da orde de 7.000 prazas vacantes ao ano, como para facer un planeamento acorde á realidade. Por iso a delimitación de áreas funcionais, como poden ser as metropolitanas deben concentrar unha oferta formativa, de formación profesional, suficiente para satisfacer ás necesi-


dades da súa contorna laboral, promovendo a relación entre os distintos concellos e/ou comarcas que configuren as devanditas áreas.

No cadro 2 sitentizamos cómo poden influir as delimitacións territoriais supramunicipais na oferta de servizos a unha poboación que medra e racha os límites tradicionais do século XIX. Ao noso xuízo son os consorcios e a área metropolitana as solucións máis axeitadas para a xestión de servizos e a configuración do planeamento supramunicipal, obxectivos básicos deste proceso.

Cadro 2: Figuras xurídico-administrativas de carácter supramunicipal.

	Área metropolitana	Comarca	Mancomunidade	Consorcio
Competencia	Ámbito pluricompetencial, especialmente coordinación e planificación conxunta de determinados servizos e obras.	Ámbito pluricompetencial.	Execución de obras e servizos determinados, establecidos polos propios municipios	Realización de fins de interese común entre municipios e outras administracións públicas (provincia, comunidade autónoma, estado) ou con entidades privadas sen ánimo de lucro.
Creación e constitución	Lei autonómica aínda que é necesaria a previa audiencia dos concellos afectados.	Lei autonómica aínda que cabe a iniciativa lexislativa municipal para a súa creación e poden opoñerse as 2/5 partes dos municipios que deberan agruparse nela, sempre que representen, cando menos, a metade do censo electoral do territorio.	Aprobación de estatutos polos municipios asociados.	Aprobación de estatutos por tódalas entidades consorciadas.
Réxime orgánico, funcional e financeiro.	Determinada por lei autonómica. Nos seus órganos de goberno deben estar representados tódolos municipios integrados na área.	Determinada por lei autonómica. Nos seus órganos de goberno deben estar representados tódolos municipios integrados na comarca.	Determinada polos estatutos. Os seus órganos de goberno deben ser representativos dos concellos.	Determinado polos estatutos. Os seus órganos de decisión estarán integrados por tódalas entidades consorciadas na proporción que se fixe.

Para poder definir as unidades supramunicipais no ordenamento sustentável, e que determinarían os futuros usos do solo en cadanseu municipio, precisamos un territorio. A delimitación que fixo a EGAP (figura 11) parécenos correcta en liñas xerais, pero nós engadimos a zona de Salvaterra-Salceda, polo dinamismo industrial e residencial que existe, así como Sanxenxo pola funcionalidade que posúe respecto a Pontevedra e por ser un área de enorme fraxilidade ambiental (figura 12). Pódese argumentar que debería engadirse Fornelos e As Neves, nun caso polo abastecemento de auga e outro pola situación tanxencial do parque empresarial. Nós entendemos que un criterio non é suficiente para incorporar un municipio a un proceso, pois igual podíase argumentar co



11.-Delimitación da EGAP. Os estudos interdisciplinares da EGAP deron lugar a unha proposta de delimitación para a Area de Vigo, que ao noso xuízo é válida agás algúns cambios que entendemos deben realizarse.



12.-Proposta final de delimitación funcional. Como calquera división urbana é revisable e pode aumentar o número de concellos, pero esta delimitación facilita o desenvolvemento sustentábel.

concello onde se leva o lixo de Vigo e a súa área, Cerceda. Pola outra parte as aldeas e parroquias de As Neves afectadas polo dinamismo empresarial do porto seco aínda non se pode avaliar, polo que segue a predominar unha característica de municipio avellentado e con escaso dinamismo económico.

Non podemos confundir, nin confundirnos, cos intereses do poder político neste artellamento do territorio en relación coa necesaria reforma administrativa. Os concellos galegos son cativos para dar resposta ás necesidades da poboación

no século XXI¹² e resultan pouco funcionais e caros. O mapa municipal necesita unha reforma, pese aos problemas de identidade que aparecen asociados aos concellos, como antes fora respecto ás parroquias. Haberá que analizar cómo se constituiron os concellos actuais (Fariña Jamarido, 1990) e sobre estes alicerces reconstruír un novo edificio político administrativo.

A delimitación que estamos a propor coincide en gran medida coa definición da área de Vigo e Pontevedra realizada pola Consellería de Política Territorial no ano 2004 no Avance das Directrices de ordenación do territorio, consecuencia normativa da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia. Isto significa que existe un marco legal que confirma a necesidade dun planamento supramunicipal coa complementariedade de Vigo e Pontevedra.

Ademáis de isto, o volume demográfico e o dinamismo económico que se lograría permitirá un coñecemento da área na Unión Europea, polo que se configura deste xeito como un espazo con capacidade de atraer investimentos. Igualmente a delimitación de Vigo e Pontevedra permitirá aforrar custes ambientais en transporte, pois aparecerán trens de proximidade e autobuses integrados na mobilidade metropolitana; uns movementos que son os máis intensos da área analizada. Finalmente, a complementariedade facilitará o deseño de planes estratéxicos conxuntos, seguindo os guieiros trazados no Planos de Vigo e a súa área e Pontevedra-Marín-Vilaboa.

En anteriores traballos realizados sobre este mesmo asunto ofrecín argumentos sobre a existencia dun proceso de rexionalización a partir de Vigo, un proceso radiocéntrico que tiña a súa orixe no dinamismo económico da cidade. Os cambios tecnolóxicos, a expansión urbana, os cambios demográficos e as novas pautas de localización produtiva implican un novo modelo de metropolitanización. Quixemos dar conta do mesmo e incidir no debate en favor dun gran área metropolitana das Rías Baixas que sexa visible en Europa, que sexa quen de ofrecer servizos que demanda a poboación, que poda avanzar unha proposta de nova ordenación política e administrativa para o territorio e que cumpla cos principios de sustentabilidade, cohesión e competitividade.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

AA.VV. *Delimitación da área metropolitana de Vigo*, Santiago: Escola de Administración Pública, 2007.

BURGUEÑO, Jesús. La genésis de la división territorial contemporánea en España atlántica (Galicia, Asturias, Cantabria y El Bierzo), *Ería, Revista de Geografía*, núm. 36, Oviedo, 1995, páxs. 5-33.

CASTRO LÓPEZ, A. *A comarcalización en Galicia. Aspectos técnicos, xurídicos e sociais*. Pontevedra: Excma. Deputación de Pontevedra, 1989.

¹² Así fica de manifesto cando se compara o tamaño demográfico e superficial dos concellos galegos cos do Norte de Portugal, pois teñen unha media de poboación cinco veces inferior e unha superficie tres veces máis cativa.

- ESCRIBANO ZAFRA, José M. Aproximación a la teoría de las áreas metropolitanas, *Revista jurídica de Castilla-La Mancha*, nº 41, 2006, páxinas 9-49
- FARIÑA JAMARDO, Xosé. *Os Concellos Galegos (Parte Xeral)*. Fundación Pedro Barrié de La Maza. 1990.
- GARRIDO FARALDO, S.; LOIS GONZÁLEZ, R. La comarcalización de Galicia: entre la necesidad y el caos, In *XIII Congreso de Geografía. Nuevos procesos territoriales*, Sevilla: Universidad de Sevilla, 1993, páx. 249-253
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Juan Miguel. *Teis: Memoria histórica dunha parroquia do litoral (Vigo/Lavadores)*, Asociación Veciñal de Teis, Concellería de Cultura, Vigo, 2007.
- GONZÁLEZ MARIÑAS, P. *Las Diputaciones provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al constitucionalismo*, A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña, 1978.
- GONZÁLEZ MARIÑAS, P. e LÓPEZ MIRA, A. Historia do municipalismo como forma de organización do territorio. En: Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e o goberno local*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e IDEGA, 2004 pp. 59-100.
- IGLESIAS VEIGA, Xosé M^a Ramón. *Antonio Palacios, arquitecto. De O Porriño a Galicia*, Pontevedra: Excm. Deputación Provincial, 1993.
- LOIS GONZÁLEZ, R.C. Estructura territorial de Galicia. En: Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e o goberno local*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e IDEGA, 2004, pp. 101-160.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, A.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. La comarca como ámbito de estudo en la geografía de Galicia, In *XIII Congreso de Geografía. Nuevos procesos territoriales*, Sevilla: Universidad de Sevilla, 1993, páxs. 273-276.
- LÓPEZ MORÁN, B. *A comarcalización histórica de Galicia no século XIX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1994.
- MÁRQUEZ CRUZ, G. Futuro e perspectivas do goberno local en Galicia. En: Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e o goberno local*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e IDEGA, 2004, pp. 423-543.
- MELLA MARQUEZ, Xosé María. Fundamentos teóricos para un ensaio de comarcalización de Galicia. *Revista Galega de Estudos Agrarios*, nº 3, 1980; Santiago: Xunta de Galicia, páxinas 85-110.
- MELLA MÁRQUEZ, José M^a (director). *Estudo económico sobre a optimización da prestación de servizos públicos locais en Galicia*, Coruña. Xunta de Galicia, 2008.
- MIRALBÉS BEDERA, M^a R. y CASAS TORRES, José M. Los mercados periódicos en Galicia, Madrid: Instituto de Geografía Aplicada del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1974.

- MIRALBÉS BEDERA, R.; DE TORRES LUNA, M.P. e RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, R. *Aproximación a una división comarcal de Galicia*. Santiago de Compostela: Publicaciones del Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago, 1980.
- MIRALBÉS BEDERA, R.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, R.; VILLARINO PÉREZ, M. e ARMAS DIÉGUEZ, P. *Galicia. Una división comarcal de su espacio*. Madrid: Instituto de Geografía Aplicada del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1983.
- MIRALBÉS BEDERA, R.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, R.; VILLARINO PÉREZ, M. e ARMAS DIÉGUEZ, P. Galicia. Unha división comarcal do seu espacio, *I Cuaderno de Xeografía*, Sada: Edic. O Castro, 1985; pp. 91-152.
- NELLO I COLOM, Oriol. *Las grandes ciudades españolas: dinámicas urbanas e incidencia de las políticas estatales: informe elaborado por encargo del European Institute for Comparative Urban Research (EURICUR), abril 1997* Barcelona: Institut d'Estudis Metropolitans de Barcelona, 1997.
- PALACIOS, Antonio. *Plan de extensión e reforma interior da cidade de Vigo*, Madrid: Concello de Vigo, AEE Edicións, 2002.
- PRECEDO LEDO, A. *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1987.
- PRECEDO LEDO, Andrés, RODRÍGUEZ-MARTÍNEZ CONDE, Rafael, VILLARINO PÉREZ, Montserrat. *Vigo. Área metropolitana*, Vigo. Fundación Caixa Galicia, 1989, Colec. Serie Economía y Territorio, 2
- PRECEDO LEDO, A. *Desenvolvemento territorial e planificación comarcal. O Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1994.
- PRECEDO LEDO, A. Una experiencia geográfica de planificación territorial: el plan de desarrollo comarcal de Galicia, *Boletín de la AGE*, nº 20, 1995; páxs. 7-21.
- PRECEDO LEDO, A. *O mapa comarcal de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997.
- PRECEDO LEDO, A. e VÁZQUEZ BARQUERO, A. (coords.) *Desarrollo local y comarcalización*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.
- PRECEDO LEDO, A.; MÍGUEZ IGLESIAS, A.. Policentrismo urbano y ajuste del sistema de ciudades, *Xeográfica. Revista de Xeografía, Territorio e Medio Ambiente*, Universidade de Santiago de Compostela, nº 7, 2007; páxinas 75-93.
- RAMA MORALES, Paula e LUACES, Pilar. *Redes de política local: un estudo das áreas de influencia da Coruña e Vigo*, Santiago de Compostela: EGAP, 2007.
- RODRÍGUEZ ENNES, Luis. *Las divisiones provinciales de Galicia. Pasado, presente y futuro. Los casos de Vigo y Pontevedra*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 2002.

- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. Fusión de municipios: unha visión inicial. En: Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e o goberno local*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e IDEGA, 2004; páxinas 13-58.
- RUEDA VALENZUELA, A. e DÍAZ SÁNCHEZ, L. As novas formas supramunicipais: a súa análise dende o Pacto Local. En: Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e o goberno local*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela e IDEGA, 2004, páxinas 387-422.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. “A Rexionalización”. En: AA.VV. *Galicia. A nosa terra*. Santiago de Compostela: editorial Escola Aberta, 1980, páxinas 149-181.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. “Os problemas de rexionalización no Sur de Galicia. O caso da Rexión Urbana de Vigo”. En: AA.VV. *Acta, Ponencias, Comunicaciones de III Coloquio Ibérico de Geografía*, Univ. de Barcelona, 1984, pp. 430-438.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. O problema da rexionalización en Galicia. Encl da rexión urbana de Vigo, *I Cuaderno de Xeografía*, Sada: Edic. O Castro, 1985; pp. 153-182.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. Et al. Vigo: *proxecto e realidade do medio periurbano*, Vigo: Concellería de Planeamento urbanístico, 1994
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé M. (coord.) *Areas metropolitanas galegas*, Madrid: Xunta de Galicia, 2009.
- SOUTO GONZÁLEZ, X.M; BOUZADA FERNÁNDEZ, Xan, FIGUEIREDO FIGUEIREDO, Antonio. *Estudos estratéxicos do Eixo Atlántico*, Vigo: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 2005.
- TALLER DE IDEAS. *Galicia. Hipóteses de Modelo Territorial*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004.
- VÁZQUEZ BARQUERO, A., GONZÁLEZ GURRIARÁN, J. *Vigo. Plan Estratégico de Vigo y su área funcional, Plan Vigo, 2010*, Vigo: Fundación ProVigo, 2005
- VOCES, C.; CAÍNZOS, M.A; RUBAL MASEDA, M. e LUACES MÉNDEZ, P. *Delimitación das áreas metropolitanas funcionais da Coruña e Vigo*. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 2007.

Ordenación territorial e avaliación ambiental en Galicia: ficción e coartada

A propósito das Directrices de Ordenación do Territorio

Por Eliseo G. Baluja Casales

Estamos a finais do ano 2009. Xa transcorreron 26 anos dende que viu a luz a *Carta Europea de Ordenación do Territorio* en 1983. E 14 anos dende que entrou en vigor a *Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia*. E 10 anos dende o primeiro documento (proposta) da *Estratexia Territorial Europea*, publicado en 1999.

Sen embargo, Galicia, a día de hoxe, carece de instrumentos de ordenación territorial, salvo os establecidos, para o ámbito estritamente local, pola *Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, modificada pola *Lei 15/2004*.

Nun segundo orden de cousas, xa transcorreron máis de 8 anos dende a publicación da *Directiva 2001/42/CE, de Avaliación Ambiental Estratéxica*. E máis de 5 anos dende que esta Directiva entrou en vigor en España por efecto directo vertical, debido ao retraso de 21 meses na súa transposición (dende 2004 a 2006). E 3 anos e medio dende que entrou en vigor a *Lei 9/2006*, que transpón a Directiva ao ordenamento xurídico español.

En Galicia, a *Avaliación de Impacto Ambiental* transformouse, dende ben cedo, nun mero instrumento xustificativo da aprobación de proxectos. Isto é de público dominio no ámbito das administracións, no seo das empresas e entre os técnicos especialistas en avaliación ambiental. Pois ben: as evidencias mostran que a *Avaliación Ambiental Estratéxica* segue o mesmo camiño, converténdose nunha ficción que serve de coartada á aprobación de plans e programas.

E hai que falar dun terceiro aspecto. Cúmprense 17 anos dende o *Cumio das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento* (Río de Xaneiro, 1992). Neste cumio establecéronse as bases da participación democrática en materia de sustentabilidade a través da *Axenda 21*. Hai máis de 15 anos que tivo lugar a *Conferencia Europea sobre as Cidades Sustentables*, (Aalborg, 1994), onde se asinou a chamada *Carta de Aalborg*, que estableceu a *Axenda 21 Local*. Hai máis de 11 anos que a Comunidade Europea asinou o *Convenio de Aarhus sobre*

o acceso á información, á participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (1998). Hai 6 anos e medio que o *Convenio de Aarhus* deu lugar á *Directiva 2003/35/CE*, e hai máis de 3 anos que a entrou en vigor a súa transposición española, a *Lei 27/2006*.

Pois ben: neste momento, a participación democrática dos galegos en materia de sustentabilidade redúcese ás observacións e alegacións formuladas a plans e proxectos en cuxo proceso de decisións non teñen parte algunha. As Axendas 21 son inexistentes ou inoperantes. O Consello Galego de Medio Ambiente é ineficaz como vía de participación pública. Os consellos sectoriais de urbanismo carecen de criterios de sustentabilidade, e derivan na defensa dos intereses dos grupos representados. A meirande parte das observacións e alegacións formuladas por particulares, grupos sociais e asociacións ecoloxistas son rexeitadas ou non son respondidas. A democracia participativa en materia de planificación, medio ambiente e sustentabilidade non existe en Galicia.

O propósito deste artigo é denunciar públicamente esta situación, describindo o caso das *Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)*, futura *Constitución Territorial de Galicia*, cuxo procedemento se iniciou hai 12 anos, que foron aprobadas inicialmente o ano pasado entre graves irregularidades, e cuxa tramitación está inconclusa. O caso das *DOT* é o cumio do paradigma negativo xa descrito. Por unha parte, a súa falla provoca que se estean elaborando e aprobando multitude de plans e proxectos sectoriais e municipais sen criterios de ordenación territorial. Por outra parte, a súa mesma elaboración levouse a cabo sen avaliación ambiental estratéxica e sen participación democrática.

Semellante denuncia require unha exposición detallada dos feitos, cousa que pode resultar árida de ler, e algo difícil de seguir para os non profesionais. Polo tanto, a prol dunha lectura máis amena e interesante, decidimos abrir o relato cunha exposición resumida de tres materias importantes, que deberían formar parte da cultura común, e que son esenciais para comprender o aquí exposto: a Ordenación do Territorio, a Sustentabilidade e a Avaliación Ambiental Estratéxica.

1. A ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Nos comezos do século XX comezaron a multiplicarse os problemas creados pola urbanización, a industrialización e a progresiva transformación industrial da agricultura, debido á súa ocupación extensiva e desordenada do territorio. A Ordenación Territorial xurdiu como función pública para responder a estes problemas, e iniciouse case simultaneamente en Europa e nos Estados Unidos no primeiro terzo do século XX. Sen embargo, non comezou a desenvolverse con certa consistencia e continuidade ata despóis da segunda guerra mundial.

Existen múltiples visións teóricas sobre a natureza e os obxectivos da Ordenación do Territorio, pero aquí cinguiremonos aos criterios adoptados por tres documentos que afectan a Galicia: a Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983, a Estratexia Territorial Europea de 1999, e a Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia.

A Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983 define esta función como “*a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade*”; considéraa como unha combinación de “*disciplina científica, técnica administrativa e política*”, e declara que os seus obxectivos son: a) O desenvolvemento socioeconómico equilibrado das rexións. b) A mellora da calidade de vida. c) A xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio natural. d) A utilización racional e equilibrada do territorio.

A Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia, asume a visión da Carta Europea de 1983, e manifesta que a ordenación territorial ven suplir a carencia de sentido territorial da normativa urbanística e das actuacións acumuladas das diferentes administracións públicas sobre o territorio galego.

A Estratexia Territorial Europea de 1999 establece, como obxectivos do desenvolvemento territorial: a) A cohesión económica e social. b) A conservación e xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural. c) Unha competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

A Lei 10/1995 desenvolve a Ordenación do Territorio de Galicia a través dos seguintes instrumentos xerarquizados:

a) **Directrices de ordenación do territorio:** Constitúen a expresión da política territorial de Galicia e o marco xeral de referencia para os restantes instrumentos de ordenación, e establecen as pautas espaciais de asentamento das actividades. No documento de Avance considéranse como a *Constitución Territorial de Galicia*.

b) **Plans territoriais integrados:** Ordenan áreas xeográficas supramunicipais que, polas súas características, requiren unha planificación conxunta.

c) **Programas coordinados de actuación:** Coordinan as accións de distintos poderes públicos sobre un mesmo territorio. Concíbense como un instrumento complementario dos plans territoriais integrados.

d) **Plans e proxectos sectoriais:** Regulan a implantación de infraestruturas que teñen unha incidencia territorial supramunicipal.

e) **Plans de ordenación do medio físico:** Ordenan os ámbitos de especial valor natural (xeomorfolóxico, ecolóxico, paisaxístico) e/ou rural (agro-gandeiro-forestal). Tentan compatibilizar a súa protección coa explotación racional dos seus recursos. Regulan a súa interrelación cos asentamentos de poboación.

A Lei 10/1995 non establece un **Plan Territorial de Galicia**. Este feito leva a algúns profesionais a considerar que, sen este instrumento, non se garante unha planificación integrada e coordinada de todo o territorio galego. Cabe deducir que, na ausencia dun Plan Territorial de Galicia, as Directrices de Ordenación do Territorio deberían ter o alcance e o nivel de definición suficientes para suplir esa figura de ordenación.

Esta cadea de instrumentos xerarquizados conta cun último elo: os **Plans Xerais de Ordenación Municipal**, rexidos pola *Lei 9/2002, de ordenación urbanística de Galicia*, modificada pola *Lei 15/2004*. Pero abranguen materias (vivienda, industria, infraestruturas, medio ambiente) que requiren unha ordenación supramunicipal, máis propia dos Plans Territoriais Integrados. Cabe deducir que o obxecto dos Plans Municipais debería ser o desenvolvemento local dos Plans Territoriais e o tratamento de materias de ámbito estritamente local.

2. A SUSTENTABILIDADE

O Problema

A transición do paleolítico ao neolítico trouxo consigo a agricultura, o comezo da chamada civilización, un crecemento demográfico progresivo e unha progresiva deforestación. A Revolución Industrial e o emprego do carbón e do petróleo como fontes de enerxía inmensas e baratas, potenciados por un sistema socioeconómico baseado no crecemento indefinido, incrementaron exponencialmente a poboación e os efectos da actividade humana sobre a biosfera, sobre todo dende os comezos do século XX.

Os efectos deste proceso sobre a biosfera veñen sendo estudados dende o século pasado, e descritos nos informes que, dende os anos setenta, veñen emitindo diferentes organismos internacionais: os tres informes ao Club de Roma; o Informe Brundtland á Asamblea das Nacións Unidas, os informes do Grupo Internacional de Expertos sobre o Cambio Climático [IPCC]; o recente informe da Universidade de Estocolmo sobre os nove límites do planeta.

Estes informes alertan das ameazas que penden sobre a biosfera e a humanidade: o crecemento exponencial da poboación e da urbanización; o crecemento exponencial do consumo de recursos, da xeración de residuos e da contaminación; o ritmo galopante de deforestación, desertificación e perda de biodiversidade; a redución da capa de ozono; o cambio climático; a pobreza e a explotación dos seres humanos; a crise alimentaria; a inminente crise enerxética debida ao teito do petróleo.

O concepto de sustentabilidade nace da consciencia de que o camiño que leva a humanidade conduce ao colapso, e que precisa cambiar o seu modo de relación coa biosfera, abandoando a depredación e buscando a simbiose.

Un pouco de historia

Na Idade Media, tras a enorme deforestación de Centroeuropa provocada entre os anos 1000 e 1300, e a superación da capacidade de carga dos pastos e dos bosques residuais, a sociedade señorial-comunal instaurou un sistema de sustentabilidade que perdurou ata o ano 1800. No ano 1713 o dasónomo alemán *Hans Carlowitz* ideou o termo "**Nachhaltigkeit**", o antecedente histórico máis claro do termo *sustentabilidade*, para referirse á utilización sustentable dos bosques como fonte de enerxía na protoindustria do ferro e da prata.

No século XIX, no período final da economía clásica, *John Stuart Mill*, nos seus *Principios de Economía Política* (1848), mostrou a súa aceptación e complacencia polo **estado estacionario do capital e da riqueza**, considerado inevitable, pero deprimente, por outros economistas clásicos, como Adam Smith, Thomas Malthus e David Ricardo.

No ano 1956 o sociólogo, historiador e urbanista *Lewis Mumford* utilizou o termo **sustentabilidade** na súa obra *Historia Natural da Urbanización*, indicando que unha cidade acada os límites da sustentabilidade no momento en que perde a relación simbiótica co seu territorio pola sobreexplotación dos seus recursos.

No ano 1971 o economista rumano *Nicholas Georgescu-Roegen* publicou a súa obra *A Lei da Entropía e o Proceso Económico*, que senta as bases da **bioe-**

conomía (novo paradigma que contextualiza a economía no mundo físico, relacionándoa coa termodinámica e a bioloxía) e propugna o **decrecemento**.

No ano 1972 presentouse o Informe do Equipo Meadows e o Instituto Tecnolóxico de Massachussets ao Club de Roma titulado **Os Límites do Crecemento**, que propugna un **estado estable de equilibrio económico, demográfico e ecolóxico**.

No ano 1980, a *Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN)* elaborou, co apoio do PNUMA e da Fundación Mundial para a Vida Salvaxe (WWF), o documento **Estratexia de Conservación Mundial: Conservación dos Recursos Naturais para o Desenvolvemento Sustentable**, que oficializa unha primeira definición do concepto.

No ano 1982 a ONU adoptou a **Carta Mundial da Natureza**, que transcende, en parte, o antropocentrismo da Estratexia Mundial de Conservación, recoñecendo o valor intrínseco de todo tipo de vida.

No ano 1983 creouse a *Comisión Mundial das Nacións Unidas para o Ambiente e o Desenvolvemento*. Froito do seu traballo foi o **Informe Brundtland**, titulado **O noso futuro común**, de 1987, que adopta o termo **Desenvolvemento Sustentable**, do que oficializa unha segunda definición.

No ano 1991 a IUCN elaborou, co apoio do PNUMA e da WWF, a segunda Estratexia Mundial de Conservación, documento titulado **O Coidado da Terra**, na que se adopta unha nova definición de **Desenvolvemento Sustentable**.

No ano 1992 celebrouse o Cumio das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento en Río de Xaneiro. Froito dese cumio foi a **Axenda 21**, programa para a posta en práctica dos principios desenvolvemento sustentable.

No ano 1993, a Comunidade Europea adoptou o *Desenvolvemento Sustentable* como un dos principios do *Tratado de Maastricht*. No ano 1994 celebrouse a *Conferencia Europea sobre as Cidades Sustentables*, na que se aprobou a chamada *Carta de Aalborg*, que establece a **Axenda 21 Local**. No ano 2002 a Unión Europea elaborou a **Estratexia Europea para o Desenvolvemento Sustentable**.

No ano 2001 asinouse na UNESCO a **Carta da Terra**, iniciativa civil impulsada por 23 persoalidades, co apoio do goberno holandés. A *Carta da Terra* actualiza a anterior *Carta Mundial da Natureza*, e intenta transcender os seus obxectivos éticos, de conservación e de sustentabilidade.

O Desenvolvemento Sustentable

Das múltiples definicións de Desenvolvemento Sustentable citaremos dúas.

O *Informe Brundtland* define o desenvolvemento sustentable como: *“aquel que satisface as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades”*.

A segunda Estratexia Mundial para a Conservación da IUCN, *Coidando a Terra*, define o desenvolvemento sustentable como *“a mellora da calidade da vida humana sen exceder a capacidade de carga dos ecosistemas que a soportan”*. O documento considera o desenvolvemento sustentable como *“un proceso que require un progreso mundial simultáneo en varias dimensións: económica, humana, ambiental e tecnolóxica”*.

O desenvolvemento sustentable ten tres piares: o *económico* (a satisfacción das necesidades humanas), o *ecolóxico* (a preservación da biosfera) e o *social* (a saúde, a *equidade* [xustiza natural por contraste coa xustiza legal] *inter* e *intra* xeracional, a cultura e a calidade de vida).

O concepto *desenvolvemento sustentable* está suxeito a varias críticas. A primeira é que o termo *desenvolvemento* suxire *crecemento económico indefinido*, cousa insustentable, por imposible, nun mundo finito. O intento de darlle un significado non económico (avance en coñecemento, cultura, valores humanos e calidade de vida) tropeza co feito de que xa está asociado ao crecemento económico no propio informe Brundtland e nos Tratados Europeos.

Unha segunda crítica atinxe ao carácter antropocéntrico e carente de equidade ecolóxica deste concepto, que non valora a natureza como un ben en sí mesmo e ignora a solidariedade dos seres vivos non humanos.

Unha terceira crítica refírese á falla de atención expresa á conservación da cultura identitaria dos pobos e dos seus modos de vida, o que pode considerarse como unha falla de *equidade interxeracional retrospectiva*.

Sustentabilidade débil e economía ambiental

O intento de integrar a protección do medio ambiente e a preservación dos recursos naturais no actual sistema socio-económico deu por resultado unha nova rama da economía neoclásica, chamada *economía ambiental*, que dá soporte a un concepto de sustentabilidade denominado *sustentabilidade débil*.

A economía ambiental considera os impactos ambientais e sociais da actividade económica como externalidades negativas, un fallo do sistema que se corrixe internalizando o seu coste. Asume que o capital natural, o capital artificial e o capital humano son intercambiabes. Polo tanto, considera posible o crecemento indefinido, porque o capital natural pode ser substituído por outras formas de capital. Afirmar que un maior desenvolvemento económico produce unha maior sensibilidade ambiental, e que os avances tecnolóxicos permitirán reparar os danos provocados nos ecosistemas.

A sustentabilidade débil considera que a equidade interxeracional consiste en traspasar ás xeracións vindeiras un capital total, en termos de capital natural, artificial e humano polo menos igual ao presente.

Sustentabilidade forte e economía ecolóxica

A *sustentabilidade forte* responde á busca dunha nova relación entre o ser humano e a biosfera en termos de equidade ecolóxica e social, e a adaptación da economía aos procesos naturais. Polo tanto, a sustentabilidade forte implica un cambio no modo de vida. Persegue un estado final de equilibrio económico e demográfico. Sin embargo, dado o desequilibrio entre os países do centro e da periferia económica, e a necesidade de reducir a pegada ecolóxica global, cabe deducir que a sustentabilidade forte ten unha relación inevitable co decrecemento económico e poboacional, e que require unha revisión das relacións de poder e do concepto de poboación.

A *economía ecolóxica*, herdeira do traballo de *Georgescu Roegen*, persegue a sustentabilidade forte a través dun novo paradigma económico, no que a activi-

dade económica é un subsistema integrado na natureza, e a ciencia económica está relacionada interdisciplinarmente coa termodinámica, a bioloxía, a ética e as ciencias sociais. Considérase unha ciencia en constante evolución, e acolle diferentes puntos de vista. Recibe algunhas críticas. En primeiro lugar, que conserva certo antropocentrismo. En segundo lugar, que non se manifesta coa necesaria contundencia en contra do actual sistema socioeconómico. En terceiro lugar, que mostra moita febleza ao tratar do decrecemento.

3. A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Un pouco de historia

A Avaliación Ambiental naceu no ano 1968 nos Estados Unidos, cando a aprobación da *NEPA (National Environmental Policy Act, ou Ley Nacional de Política Ambiental)*, que incorporaba, entre os seus requisitos, a **Avaliación de Impacto Ambiental (AIA)** [*Environmental Impact Assessment (EIA)*], ou *avaliación ambiental de proxectos*. No ano 1979 aprobouse o Regulamento de Aplicación da NEPA (*Regulations for implementing the Procedural Provisions of NEPA*), que estableceu a obrigaición de someter a AIA todos os proxectos públicos.

A práctica da Avaliación de Impacto Ambiental foi estendéndose polo mundo a medida que ía sendo adoptada por sucesivos países: Canadá (1973); Francia (1976); Brasil (1979). No ano 1985 a Comunidade Europea aprobou a *Directiva 85/337/CEE, de 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente*, que foi modificada pola *Directiva 97/11/CE, de 3 de marzo*. A AIA chegou a España a partir do ano 1986, mediante a transposición das Directivas 85/337/CE e 97/11/CE, realizada polo *RDL 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental*, modificado mediante o *RDL 9/2000, de 6 outubro, e a Lei 6/2001, de 8 de maio*.

Por último, no ano 2001 a unión Europea aprobou a *Directiva 2001/42/CE, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*, ou *avaliación ambiental de plans e programas*, máis coñecida como **Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE)**. A AAE chegou a España mediante a transposición da *Directiva 2001/42/CE*, realizada (21 meses despois do límite legal) a través da *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*.

Avaliación de Impacto Ambiental e Avaliación Ambiental Estratéxica

A Avaliación de Impacto Ambiental ocúpase dos efectos ambientais dos *proxectos*, mentres que a Avaliación Ambiental Estratéxica trata dos efectos ambientais dos *plans e programas*.

Os *proxectos* sometidos a AIA poden definirse como *actos de deseño* públicos ou privados que describen *accións físicas concretas* sobre un determinado ámbito territorial, xeralmente reducido. Os plans e programas sometidos a AAE poden definirse como *actos de planificación* das administracións públicas relacionados directa ou indirectamente coa ordenación e o uso do territorio, e que teñen efectos sobre o medio ambiente (ordenación territorial; protección e xestión do medio

ambiente; urbanismo; infraestruturas de produción; infraestruturas de transporte; medios de produción, transporte e consumo de enerxía; xestión dos recursos naturais; xestión de residuos). Os plans e programas abranguen un ámbito territorial xeralmente amplo (incluso un país) e transfórmano nun marco regulamentado para a posterior elaboración e autorización de proxectos.

Polo tanto, o termo *estratéxica* quere dicir *en fase de planificación*. A avaliación ambiental de plans e programas permite anticipar os efectos ambientais das futuras accións sobre o territorio durante a *planificación*, cando o proceso de decisións se atopa nunha fase *estratéxica*, é dicir, nun nivel de decisións superior, nun ámbito territorial xeralmente máis amplo e nun momento moi anterior ao da realización dos proxectos.

Fundamentos e obxectivos da Avaliación Ambiental Estratéxica

A Avaliación Ambiental Estratéxica baséase en tres **principios fundamentais**, que veñen citados nos considerandos da Directiva 2001/42/CE e na exposición de motivos da Lei 9/2006:

O **principio de integración**, establecido nos Tratados da Unión Europea (artigo 6 do Tratado Constitutivo da CE e artigo 119 do Tratado de Lisboa): “*As esixencias da protección do medio ambiente deberán integrarse na definición e na realización das políticas e accións da Comunidade..., en particular co obxecto de fomentar un desenvolvemento sustentable*”. O principio de integración é o fundamento de toda a política da UE en materia de medio ambiente, e isto inclúe a avaliación ambiental.

O **principio de prevención**, (non expresamente incluído no texto das normas citadas, pero impreso no espírito de toda política e lexislación ambiental), que pode enunciarse así: “*Non se debe levar a cabo ningunha acción que provoque danos ambientais graves e irreversibles*”.

O **principio de precaución ou cautela**, que pode enunciarse así: “*Non se debe levar a cabo ningunha acción da que non se coñezan as consecuencias, e da que, polo tanto, non se teña a seguridade de que non provocará danos ambientais graves e irreversibles*”.

Por outra parte, os **obxectivos** da Avaliación Ambiental Estratéxica figuran no artigo 1 de ámbalas normas, e son os seguintes: 1) *Integrar os aspectos ambientais* (ou sexa, aplicar o principio de integración) *na preparación e adopción de plans e programas*. 2) *Acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente*. 3) *Promover un desenvolvemento sustentable nas súas dimensións económica, social e ambiental*.

Ademais, o Considerando (15) da Directiva e o último parágrafo da Exposición de Motivos da Lei recollen dous **obxectivos adicionais**: *a participación pública no proceso de avaliación e a transparencia do proceso decisorio*.

Procedemento da Avaliación Ambiental Estratéxica

A AAE non é una *técnica* de avaliación ambiental, senón un *procedemento*. A normativa de AAE non define as *técnicas* de avaliación (definición de escenarios, selección de parámetros, toma de datos, métodos de valoración e cálculo) senón que esixe que se teñan en conta os coñecementos e métodos de avaliación exis-

tentes (artigo 5.2 da Directiva e artigo 8.2.(a) da Lei). O que define a AAE é o seu *procedemento*, é dicir, a secuencia temporal das accións necesarias para a avaliación e a súa integración na elaboración e na adopción do plan ou programa.

Para cumprir cos principios fundamentais e acadar os obxectivos da Directiva e da Lei, a AAE integra os aspectos ambientais e a participación pública no deseño do plan, é dicir, no proceso de decisións que vai configurando o plan e determinando as súas características. Polo tanto, ***a Avaliación Ambiental Estratégica realízase xunto coa elaboración do plan dende o seu inicio***. Deste xeito, a AAE *non é un instrumento de control ambiental a posteriori* dun plan xa redactado. No seu lugar, *é un instrumento de deseño do plan dende o punto de vista ambiental*, que se engade aos demais instrumentos de deseño (técnicos, económicos e, no seu caso, sociais).

Para conseguilo, a AAE utiliza tres mecanismos: 1) *Un proceso de avaliación continuo*, dende a primeira fase de deseño á última fase de seguimento dos efectos da aplicación do plan ou programa. 2) *A exploración e avaliación ambiental de alternativas razoables*, antes de elaborar o proxecto ou versión inicial do plan ou programa e o informe ambiental. 3) *Varias fases de información e consulta pública*.

O Cadro 1 describe o procedemento da AAE. A ausencia dun regulamento que desenvolva a Lei 9/2006 obriga a completalo con procedementos de boa práctica.

O principio de integración e o proceso de decisións

O principio de integración require que a avaliación ambiental se realice ao longo do proceso de decisións que vai configurando o plan ou programa. O proceso comeza coa avaliación ambiental e a comprobación da coherencia interna e externa dos obxectivos do plan. Despois realízase unha primeira definición e avaliación simplificada das alternativas posibles, para seleccionar as alternativas razoables. A continuación procédese a unha definición e avaliación máis detallada das alternativas razoables, para determinar a alternativa óptima. Por último, desenvólvense a alternativa óptima e a súa avaliación polo miúdo. Este proceso é *iterativo*, e pode ser necesario volver atrás para corrixir resultados negativos non previstos. Así descrito, o principio de integración materialízase na avaliación ambiental sucesiva dos obxectivos, das alternativas, da versión preliminar e da versión definitiva do plan, e continúa aplicándose na fase de seguimento.

Os principios de xerarquía e concorrencia (avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos de plans diferentes)

Do principio de integración derívanse dous principios de boa práctica que veñen recollidos, se ben dun xeito indirecto, na Directiva 2001/42/CE e na Lei 9/2006.

Por unha parte, o ***principio de xerarquía***: *A Avaliación Ambiental dun conxunto de plans xerarquizados debe realizarse xerárquicamente*. As determinacións dun plan inserido nunha cadea xerárquica son o resultado dun proceso de decisións que non se iniciou, xeralmente, no mesmo plan considerado, senón nun plan superior na xerarquía. O principio de integración require que se avalíe ambientalmente todo o proceso de decisións, e iso conduce ao principio de xerarquía xa enunciado.

Por outra parte, o ***principio de concorrencia***: *A Avaliación Ambiental dun conxunto de plans concorrentes debe realizarse conxuntamente*. Considéranse plans

Cadro 1
Proceso de elaboración conxunto dun Plan ou Programa e da súa AAE
(Cumprimento dos Requisitos da Lei 9/2006 de acordo coa boa práctica)

FASES		ACCIÓNS	
		Equipo redactor: Plan/Programa	Equipo ambiental: AAE
		Ámbolos dous equipos	
		<i>Administracións (planificadora, ambiental, territorial, sectoriais)</i>	
1. OP: Definición inicial do plan ou programa		Documento de Inicio do plan ou programa	Análise e diagnose ambiental previa do territorio ou ámbito afectado
2. OA: Consulta sobre o alcance da AAE		<i>Consulta ás administracións afectadas e ao público interesado sobre o alcance da AAE e o contido do seu Informe Ambiental</i>	
3. OA: Documento de Referencia para realizar a AAE		Documento de Referencia: Alcance da AAE e contido do Informe Ambiental (amplitude, nivel de detalle, principios, criterios, campos, técnicas e indicadores)	
4. OP: Elaboración do Proxecto ou Versión Preliminar do plan ou programa, e do seu Informe Ambiental	4.1 Análise, diagnose, prospectiva, obxectivos	Desenvolvemento técnico	Avaliación ambiental
		Análise da coherencia interna e externa dos obxectivos	
	4.2 Exploración e selección de alternativas	Valoración técnica das alternativas	Avaliación ambiental das alternativas
		<ul style="list-style-type: none"> • Exploración e definición das alternativas posibles • Selección das alternativas razoables • Determinación da alternativa óptima 	
	4.3 Redacción do Proxecto e do Informe Ambiental	Proxecto ou Versión Preliminar do plan ou programa (Desenvolvemento da alternativa óptima)	Informe de Sustentabilidade Ambiental (Do proxecto de plan e das alternativas razoables non elixidas)
5. OP: Información e consulta pública		<ul style="list-style-type: none"> • Información pública • Consulta ás administracións afectadas e ao público interesado • Recepción de informes sectoriais e alegacións 	
6. OP&OA: Elaboración da Memoria Ambiental		Memoria Ambiental (Análise e valoración do proceso de avaliación e do resultado das consultas. Toma de decisións final. Determinacións vinculantes)	
7. OP: Elaboración da Proposta ou Versión Definitiva do plan ou programa		Proposta ou Versión Definitiva do plan ou programa (*)	Versión Definitiva do Informe Ambiental
8. OC: Aprobación e información pública		<ul style="list-style-type: none"> • Aprobación do plan ou programa • Información pública: plan ou programa e declaración resumen 	
9. OP&OA: Seguimento		Seguimento técnico	Seguimento ambiental

AAE: Avaliación Ambiental Estratéxica

OP: Órgano promotor (administración planificadora)

OA: Órgano ambiental (administración ambiental)

OC: Órgano da administración competente na aprobación do plan ou programa

(*) Integración da AAE na tramitación e aprobación dos instrumentos de ordenación territorial, segundo a

Lei 6/2007:

Proxecto ou Versión Preliminar do Plan ou Programa: Documento Aprobado Inicialmente.

Proposta ou Versión Definitiva do Plan ou Programa: Documento Aprobado Provisionalmente e/ou listo para someter a Aprobación Definitiva.

concorrentes todos os plans que teñen efectos ambientais sobre un mesmo ámbito territorial, tanto se se desenvolven sobre o territorio dese ámbito como se se desenvolven noutros territorios, pero teñen efectos ambientais sobre o ámbito considerado. O principio de integración quedaría gravemente menoscabado se un plan se deseñase tendo en conta soamente os efectos ambientais propios, ignorando os efectos ambientais sinérxicos e acumulativos de todos os plans concorrentes.

Os principios de eficacia e proporcionalidade

Neste punto non nos referimos á eficacia da AAE en canto á súa utilidade como *instrumento de sustentabilidade*, senón á eficacia do seu procedemento como *mecanismo de avaliación*. Nese sentido, debe sinalarse que o procedemento da AAE é o que mellor cumpre con dous principios que, a parte do seu valor técnico, teñen valor constitucional e xurídico: o principio de eficacia e o principio de proporcionalidade.

En primeiro lugar, o procedemento da AAE é **o máis eficaz** para cumprir co principio de integración, xa que incorpora a avaliación ambiental no deseño do plan e codetermina as súas características.

En segundo lugar, o procedemento da AAE é **o máis proporcionado** para cumprir co principio de integración. A avaliación ambiental dende o inicio, comezando polos obxectivos e seguindo polas alternativas, permite conducir constantemente a elaboración do plan nunha dirección adecuada, e ao mesmo tempo reduce o esforzo avaliador ao mínimo necesario.

A democracia participativa no procedemento da AAE

O procedemento legal da AAE establece dous períodos de consulta pública: unha sobre o Documento de Inicio e outra sobre o Versión Preliminar do plan ou programa. Pola súa banda, o procedemento legal de tramitación do plan ou programa establece unha consulta en fase de Avance (que pode ser optativa segundo o tipo de plan) e outra sobre o Documento para Aprobación Inicial (ou sexa, a Versión Preliminar do plan). En conxunto, son tres períodos de participación pública. Unha mellora do sistema sería someter a consulta, xunto co Avance do plan, un Avance do seu ISA. Isto podería permitir a participación pública na fase de selección de alternativas.

Pero a verdadeira participación democrática non consiste en formular suxestións e alegacións nos períodos de consultas, senón en corresponsabilizarse no proceso de decisións, e para isto é necesario debater o plan ou programa, ao longo de todo o seu proceso de elaboración, no seo dun grupo de traballo da Axenda 21.

A Avaliación Ambiental Estratéxica dun plan xa elaborado: a AAE retrospectiva

Dado que a AAE debe realizarse conxuntamente coa elaboración do plan dende o seu inicio, cabería concluír que non se pode someter a AAE un plan que xa estea redactado. Sen embargo, o procedemento de exploración e selección de alternativas permite someter a AAE un plan ou programa xa elaborado, realizando a avaliación *dende o inicio* da redacción do documento e sen desbotar *a priori* o traballo realizado.

A clave é considerar o documento elaborado, *a fortiori*, como *unha das alternativas posibles*, e volver ao inicio. A AAE permite revisar o traballo feito; avaliar ambientalmente os obxectivos do plan ou programa e a súa coherencia; definir e avaliar as alternativas posibles, incluído o plan redactado; seleccionar as alternativas razoables e determinar a alternativa óptima. Se a calidade do plan elaborado o permite, poderá superar o filtro da selección de alternativas e ser incorporado, total ou parcialmente, á alternativa óptima. Se non, será necesario redactar un plan totalmente novo sobre unha alternativa diferente.

Convén chamar **AAE retrospectiva** a este tipo de AAE, para distinguila conceptual e practicamente da AAE normal, e da simple *avaliación ambiental a posteriori* dun plan xa elaborado. A AAE retrospectiva tamén cumpre cos principios de integración, xerarquía, concorrencia, eficacia e proporcionalidade do mesmo xeito e polas mesmas razóns que a AAE normal.

Da Avaliación Ambiental Estratéxica á Avaliación Estratéxica da Sustentabilidade

Os obxectivos da AAE poden encadearse do xeito seguinte: (1) *Integrar os aspectos ambientais na preparación e adopción dos plans e programas, para* (2) *conseguir un elevado grao de protección do medio ambiente, e así* (3) *promover un desenvolvemento sustentable nas súas dimensións económica, social e ambiental*. Sen embargo, o procedemento da Directiva 2001/42/CE e o da Lei 9/2006 céntranse nos efectos ambientais dos plans ou programas, esquivando a avaliación dos seus efectos económicos e sociais, e dos efectos sinérxicos do conxunto.

A estrutura da AAE permite incorporar ao seu procedemento de avaliación os aspectos económicos e sociais, e integralos na preparación e adopción dos plans. É dicir: a Avaliación Ambiental Estratéxica pode transformarse nunha *Avaliación Estratéxica da Sustentabilidade (AES)*, ou avaliación da sustentabilidade de plans e programas.

De feito, os órganos ambientais adoitan incorporar os efectos económicos e sociais nos Documentos de Referencia da AAE, se ben dun xeito tímido e insuficiente.

Pero a utilización da AAE como AES depende da vontade política das administracións e da boa práctica dos técnicos. Polo tanto, a AES precisa fundamentos xurídicos e técnicos propios. Un exemplo disto é o *Sustainability Appraisal*, método británico de avaliación da sustentabilidade anterior a AAE. Este método incorporou a AAE de xeito natural na súa estrutura como parte dos seus procedementos.

¿Teñen utilidade real a AAE e a AES como instrumentos de sustentabilidade na situación actual?

Despois de todo o exposto, esta pregunta pode resultar desconcertante, pero é procedente, e necesaria. Porque se trata de comprobar se a AAE e a AES son, de verdade, instrumentos útiles na consecución da sustentabilidade. Hai varios factores que xogan en contra, e que é preciso contrarrestar.

En primeiro lugar, a escasa consciencia social e política sobre a sustentabilidade. Isto só pode contrarrestarse mediante concienciación social e unha democracia participativa responsable, o que require información, formación, participación e corresponsabilidade nas decisións.

En segundo lugar, a existencia de diferentes visións da sustentabilidade, agrupadas basicamente nos dous conceptos xa comentados: a *sustentabilidade débil*, adoptada pola *economía ambiental*, e a *sustentabilidade forte*, adoptada pola *economía ecolóxica*. Isto só pode solucionarse mediante un debate público, con participación democrática, que desemboque nun acordo marco en forma dunha estratexia para a sustentabilidade.

En terceiro lugar, o feito de que as avaliacións, aínda que teñan compoñentes científicos, non son instrumentos científicamente exactos, senón que levan implícitas importantes doses de subxectividade. De modo que, mal realizadas, ou inducidas, poden conducir a unha realidade virtual: o equipo avaliador chega a conclusións predeterminadas, ben pola súa propia preferencia ou baixo a presión do sistema político-económico. Isto só pode contrarrestarse con criterios de sustentabilidade claros; formación e experiencia do equipo avaliador; participación democrática no proceso de avaliación; autocontrol de todos os participantes e unha validación externa independente e fiable.

Nas circunstancias actuais, se a administración planificadora ten unha visión economicista, tenderá a supeditar a natureza e o patrimonio público aos seus obxectivos económicos e pretendidamente sociais, e a avaliación será considerada como un trámite molesto que hai que superar. Deste modo, a presión económica pode transformar a AAE ou a AES nun instrumento xustificativo dunha acción insustentable, é dicir, nunha coartada. Se neste escenario unimos a imposición das administracións públicas, os intereses privados, os intereses dos partidos políticos e a apropiación indebida, cando non delictuosa, do patrimonio natural, daremos cunha situación antitética da sustentabilidade, desgrazadamente familiar para os galegos.

Unha AAE ou AES elaborada dende a visión da *sustentabilidade débil* tenderá á protección de determinadas illas de biosfera, pero admitirá o intercambio, dentro duns límites moi amplos, do medio ambiente por un beneficio económico ou social mal entendido. É o terreo da *negociación*, sobre a falsa base de que, en nome do *PIB*, é sempre mellor facer cousas que non facelas, e que sempre hai un xeito de *facelas ben*. De novo a AAE e a AES son utilizadas como coartada.

Unha AAE ou AES elaborada dende a visión da *sustentabilidade forte* aplicará criterios de sustentabilidade local e global profundos. E isto baterá de fronte con case toda a planificación en marcha. ¿Será útil neste caso a avaliación? En primeiro lugar, revelará a incoherencia do sistema actual. En segundo lugar, indicará o camiño a seguir. En terceiro lugar, a sustentabilidade require unha reordenación territorial e unha reorganización das actividades, e o propio cambio debe facerse de xeito sustentable, para non provocar unha catástrofe. Cabe deducir que iso precisa planificación e avaliación. Pero require tempo que a sociedade asuma o cambio necesario. ¿E mentres tanto? Se cambiar o mundo leva moito tempo, de momento fagamos cumprir a lei.

4. PROCEDEMENTO LEGAL DE TRAMITACIÓN DAS DIRECTRICES DE ORDE- NACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA E DA SÚA AAE

O procedemento de tramitación das DOT está rexida polas tres leis seguintes:
A Lei 10/1995, de 28 de novembro, de ordenación do territorio (Capítulo II: Das Directrices de Ordenación do Territorio. Artigo 10: Procedemento).

A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Avaliación Ambiental Estratéxica).

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (Capítulo II: AAE de instrumentos de Ordenación Territorial. Artigo 7: Integración de procedementos).

Cadro 2
Procedemento legal de tramitación das DOT de Galicia e da súa AAE (Resumido)

Fase administrativa	Organismos	Lei 10/1995 4ramitación das DOT	Leis 9/2006 e 6/2007 Procedemento de AAE
1. Inicio	CXG	Acordo de inicio das DOT	
	CPT		Documento de Inicio da AAE
	CMA		Consulta pública do DI
	CMA		Documento de Referencia da AAE
2. Avance	CPT	Avance das DOT	Informe de Sustentabilidade Ambiental
3. Aprobación Inicial	CPT	Consulta sobre o Avance (*)	(*)
	CPT	Documento das DOT para AI	
	CPT	Aprobación Inicial das DOT	Aprobación Inicial do ISA
4. Aprobación Provisional	CPT	Audiencia pública das DOT-AI	Consulta pública do ISA
	CPT & CMA		Memoria ambiental
	CPT	Documento das DOT para AP	(ISA modificado,
	CPT	Aprobación Provisional das DOT e do seu ISA	
5. Aprobación Definitiva	PG	Tramitación das DOT-AP no Parlamento Galego	
	XG	Aprobación Definitiva das DOT e do seu ISA	
	XG	Publicidade das DOT-AD	
6. Seguimento	CXG	Decreto para o seguimento	
	CPT & CMA	Seguimento técnico	Seguimento ambiental
	XG ao PG	Memoria anual	

(*) A boa práctica, a democracia participativa e incluso a seguridade xurídica requiren someter a consulta pública, xunto co Avance das DOT, un Avance do seu ISA.

Organismos Documentos Trámites CMA: Consellería de Medio Ambiente

CPT: Consellería de Política Territorial

CXG: Consello da Xunta de Galicia

PG: Parlamento Galego

XG: Xunta de Galicia **DOT:** Directrices de O.T. de Galicia

DI: Documento de Inicio

DR: Documento de Referencia

ISA: Informe de Sustent. Ambiental **AI:** Aprobación Inicial

AP: Aprobación Provisional

AD: Aprobación Definitiva

5. RELATORIO CRONOLÓXICO DA TRAMITACIÓN REAL DAS DOT

Este apartado describe a tramitación real das DOT de Galicia, dende o seu inicio ata o momento actual, seguindo as fases da súa tramitación administrativa, elaboración técnica e avaliación ambiental, e detallando os feitos, pero sen adiantar a súa valoración crítica.

Inicio das DOT

29 febreiro 1996: O Consello da Xunta de Galicia acorda iniciar o procedemento de elaboración das Directrices de Ordenación do Territorio.

26 febreiro 1997: A Secretaría Xeral da CPT emite resolución pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de febreiro de 1997.

10 marzo 1997 e 24 abril 1997: A CPT emite dúas resolucións: anuncio da licitación do concurso para a redacción das DOT de Galicia (información e diagnóstico), e corrección de erros da anterior.

30 xullo 1999 e 18 maio 2000: A CPT emite dúas resolucións, polas que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto, para a adxudicación do contrato de consultoría e asistencia denominado *Redacción das DOT de Galicia*.

Avance das DOT

Ano 2000 en adiante: Comeza a redacción do Avance das DOT. A data exacta do comezo non se fixo pública.

21 xullo 2001: Entra en vigor a *Directiva 2001/42/CE, de Avaliación Ambiental Estratéxica*, cun período de transposición de tres anos.

Ano 2002: A Xunta publica o documento *Hipótese do modelo territorial de Galicia*.

21 xullo 2004: Entra en vigor en España, por efecto directo vertical, a Directiva 2001/42/CE. Debido ao retraso na súa transposición, a Directiva 2001/42/CE tivo efecto directo en España durante 21 meses (do 21.07.2004 ao 30.04.2006).

Final 2004: A CPT conclúe o Avance das DOT.

O Avance non foi sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica.

Documento das DOT para Aprobación Inicial

Final 2004 e inicio 2005: A CPT remite o Avance a todas as Consellerías, á Administración do Estado, ás administracións locais e a un certo número de entidades públicas e privadas para que acheguen observacións, propostas e alternativas. (Hai constancia de que moitas achegas non foron respondidas).

Ano 2005: A CPT da Xunta xurdida das eleccións de 2005 inicia a redacción do Documento das DOT para Aprobación Inicial, mediante a modificación do Avance elaborado pola Xunta anterior.

30 febreiro 2006: Entra en vigor en España a Lei 9/2006, de Avaliación Ambiental Estratéxica, que transpón a Directiva 2001/42/CE.

16 maio 2007: Entra en vigor en Galicia a *Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*. O artigo 5.a) desta lei establece: "... serán obxecto de Avaliación Ambiental Estratéxica... os ins-

trumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia”.

26 xuño 2008: O Documento das DOT para Aprobación Inicial xa está concluído. A data exacta de finalización non se fixo pública. Sen embargo, en agosto de 2008 a CPT publicou na súa web un **Documento das DOT de texto idéntico ó das DOT que serían aprobadas inicialmente o 15 de setembro**. O seu arquivo PDF creouse o **26 de xuño de 2008**, e non rexistra modificacións posteriores.

O Documento non foi sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica.

Publicación transitoria das DOT por parte da CPT. A CMA comunica á CPT a necesidade de someter as DOT a AAE

Agosto 2008: A CPT publica transitoriamente na súa web o *Documento das DOT para AI*.

1 agosto 2008: No Documento de Referencia para AAE das DOT (*Introducción*, final páx. 2 e comezo páx.3) a CMA declara: “... *con data 1 de agosto e número de rexistro 19893 a presente Dirección Xeral (de Desenvolvemento Sostible da CMA) comunica á Dirección Xeral de Urbanismo (da CPT) a necesidade de sometemento das DOT ao proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica solicitando, para poder dar inicio formalmente a dito procedemento, un Documento de Inicio segundo establece o artigo 7.2 da Lei 6/2007, do 11 de maio*”.

Documento de Inicio da AAE das DOT

O Documento de Inicio é o informe básico necesario para que a CMA elabore o Documento de Referencia. A CMA ten que someter o Documento de Inicio a consulta pública durante 1 mes, para recoller as observacións das administracións afectadas e do público interesado.

1 agosto 2008 a 28 agosto 2008: A CPT redacta un chamado Documento de Inicio, que está datado, no seu texto e no seu arquivo PDF, o 28 de agosto.

No chamado Documento de Inicio (*Presentación*, páx. 2, 4º parágrafo) a CPT afirma: “*O presente Documento recolle a documentación... para comunicar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o proceso de iniciación do Documento para Aprobación Inicial das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia*”.

No mesmo Documento de Inicio (6. Descrición dos procesos que se seguirán para a elaboración do plan, páx. 22, 2º parágrafo) a CPT afirma: “... *O documento que se está elaborando neste momento, e que se someterá ao trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica, corresponde ao Documento para a Aprobación Inicial*”.

Nin o Comunicado da CMA do 1 de agosto nin o Documento de Inicio da CPT mencionan que as DOT para Aprobación Inicial xa están elaboradas, e que foron rematadas antes do 26 de xuño de 2008.

29 agosto 2008: A CMA publica na súa web o chamado Documento de Inicio, someténdoo a un período de consulta de 1 mes (29.08 a 29.09 de 2008). No Documento de Referencia publicado o 15 de outubro (*Introducción*, 6º parágrafo, páx. 3,), a CMA declara: “*Con data 29 de agosto e número de rexistro*

20080, recíbese nesta Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible dito Documento Inicial ...”.

Documento de Referencia da AAE das DOT

O Documento de Referencia determina as características (amplitude e nivel de detalle) da AAE e do seu Informe de Sustentabilidade Ambiental. Despois de someter o Documento de Inicio a consulta pública, a CMA ten que redactar o Documento de Referencia nun prazo de tres meses.

Agosto 2008: Mentres a CPT redactaba o Documento de Inicio, a CMA redactou un borrador do Documento de Referencia, que chegou á CPT a final do mes de agosto.

Este feito non transcendeu públicamente, pero dedúcese dos datos seguintes:

1) O chamado *Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA)*, aprobado inicialmente coas DOT o 15 de setembro, incorpora parágrafos textuais do Documento de Referencia publicado o 15 de outubro. Concretamente, o punto 6 do ISA (50% do Informe) incorpora 9 dos 11 parágrafos do punto 4.B do Documento de Referencia (30% do Documento). O resto do ISA non se corresponde substancialmente co resto do Documento de Referencia

2) Un período de 17 días (29 de agosto a 14 de setembro) non pode considerarse suficiente para redactar, sucesivamente, o borrador do Documento de Referencia e o chamado ISA, nin sequera no caso de que ambos fosen considerados como documentos de mero trámite.

3) O Documento de Referencia publicado o 15 de outubro non utiliza a descrición das DOT que se fai no chamado Documento de Inicio, e este proceder non é habitual na CMA da Xunta 2005-2009. Por outra parte, ambos documentos comparten algúns parágrafos textuais do *Documento das DOT para AI*. Isto revela que a CMA elaborou o borrador do Documento de Referencia cando aínda non recibira o Documento de Inicio, e que se baseou nas *DOT para AI* para redactalo.

A conclusión máis razoable é que o borrador do Documento de Referencia foi redactado en agosto, mentres a CPT redactaba o Documento de Inicio, e que o chamado ISA foi redactado entre o final de agosto e o 14 de setembro.

Informe de Sustentabilidade Ambiental da AAE das DOT

Final agosto 2008 a 14 setembro 2008: A CPT elabora o documento chamado *Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA)*, que expresa a Avaliación Ambiental Estratéxica teóricamente realizada.

Aprobación Inicial das DOT e do chamado ISA da súa AAE

15 setembro 2008: A CPT emite Orde pola que se aproban inicialmente as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, incluído o seu Informe de Sustentabilidade Ambiental.

A aprobación inicial prodúcese en pleno período de consulta pública do Documento de Inicio (29.08 a 29.09.2008), preceptiva para elaborar o Documento de Referencia, necesario para realizar a AAE cuxo ISA acaba de aprobarse.

No texto da Orde, a CPT afirma: “... *elabórase o informe de sustentabilidade ambiental de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 9/2006 e segundo os criterios*

contidos no Documento de Referencia redactado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible”.

16 setembro 2008: A CMA emite un Documento de Referencia e trasládalo oficialmente á CPT, pero sen publicalo, e sen comunicar públicamente a súa emisión e traslado.

A emisión ten lugar en pleno período de consulta do Documento de Inicio, preceptiva para redactar o Documento de Referencia que acaba de ser emitido.

A CMA declara (no apartado 2 da súa resposta do 14.10.2008 á solicitude da *Asociación Ecoloxista Verdegaiá* á CPT do 18.09.2008): “... *este órgano ambiental emite Documento de Referencia, que se traslada ao órgano promotor (CPTOPT) mediante oficio con rexistro de saída 22793, de 16 de setembro de 2008*”.

O chamado ISA das DOT, punto 1.2, *Metodoloxía*, páx. 8, primeiro parágrafo, afirma que o Documento de Referencia foi trasladado pola CMA á CPT o 15.09.2008 (o mesmo día no que as DOT e o ISA foron aprobados inicialmente).

17 setembro 2008: O DOG publica a orde da CPT de Aprobación Inicial das DOT do 15 de setembro. A CPT publica as DOT-AI e o chamado ISA na súa web, así como un documento de presentación.

A *Memoria* das DOT-AI mostra como data de creación do seu arquivo PDF o 9 de setembro de 2008. Pero o seu texto é idéntico ó das DOT publicadas na web en agosto, cuxo arquivo PDF foi creado o 26 de xuño de 2008 e non rexistra modificacións posteriores.

O *Documento de Presentación* das DOT-AI (exposición en *Power Point*) mostra como data de creación do seu arquivo PDF o 27 de xuño de 2008, e tampouco non sufriu modificacións posteriores.

O chamado *Informe de Sustentabilidade Ambiental* das DOT-AI mostra como data de creación do seu arquivo PDF o mesmo 17 de setembro de 2008.

O 50 % do texto do ISA baséase no 30 % do texto do Documento de Referencia que sería publicado o 15 de outubro.

18 setembro 2008: A *Asociación Ecoloxista Verdegaiá* presenta ante a CPT unha solicitude de información ao amparo da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

En síntese, *Verdegaiá* pregunta cómo é posible que as DOT de Galicia e o seu ISA sexan aprobados inicialmente en pleno período de consulta pública do Documento de Inicio, preceptiva para redactar o Documento de Referencia, necesario para realizar a AAE cuxo ISA acaba de ser aprobado.

Tramitación residual dos Documentos de Inicio e de Referencia

15 setembro 2008 a 29 setembro 2008: A pesar da Aprobación Inicial das DOT e do chamado ISA, a CMA mantén o período de consulta pública do Documento de Inicio ata o 29 de setembro.

A CMA afirma (no apartado 1 da súa resposta do 14.10.2008 á solicitude de información de *Verdegaiá*) que estableceu para o Documento de Inicio das DOT un período de consulta pública de 15 días naturais, en lugar do habitual período de 1 mes. A CMA aduce as causas seguintes:

A indefinición do artigo 9 da lei 9/2006 sobre a duración do período de consulta.

As garantías de participación pública establecidas tanto pola lei 10/1995 como pola lei 9/2006 noutras fases do proceso de tramitación.

O compromiso da DXDS de axilizar o proceso de elaboración das DOT.

A considerable complexidade e grao de depuración do procedemento de elaboración previo do Avance das DOT.

A CMA admite que na súa web sempre figurou como período de consulta 1 mes, circunstancia que atribúe a **un erro**. Ademais afirma que advertiu o erro despois de remitir o Documento de Referencia á CMA o 16 de setembro.

Sen embargo, o chamado ISA das DOT, punto 1.2, *Metodoloxía*, pág. 7, afirma que o Documento de Inicio foi sometido a consultas por un período dun mes (citando como data de inicio o 2 de setembro, en lugar do 29 de agosto).

A CMA afirma que, a prol da seguridade xurídica e da participación pública que esixe a AAE, decidiu manter o período de consultas ata o remate do prazo sinalado na web. A CMA afirma que a súa intención era examinar as suxestións recibidas neste período e, de ser necesario, modificar o Documento de Referencia enviado á CPT o 16 de setembro.

Neste período, polo menos tres entidades enviaron á CMA os seus comentarios sobre o Documento de Inicio: *Galiza Non Se Vende*, o *Foro Social de Cangas* e *Luita Verde* (29 de setembro).

15 outubro 2008: A CMA publica na súa web o Documento de Referencia. O Documento mostra como data de creación do seu arquivo PDF o mesmo día 15 de outubro de 2008.

O Documento, no seu *Anexo 1. Organismos consultados e respostas recibidas*, afirma: “*Durante o prazo de consultas establecido non se recibiu resposta sobre as Directrices de Ordenación do Territorio*”.

O Documento, no seu *Punto 7. ... Identificación das Administracións Públicas afectadas e do público interesado*, só cita as Administracións (consultadas nominalmente). Sen embargo, no *Anexo 1. Organismos consultados e respostas recibidas*, cita o Consello Galego de Medio Ambiente (consultado nominalmente) e o público en xeral (consultado a través da páxina web).

A CMA afirma (no apartado 4 da súa resposta do 14.10.2008 á solicitude de información de *Verdegaia*): “*Rematado o prazo de consultas... efectúase unha nova análise íntegra de todas as observacións e suxestións... resultando que... pódense considerar incluídas no (Documento de Referencia) remitido á CPT o 16.09.2009, polo que non procede a súa revisión*”.

Información pública, audiencia e consultas sobre as DOT aprobadas inicialmente

18 setembro 2008 a 18 novembro 2008: A CPT somete a información pública, audiencia e consultas o Documento das DOT-AI. Neste período, polo menos dúas entidades enviaron alegacións á CPT: *Verdegaia* (17 de novembro) e *Galiza Non Se Vende* (18 de novembro).

Situación actual das DOT de Galicia

Na data deste estudo, as DOT atópanse en fase de redacción do Documento para Aprobación Provisional:

1) A CPT ten que reunir a *Documentación das DOT* (Memoria; ISA; alegacións; informes sectoriais; informe sobre o proceso de participación pública) e redactar unha *Proposta de Memoria Ambiental* (descrición, análise e valoración do proceso de avaliación e do resultado das consultas; toma de decisións final; determinacións), para trasladalas á CMA (sen prazo).

2) A CMA, recibida a *Documentación das DOT* e a *Proposta de Memoria Ambiental*, ten que redactar, en tres meses, a *Memoria Ambiental*, cuxas determinacións son vinculantes.

3) A CPT, recibida a *Memoria Ambiental*, ten que elaborar de acordo con ela o *Documento das DOT para Aprobación Provisional* (sen prazo).

A Xunta de Galicia xurdida das eleccións de 2009 manifestou públicamente a súa intención de aprobar definitivamente as DOT de Galicia neste mesmo ano.

6. VALORACIÓN DA TRAMITACIÓN DAS DOT DE GALICIA: Ausenza de Avaliación Ambiental Estratéxica e outras irregularidades

Os feitos descritos no relatorio cronolóxico da tramitación das DOT revelan a comisión de varias irregularidades por parte da CPT e da CMA da Xunta de Galicia, das que a máis grave e decisiva é a ausencia de Avaliación Ambiental Estratéxica do documento.

Inicio das DOT

A Lei 10/1995, de 28 de novembro, de ordenación do territorio, entrou en vigor o 6 de decembro de 1995. O acordo de inicio da elaboración das DOT tivo lugar o 29 de febreiro de 1996. A redacción efectiva do documento iniciouse a mediados do ano 2000.

A Xunta de Galicia empregou máis de catro anos en comezar a desenvolver a Lei 10/1995 (un dos teóricos alicerces do País) e iniciar a redacción das DOT (a teórica Constitución Territorial de Galicia).

Avance das DOT

A redacción do Avance comezou a mediados do ano 2000. Un ano despois (o 21 de xullo de 2001) entrou en vigor a Directiva 2001/42/CE, de AAE, cun período de transposición de 3 anos. Catro anos despois (o 21 de xullo de 2004), entrou en vigor en España a Directiva 2001/42/CE por efecto directo vertical, debido ao retraso na súa transposición en España. A redacción do Avance rematou a finais de 2004.

A Xunta de Galicia estaba obrigada a coñecer o efecto directo vertical da Directiva. E de feito recoñeceuno implícitamente na *Lei 15/2004, de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG)*, redactada ao longo de 2004. Na súa Exposición de Motivos, Apdo. III.d, a Lei 15/2004 declara: Unha das novas medidas para mellorar a calidade de vida é: “*Someter a informe da Administración ambiental os plans xerais e os plans de desenvolvemento de solo urbanizable, **atendendo á Directiva Europea 2001/42/CE***”. Non hai constancia pública de que a CMA advertise á CPT, nin

que a CPT consultase coa CMA sobre a necesidade de someter as DOT de Galicia e, polo tanto, o seu Avance, a AAE (lembramos que a AAE debe realizarse conxuntamente coa redacción dos plans e programas dende o seu inicio).

O Avance das DOT de Galicia foi redactado ao longo de catro anos e medio, e non foi sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica, incumprindo o efecto directo vertical da Directiva 2001/42/CE.

DOT para Aprobación Inicial

A CPT someteu o Avance das DOT a consultas entre finais do 2004 e principios do 2005, enviando o documento ás administracións públicas e a un certo número de entidades públicas e privadas. A participación teóricamente pública, canalizada por medio de entidades seleccionadas, e sen proceso de AAE, non cumpre coa lei de AAE nin coa *Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente*, segundo o *Convenio de Aarhus*. O feito de que a participación non fose aberta impediu a participación de todos os galegos intere-sados nas DOT, menoscabando a democracia participativa nun asunto de tanta importancia para Galicia. Isto non sucedería se o Avance fose sometido a AAE.

A redacción do documento das DOT para AI comezou a mediados de 2005. Menos dun ano despois (o 30 de abril de 2006) entrou en vigor a *Lei 9/2006, de Avaliación Ambiental Estratéxica*, transposición da Directiva 2001/42/CE. Menos de dous anos despois (o 16 de maio de 2007) entrou en vigor a *Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*. O artigo 5.a) desta lei establece: “... serán obxecto de Avaliación Ambiental Estratéxica... os instrumentos de ordenación do territorio regulados na *Lei galega 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*”. A redacción das DOT para AI rematou antes do 26 de xuño de 2008.

Non hai constancia pública de que, ante a entrada en vigor de ambas leis, a CMA advertise á CPT, nin a CPT consultase coa CMA sobre a necesidade de someter as DOT de Galicia a Avaliación Ambiental Estratéxica.

O documento das DOT para AI foi elaborado ao longo de tres anos sen Avaliación Ambiental Estratéxica nin participación democrática, incumprindo a Lei estatal 9/2006, a Lei galega 6/2007 e o Convenio de Aarhus

Publicación do documento das DOT e comunicación da CMA

A CPT publicou transitoriamente o documento das DOT na súa web no mes de agosto de 2008. O 1 de agosto a CMA comunicou á CPT a necesidade de someter as DOT de Galicia a AAE, solicitándolle un Documento de Inicio.

Dado que o documento das DOT xa estaba elaborado, era necesario somete-lo a unha ***Avaliación Ambiental Estratéxica Retrospectiva (AAE-R)***, tal e como se describiu no punto 3 deste artigo. Iso supuña considerar o documento elaborado, *a fortiori*, como *unha das alternativas posibles*, e volver ao inicio. A *AAE-R* permitiría revisar o traballo feito; avaliar ambientalmente os obxectivos das DOT e a súa coherencia; definir e avaliar as alternativas posibles, incluído o documento redactado; seleccionar as alternativas razoables e determinar a alternativa óptima. Se a calidade das DOT elaboradas o permitisen, podería superar

o filtro da selección de alternativas e ser incorporado, total ou parcialmente, á alternativa óptima. Se non, sería necesario redactar unhas DOT totalmente novas sobre unha alternativa diferente.

Non hai constancia pública de que a CMA describise, na súa comunicación á CPT, a necesidade e o modo de realizar unha AAE retrospectiva.

Documento de Inicio da AAE

O Documento das DOT xa estaba redactado, pero era necesario un Documento de Inicio, como documento de síntese, para sometelo a consulta pública. A CPT redactou o chamado Documento de Inicio da AAE entre o 1 e o 28 de agosto, e trasladouno á CPT o día 29. A CMA publicou o Documento de Inicio na súa web, e someteuno a un período de consulta pública de un mes (do 29.08 ao 29.09 de 2008, en lugar do período legal: 30.08 a 30.09 de 2008).

Nin a CPT declarou no Documento de Inicio, nin a CMA informou na súa web, que as DOT para AI xa estaban redactadas, que había que somete-las a unha AAE retrospectiva, e que o documento completo podía consultarse na web.

Documento de Referencia da AAE

As evidencias descritas no punto 5 deste artigo mostran que a CMA, sen agardar o resultado da consulta do Documento de Inicio, redactou o Documento de Referencia entre o 1 de agosto e o 15 de setembro, e que a finais de agosto trasladou o borrador do Documento de Referencia á CPT. Isto fai sospeitar unha forte presión por parte da CPT para axilizar o tramitación das DOT.

A CMA redactou e entregou o borrador do Documento de Referencia de xeito oficioso, desvirtuando o procedemento da Lei 9/2006, e anulando practicamente a participación pública no deseño da AAE.

O Documento, que foi publicado o 15 de outubro, non cita que as DOT xa estaban elaboradas, nin describe a necesidade e o modo de realizar unha AAE retrospectiva.

Falso Informe de Sustentabilidade Ambiental da AAE

A CPT redactou un falso Informe de Sustentabilidade Ambiental entre o final de agosto e o 14 de setembro de 2008, baseándose nun borrador oficioso do Documento de Referencia, sen agardar o remate do período de consulta do Documento de Inicio, e sen recibir o Documento de Referencia oficial da CMA.

Vai contra toda racionalidade que as DOT, despois de 12 anos de tramitación, e despois de 8 anos de redacción, poidan ser sometidas a AAE nun período de entre dúas e tres semanas. De feito, o documento chamado ISA non constitúe o informe dunha Avaliación Ambiental Estratéxica, nin de ningún tipo de avaliación ambiental.

O falso ISA utiliza a técnica de *corta e pega* para tentar demostrar que o texto dos obxectivos, das declaracións de intencións e das determinacións das DOT cumpre cos requisitos establecidos polo borrador do Documento de Referencia.

O falso ISA non cumpre co *principio de integración*, pois non se remonta ao inicio da redacción das DOT, e non avalía a sustentabilidade nin a coherencia interna e externa dos seus obxectivos, e non desenvolve nin avalía alternativas.

Polo tanto, tampouco non cumpre cos *principios de prevención nin de cautela*. Non cumpre co *principio de xerarquía nin promove o principio de concorrencia*, pois non considera os efectos sinérxicos e acumulativos dos plans sectoriais e urbanísticos en marcha durante a súa redacción. Xa que non cumpre cos principios descritos, tampouco non cumpre co *principio de eficacia*.

O falso ISA non avalía o Modelo Territorial das DOT nin os seus efectos ambientais e culturais. Nin a relación das Áreas Metropolitanas e Urbanas coa expansión urbana sobre o rural. Nin a destrución que este modelo provoca na relación histórica entre o ser humano e o territorio, que é a raíz de toda cultura e, polo tanto, da nosa cultura. Nin a relación do chamado reequilibrio territorial co incremento da produción, do consumo e do transporte. Nin os efectos da articulación do territorio mediante estradas de alta capacidade, ignorando o transporte público intermodal sustentable (tren de proximidade, tren de mercadorías, tranvía, transporte marítimo). Nin o agravamento da dispersión que o modelo provoca, en contra dos seus propios obxectivos teóricos.

O falso ISA non avalía a sustentabilidade global das DOT. Non avalía a contribución do seu modelo territorial ao metabolismo da sociedade galega: os ciclos de enerxía, auga e materiais; as chamadas pegada, *mochila* (externalidades en termos reais) e débeda ecolóxicas e sociais de Galicia. Polo tanto, non avalía os efectos globais e locais do modelo das DOT en materia de depredación de recursos; exportación de residuos; destrución da natureza e das culturas locais; explotación, enfermidade, sufrimento e morte de persoas, sobre todo nos países pobres.

O falso ISA non avalía a contribución do modelo territorial das DOT ás grandes crises en marcha, nin os seus efectos, tanto globais como na propia Galicia: o cambio climático; a crise alimentaria; a crise enerxética debida ao pico (teito) na extracción do petróleo; a crise económica; a crise ecolóxica; a perda galopante de biodiversidade.

O falso ISA non avalía os efectos locais do modelo territorial das DOT en materia de fragmentación e destrución ambiental, biolóxica, xeolóxica, hidrolóxica, paisaxística, etnográfica, patrimonial e arqueolóxica; nin a división física e social das parroquias; nin a destrución dos modos de vida vencellados ao territorio, que hoxe son desprezados e que mañá, segundo todos os indicios, serán desesperadamente necesarios.

O falso ISA non avalía a contribución das DOT á destrución da cultura e dos sinais de identidade do País provocada pola destrución do seu soporte material, da súa pegada histórica e da posibilidade da súa actualización e continuidade.

O falso ISA non avalía a ausencia, nas DOT, dunha arquitectura funcional, cultural, ambiental e paisaxística do territorio. Nin a falla de definición das DOT en canto á distribución e reserva de espazos territoriais: superficie mínima dos espazos naturais a protexer; superficie artificializada máxima soportable; superficie necesaria para actividades agro-gandeiro-forestais; delimitación dos espazos mariños de protección, explotación e reserva. Tampouco avalía a insularización dos espazos naturais que o modelo provoca, nin a falla de corredores ecolóxicos, nin a falla de medidas territoriais para a protección da biodiversidade en todos os medios: natural, rural e urbano; terrestre, acuático e mariño, incluíndo a biodiversidade agro-gandeiro-forestal-pesqueira.

O chamado ISA é un falso Informe de Sustentabilidade Ambiental, porque a avaliación ambiental non se levou a cabo. O Documento das DOT para Aprobación inicial non foi sometido a Avaliación Ambiental Estratéxica.

Aprobación Inicial das DOT e do chamado ISA

A CPT emitiu a Orde de Aprobación Inicial das DOT de Galicia e do seu chamado ISA o 15 de setembro. A Aprobación Inicial tivo lugar en pleno período de consulta pública do Documento de Inicio (29.08.2008 a 29.09.2008), preceptiva para elaborar o Documento de Referencia, necesario para realizar a AAE cuxo falso ISA acababa de aprobarse. Como era de esperar, o texto das DOT-AI é o mesmo que as DOT para AI que xa estaban redactadas o 26 de xuño de 2008. Só cambia a súa presentación gráfica.

A CPT incumpriu a Lei estatal 9/2006 e a Lei galega 6/2007: non agarrou polo Documento de Referencia, redactou un falso ISA e aprobou inicialmente as DOT sen sometelas a AAE e sen participación pública.

O texto da Orde de Aprobación inicial contén dúas falsidades: que as DOT se someteron a AAE, e que ésta fixose de acordo co Documento de Referencia emitido pola CMA.

Entrega do Documento de Referencia

A CMA non interrompeu o procedemento da tramitación das DOT. No seu lugar, emitiu o Documento de Referencia o día seguinte á aprobación inicial das DOT (16 de setembro de 2008) e trasladouno oficialmente á CPT, pero sen publicalo, e sen comunicar públicamente a súa emisión e traslado. A emisión tivo lugar en pleno período de consulta do Documento de Inicio, preceptiva para redactar o Documento de Referencia que acababa de ser emitido.

A CMA incumpriu a Lei 9/2006, pois non interrompeu o procedemento de tramitación das DOT o 15 de setembro; entregou o Documento de Referencia o 16 de setembro, antes do remate do período de consultas do Documento de Inicio; e permitiu que a CPT iniciase a consulta pública das DOT-AI e do seu falso ISA o 17 de setembro.

Tramitación residual do Documento de Referencia

